



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 146

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 29 de marzo de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (doc. núm. 47240, 09/PL-000036)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 618, do 17.03.2016

1.2 Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público (doc. núm. 43421; 09/PL-000032)

Publicación ditame da Comisión, BOPG nº 616, do 15.03.2016

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 616, do 15.03.2016

Punto 2. Comparecencias en pleno

48418 (09/CPP-000413)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para presentar a Estratexia Sergas 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

Punto 3. Mocións

3.1 48556 (09/MOC-000169)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera do Sergas, a derivación de doentes da sanidade pública de Galicia a centros privados e a constitución e convocatoria dos consellos de saúde de área. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 47102, publicada no BOPG nº 603, do 18.02.2016, e debatida na sesión plenaria do 15.03.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

3.2 48650 (09/MOC-000170)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria que se está a prestar no Sergas nos casos de aborto e a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 47451, publicada no BOPG nº 606, do 24.02.2016, e debatida na sesión plenaria do 15.03.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

3.3 48673 (09/MOC-000171)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da entrada en vigor do Real decreto de prescripción de enfermaría. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 46769, publicada no BOPG nº 603, do 18.02.2016, e debatida na sesión plenaria do 15.03.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

Punto 4. Propositions non de lei en Pleno

4.1 40843 (09/PNP-002967)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incrementar o número de persoas refuxiadas acollidas en Galicia e a presentación no Parlamento de Galicia dun plan de acollemento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 520, do 16.09.2015

4.2 46286 (09/PNP-003352)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas que traballan no mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 598, do 10.02.2016

4.3 47357 (09/PNP-003440)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles, e tres deputados/as máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir unha atención integral e de calidade a todas as mulleres que teñen que interromper o seu embarazo no segundo trimestre da xestación polas causas médicas reflectidas na Lei de saúde

sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo en todo o ámbito do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

4.4 47386 (09/PNP-003443)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro, e Trenor López, Gonzalo

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da apertura do túnel do Parrote

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

4.5 47634 (09/PNP-003458)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para evitar a expansión das plantacións de eucaliptos e garantir a biodiversidade e a persistencia do medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

4.6 47811 (09/PNP-003476)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e cinco deputados/as máis

Sobre o establecemento por parte do Goberno galego do mecanismo normativo preciso para evitar a realización e distribución de imaxes fotográficas de menores durante actos institucionais e políticos realizados nos centros de ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

4.7 48089 (09/PNP-003494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para o rescate da concesión do novo Hospital de Vigo, a súa recuperación como hospital estratéxico para a área sur de Galicia, así como a creación dunha comisión integrada por todos os sectores implicados para avaliar os seus problemas e deficiencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 617, do 16.03.2016

4.8 48186 (09/PNP-003502)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva, e cinco deputados/as máis

Sobre a convocatoria polo Goberno galego dunha oferta pública de emprego que cubra a totalidade das prazas vacantes desde o ano 2009 na sanidade pública, así como o acordo cos sindicatos dunha orde para vincular os contratos do Sergas á súa motivación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 617, do 16.03.2016

Punto 5. Interpelacións

5.1 44187 (09/INT-001683)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sobre a atención ás persoas afectas por desafiuzamento hipotecario ou por alugueiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 559, do 25.11.2015

5.2 45545 (09/INT-001733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen, e dous deputados/as máis
Sobre o cumprimento e desenvolvemento regulamentario da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

5.3 48052 (09/INT-001849)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajés, María Soledad, e dous deputados/as máis
Sobre a fusión de concellos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 48618 (09/POPX-000176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre a eficacia da xestión do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

6.2 48651 (09/POPX-000178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da desviación que presenta, en relación cos obxectivos marcados, a converxencia de Galicia coa renda europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

6.3 48660 (09/POPX-000177)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as responsabilidades do Goberno galego na evolución demográfica de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 47286 (09/POP-004494)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Angel, e sete deputados/as máis
Sobre a avaliación do Goberno galego respecto das conversas mantidas entre a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais para analizar a viabilidade dun cambio de modelo de xestión dos consorcios provinciais de bombeiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

7.2 47974 (09/POP-004599)

Grupo Parlamentario Mixto
Iglesias Sueiro, Carmen
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación do colexio oficial de terapeutas ocupacionais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

7.3 48652 (09/PUP-000261)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a decisión do Tribunal Supremo respecto das 129 concesións de transporte público prorrogadas pola Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

7.4 48659 (09/PUP-000259)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Beiras Torrado, Xosé Manuel, e cinco deputados/as máis
Sobre as consecuencias que vai ter, nas condicións materiais de mobilidade por estrada da cidadanía, a anulación das prórrogas das concesións de transporte público de viaxeiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

7.5 48661 (09/PUP-000260)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Goldar Güimil, Jesús Antonio, e seis deputados/as máis
Sobre a sentenza do Tribunal Supremo pola que se anula a prórroga das concesións de transporte público interurbano de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

7.6 46319 (09/POP-004330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do cumprimento das expectativas de conversión da Cidade da Cultura en referente da

internacionalización da cultura galega e centro de referencia interna

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

7.7 47709 (09/POP-004568)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen, e catro deputados/as máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para recuperar o carácter reeducativo do Centro Público Santo Anxo, de Rábade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

7.8 47516 (09/POP-004534)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para evitar a desigualdade laboral das mulleres no medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Debate de totalidade do proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 10.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 13.) e *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 16.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 19.), *Sra. Soneira Tajés (S)* (Páx. 22) e *Sr. Tellado Filgueira (P)* (Páx. 24.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 27.) e *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 29.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente enumera as emendas mantidas polos grupos parlamentarios. (Páx. 30.)

Presentación do ditame: *Sr. presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior (Baamonde Díaz).* (Páx. 30.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 31.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 33.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 34.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 37.) e *Sra. Rodríguez Barreira (P).* (Páx. 39.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 43.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 44.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 44.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 45.) e *Sra. Rodríguez Barreira (P).* (Páx. 45.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da emenda á totalidade de devolución presentada polo G.P. Mixto ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais: *rexeitada por 7 votos a favor, 55 en contra e 5 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación da emenda á totalidade de devolución presentada polo G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais: *rexeitada por 8 votos a favor, 55 en contra e 5 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación das emendas 1, da 3 á 9 e da 13 á 20 presentadas polo G.P. Mixto ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público: *rexeitadas por 13 votos a favor, 39 en contra e 16 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación das emendas 2 e 4 presentadas polo G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público: *rexeitadas por 13 votos a favor, 39 en contra e 16 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación das emendas 2, 3, 5, da 6 á 8 e 13 presentadas polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público: *rexeitadas por 13 votos a favor, 39 en contra e 16 abstencións.* (Páx. 48.)

A señora Martínez García (M) solicita a votación por separado de tres das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 48.)

Votación das emendas 16, 17 e 19 do G.P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior sobre o Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e do seu sector público: *rexeitadas por 26 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia, agás a 16, 17 e 19, ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior sobre o Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e do seu sector público: *rexeitadas por 29 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Votación do Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e do seu sector público: *aprobado por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións.* (Páx. 48.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para presentar a Estratexia Sergas 2020. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. Conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña).* (Páx. 48)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 52.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 54.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 56.) *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 58.) e *Sr. Nuñez Centeno (P)* (Páx. 64.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 64.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 68.) *Nesta rolda interveñen a Sra. Martínez García (M)* (Páx. 70.), *a Sra Solla Fernández (AGE)* (Páx. 71.), *a Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 72.), *a Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 73.), *o Sr. Nuñez Centeno (P)* (Páx. 73.) e *o Sr. Conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 75.)

Suspéndese a sesión ás tres e corenta e catro minutos da tarde e retómase ás cinco da tarde.

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera do Sergas, a derivación de doentes da sanidade pública de Galicia a centros privados e a constitución e convocatoria dos consellos de saúde de área. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 77.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 79.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 80.), *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 82) e *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)* (Páx. 83.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 84.)

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria que se está a prestar no Sergas nos casos de aborto e a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 86.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 86.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 88.) e *Sr. Núñez Centeno (P)* (Páx. 89.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 91.) e *Sra. Ferreiro Vidarte (S)* (Páx. 92.)

Nova intervención da señora Solla Fernández (AGE) (Páx. 94.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da entrada en vigor do Real decreto de prescrición de enfermaría. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 95.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 96.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 97.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 99.) e *Sr. Íñiguez Martínez (P)*. (Páx. 100.)

Nova intervención da señora Acuña do Campo (S). (Páx. 101.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera do Sergas, a derivación de doentes da sanidade pública de Galicia a centros privados e a constitución e convocatoria dos consellos de saúde de área: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 101.)

Votación da Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria que se está a prestar no Sergas nos casos de aborto e a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 102.)

Votación dos puntos 3 e 4 da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da entrada en vigor do Real decreto de prescrición de enfermaría: *rexeitados por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 102.)

Votación dos puntos 1, 2, 5 e 6 da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da entrada en vigor do Real decreto de prescrición de enfermaría: *rexeitados por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 102.)

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incrementar o número de persoas refuxiadas acollidas en Galicia e a presentación no Parlamento de Galicia dun plan de acollemento. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 102.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández Rodríguez (M)*. (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Soneira Tajés (S)* (Páx. 105.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 107.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 108.) e *Sr. Trenor López (P)* (Páx. 109.)

A señora Fernández Rodríguez (M) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 110.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D José Manuel Balseiro Orol, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas que traballan no mar. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 110.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 111.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 112.) e *Sr. Rodas Chapela (BNG)* (Páx. 113.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 114.) e *Sr. Val Alonso (S)* Páx. 116.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 117.)

Suspéndese a sesión ás oito e once minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días. Vaian ocupando os seus asentos, por favor.

Bos días a todos e a todas.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia a este pleno o deputado don Francisco Jorquera Caselas.

E, sen máis, entramos na orde do día, co punto primeiro, que se corresponde co de textos lexislativos, e comezamos co debate de totalidade do Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

Debate de totalidade do Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais

O señor PRESIDENTE: A este proxecto de lei presentáronse emendas á totalidade de devolución, en concreto emenda do Grupo Parlamentario Mixto e unha emenda do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, don Alfonso Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Bos días, señor presidente, señorías.

Comparezo hoxe para presentar o Proxecto de modificación da Lei 4/2007, de coordinación das policía locais de Galicia.

Quero agradecer, en primeiro lugar, o acordo da maioría dos deputados e deputadas desta Cámara na oportunidade desta reforma legal. É certo que hai dúas emendas de devolución, pero tamén é certo que o 85 % dos deputados e deputadas desta

Cámara se mostraron favorables a que se tramite esta reforma legal, o que penso que dá boa conta da súa necesidade.

Polo tanto, o primeiro tamén que quero resaltar é o carácter dialogado que dende o primeiro momento da elaboración deste proxecto de lei se observou por parte da Xunta de Galicia. Constituíuse un grupo técnico de traballo no seo da Comisión de Coordinación de Policía Locais, participaron catro sindicatos policiais, participou a Asociación de Xefes e Mandos da Policía Local, participaron catro concellos tamén de diferente signo político galegos. Este grupo de traballo celebrou varias xuntanzas, longas ademais, nas que ían avanzando nun texto que, ademais, os representantes sindicais, a medida que se producían avances e consensos, circulaban entre os seus afiliados para recibir suxestións.

Polo tanto, o resultado deste traballo é un proxecto de modificación legal que ten dúas características principais. Primeiro, é necesario, era necesario; e segundo, ten un carácter necesariamente tamén limitado, posto que se inclúe aquilo, e só aquilo, que foi obxecto de petición expresa por parte dos afectados, é dicir, os propios profesionais da Policía local e os concellos.

Polo tanto, o texto que hoxe se debate ten un primeiro obxectivo primordial, que é resolver un grave problema que derivou da inadecuación da lei que se aprobou no ano 2007, de coordinación de policía locais, aos criterios de igualdade de trato no emprego que marcara unha directiva da Unión Europea xa no ano 2000. En novembro do ano 2014, hai ano e medio, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea emitiu unha sentenza na que consideraba discriminatorio un límite de idade que establecía a Lei de coordinación de policía locais de Asturias, fixada en 30 anos, o límite máximo para acceder aos corpos da Policía local asturiana. A lei galega, que era do mesmo ano que a lei asturiana, do ano 2007, imponía tamén –ben é certo que un pouco máis alto, 36 anos– un límite semellante para participar nas oposicións.

E, polo tanto, en coherencia con este pronunciamento que fixera o Tribunal de Xustiza europeo, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia fallou tamén no ano 2014 contra as bases da provisión de prazas dun concello galego, o Concello de Baiona –había moitos máis con este límite, de acordo co que dicía a lei–, e declarou nulas esas bases por impoñer ese límite de idade.

Tamén había outro problema transcendental que estaba limitando a convocatoria de prazas e que tamén o control xurisdicional estaba na lei do ano 2007, e o Tribunal Superior de Xustiza estableceu que non era legal a dispensa da existencia de titulación a aqueles aspirantes que superaron un curso específico na Academia Galega de Seguridade Pública, é dicir, a chamada dispensa de grao. Isto tamén estaba na lei do ano 2007, isto tamén se declarou legal, e, polo tanto, era necesario reformalo a través da reforma da lei.

O resultado xa digo que foi unha parálise dende o ano 2014 da convocatoria de prazas para os corpos de Policía local. Os concellos atopábanse nunha situación de difícil saída e, en todo caso, de inseguridade xurídica. Se convocaban de acordo coa lei do ano 2007, as súas bases poderían ser recorridas, e, se non convocaban de acordo coa lei do ano 2007, tamén; mentres non se modificase a lei, as súas bases poderían ser recorridas. Polo tanto, era imprescindible esta modificación da lei, que era tanto como desbloquear esta situación e adaptar a nosa lei aos pronunciamentos xudiciais.

Polo tanto, xa digo que o obxectivo fundamental da lei que hoxe presentamos é permitirlles aos concellos galegos a cobertura das prazas necesarias para manter os seus servizos de Policía local coas plantillas axeitadas e sobre todo coa necesaria seguridade xurídica nas convocatorias que decidan facer.

Pero tamén, aproveitando esta modificación e recollendo as suxestións –insisto– dos directamente afectados, nesta lei aprovéitase para introducir outras modificacións, outras novidades que foron solicitadas. Por exemplo, no que ten que ver coas convocatorias de promoción interna –estaban tamén atascadas en moitos concellos–, e, polo tanto, o que facemos é flexibilizar o mecanismo, e agora mesmo, cando se produce a eventualidade de ter que cubrir unha praza mediante promoción interna, os concellos non teñen outro remedio que captar os seus novos efectivos de promoción interna entre dous colectivos: por unha banda, o persoal da Policía local dese propio concello, que ten que estar na categoría inmediatamente inferior e con tres anos de antigüidade, ou se non, como alternativa, poden acudir a policía locais doutros concellos pero teñen que estar na categoría da praza que se quere cubrir.

Polo tanto, este sistema provocaba moitas dificultades para cubrir as prazas, na práctica prazas necesarias, e, polo tanto,

abrimos a posibilidade de captar persoal pola vía de promoción interna noutros dous colectivos: por unha banda, o persoal do mesmo concello pero de dúas categorías inferiores, non só dunha, e, por outra, o persoal doutros concellos dunha categoría inmediatamente inferior, ben é certo que é como alternativa subsidiaria; primeiro, acódesse ao sistema tradicional, pero, se non fora posible –e en moitos casos non estaba sendo posible–, ábreanse estouttras dúas vías.

Tamén, para facilitar a cobertura de prazas, introducimos modificación na regulación das permutas entre axentes que desexen un intercambio sendo de concellos diferentes. Polo tanto, desaparecía o requisito que había ata o de agora que impedía permutas se aos axentes interesados lles faltaba menos de cinco anos para pasar á situación de segunda actividade por razón de idade. Non tiña razón de ser. Chegamos a esta conclusión todos, de introducir este requisito, e, polo tanto, considerouse necesario manter este veto, e xa non é necesario ter ese límite de cinco anos antes da idade de xubilación.

Tamén introducimos unha flexibilización na permanencia na primeira actividade. Ata o de agora permitíase aos concellos a prórroga anual do pase á segunda actividade, pero é necesario un informe médico favorable anualmente emitido por un tribunal médico constituído para o efecto. Isto a ninguén se lle escapa que era un requisito farragoso que poñía moitos impedimentos na práctica, impedimentos burocráticos; moitas veces por iso simplemente os profesionais decidían non optar por este sistema, era un proceso máis de renovación anual. Agora substitúese esa necesidade de constituír *ad hoc* un tribunal médico por simplemente un informe médico favorable, que pode emitir o médico de cabeceira.

E, por último, tamén se acoutan os criterios para obrigar os axentes a unha xubilación forzosa. Na redacción do ano 2007 toda incapacidade permanente quedaba excluída dun pase á segunda actividade e quedaba por tanto encamiñada –non había outro remedio– a unha xubilación obrigada. Neste proxecto de lei matízase esta obriga e establécese que a xubilación só terá carácter forzoso no caso de incapacidades permanentes absolutas. Consideramos que outro caso de incapacidades permanentes poden impedirle ao policía e á policía local facer tarefas especificamente policiais, polo menos non facer todas as tarefas, pero si outras de carácter máis administrativo, de carácter máis auxiliar, que non o obriguen a unha xubilación forzosa.

Polo tanto, estas modificación teñen un alcance cremos que moi importante para o día a día do funcionamento das policía. Damos solución a problemas urxentes e, sobre todo, a situacións e a problemas que demandaban unha solución por parte dos concellos e por parte dos profesionais, e, polo tanto, facemos máis flexible e máis efectivo estes corpos aos miles de profesionais que compoñen estes corpos na Policía local en Galicia.

Gustárame tamén, para completar a explicación desta lei, referirme a outras tres modificacións que son máis accesorias pero que corresponden á necesaria adaptación que tiñamos que facer, sobre todo aproveitando a modificación, xa que a lei do ano 2007, á parte deses preceptos declarados ilegais, tiña necesidades de modificación despois de dez anos da súa entrada en vigor e despois de entraren en vigor outras leis que obrigaban a esta modificación.

Nestes anos aprobouse unha lei orgánica do réxime disciplinario de Policía Nacional, con previsión de aplicación ás policía locais, e, polo tanto, hai que adaptar o réxime disciplinario previsto na lei do ano 2007 para os policía locais de Galicia a este marco nacional aprobado con posterioridade nesta lei orgánica.

Tamén as reunións trimestrais da Comisión de Coordinación de Policía Locais non tiñan moita razón de ser, con que foran de carácter semestral era dabondo, e, polo tanto, faise esta modificación. E tamén non hai que esquecer –moi importante– que se aprobou en Galicia, no Estado primeiro, o Estatuto básico do empregado público, despois en Galicia no seu desenvolvemento a Lei do emprego público de Galicia, e, polo tanto, había que facer necesarias adaptacións tamén nos corpos de Policía local, establecendo contidos mínimos que deben publicarse nas bases das convocatorias para favorecer a igualdade de trato de todos os concorrentes, impedindo, igual que pasa nos tribunais de procesos selectivos na Xunta de Galicia, que participen nos tribunais de selección de policía locais persoas que nos cinco anos anteriores realizasen tarefas de preparación de aspirantes ou de colaboración con academias. Xa digo: en xeral, pequenas modificacións que veñen derivadas da Lei de emprego público e que era necesario traspoñer tamén aos corpos de Policía local.

Polo tanto, señorías, desenvolvemos unha modificación normativa –xa digo– co consenso e co impulso de todos os

implicados e que responde, polo tanto, ás súas principais demandas: de seguridade xurídica, de eliminación de discriminacións, que os tribunais de xustiza declararon arbitrarias, con maior rigor nos procedementos de acceso libre, con maior flexibilidade no proceso de provisión de prazas por promoción interna, con maiores posibilidades de mobilidade e con máis facilidades para a permanencia en activo daquel persoal que así o desexe.

O texto –insisto– foi redactado por un grupo de traballo, por representantes de todos os colectivos que están presentes na Comisión de Coordinación das Policía Locais e referendado –creo que isto tamén é importante deixalo claro– pola unanimidade desa Comisión de Coordinación de Policía Locais, unha vez que o grupo de traballo lle deu a redacción definitiva.

Penso sinceramente que esta modificación que agora presentamos é coherente co impulso que vén dando a Xunta de Galicia nos últimos anos aos corpos de Policía local. Nada máis entrar este goberno, no ano 2009, trasladóusenos a demanda de homoxeneizar a imaxe dos corpos de Policía local de todo o país. Cremos que era moi importante que foran recoñecibles como un só corpo en toda Galicia, con independencia da súa pertenza a diferentes concellos. E aprobouse o decreto de uniformidade, que fixou os modelos de vestuario, de placas, de carnés e de rotulación de vehículos. Publicouse.

E pedíusenos tamén unha mellora da formación. Pasamos de 86 cursos, con 4.172 prazas, no ano 2009, a case 200, con 5.500 prazas, no pasado ano 2015.

Aprobamos tamén protocolos comúns de actuación, estase rematando o seu desenvolvemento, estarán como moi tarde a principios do semestre que vén.

Tamén hai que dicir que todos os cursos de formación se están desenvolvendo en base ás peticións que os propios profesionais de Policía local nos fan nunha plataforma web, nunha enquisa web, que está deseñada para iso. E estamos dándolle especial importancia á actuación das policía locais na loita contra a violencia de xénero. Quixemos involucralos directamente na detección temperá da violencia de xénero, e, polo tanto, de aí, iso explica en gran parte o impulso á constitución das mesas locais de violencia de xénero, nas que en

todos os casos, cando existe un corpo de Policía local, teñen unha participación moi importante.

Pedíronsenos tamén máis medios para os corpos de Policía local, e hai que dicir que nisto fixemos un esforzo importante, e neste derradeiro ano 55 coches e 26 motocicletas foron entregadas aos corpos de Policía local de Galicia, subvencionadas ao cen por cento pola Xunta de Galicia. E cremos que, sobre todo para os pequenos concellos, é un apoio moi importante para o desenvolvemento do traballo dos seus policía.

Tamén temos proporcionado aos concellos arredor de mil terminais Tetra, que é tanto como dicir que se poden incorporar a rede dixitais de emerxencias de Galicia, mellorando en todos os casos –creo que nunha gran medida– a calidade das comunicacións que ata o de agora tiñan as policía locais de Galicia.

E, polo tanto, con todo isto, contribuímos a ter uns corpos de Policía local mellor equipados, mellor organizados e con mellor funcionamento. Creo que algo terá que ver con que Galicia sexa a cuarta comunidade autónoma máis segura de todo o Estado, de toda España. Creo que teñen moito que ver a profesionalidade, a preparación e o equipamento dos corpos de Policía local.

Xa digo: como son os policía e as policía locais de Galicia os que mellor coñecen as súas necesidades, foron os que nos dixeron o que era necesario modificar nesta lei, foron os que traballaron, e aproveito esta comparecencia para agradecerlles todas esas reunións, todo ese tempo que adicaron, non só aos representantes políticos deses concellos, non só á Fegamp, senón especialmente aos mandos da Policía local, aos sindicatos policiais e aos profesionais que fixeron estes traballos. As súas opinións son as que hoxe traemos a esta Cámara, como o Proxecto de lei de modificación da Lei do ano 2007. E, polo tanto, igual que contamos co consenso destes profesionais, agardo que contemos co consenso desta Cámara para mellorar, como digo, a seguridade xurídica, a flexibilidade, a mobilidade e, en definitiva, a seguridade de todos os galegos a través dos miles de profesionais que día a día traballan como policía locais en toda Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Rolda de defensa das emendas á totalidade.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas e señores deputados.

O presente proxecto de lei apenas actualiza a lexislación vixente, aspectos da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais. É un exemplo máis de como o Goberno de Feijóo deixa morrer por inanición a transferencia de competencias estatutarias, neste caso as competencias de seguridade cidadá.

Neste contexto de inanición, o Goberno da Xunta vese na obriga de facer seguidismo, con reformiñas nos aspectos afectados pola lexislación estatal e pola sentenza do Tribunal Supremo sobre a limitación da idade para o acceso á Policía local, que estaba en 36 anos.

Deberían aparecer tamén outras cuestións que precisan actualizacións e axustes, mesmo avances substanciais, nun momento de crise que así o require.

Así mesmo, este proxecto de lei pretende ser electoralista, sen responder ás necesidades do entorno de traballo da Policía local e da prestación de servizos nos concellos, que son as administracións máis próximas á cidadanía.

En ningunha parte chega un plan de choque para mudar a situación actual da plantilla da Policía local en Galiza, que é un 40 % inferior ao que marca a Xunta e a Unión Europea: prazas vacantes, excedencias, concellos que recorren a vixilantes municipais para facer as funcións de policía locais, plantillas con menos de 3 axentes, servizos nocturnos sen cubrir, falta de persoal para realizar cada servizo entre os efectivos. O gran déficit que presenta en Galiza non entende de cidades, de vilas e de pequenos concellos.

A crise agravou as carencias das unidades policiais nos 129 concellos galegos que dispoñen na actualidade de axentes municipais, ata o punto de ter máis dun 10 % de prazas sen

cubrir. Fai unha media de 1,8 vacantes por cada 1.000 habitantes. Se cumpriramos a Lei de coordinación de policía locais, do ano 2007, que estamos a reformar, de 2.500 prazas que hai agora, deberíamos de chegar a máis de 4.200 axentes.

En conclusión, 1 de cada 5 concellos incumpre a lei da Xunta, que segue ausente, e aparece xusto antes das eleccións ao Parlamento, para facer pequenas reformiñas.

Por non falar dos concellos, onde nin hai nin se agarda o Corpo de Policía local. Existe unha situación moi crítica en 10 concellos, onde só existe un policía, que se ocupa de velar pola seguridade cidadá en todo o seu concello, sen posibilidade de facer turnos nin de repartir vacacións ou conciliar a propia vida familiar. Estamos ante un problema económico, pois moitos concellos non poden soste-lo Corpo de Policía local, e fai que non se poidan cubrir as baixas, vacantes por xubilacións e os propios traslados.

¿Onde está o Goberno de Feijóo para solucionar estas eivas? Nin está nin se agarda xa.

Pero é que, ademais, o Goberno central decidiu conxelar as plantillas das administracións públicas, prohibindo cubrir prazas que ían quedando vacantes, salvo persoal de sanidade e persoal docente, nos que non se permitía unha taxa de reposición do 10 %. Logo, acordoulle e aceptou unha alegación das organizacións policiais para que entre as excepcións tamén se inclúsen as forzas e corpos de seguridade do Estado.

Algún concello pequeno ou algún mediano non cubriron nin sequera ese 10 % permitido por falta de recursos, ou porque o 10 % de 1, 2, 3 e incluso 10 prazas non dá para convocar unha praza vacante. Lexislan ao grande, e logo veñen as consecuencias, indescritibles, porque precisamente nestes concellos é onde peor cobertura de seguridade cidadá hai, despois de anos de crise, e despois pasa o que pasa por aí adiante.

A finais do ano 2014, o Consello de Ministros acordou incrementar do 10 % ao 100 % a taxa de reposición de efectivos nos corpos de Policía local para os concellos que cumpriran cos seus obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública.

Nós presentamos unha emenda á totalidade a este proxecto, solicitando a súa devolución ao Goberno. Esta modificación é minimalista, ademais de ser un claro exemplo de lexislar por lexislar, sen dar resposta aos problemas reais. Con total evidencia obvia avances normativos relacionados coa protección da maternidade. Cando menos, sería desexable habilitar o Goberno para que incorpore ao desenvolvemento regulamentario do proxecto de lei normas de protección para a situación do embarazo, parto ou puerperio, especialmente nas probas de acceso ás prazas de Policía local. Isto si aparece recollido na regulamentación das oposicións da Policía Nacional, na que se pode mirar o modelo e incluso mellorar. No caso de que as aspirantes non poidan realizar as probas físicas por embarazo ou parto, farán todas as demais, quedando condicionado o seu ingreso ao corpo na superación daquelas que, de acordo coa súa cualificación global na convocatoria en relación coas demais aspirantes, lles correspondan. A interesada podería realizar as indicadas probas físicas no momento en que se estableza a seguinte convocatoria, e, se nesa data non puidera por mor doutro embarazo ou parto debidamente acreditados, podería realizalas no mesmo momento dunha inmediata segunda convocatoria. A incorporación podería ser coas admitidas ou admitidos nesa convocatoria na que superara as probas físicas.

Non podemos deixar de demandar un artigo dedicado especificamente á protección da acción sindical e da negociación colectiva no Corpo da Policía local, segundo recolle o Estatuto básico do empregado e da empregada público, pois a Policía local é persoal funcionario, e remitímonos ao artigo 15 dos dereitos individuais exercidos colectivamente, sexa no que é a liberdade sindical e a negociación colectiva e a participación na determinación de condicións de traballo.

En xeral, atopámonos neste tema perante unha eiva crónica nas modificacións normativas impulsadas polo Partido Popular, que van minguando ou obviando a regulamentación que debe protexer o dereito á negociación colectiva e á representación sindical, que entendemos básica para a defensa dos dereitos das traballadoras e traballadores.

Outra sección de moito peso aféctalle a que a modificación pasa por alto a necesidade dos concellos de colaborar para prestar os servizos de policía local agrupados. Non nos parece realista obviar o avance lexislativo, cando as normas máis

recentes contemplan vías de colaboración que se abriron a partir da modificación da Lei de bases de réxime local, que ampliou a posibilidade, de conformidade co previsto na disposición adicional quinta da Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade, que foi regulada por Orde 2944/2010, do 10 de novembro, pola que se determinan as condicións para a asociación de municipios, coa finalidade de prestar servizos de policía local.

Cremos tamén que o articulado debería definir tanto os requisitos como o procedemento de colaboración intermunicipal, pero como o Goberno de Feijóo se marcou como obxectivo xestionar menos do que lle corresponde polo Estatuto, así nos loce o pelo. Non vaian pensar que é algo imposible, miren para Cataluña, País Vasco, ou mesmo Madrid, que xa no ano 1991 estableceu unha normativa ampla para garantir a mancomunidade dos servizos de policía local no marco das súas competencias.

Dous ou máis concellos limítrofes, pertencentes a unha mesma comunidade autónoma e que non dispoñen separadamente de recursos suficientes para a prestación dos servizos de policía local, poden asociarse para a execución das funcións asignadas ás policía locais, de conformidade co previsto na disposición adicional quinta da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.

Na actualidade, o chamado convenio de colaboración intermunicipal posto en marcha polo Ministerio de Interior, avalado e difundido aos concellos pola Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias, permite colaboracións entre policía locais, pero limítase a eventos previsibles, como pode ser a celebración das festas patronais.

Ante esta inanición, mesmo representantes como a Axempol, a Asociación de Xefes e Mandos da Policía Local de Galiza, reclaman ir máis alá, e pretenden que esa colaboración, que na actualidade está estancada, xa que a comisión estatal que se creou para impulsala está paralizada, se permita en supostos de emerxencias, en sinistros graves de circulación, controis de seguridade ou tráfico, que requiren instrumentalización ou cualificación persoal especial, ou en inspeccións administrativas que requiran especial cualificación... Mesmo os mandos policiais agardaban a que a proposta que foi tramitada á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior se recollera na reforma desta lei.

¿Por que non mancomunar o servizo público de policía local entre varios concellos? O Goberno de Feijóo non pode facer nada, porque non reclamou as competencias correspondentes ao Goberno central nos anos que ocupa a presidencia da Xunta.

Ademais, dentro desta modificación, da Lei de coordinación de policía locais, temos que engadir a emenda de artigos que tampouco aparecen modificados, e entendemos que é importantísimo, dentro do que é o artigo 9 da Lei do 2007, a uniformidade, porque todas as persoas membros da Policía local deben dispoñer das EPI pertinentes para a prevención de riscos laborais, nomeadamente os chalecos antibalas.

Tamén entendemos que é importantísimo que o artigo 11 deba ser modificado, que é o que se refire aos medios técnicos, que son elementos, aparellos e sistemas dos corpos de policía que empregan para cumprir coas súas obrigas, pois entendemos que, para garantir a súa formación continua e práctica, os concellos deberían dispoñer mancomunadamente dunha galería de tiro, pois, desgraciadamente, a realidade é que hai axentes de policía que non teñen arma, cando é obrigatorio. Xustificar ter arma significa dispor de armeiro, dunha galería de tiro e de toda unha loxística que non se poden permitir. E isto si que é unha gran eiva en moitos concellos, non só onde só hai un policía local, senón onde incluso hai un número importante dos mesmos.

Entendemos tamén importantísimo que se debe exixir o coñecemento oral e escrito da nosa lingua, segundo determina a propia lexislación.

Tamén entendemos importantísimo –algo do que xa falamos antes– o acceso ás probas e exames de Policía local no tocante ao tema das mulleres embarazadas. Isto no referente á diferenciación dos distintos colectivos que conforman este corpo, que, no caso de embarazo das funcionarias dos corpos de Policía local ou de funcionarias policía dos concellos que non teñan constituído o Corpo de Policía local, lles será de aplicación o que dispón a Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais en materia de protección da maternidade.

Na dita lei recóllese a avaliación dos riscos das traballadoras en situación de embarazo ou parto recente a axentes, procedementos ou condicións de traballo que poidan influír nega-

tivamente na saúde das propias traballadoras ou do feto, en calquera actividade susceptible de presentar un risco específico, xa que na propia adaptación ao traballo segue habendo gran risco. Entón, entendemos que hai certo tipo de traballos, como o traballo nocturno e o traballo por turnos, que poden ser perigosos. E incluso o feito de poder ausentarse do traballo con dereito a remuneración para a realización de exames prenatais e das propias técnicas, incluso en caso de non haber un posto axeitado á súa condición, a este estado, unha baixa ou suspensión temporal.

Tamén entendemos que se debe modificar o artigo 15, referente a que o establecemento da xornada e do horario, dos descansos e do resto de condicións de traballo serán obxecto das negociacións cos representantes sindicais nos termos previstos pola lexislación vixente, xa que na propia modificación non aparece nada de nada do propio labor do sindicato.

Tamén entendemos que é importantísimo —e salientámolo— o feito de que todos e todas as axentes de Policía local de Galiza reciban obrigatoriamente formación en igualdade de xénero e en prevención e loita contra a mesma, porque entendemos que si faltan moitos cursos. Ademais, en todos os corpos de Policía local de Galiza existirá un grupo de axentes cunha avaliación positiva en formación e sensibilización específica en igualdade de xénero e violencia de xénero que atenderá as demandas xeradas en relación coa prevención e protección das vítimas, garantindo o dito servizo durante as 24 horas dos 365 días do ano. Para garantir a prestación dos ditos servizos, os concellos poderán proceder a subscribir un acordo de colaboración, de xeito que permitan prestar un servizo mancomunado que garanta a mellor protección das vítimas.

Isto si aparecerá reflectido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, na Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na que falaba das prevencións da violencia de xénero, que eran medidas de sensibilización contra a violencia de xénero, e o que era o propio deseño da elaboración e difusión das campañas. Entendemos que a propia Xunta de Galicia tería que poñer os acordos necesarios con outras administracións públicas para garantir a difusión de campañas de sensibilización nos centros dependentes da Administración local, as administracións de xustiza e entre as forzas e corpos de seguridade do Estado e da Policía local.

Tamén entendemos que se debe facer unha revisión de oficio das sancións para que, dentro da data de entrada en vigor desta lei —da súa—, a propia aplicación resultase en efecto máis favorable para a persoa funcionaria sancionada. Revisaranse de oficio as resolucións, aínda que sexan firmes, cuxo cumprimento non se inicie ou finalice na devandita data. Non será posible a revisión de resolucións nas que se impoña unha sanción de separación do servizo.

Tamén entendemos que se deben revisar certo tipo de faltas que aparecen como graves ou como moi graves, como pode ser incluso a propia exhibición de armas en casos que non o xustifiquen, ou como utilízalas en acto de servizo ou fóra del, infrinxindo as normas que regulan o seu emprego. Ou o feito do propio extravío da propia arma, que entendemos que é algo demasiado grave.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas.

O Proxecto de lei de reforma da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, chega tarde; nós entendemos que chega tarde. E chega tarde, ademais, porque se perde unha oportunidade de telo feito bastante antes para, abrindo ese proceso de consulta, de participación e diálogo... AGE non coincide coa súa valoración de que se fixo atendendo a suxestións, porque nós temos constatado que, nese sentido, o proceso de consulta non foi todo o amplo e todo o rico que debiera ser, contando coa participación de todos os axentes sociais implicados neste corpo, neste servizo público de proximidade, esencial para a cidadanía galega.

Estamos, ademais, no remate dunha lexislatura que se caracterizou polo recorte de dereitos, polo recorte económico prolongado, pola pauperización da sociedade e pola degradación dos servizos públicos. E desde ese enfoque é como nós entendemos que esta reforma da lei é necesaria, si, pero chega tarde, de forma electoralista e dunha maneira podemos dicir epidérmica. En menos de dez anos xa hai aspectos

que desde o inicio, no 2007, xa dicían que estaba nacendo de forma eivada, porque había sentenzas que xa falaban en contra da dispensa legal, da dispensa de grao. E, como dixo vostede, outras sentenzas máis recentes, no 2014, impedían poñer un límite de idade, e inciden, loxicamente, na necesidade desa reforma.

Nós entendemos que o procedemento e a fondura da mesma non son os máis acaídos. A modificación que presenta o Goberno de dereitas non incide en aspectos que é preciso afrontar de forma decidida para avanzar na profesionalización das policía locais e evitar o uso sectorio, partidista e clientelar deste corpo de seguridade. Sabemos perfectamente o que acontece ás veces coa Policía local en determinados concellos. E vostede falou, ademais, cando falaba de participación, de 4 concellos. Sabemos que son 129 –se non me equivoco– os concellos que dispoñen de Policía local. Polo tanto, 4 concellos de 129 non semella, desde logo, unha forma de participación extensa.

Dos 96 artigos que contén a Lei 4/2007, a presente proposta atinxe só a unha cuarta parte do total dos artigos da lei: os que teñen que ver co réxime e funcionamento da Comisión de Coordinación, coas escalas e categorías, co ingreso, promoción e mobilidade, coa idade de xubilación, coa segunda actividade, e sobre todo co réxime disciplinario e cos requisitos de acceso ao corpo de vixilantes e auxiliares municipais. Suprímense os aspectos que foran sancionados referidos á homologación do título que concedía a Academia Galega de Seguridade Pública e engádese unha disposición adicional única coa equivalencia de titulacións con base na Lei do emprego público.

Pero non pode ser –como dicimos– que quede nun estado epidérmico superficial. As circunstancias actuais informan dun terrible baleiro de recursos humanos e materiais na plantilla da Policía local en toda Galicia, que podería ser inferior, segundo algúns datos, nun 40 % con respecto aos propios números que se marcou a lei a través dos decretos que a desenvolvían. Isto xa fala dunha ausencia ou dunha certa ineficacia á hora de controlar e de dotar dos mecanismos precisos para que os concellos poidan cumprir a lei. Nese sentido, hai que dicir que é responsabilidade da Xunta, que ten que velar polo exercicio das súas competencias en escrupuloso respecto coa autonomía municipal en materia de coordinación e formación das policía locais.

Por iso vostedes, a Xunta de Galicia, teñen a responsabilidade política de establecer as medidas e as ferramentas que permitan fixar unha homoxeneidade, unhas políticas homoxéneas, unhas bases comúns no réxime xurídico e no réxime estatutario dos corpos de Policía local: homoxeneizar os criterios de organización e o réxime de funcionamento; a uniformidade nos procedementos comúns de selección, promoción e mobilidade; mellorar a profesionalización; e evitar vicios pasados, actuais e os que poidan repetirse se non se actúa conforme o que se debe facer. Entendemos que a reforma debe ofrecer os mecanismos legais que impidan o uso caciquil das policía locais.

Podemos distinguir nesta modificación da lei dúas partes: por unha banda, as eivas que se detectan nas ausencias, debido a ausencias, e as eivas que se detectan no que incorpora a propia modificación. En canto ás eivas, podemos enumerar algunha delas, por exemplo, hai necesidade de establecer un mecanismo efectivo de control e observancia do estrito cumprimento dos termos establecidos na lei para que se dea a función de coordinación e unificación. E isto vai unido, precisamente, a unha das eivas do que figura, porque a Comisión de Coordinación, que no actual texto da lei ten catro xuntanzas, pasa a ter dúas. É dicir, é como dar a entender que non se fixo tendo en conta a realidade actual da Policía local. Esa Comisión de Coordinación a través de catro xuntanzas non foi quen de coordinar, e vostedes pretenden que o faga a través de dúas. Entón, nós moito tememos que o único que é é que esa Comisión de Coordinación se conforma como un organismo máis que se reunirá dúas veces, pero sen a decisión firme de facer aplicar o que se consigna na lei. E moito tememos que traballarán nesa liña, porque, de catro a dúas, está claro que se empeora.

A necesidade de ter en conta a pluralidade existente nos corpos de policía locais é unha demanda de sindicatos de Policía local, que din que a representatividade ten que ser acorde á mesma, é dicir, á realidade, e que permita a participación real, que permita o diálogo, para que se adopten as decisións que mellor benefician o Corpo de Policía local, e, polo tanto, o servizo público da Policía local, e, polo tanto, a cidadanía galega. A actual Comisión de Coordinación nese sentido semella non responder a esa realidade plural. E a propia realidade vémosla nos números que se indican. O contexto de recortes orzamentarios afectou gravemente a capacidade operativa dos concellos, sendo os concellos pequenos

e os concellos do rural os que máis dificultades teñen para manter unha Policía local con condicións dignas que merecen os traballadores e traballadoras da Policía local. Polo tanto, haberá que establecer os mecanismos administrativos para que determinados concellos que estean nunha mesma contorna poidan garantir a provisión do servizo público de forma axeitada. Isto debe regularse. Non pode deixarse pasar a ocasión de regular este aspecto, porque así evitaremos os atrancos endogámicos que só provisionan o servizo en función de determinadas cotas de poder. Porque tamén a Policía local está visionada como unha forma de poder, de cotas de poder, e iso a lei é o que ten que impedir, e poñer todos os remedios posibles para ter un servizo público conforme os valores da democracia, os valores da ética, e impedir o uso caciquil deste corpo. A profesionalización dos servizos e a calidade do servizo público non poden estar supeditados aos desexos interesados de ninguén, sexa do signo que sexa. A cidadanía, sexa de onde sexa, viva onde viva, merece o mesmo servizo público de calidade con respecto a este corpo.

Temos que mencionar a diferenciación salarial, denunciada pola propia Policía local, que existe entre concellos por prestar a mesma función, e ao mellor separados por unha serie de quilómetros nada máis. Iso provoca, loxicamente, que nalgúns casos pode chegar a 800 euros de media ao mes esa diferenciación salarial, sendo idénticos a antigüidade, os servizos e as funcións. Polo tanto, iso fai que exista un desexo lóxico de moverse dun concello a outro en función, precisamente, desa diferenza salarial. É dicir, nós pensamos que aí cómpre actuar para homoxeneizar o que é esa función, e ademais tendo en conta os requisitos de antigüidade de servizo e de función.

No Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, establécese na súa parte expositiva –e algo xa se dixo por parte do Grupo Mixto– que é recomendable aspirar a 1,8 policía por cada 1.000 habitantes. Está claro que iso choca co que figura no artigo 30.1 da Lei 4/2007, onde se establece que o número mínimo debe ser de 2 policía e 1 oficial. Isto, desde logo, contrasta coa lexislación existente noutros puntos do Estado español, por exemplo, a murciana, onde se establece que o número será de 6 policía, 1 cabo e un sarxento; ou co recente anteproxecto de lei presentado en Andalucía, que sinala un número mínimo de 5 membros no artigo 12.1, ou nas localidades de

máis de 5.000 habitantes. En Galicia estanse dando situacións que, ademais, incumpren ese precepto de seguridade que vostedes tanto queren, dándose situacións anómalas en concellos con só 1 policía ou 2; en concellos de 10.000 habitantes con 10 policía; e nas grandes cidades –sabémolo–, que todas presentan déficit de plantilla, todas. O ideal debe ser un número par; esta é unha reclamación sobre todo para evitar o perigo da ronda realizada por unha persoa, é evidente. Cómpre regular, polo tanto, a patrulla dúas, e evitar así situacións de risco para a Policía local nos supostos casos en que se permita a turnicidade da rúa individual. Ningún dos 129 concellos con Policía local cumpre as ratios.

Cómpre regular de forma clara a mobilidade horizontal entre localidades e vertical dentro da propia localidade no ascenso profesional, evitando o “curso sonorum” endogámico para que os principios constitucionais de mérito, capacidade, igualdade e publicidade sexan a lóxica e non a anomalía, así como un proceso que nós entendemos que debера ser centralizado e que debера ser o mellor indicio de que avanzamos na profesionalización deste servizo público.

Finalmente, outra das eivas que se solicita é que para un mellor desenvolvemento da normativa cómpre fixar a elaboración de regulamentos orgánicos para o funcionamento do servizo público da Policía local.

E outra eiva que quixeramos denunciar é que xa comentamos que nós non entendemos como pretenden mellorar a coordinación reducindo o número de reunións ordinarias de catro a dúas; non o entendemos, porque é fundamental poñerse a traballar firmemente para que sexa un órgano de control, de supervisión e de coordinación eficaz e eficiente.

E outro aspecto que nós entendemos que non debера constar nunha democracia avanzada –así, polo menos, o entendemos desde AGE– é que se negue o dereito fundamental de folga; non o entendemos. Este exercicio é considerado falta moi grave. Nunha democracia todo traballador e toda traballadora ten o dereito de folga, debe ter o dereito de folga.

Polo tanto, todas estas razóns expostas falan de que si é necesario a modificación da norma, de que chega tarde e de que non incide no diálogo e na participación suficiente con todos os axentes sociais implicados; chega, ademais, dunha forma epidérmica, incidindo só nos aspectos que foron san-

cionados, sobre todo a través de sentenzas contrarias, pero non ataca o que realmente debe facer, que son eses principios que hoxe en día fan que a Policía local teña un corpo mínimo, un corpo ineficaz ás veces para facer a súa función e que non poida prestar o servizo público con garantías.

Polo tanto, por iso, Alternativa Galega de Esquerda presenta a devolución deste proxecto de lei.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupos non autores de emendas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras deputadas, señores deputados, señor vicepresidente da Xunta. Quero darlles tamén os bos días e a benvida a todas estas mozas e mozos que nos acompañan desde a tribuna de convidados.

Creo que podemos afirmar con certa rotundidade que, a pesar das súas deficiencias, a aprobación no seu día da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais de Galiza, supuxo un avance significativo en diferentes ámbitos, sobre todo se temos en conta que a través desta lei había que casar dúas cuestións ou dous conceptos diferentes: por un lado, a necesidade de que existise certa coordinación e homoxeneización, tendo en conta a división ou a diferenciación competencial que existe entre a Xunta e os concellos, e manter o debido respecto á autonomía municipal, que, como todos e todas vostedes saben, é un principio recollido constitucionalmente.

Sen embargo, efectivamente, logo de case nove anos desde a entrada en vigor desa lei, podemos afirmar que supuxo avances significativos. Nalgúns aspectos contribuíu a homoxeneizar os distintos corpos de policía locais, en aspectos como os procesos selectivos ou a formación que reciben os distintos membros dos diferentes corpos das policía locais, e mesmo poderíamos dicir que tamén contribuíu, xunto coa creación da Academia Galega de Seguridade, a incrementar

notablemente a formación dos membros e dos integrantes dos distintos corpos de policía locais.

Sen embargo, case nove anos despois da entrada en vigor da Lei 4/2007, temos que dicir que seguen evidenciándose numerosas eivas, ás que xa se fixo mención nas intervencións anteriores de defensa das emendas de devolución, derivadas en moitos casos, precisamente, desa situación, da súa dependencia municipal. Non podemos esquecer que nós aquí regulamos, lexislamos, pero, ao final, quen teñen que aplicar esa regulación e esa lexislación ás policía locais, neste caso, son os diferentes concellos.

E, efectivamente, segue habendo, hai, uns niveis salariais moi diferentes entre os diferentes concellos. Existe, sobre todo, un problema moi grande derivado da dotación dos corpos de policía locais, municipais, que están absolutamente infradotados, e, polo tanto, na maioría dos casos existe unha inadecuación dos cadros de persoal ás necesidades de servizo, ás competencias que teñen encomendadas. E isto, desde o noso punto de vista, pon de manifesto a seguinte cuestión, que é que hai uns problemas de fondo moi importantes que non se van resolver a través da Lei de coordinación de policía locais, mesmo se a modificásenos dunha forma radical. Porque o que pon de manifesto é que aquí o que hai é un problema que ten que ver co financiamento dos concellos. Nós temos un sistema de financiamento municipal que depende do Estado, que maltrata, ademais, os concellos galegos dunha forma substancial, xa que reciben en torno a un 30 % menos por habitante que a media dos concellos do Estado, e que en moitos casos imposibilita o cumprimento das súas competencias ou o financiamento das súas competencias.

E vou poñer un exemplo. Eu son dun concello de máis de 11.000 habitantes. Temos 5 policía locais. Segundo as ratios establecidas no decreto, efectivamente, de 1,8 por cada 1.000 habitantes, deberíamos ter 19 aproximadamente; 18 ou 19 policía locais. Coñecendo como coñezo os orzamentos do meu concello, é absolutamente imposible financiar ese cadro de persoal para un concello desas características. Polo tanto, deberíamos acometer tamén e resolver esa cuestión.

Tamén pon de manifesto que temos un modelo policial un pouco pintoresco neste país, no que hai unha superposición de diferentes corpos policiais –policía locais, Unidade ad-

crita á Policía Autonómica, Policía Nacional e Garda Civil— que tamén algún día deberíamos resolver e do que falarei con posterioridade.

E nese contexto é no que vén aquí a este pleno este proxecto de lei, que poderíamos cualificar, con todo o respecto, señor Rueda, como outro proxecto da factoría Rueda, que nos ten afeitos a intentar evidenciar un hiperactivismo lexislativo pero que en moitas ocasións se refire ás modificacións ou ao establecemento de normativas bastante irrelevantes desde o punto de vista da súa repercusión na mellora da calidade de vida da cidadanía.

É certo —díxoo o vicepresidente na súa intervención— que esta modificación da Lei 4/2007 obedece fundamentalmente a cuestións que veñen dadas por outras circunstancias, por cuestións de adecuación ao Estatuto básico do empregado público e á Lei do emprego público de Galiza en diferentes aspectos vinculados cos dereitos laborais, de acceso, etcétera, ás policía locais ou por cuestións que teñen que ver co establecemento ou co non establecemento dun límite de idade para acceder aos corpos de Policía local, derivado, precisamente, desa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza Europeo, que ademais está sendo utilizado, como non podía ser doutra maneira, por parte dos tribunais galegos tamén para anular pases de convocatoria de diferentes concellos. Polo tanto, consideramos que é necesario facer esa adecuación ou esa modificación da Lei galega para adecuala a ese contexto.

Estamos, polo tanto —desde o noso punto de vista, do Bloque Nacionalista Galego—, ante unha modificación parcial, e mesmo poderíamos dicir que, desde o punto de vista das súas consecuencias para a cidadanía —insisto—, insubstancial, na medida en que non resolve os problemas de fondo, que, insisto, en moitos casos non se poderían resolver a través desta lei.

Polo tanto, quero dicir que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, evidentemente, non nos opoñemos á tramitación deste proxecto de lei porque, efectivamente, hai razóns, que veñen impostas por outros marcos lexislativos, que nos obrigan a adecuar a lei, e sobre todo porque, tendo en conta que estamos practicamente no tramo final da presente lexislatura, sería imposible, en caso de que se producise a devolución, abordar unha modificación máis en profun-

didade que respectase a necesidade de abordar tamén estas modificacións con urxencia.

Dito isto, quero aproveitar este debate porque, como dicía, eu creo que debemos dar os debates cun certo grao de profundidade e de rigor. Aquí falouse de moitos aspectos e deficiencias que teñen as policía locais no noso país, e creo que deberíamos buscar outras formas de resolver.

Hai unha cuestión que creo que tamén é incontestábel, señor Rueda, e é que vostedes pasarán á historia, seguramente, por ser o único goberno, desde que existe autogoberno neste país, que despois de oito anos de permanencia á fronte do Goberno da Xunta non conseguiron nin unha soa transferencia de competencias. Pasarán á historia tamén por ser o goberno que máis degradou o autogoberno deste país. Polo tanto, non se preocuparon, e ese debería ser un cometido, se de verdade quere mellorar a seguridade e mellorar o funcionamento das policía locais do noso país, que debería acometer no tempo que lle queda, como é intentar que o financiamento local recolla estes aspectos.

Pero tamén debería —e desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego propuxémosllo en moitas ocasións— dar cumprimento a outra lei que tamén se aprobou no ano 2007, que é a Lei 8/2007, de policía de Galiza.

Eu supoño que todas e todos os que estamos aquí chegaremos facilmente á conclusión de que se o Goberno bipartito decidiu tramitar case simultaneamente a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais, e a Lei 8/2007, de Policía de Galiza, será porque consideraba que había unha certa complementariedade entre os dous proxectos de lei, e que era unha forma de crear un modelo de policía para Galiza que non fose tan irracional como o que temos actualmente; un modelo baseado en tres principios fundamentais:

Primeiro, na eficiencia, porque coa dispersión de competencias que hai agora entre os distintos corpos e forzas de seguridade do Estado que operan en Galiza, desde logo, nós cremos que a existencia dunha policía galega sería, desde o punto de vista da eficiencia na prestación dos servizos, moito máis acaída.

Un principio tamén de autogoberno, porque, efectivamente, que Galiza tivese unha policía propia sería un avance nese

autogoberno e sería tamén un instrumento á disposición do noso autogoberno para garantirlles aos cidadáns e ás cidadas galegas o exercicio dos seus dereitos e velar polo cumprimento da legalidade.

E, en terceiro lugar, desde logo, tamén podería axudar a resolver algúns dos problemas dos que se estivo falando aquí ao longo desta mañá, porque hai que recordar que na Lei 8/2007, no seu artigo 16, se establecía a posibilidade de establecer convenios de colaboración entre a Policía galega e as entidades locais, precisamente para suplir algunhas das cuestións das que se falou aquí con anterioridade e que en moitas ocasións non só non redundan en que se lles preste un adecuado servizo aos cidadáns, senón que mesmo acaban comprometendo a seguridade dos propios axentes da Policía local.

A este respecto nós temos que recriminarlle, señor Rueda, que vostedes no ano 2009, cando chegaron ao Goberno da Xunta de Galiza, en ningún momento estableceron que a creación da Policía galega fose unha prioridade para o Goberno galego. É máis, cando foi preguntado acerca desta cuestión en setembro do ano 2009, vostede manifestou que, aínda sendo unha cuestión relevante, había dous aspectos que impedían que iso se convertese ou fose un obxectivo a curto ou medio prazo para o Goberno da Xunta de Galiza. Decía vostede o 9 de setembro de 2009 que a situación económica do país e da Xunta de Galiza non permitía que se demandasen ao Estado as modificacións normativas na Lei de forzas e corpos de seguridade do Estado e a transferencia de competencias para dotar de contido esa Policía integral galega porque non tiñamos cartos para soste-lo ese corpo policial. Pero tamén facía vostede outra aseveración, que era que a situación que tiña a Unidade adscrita, con 370 persoas incorporadas á Unidade adscrita a aquela altura, tamén impedía que se iniciase esa xestión, e que, polo tanto, vostede marcaba como obxectivo prioritario colmatar a Unidade adscrita da Policía Autonómica cos 500 efectivos que cifrabas vostede naquel momento, e, segundo as distintas informacións, podemos dicir que a día de hoxe ese obxectivo xa está cumprido. E poñía vostede, precisamente, ese fito, que tivésemos os 500 efectivos de policía da Unidade adscrita, para empezar a traballar na consecución dunha policía integral para Galiza.

Polo tanto, señor Rueda, eu emprázoo, porque cremos, honestamente, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalis-

ta Galego que este país non poderá ter –tendo en conta as súas circunstancias demográficas, o modo que temos de asentarnos no territorio, as competencias que teñen os concellos, as competencias que ten a Comunidade Autónoma–..., nós estamos absolutamente convencidos de que non poderemos dar desde as distintas administracións unha resposta adecuada ás necesidades da cidadanía no que ten que ver con seguridade, con protección, con cumprimento da legalidade. En definitiva, coas funcións que cumpren os distintos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado até que non teñamos tamén unha policía propia que sirva de complementariedade ao labor e aos cometidos que poden ter os distintos corpos de policía local, e que evite tamén esas duplicidades e superposicións de corpos que temos actualmente no noso país.

Eu simplemente quero rematar dicindo un dato. Aquí repetíuse en moitas ocasións, por parte das persoas que me precederon no uso da palabra, que só hai 129 concellos dos 314 que contén con algún tipo de corpo –por chamarlle dalguna forma, porque algún é un corpo literalmente– de Policía local no noso país.

Polo tanto, estamos en que máis do 60 % dos concellos en moitas ocasións están absolutamente abandonados da man de Deus, porque incluso eses concellos, os máis pequenos, os máis afastados, os que teñen maior dispersión, en moitas ocasións nin sequera a cobertura que se lles dá por parte doutros Corpos e Forzas de...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...Seguridade do Estado garante nin a seguridade nin o exercicio, en moitos casos, dos dereitos por parte dos cidadáns.

Polo tanto, nós ímonos abster nas emendas á totalidade, porque cremos que, efectivamente, as modificacións que se propoñen son necesarias e inaprazables, e, sobre todo, porque cremos que os grandes problemas de fondo que temos a este respecto neste país non se resolven a través da modificación, ou non só unicamente a través da modificación en profundidade da Lei 4/2007, senón no desenvolvemento, aplicación e efectivización da Lei 8/2007, creando unha policía integral no noso país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, como é evidente o noso grupo non presentou emenda de devolución deste texto, porque tamén, como é evidente, esta é unha lei dun goberno presidido por un socialista e promovida por un conselleiro socialista, hoxe o noso portavoz, o señor Méndez Romeu, e, desde logo, non é intención do noso grupo, en ningún caso, o ir contra os nosos propios actos.

E debo dicir, ademais, que naquel debate –que estiven repasando– o portavoz por entón do Grupo Popular na oposición, o señor Ruíz Rivas, dedicou cualificativos bastante duros e moi descualificadores daquel proxecto de lei; e votaron –evidentemente– en contra da súa toma en consideración e votaron –posteriormente– en contra do ditame que se presentou na Cámara cando se aprobou definitivamente a Lei de coordinación de policía locais.

Curiosamente, a interpretación que podemos facer desde o noso grupo é que se era tan mala, e se ía desencadear todos aqueles males, pois pareceríanos case lóxico que o Goberno actual fixera unha reforma practicamente total da lei. E non é o caso, porque algunha bondade tería e terá a lei cando o Goberno o que fai é modificar determinados aspectos desa lei que veñen obrigados tanto por sentenzas xudiciais, como por normativa básica do Estado, e que obriga á adaptación, en todos os casos, dos policía locais, que non deixan de ser funcionarios.

E é evidente tamén –como xa se dixo aquí– que posiblemente isto se debería de facer antes, pero que iso sexa unha realidade non implica que non teñamos que tomala en consideración agora mesmo para solucionar problemas tanto das administracións locais, como dos propios traballadores policía locais en toda Galicia, que necesitan solucionar problemas; xa digo que de carácter legal, que acaban sempre nos xulgados e que acaban complicando a vida das persoas, das institucións e que a Administración, ao final, ten que acabar asumindo, porque non queda outra, porque a lei é a lei e, polo tanto, hai que cumprila.

Polo tanto, as modificacións que se nos propoñen aquí veñen dadas pola aprobación do Estatuto básico do empregado público, ao que necesariamente se ten que adaptar a lei. Vén tamén motivada pola Lei orgánica 4/2010, do réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía. Polo tanto, tamén é necesaria a súa adaptación. E, evidentemente, pola sentenza do Tribunal de Xustiza Europea, que nos di que hai aspectos, no caso da idade, que son ilegais.

E para nós algo que tamén é importante –dixoo o señor vicepresidente e cóstanos que é certo– é que aínda que non con todos os colectivos, pero si foi debatido e foi consensuado cunha ampla representación tanto das organización sindicais, digamos que clásicas, como coa propia Federación de Municipios.

Pero tamén é evidente que podemos aproveitar o debate desta lei para producir algúns cambios que nos parecen de sentido común. E eses cambios podémolos producir, por iso nós non presentamos a emenda de devolución no debate correspondente en Ponencia e en Comisión, e se hai vontade. E ademais, como parece que o Grupo Popular fixo propósito de emenda, parece que o proxecto de lei que presentou o señor Méndez Romeu no seu día non era tan malo como dicía o señor Ruíz Rivas, porque realmente manteñen a estrutura, e máis case practicamente o 70 % daquela. O que se modifica, simplemente, é pola evolución lexislativa e pola evolución do tempo, que tamén parece de sentido común neste período.

Pois, home, eu creo que habrá vontade –espero– por parte do grupo maioritario de admitir algunhas modificacións das que xa se falan aquí; nalgúnhas estaremos de acordo ao 100 %, noutras en menor porcentaxe, pero parece razoable que no debate na Ponencia e na Comisión academos acordos e o grupo maioritario admita unha porcentaxe importante das emendas.

Por exemplo, o labor de inspección e fiscalización da Xunta de Galicia, que parece tamén razoable. Porque o labor de inspección e fiscalización non consiste exclusivamente en sancionar, simplemente en moitos casos ten que consistir en comprobar que se cumpre a lei, que se cumpren as normas; incluso como un efecto garantista, porque garantir que os servizos funcionen é bo para os cidadáns, e iso pode implicar tamén que a Xunta de Galicia ten que asumir compromi-

sos orzamentarios maiores, porque hai concellos –que é o que dixo aquí a señora Paz– que é imposible que poidan cumprir a lei co modelo de financiamento que temos agora mesmo para os nosos concellos, ¡é imposible! Temos concellos que teñen superávit e que polas modificacións provocadas por un tal Montoro non poden dedicar recursos a contratar máis persoal cando están por debaixo das ratios establecidas na lei. Tamén para a Policía municipal.

Cando falamos da introdución de mecanismos que permiten a mancomunidade de corpos de Policía local, eu non podo máis que estar de acordo coa señora Paz e co desenvolvemento doutra lei tamén produto do señor Méndez Romeu e dun goberno de coalición que é demonizado sistematicamente.

Bueno, faime xestos a señora Paz que di que non. Bueno, pois ao mellor non está demonizado, pero, desde logo, parecer paréceo por parte deste lado da Cámara. ¿Por que? Porque o noso país é distinto, non é mellor nin peor que outros, pero a estrutura territorial e o asentamento da poboación é distinto. Miren, non é o mesmo un concello que teña un só Policía local, pero que ten un cuartel da Garda Civil alí por exemplo, que un concello que non ten un cuartel da Garda Civil.

A función aquela tradicional que facía a Garda Civil de patrullaxe polo mundo rural, onde non había recursos nos municipios, iso pódoo facer perfectamente unha policía nosa, que ademais teñen vostedes unha lei e que non a queren desenvolver, porque vostedes asocian sempre ese tipo de cuestións á soberanía. Non, home non, á mellora e á garantía dos servizos, e a prestarlles asistencia ás persoas.

Temos aldeas con 1, ou 2 ou 3 habitantes, maiores. Cando saen as estatísticas, e ademais vostede é o encargado de recibilas e debería analízalas con moito coidado, os asaltos, roubos e todo este tipo de incidencias a persoas que viven soas, persoas maiores, persoas que son agredidas por bandas organizadas ás veces e ás veces por non tan organizadas, prodúcese en lugares case sempre do noso medio rural que carecen de recursos.

Nadie vai mandar a un municipio de moitísimos quilómetros cadrados e ao mellor 1.500 habitantes a un único Policía. É imposible, porque ademais esa persoa, como calquera traballador, ten dereito a un horario e a unhas condicións, e, desde

logo, non o vai facer de noite. Esas cousas ao mellor podemos tratar de solucionarlas coas emendas que presentamos.

A definición de mobilidade. E aquí, señor conselleiro, eu faríalle unha chamada. Porque ás veces un dereito acábase convertendo nun instrumento para aqueles que o poden permitir, e incluso poden levar a malas prácticas de acaparar postos porque poden concursar permanentemente, ¿por que? Pois porque teñen moitos cursos feitos, porque teñen moitos anos no servizo e, polo tanto, teñen acumulados anos de experiencia e, en fin, un currículo amplo, e despois non sempre esas prazas se ocupan. E ata nós teñen chegado algunhas prácticas pouco recomendables, que cabería solucionar.

En fin, podemos falar, señor conselleiro, e supoño que vostede ten bastante capacidade de influír no seu grupo, de que no trámite posterior, despois da toma en consideración deste proxecto de lei, hai emendas que son razoables, tan razoables como as que se puxeron encima da mesa nos foros de debate que deron lugar ao texto que vostedes remitiron aquí, que nos constan que existiron, nós non o imos negar; pero hai outras cuestións que se quedaron fóra e que é posible, tamén aproveitando este trámite, que lles busquemos solución.

Polo tanto, eu xa lle digo que nós imos votar favorablemente á toma en consideración, e non o facemos porque non pensamos que a lei necesita algunha modificación a maiores do que vostedes teñen presentado, pero cremos que se pode facer no trámite posterior, e se hai vontade por parte de vostedes, podemos melloralala moito cando veña aquí o ditame.

E logo permítame para rematar, señor conselleiro, vostede non puido evitar esta práctica que parece que forma parte do ADN político deste Goberno galego: a publicidade e a propaganda. Non puido evitar vostede que ao traer aquí á Cámara un proxecto de lei modesto, porque é a adaptación, xa digo, á normativa e ás sentenzas que son de obrigado cumprimento, vostede falou do moito que beneficiara este Goberno; vostede, evidentemente, que é o responsable da área en dotacións, en recursos... É certo, antes desta lei había vehículos de todo tipo, de todas as marcas, en fin, cada cal de cada corporación facía o que podía con base nos seus recursos.

Agora todos son dunha única marca, unha única marca que son os mesmos vehículos que tamén se compraron para os

altos cargos do Goberno galego. Curiosamente, e seguramente non terá nada que ver, é a mesma marca que lles regalou un vehículo, gratis total –non sei se o devolveron se non–, para que o señor Núñez Feijóo na campaña, antes de acceder ao Goberno de Galicia, viaxara por toda Galicia, gratis total; da mesma marca, un coche de alta gama, e que ademais desde ese coche, gratis total, criticara o uso de vehículos por outros gobernantes.

Nada máis, señor Rueda. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Soneira.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señora presidenta.

Señor vicepresidente, señorías, bo día a todos.

Señora Soneira, fala vostede de coches, os mesmos que deixaron comprados vostedes, exactamente os mesmos.

Dende o Grupo Parlamentario Popular celebramos a iniciativa da Xunta de Galicia de tramitar esta modificación da Lei de coordinación de policía locais porque consideramos que é unha reforma, en primeiro lugar, necesaria; necesaria logo das diversas sentenzas que vostedes coñecen e que teñen demostrado a urxencia de garantir a seguridade xurídica dos concellos galegos nos procesos selectivos para a provisión de prazas nas policía locais.

É unha reforma que chega a este Parlamento debidamente consensuada coas administracións afectadas e cos profesionais aos que vai dirixida. Isto é algo que aos grupos da oposición nada lles importa, pero o certo é que esta é unha reforma que chega a esta cámara perfectamente consensuada.

É unha reforma garantista, na medida en que elimina discriminacións arbitrarias e garante dereitos no que ten que ver coas xubilacións forzosas, coas segundas actividades ou cos sistemas de promoción interna, co obxectivo de promover a conveniente carreira profesional dentro dos corpos das policía locais galegas. Algo que preocupa aos policía de Galicia e a vostedes absolutamente nada.

Polo tanto, estamos ante unha reforma fundamental; unha reforma fundamental que vai permitir aos concellos garantir a cobertura de prazas necesarias para manter adecuadamente o servizo de policía local.

Dende o Grupo Popular defendemos a necesidade de reformar esta lei do 2007 por varios motivos:

O primeiro é que levabamos xa no noso programa electoral de forma expresa a potenciación dos mecanismos de colaboración en materia de persoal dos corpos de Policía local, e esta lei afonda nesa dirección.

En segundo lugar, é que o texto que hoxe se trae a esta cámara xorde dun grupo técnico de traballo creado no seo da Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia; un grupo que conta coa participación de catro sindicatos, señor Ron, catro sindicatos, da Asociación de Xefes e Mandos das Policía Locais e de persoas que tiveron responsabilidades como concelleiros e alcaldes.

Tal e como explicaba o vicepresidente na súa intervención, este proxecto de lei diseña mecanismos máis flexibles para conseguir cubrir as prazas que se convocan polo proceso de promoción interna, para facilitar permutas, para facilitar a prolongación da vida activa dos axentes que queiran permanecer na primeira actividade.

Polo tanto, nós cremos que esta é unha lei que vai ter unha repercusión moi positiva na xestión do persoal dos policía locais de Galicia que fan os concellos. Nós apoiamos esta modificación da lei porque, ao contrario do que fan outros grupos parlamentarios, a nosa intención non é instar o Goberno a que non cumpra as sentenzas, a nosa intención é instar o Goberno a que cumpra as sentenzas e que cumpra coa lei. E nós cremos que vostedes deberían camiñar nesa mesma dirección.

Saben vostedes que contra a lei do Bipartito pesa unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza que considera desconfirme coa normativa europea o límite de idade dos trinta e seis anos que se impuxo para acceder a policía local. Polo tanto, o que temos que facer é modificar a lei para cumprir as sentenzas e para cumprir coa normativa comunitaria. Do que se trata é de aportar seguridade xurídica aos concellos, seguridade xurídica nas actuacións municipais, que evi-

ten as dúbidas interpretativas que poidan levar a disfuncións nas prestacións dos servizos públicos fundamentais como é a policía local.

Apoiamos esta lei porque, fundamentalmente, é a lei que queren os concellos e é a lei que queren os axentes das policía locais de Galicia; algo que a vostedes parece importar-lles moi pouco. Este texto foi aprobado por unanimidade pola Comisión de Coordinación de Policía Locais.

Polo tanto, non atopamos motivo ningún para xustificar a petición da devolución deste texto ao Goberno e pola contra si que cremos que existen moitos motivos para procurar que canto antes todo isto que piden os concellos e que piden as policía poida estar vixente nunha nova lei.

En relación coa intervención da señora Soneira, mire, señora Soneira, nós non practicamos o revanchismo derogatorio; iso forma parte da forma de actuar do Partido Socialista. O revanchismo derogatorio é unha práctica súa, aí está o señor Pedro Sánchez. (*Aplausos.*) O revanchismo derogatorio é do Partido Socialista. E nós temos que adoptar a lei a unhas sentenzas. Polo tanto, a lei non debía ser tan boa como vostede di, non debía ser tan boa. Eu entendo que vostede queira felicitar aquí en público, non unha vez senón varias, o señor Méndez Romeu, porque igual é o seu candidato nas primarias que pensan celebrar.

Pero, en calquera caso, eu teño que falarlle da emenda á totalidade que nós presentamos no seu momento, porque a vostede parece que lle preocupa, pero ten vostede memoria selectiva. Mire, nós presentamos, efectivamente, unha emenda á totalidade á lei do 2007, e fixémoslo por un só motivo, que vostede non quixo lembrar na súa intervención. A nós non nos parecía razoable a tramitación paralela neste Parlamento que se fixo naquel momento dunha Lei da policía galega e, por outro lado, dunha Lei de policía locais, criamos que debería ir todo xunto nun mesmo texto, e vostedes non o aceptaron, e por iso nós presentamos esa emenda á totalidade.

En relación coa intervención da señora Paz Franco, eu teño que dicirlle que o seu discurso é francamente contradictorio, pois cualifica a modificación de parcial e, ao mesmo tempo, defende o texto do 2007. Unha de dúas: ou o texto está mal e, polo tanto, pide vostede unha reforma total, unha remuda

total, ou daquela a reforma estaba ben, pero vostedes apoiaron esa reforma.

E están moi preocupados dende o Bloque Nacionalista Galego por ver como o Goberno do Partido Popular pasará á historia. Decía o señor Rueda como vai pasar á historia o Goberno do Partido Popular. Mire, o Goberno do Partido Popular vai pasar á historia por ser o Goberno que fixo fronte á peor crise económica que viviu nunca o noso país, que conseguimos blindar o Estado de benestar e que conseguimos blindar o autogoberno. Vostedes non van pasar á historia absolutamente por nada; é máis: eu creo que vostedes xa son historia.

En relación coas ratios policiais das que vostede falaba, é que, claro, cando falamos de ratios policiais hai que falar de todo; eu sei que a vostede non lle gusta falar da Garda Civil e non lle gusta falar da Policía Nacional. Hai en Galicia 2.500 axentes de policía local, 5.370 da Garda Civil, 2.700 da Policía Nacional. Polo tanto, o número de axentes en Galicia é de 10.550. Estamos falando dunha ratio de 3,90 efectivos por cada mil habitantes en Galicia. A ratio policial recomendada está en dous por cada mil habitantes en Galicia. Falemos con todos os datos enriba da mesa.

En relación coas emendas á totalidade, a nós, dende logo, resúltanos sorprendente que dous grupos parlamentarios desta cámara decidan poñerlle a proa a un proxecto que vén absolutamente avalado por aqueles aos que vai afectar, polos concellos e polos axentes, polos profesionais da Policía local.

AGE e a súa excisión din non ao que piden os concellos e din non ao que piden os axentes das policía locais, lexitimamente representados polos seus sindicatos e polas súas organizacións profesionais. Esa é a realidade. Vostedes non lle fan oposición a un Goberno, non lle fan oposición ao Partido Popular, vostedes fanlle oposición a Galicia. Xa non lles chega con facerlle oposición á Xunta, vostedes fanlle oposición a Galicia porque queren parar Galicia, porque queren que nada funcione e porque pensan que canto peor lle vaia a Galicia mellor lles irá a vostedes. Nós estamos na posición contraria, nós queremos mellorar as cousas e queremos que en Galicia as cousas funcionen. Querémoslle ben a Galicia porque somos os representantes da maioría dos galegos. É así de simple, señorías de AGE e do Grupo Mixto: somos a

voz da maioría dos galegos lexitimamente representados nesta cámara.

E, ademais, vostedes na súa emenda din non a este proxecto de lei cando en ningunha das súas emendas á totalidade hai nin un só reparo a nada que estea recollido no proxecto de modificación. Vostedes fanlle unha emenda á totalidade á lei do Bipartito. Coas súas emendas vostedes o que critican é o texto do 2007, non a proposta de modificación que hoxe traemos a esta cámara. En realidade, presentan emendas –como lles digo– ao Bipartito.

Nas súas emendas acusan diversos artigos da lei de non ter en conta as mulleres, de non respectar o pluralismo e de non respectar os dereitos sindicais, pero todo referido a artigos aprobados no ano 2007, non da nosa modificación. E, polo tanto, vostedes acusan o Goberno bipartito de machista, de sectorio e de antisindicalista. A nós parécenos sorprendente.

No que afecta as modificacións puntuais, que son as que afecta este proxecto de lei, nada teñen que dicir dende AGE nin dende a súa excisión. É máis: é sorprendente porque falan de que a reforma é necesaria, necesaria pero queren devolverlla ao Goberno; é en si mesmo unha contradición. Vostedes son os do non, os da contradición permanente e os que queren que nada funcione. Todo lles vale con tal de atacar a Xunta de Galicia, incluso levarlles a contraria a reivindicacións dos axentes da Policía local de Galicia.

Mire, voulles dar un dato no que poderán verse reflectidos: nesta lexislatura vostedes pediron a devolución de trinta e cinco dos trinta e seis proxectos de lei que este goberno ten remitido ao Parlamento de Galicia. Proba evidente de que vostedes se senten en posesión de toda a verdade e que, dende logo, os demais están sempre trabucados. Iso é o que vostedes pensan e así actúan.

Sobre as emendas á totalidade, señor Ron, nós temos a sensación de que vostedes teñen unha visión moi negativa da Policía local; vostede fala dun uso caciquil e eu creo que vostede coas súas palabras pon en dúbida a profesionalidade dos 2.500 axentes da Policía local de Galicia. Vostedes son capaces de soste que os sindicatos da Policía local denuncian que este proxecto non foi sometido a un proceso de consultas, de participación e diálogo. E mire, señor Ron, eu teño que dicirlle que este proxecto de lei foi informado

favorablemente, por unanimidade, por Comisións Obreiras, a UGT, a CSIF e a CIG, e foi informado favorablemente pola Axempol, pola Asociación de Xefes e Mandos das Policías Locais de Galicia. Os únicos que están en contra é o sindicato das Mareas ou o sindicato do crime. Pero, dende logo, vostede fala de que os concellos representados nesa comisión non están a favor, e eu teño que dicirlle que este proxecto de lei ten informe favorable da Fegamp. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Eu lamento que a vostedes lles moleste...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Vostedes critican o pluralismo da Comisión de Coordinación...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións.) (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señora Martínez, silencio, por favor.

Continúe.

(Interrupcións.)

O señor TELLADO FILGUEIRA: Eu quixera poder seguir...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio, por favor.

(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor TELLADO FILGUEIRA: Non, o que dixen é que o sindicato do crime non apoia esta modificación.

Polo tanto, o que queda claro é que vostedes critican absolutamente todo, pero o certo é que esta é unha modificación que vén perfectamente avalada polos seus destinatarios.

Afirma tamén que o Goberno bipartito ten provocado unha terrible diferenciación salarial. E eu teño que dicirlles que nese asunto nós estamos de acordo, nós compartiamos esas críticas no 2007, e nós lamentamos que o Bloque Nacionalista Galego ou a parte de AGE que naquel momento estaba no Bloque Nacionalista Galego non apoiase naquel momen-

to as críticas que nós dirixiamos á lei do 2007 en relación coa diferenciación salarial, que non foi quen de corrixir.

En relación coa emenda á totalidade do Grupo Mixto, eu teño que dicirlle que non entendemos a súa postura. Vostede cualifica de reforma minimalista, afondando nesa idea que parece sobreentenderse das súas emendas que a lei do Bipartito debería ser terrible e por iso deberíamos cambiala completamente. Efectivamente, tal e como expuxemos, é unha reforma puntual, unha reforma moi concreta para atender necesidades específicas: as necesidades expresadas polos concellos e polos representantes dos policía. A señora Fernández, sentada dende o Hórreo, parece ser que coñece moito mellor as demandas dos policía locais que os propios policía locais, e nós cremos que esa actitude non é respectuosa cos representantes lexítimos das policía locais que forman parte dos grupos de traballo que participaron nesta reforma.

Piden tamén vostedes modificacións en relación coas medidas de recoñecemento do papel de acción sindical, e nós temos que dicirlles que iso está perfectamente recollido na lei do 2007, no artigo 52 da lei, onde se recolle expresamente a defensa dos dereitos sindicais destes traballadores. E, polo tanto, foi un artigo redactado polo propio Bipartido o que hoxe vostedes critican.

Criticábase tamén a falta de medidas en relación coa violencia de xénero, e nós temos que dicirlle que nós non estamos de acordo. E nese sentido temos que defender a lei do 2007, porque, dende logo, todos os grupos no seu momento celebramos o artigo 45 desa lei, onde se recolle a necesidade de incorporar de forma específica materias de igualdade e de violencia de xénero nos cursos de acceso á Policía local. E nós temos que dicirlle sen ir máis lonxe que o pasado día 16 rematou un curso de vinte horas sobre a actuación policial nos casos de violencia de xénero e que no próximo mes de abril se farán dous cursos sobre o recentemente aprobado Estatuto da vítima. O ano pasado realizáronse sete cursos relacionados coa violencia de xénero, cun total de 277 alumnos. Polo tanto, esas carencias das que vostede fala non son en absoluto certas. E tamén indicarlle que na Academia de Seguridade se están a realizar os traballos de redacción dun protocolo unificado para homologar as actuacións de todas as policía locais nesta materia.

Trabállase dende a Xunta nesta dirección tamén para poñer en marcha as mesas locais de coordinación no eido da violencia de xénero, onde estaría ben que todos os concellos colaborasen de forma activa.

Para ir rematando, señorías, o Grupo Popular vai votar en contra das emendas á totalidade presentadas por AGE e pola súa excisión contra esta modificación da lei. Vai votar en contra porque cremos que estamos ante unha modificación da Lei das policía locais que é necesaria, unha lei que chega a este Parlamento con consenso dos concellos, con consenso cos representantes dos policía locais, e unha lei que cremos que é precisa para aportar seguridade xurídica aos concellos que contan con policía locais, para que poidan cubrir con garantías xurídicas as prazas vacantes, entendendo que a nova lei vai aportar ademais flexibilidade en cuestións claves como a promoción interna, as permutas,...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...o mantemento da primeira actividade, as xubilacións forzosas por incapacidades permanentes, a adaptación do réxime disciplinario de acordo coa Lei orgánica da Policía Nacional ou a adaptación á denominación de grupos e subgrupos da función pública que contempla a Lei de emprego público de Galicia.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: En definitiva, estamos ante unha modificación da lei necesaria, demandada por concellos, demandada tamén polos representantes dos profesionais das distintas policía locais; estamos ante unha lei que chega con consenso, e, polo tanto, entendemos que é unha lei fundamental para mellorar o funcionamento das policía locais de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Tellado.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Ben, eu quero facer unha pequena modificación, porque vostede di que esta reforma

deste Proxecto de lei para modificar a Lei 4/2007 pasou todos os ditames. E non é certo, porque non pasou o ditame do CES –Consello Económico e Social–, que informa sobre leis de seguridade e economía social, xa que isto entendemos que ten unha repercusión importante na seguridade das persoas e na economía dos concellos, e tampouco foi consensuado polos sindicatos de clase, que non admitirían xamais a limitación do dereito á folga.

Ímoslle comentar que estamos de acordo cos compañeiros de AGE nas emendas que presentan e coincidimos en varias observacións sobre o número ridículo da plantilla da Policía local, que está por debaixo do marcado na lei do ano 2007, como xa indicamos nós na primeira intervención. Tamén estamos de acordo na importancia da autonomía municipal en materia de coordinación e formación de policía locais. Ao igual que tamén estamos de acordo en que a Xunta controle as súas competencias coa responsabilidade para o establecemento de instrumentos que homoxeneicen todos os corpos de Policía local para non caer en chiringuitos particulares.

Tamén comprobamos que non somos as únicas que detectamos fallos no que toca a artigos que non aparecen na propia reforma, como pode ser o que apoiamos no apartado 1, o feito de establecer controis para o cumprimento da lei, para poder coordinar e unificala.

No apartado 2, como tamén expuxemos, temos o feito de ter en conta a pluralidade dos corpos de policía locais. Xa falamos do tema da muller, que parece ser que ao señor Tellado, non sei, a muller, sobre todo por casos reais que pasaron, que comentarei máis adiante, non lle debe importar.

O apartado 3 tamén o imos apoiar porque entendemos que é unha demanda moi urxente o servizo mancomunado, como xa tamén explicamos, para ter unha capacidade operativa e económica, polo problema que teñen do financiamento destas administracións locais.

No apartado 4 tamén imos apoiar a equiparación de soldos en todos os concellos e por sexos.

No apartado 5, que agardamos que no futuro inmediato se mellore o rateo de policía local por número de habitantes, aínda que o problema está nos orzamentos do concello, de

quen pode facer fronte a isto para desenvolver a actividade nas condicións correctas.

Entendemos que é importante regular de forma clara a mobilidade horizontal e vertical, promocionar os méritos individuais, sen montar chiringuitos, e tamén un maior desenvolvemento na normativa aplicable ás propias policía locais, o que é a elaboración dos propios regulamentos orgánicos para o funcionamento do servizo público da Policía local.

Tamén estamos de acordo en que se debe modificar o que son os aspectos que se introducen na redución de xornadas; si creo que debe haber unha normalidade neste tipo de prácticas. Non entendemos que problema hai polo feito de xuntarse o que son os órganos encargados de coordinar estas policía.

E xa entendemos que é unha auténtica vulneración dos dereitos non ter dereito á folga como calquera outro traballador. Dubido de que os traballadores e traballadoras non recolleran e reclamaran isto.

Despois eu estou de acordo coa compañeira do BNG en que entendemos que, aínda que a lei do 2007 fixo grandes avances, nestes nove anos houbo modificacións lexislativas e tamén mudou a propia vida, hai outro tipo de axentes sociais, económicos e políticos.

Si facemos fincapé no que é o propio financiamento dos concellos. E si que entendemos, ao igual que comentaba a compañeira do BNG, que sería moi importante complementar os diferentes servizos de membros de seguridade, tanto da Policía de Galiza como da Policía local, como os outros corpos, sexa a Policía Nacional ou a Garda Civil, porque é un elemento diferenciador do que é o noso país, Galiza, con respecto a outros puntos do Estado, sobre todo pola dispersión da poboación.

E quería comentar que sabemos que non nos van aceptar as emendas á totalidade, pero nós imos seguir traballando e presentando as emendas parciais.

Si que lle quería preguntar ao señor Tellado, mellor agora pola súa posición no Hórreo, se me pode explicar realmente o que é a sociedade do benestar, que entende el por calidade de vida. ¿Aquela calidade que obtén a xente polas portas xiratorias, polos enchufes...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Ten que ir rematando, por favor.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: ...ou pola corrupción? *(Murmurios.)*

E gustaríame que non esquecera –e vólvoa remarcar– o problema das mulleres, e se non lembren o caso acontecido en Vigo xa hai un tempo, onde unha muller morreu en acto de servizo porque non tiña o seu EPI, un chaleco antibalas. Só iso.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Señor Tellado, vostede provócame urticaria neuronal, dígollo directamente. escoitar a súa pobreza argumental é de verdade enfermizo e fai moi difícil de verdade chegar aquí con tranquilidade e dirixirse a vostede con normalidade, porque vostede usa os argumentos dunha forma absurda. Vostede semella que nin sequera sabe ler de forma axeitada. De feito, xa que se está implementando no sistema educativo galego esa materia de Oratoria, tamén lle recomendo que asista vostede a esas clases para mellorar un pouco no uso do seu argumento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E recoméndolle á presidenta da Mesa tamén –agora vén o presidente– que preste atención, pois chamar “sindicato do crime” como vostede lles chamou impunemente a algunhas persoas de Galicia que están gobernando nalgún sitio en Galicia parece vergoñento. E é un deses argumentos que provoca urticaria neuronal. *(Protestas.)*

Señor Tellado, aprenda a ler, aprenda a falar e aprenda a escoitar. Aprenda a escoitar tamén, que é moi importante para non cometer erros.

Polo tanto, eu pediríalle á Mesa que retire aquilo de “sindicato do crime”, porque se non eu tería que chamarlle a vostede directamente “mafioso”, por pertencer a unha organiza-

ción que está sendo investigada por comportamentos mafiosos. Pero, ben, non o vou facer, déixoo dito simplemente.

Polo tanto, vostede sobrevoou o niño do cuco co seu argumento, foise ao 2007, e nós simplemente o que facemos coa nosa emenda de devolución á totalidade é centramos no proxecto de lei que ofrece o Executivo galego. E nós dicimos que si é necesario, pero que chega tarde; que si é necesario, pero é epidérmico, totalmente epidérmico, porque faltan artigos fundamentais que hai que modificar para evitar o uso partidista, caciquil e sectario da Policía local, e hai que dicilo así. Desde unha organización de esquerda nós non quere-
mos iso. Semella que a dereita é tranquila e está cómoda con esas cotas de poder nos concellos de Galicia.

Ben, eu non estou acusando os traballadores e traballadoras, vostede equivócase. Acuso en tal caso o suposto uso que poida facer un alcalde ou unha alcaldesa, ou que poida facer o poder local establecido, pero non os traballadores e traballadoras, que se van ver na obriga de obedecer; non os traballadores e traballadoras que decidan, por exemplo, ir a unha folga, e serán sancionados de forma moi grave. Iso é o que ofrece. E si, por exemplo, unha ausencia absoluta de coordinación. Se as catro xuntanzas actuais non serviron para que a Policía local se vise dotada como un servizo público fundamental de proximidade, que garanta a cidadanía de todos os galegos e galegas, vivan onde vivan, estean onde estean, e vostedes fan que de catro pasen a dúas. Polo tanto, convértese nunha cerimonia caníbal; unha cerimonia caníbal de reunións puntuais para figurar nunha foto, para dicir que facemos, pero que vai perder toda a súa efectividade e a súa posibilidade de concretar.

Estamos de acordo co que se dixo aquí. É certo, a Lei 8/2007, de Policía de Galicia, sería fundamental implementala, pero o que estamos falando aquí é de policía locais. Por iso nós centrámonos de forma directa nas eivas que se ven no proxecto de lei, nas modificacións que ofrece o Partido Popular, porque vostede di que garante a cobertura das prazas necesarias. Pregunto: ¿como e de que forma? e ¿como o van garantir vostedes cando temos un corsé orzamentario permanente?, ¿a ver como van facer?

Vostede fala por falar, e sábeo, e estamos nesa dinámica e nesa dialéctica onde o que importa é simplemente restregarlle ao Bipartito que non souberon facer ben as cousas, e que

vostedes son marabillosos e que van a pasar á historia. Pois ben, nós temos claro que van pasar á historia, pero á historia por ser a lexislatura onde se vulneraron e se degradaron máis os dereitos da cidadanía, onde se degradaron máis os servizos públicos e onde se pauperizou de forma absoluta o nivel de toda a cidadanía.

E, polo tanto, nós reclamamos coa devolución á totalidade que se cubra o servizo público con garantías en toda Galicia, para que favoreza a cidadanía nos seus dereitos de cidadanía, vivan onde vivan. Con vostedes hai moitos concellos onde os cidadáns son de segunda clase.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Ron.

Señor Tellado e señor Ron, se lles parece retiramos a expresión “sindicato do crime”, porque á fin e ao cabo nun Parlamento... (*Murmurios.*)

¿Hai vontade de retirala?

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, pode falar. Perdoe, pero estoulle preguntando se pode retirala, porque eu non estiven no debate, pero foi unha suxerencia do señor Ron, se el está disposto a retiralo.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Si, señor presidente, eu non teño ningún inconveniente en retirar esa expresión se se sentiron aludidos, entendendo que tamén o señor Ron retira toda esa alocución na que lle faltaba ao respecto a este deputado e a este grupo. Se non, mantería claro que si a miña intervención.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos retirar todo aquilo que sexa ofensivo e así quedamos todos ben. (*Risos.*) Queda retirado, (*Murmurios.*) quedan retiradas as palabras ofensivas, non pasa nada.

Imos seguir co debate.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior,

sobre o Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público

O señor PRESIDENTE: Mantéñense para o Pleno as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

Para a presentación do ditame da Comisión ten a palabra o presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, don Agustín Baamonde.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR (Baamonde Díaz): Moitas grazas, presidente.

Señorías, o proxecto de lei que imos debater tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 5 de novembro do 2015, co número de asentamento 43421.

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 9 de novembro de 2015, admitiu a trámite esta iniciativa, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de emendas. Así mesmo, acordou a súa tramitación pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

As emendas á totalidade foron cualificadas pola Mesa da Comisión 1ª o 11 de decembro de 2015 e publicadas no BOPG o 14 de decembro tamén de 2015.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou unha emenda á totalidade, que foi rexeitada na sesión do Pleno do 26 de xaneiro de 2015. Presentáronse setenta e dúas emendas ao articulado, en concreto: vinte e unha do Grupo Parlamentario Mixto, trece do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, vinte e catro do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, oito do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e seis do Grupo Parlamentario Popular.

A Comisión 1ª, na sesión do día 28 de xaneiro de 2016, designou os seguintes ponentes: polo Grupo Parlamentario Popular: dona María Julia Rodríguez Barreira, como titular, e don Miguel Ángel Tellado Filgueira, como suplente; polo

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: dona Patricia Vilán Lorenzo, como titular, e dona María Soledad Soneira Tajés, como suplente; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: dona María Tereixa Paz Franco, como titular, e don Francisco Jorquera Caselas, como suplente; polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda: don José Javier Ron Fernández, como titular, e don Ramón Vázquez Díaz, como suplente; polo Grupo Parlamentario Mixto: dona María Consuelo Martínez García, titular, e dona Mónica Rodríguez Fernández, como suplente.

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 8 de febreiro de 2016 e logo de sucesivas sesións elaborou o preceptivo informe, o cal foi obxecto de debate e aprobación na sesión da Comisión 1ª do día 11 de marzo, incorporando ao seu ditame todas as recomendacións feitas pola Ponencia.

A lei divídese en cinco capítulos, catro disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

Señorías, ata aquí o percorrido lexislativo deste Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público dentro da Comisión que eu presido. Hoxe sometemos ese ditame a debate e votación plenaria.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Baamonde.

¿Grupos para intervir? *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Ben, este proxecto de lei pretende regular a dobre función do corpo de letrados da Xunta: asesoramento xurídico e defensa en xuízo da Administración autonómica.

Mantemos algunhas das emendas que presentamos. En concreto, a emenda 1 ao artigo 11, xa que entendemos que concorre nunha clara incongruencia entre o regulado no aparta-

do 3 e no apartado 5. No apartado 3 establécese que non resulta necesario actuar por medio de procurador. Sen embargo, no apartado 5 determínase a posibilidade da Xunta de incluír na súa taxación de custas as correspondentes ás funcións de procuradoría. Polo cal as dúas son contraditorias, se non se necesita procurador non deberían aparecer as taxas de procuradoría.

Cremos que a transacción acordada do apartado 2 do artigo 20, en relación coa designación de letrado ou letrada e renuncia á defensa de letrado da Xunta, garante o dereito dos traballadores e traballadoras públicos á libre elección de avogado ou avogada.

Mantemos as emendas 3 e 4 ao artigo 21.2, porque consideramos que unha vez concedida a autorización para uso dos servizos xurídicos non se debería poder revogar a dita concesión, xa que pode crear problemas de defensa. Polo menos, debería establecerse un prazo no que se puidera revogar esa concesión de letrado para non deixar en indefensión o traballador ou traballadora afectado.

Mantemos tamén a emenda 5, de eliminación do apartado 3 do artigo 22, que establece o silencio administrativo cun sentido negativo. Entendemos que o silencio administrativo debería ter sentido positivo, debendo ser obrigatoria a resolución razoada de calquera negación de asistencia letrada. Entendemos que non é lóxico e que non é ademais nin transparente nin xusto que a alguén se lle denegue a asistencia letrada da Xunta sen unha xustificación de por que se dá lugar a tal denegación. Polo tanto, cremos que crea indefensión nos traballadores e traballadoras públicos.

Mantemos tamén a emenda 6, de supresión do artigo 23, que establece a obriga do persoal ao servizo da Administración de asumir todos os gastos de representación que non sexan os estritos de defensa. Non parece lóxico que o persoal deba soportar gastos derivados do exercicio da súa función ou do seu cargo, ou polo cumprimento de ordes dos seus superiores, e, polo tanto, en función disto teña que asumir custos. Os custos deben ser asumidos pola propia Administración, xa que é a entidade á que lle corresponde, como a calquera empresa, ante unha falta dos seus traballadores. Sempre teñen a responsabilidade de asumir eses custos. Estes gastos deberían, polo tanto, ser asumidos pola Administración, máxime cando a mesma está exenta do pago de taxas e depó-

sitos e cando ten medios propios para efectuar as probas periciais. Polo tanto, estase obrigando os traballadores e traballadoras públicos a asumir un custo que non existiría para a propia Xunta de Galiza.

Mantemos a emenda número 7 ao apartado 2 do artigo 24, que designa a persoa titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral para decidir sobre a asistencia, defensa e representación das persoas afectadas no caso de que un procedemento afecte varias persoas con dereito a defensa e intereses contrapostos. Non se establecen nin regras nin normas de como solucionar este problema, a decisión queda pois ao libre albedrío de quen ostenta a Dirección Xeral. Non parece que sexa a medida nin a forma máis xusta de tomar esta decisión, moito menos cando non se recolle –como dicíamos antes– a obriga de xustificar por que foi rexeitada a súa petición.

Mantemos tamén a emenda 9, de supresión do artigo 25, xa que consideramos que unha vez concedida a autorización para o uso dos servizos xurídicos non é ético comezar o proceso cunha persoa e no desenvolvemento da mesma abandonala.

Consideramos que a transacción das emendas 10 e 11 do Grupo Mixto ao artigo 26 regula o suposto en que as custas ás que sexa condenada a parte contraria estean limitadas por decisión xudicial e non cubran a totalidade dos gastos de asistencia e representación nos que incorrese o empregado público ao introducir que a Administración se fará cargo dos custos que non resulten cubertos pola parte contraria. Ao tempo, garante o reintegro pola Administración dos gastos de constitución do aval bancario para a garantía dos gastos de defensa nos supostos de denegación da autorización pola existencia de intereses contrapostos, regulada no apartado 2 do mesmo artigo, cando a sentenza sexa favorable á persoa traballadora pública en litixio. É dicir, se se lle denega a asistencia letrada da Xunta a un traballador ou a unha traballadora pública e tras ese xuízo resulta recoñecida a súa razón e, polo tanto, condenada a parte contraria, a Xunta comprométese a devolver todos os custos que tivera para o traballador, incluído o aval bancario, a través desta transacción.

Mantemos as emendas 13 e 14, de supresión dos capítulos IV e V respectivamente, porque neles regúlanse materias que segundo o Estatuto básico do empregado público deben ser obxecto de negociación coa representación legal do per-

soal ao servizo da Administración galega, como, por exemplo, a relación de postos de traballo, as funcións e a provisión dos postos.

Algo insistente nos proxectos de lei do Partido Popular, algo insistente nas proposicións de lei do Partido Popular é a eliminación da obriga de negociar coa representación legal dos traballadores e das traballadoras. Non son eivas, é unha forma de entender a política, é unha forma de entender as relacións laborais e é unha forma de entender o papel da representación sindical dos traballadores e das traballadoras públicas. Evidentemente, é unha Xunta que nega o dereito á negociación colectiva dos traballadores e traballadoras públicos, pero o que non pode é ademais negarse a negociar e a tratar coa representación legal dos traballadores e traballadoras públicos cuestións como as RPT, as funcións ou a provisión dos postos de traballo. É unha vulneración grave, unha vulneración reiterada. Só por iso merece a pena votar en contra desta lei, pero non o imos facer porque quedan recollidos os dereitos grazas a outras normas, aínda que aquí pretenda non incluírse esa obriga de negociación.

Mantemos a emenda 15 ao apartado 2 da disposición final primeira, na que se establece que o Consello da Xunta de Galiza aprobará a estrutura orgánica da Asesoría Xurídica Xeral, determinando así mesmo os órganos dependentes desta, as súas competencias e funcións, sen contemplar a preceptiva negociación coa representación legal dos traballadores públicos, tal como establece o artigo 37 do Estatuto básico do empregado público, que as considera materias de negociación colectiva. O artigo 37.1 do Estatuto básico do empregado público di: “Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo en relación coas competencias de cada Administración pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as seguintes materias...”, e no apartado c) di: “As normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo, e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos”. Polo tanto, entendemos que este texto incumpre o establecido no Estatuto básico.

No mesmo sentido regúlase no artigo 13.2 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, que di: “Os plans de ordenación de recursos humanos aprobaranse, publicaranse ou, se é o caso, notificaranse, na forma en que cada servizo de saúde se

determine. Serán previamente obxecto de negociación nas mesas correspondentes”. É dicir, tanto o persoal funcionario como o persoal laboral, como o persoal estatutario, nos tres casos recóllese a obriga da Xunta de negociar estas condicións de provisión de acceso e as RPT coa representación legal dos traballadores e das traballadoras. Eu creo que aínda estamos a tempo de que a Xunta recapacite e inclúa esa obriga, posto que simplemente o que deixa ver é que non vai impedir esa negociación pero si que dentro da súa filosofía e da súa forma de entender as relacións laborais e o papel das organizacións sindicais non é acorde coa nosa democracia. Aínda que é cativa e pobre, a postura que toma o Partido Popular a este respecto é aínda máis antidemocrática, non se corresponde co noso Estado democrático.

Resulta pois evidente a obrigatoriedade da negociación previa á modificación das competencias e atribucións do persoal adscrito á Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, así como da estrutura da mesma, requisito que no presente caso se obviou.

Polo tanto, e aínda considerando que este proxecto de lei ten moitísimas eivas, que é moi mellorable, pero tamén coa esperanza de que dentro de poucos meses un novo Goberno poida mellorar este proxecto de lei, imos proceder a abster-nos na votación.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día de novo.

Falamos, en efecto, dun proxecto de lei eminentemente técnico, polo que, en principio, agardaríamos non ter moitas controversias de tipo político-ideolóxico. No entanto, como xa expuxeramos no debate de totalidade, onde nós non presentamos emendas e onde nos abstivemos, nese pleno celebrado o 26 de xaneiro de 2016 discutimos unha serie de aspectos que facían que nós nos inclináramos pola absten-ción. E varios deses aspectos, que falaban de insistir na legalidade xurídica, de insistir na ausencia e supresión de calquera tipo de arbitrariedade na provisión e nas garantías de

defensa dos traballadores e traballadoras do sector público, da Administración pública. Tamén había eivas profundas no propio concepto de autoprovisión, que nós entendíamos lesionado porque no propio texto se facía constar o carácter de insuficiencia, carencia e inadecuación dos servizos que debía prestar a Asesoría Xurídica, o que implicaba, polo tanto, o recurso a unha asesoría externa, e, polo tanto, a privatización. E lembramos que daquela dicíamos que o recurso só debería ser en casos excepcionais e debidamente xustificadas. Nós entendemos que aínda este aspecto non foi o suficientemente clarificado no ditame que hoxe se presenta, no ditame da ponencia. Ademais, dicíamos daquela que contar cunha asesoría externa en determinados contextos estaba supoñendo vulnerar os principios de mérito, capacidade, igualdade e publicidade, e era unha especie de porta traseira para dar o salto ao emprego público evitando precisamente as convocatorias públicas. De aí que nós insistiramos na necesidade dese carácter que é fundamentalmente democrático.

Igualmente, nese debate falabamos do silencio de tipo administrativo negativo que vén consignado no artigo 22, onde nós solicitabamos, ou solicitamos, a través da emenda número 4 –e que mantemos– que toda demanda ten que ser resolta de forma expresa, non se pode un amparar no silencio de tipo negativo porque nós consideramos que o silencio de tipo negativo é claramente unha vulneración dos dereitos dos traballadores e traballadoras. E, polo tanto, a existencia do silencio de tipo negativo inviabiliza outros preceptos que pretende introducir o propio proxecto de lei. É unha *contra-dictio* manter o silencio de tipo negativo cando se pretende defender os dereitos dos traballadores e traballadoras no seu recurso á asesoría xurídica.

Nós presentamos oito emendas que insistían, polo tanto, en todos estes aspectos, e non estabamos errados cando facíamos esa crítica no debate do pleno, cando o Partido Popular, certo é, aceptou catro das nosas emendas, a emenda número 1 ao artigo 5, a número 3 ao artigo 13, a número 6 ao 40 ou a 7 á disposición adicional primeira, que falaban elas, precisamente, do que se nos criticara daquela no debate plenario, do que o representante nos criticara, que é da necesidade, na autoprovisión dentro do sector público, de marcar que se faga eminentemente a través tamén das universidades públicas en tanto que órganos públicos, se se ten que contar con medios externos. E no artigo 13, onde se falaba de execución de sen-

tenzas, expresamos que “durante a fase de sentenzas a Ase-soría Xurídica Xeral promoverá cantas iniciativas favorezan a defensa e a protección dos intereses públicos”. Ou, por exemplo, na emenda número 6 ao artigo 40, solicitabamos da Xunta de Galicia que fomente e que leve a cabo as accións pertinentes de xeito específico para a formación continua do persoal letrado mediante a organización de actividades de formación, perfeccionamento e pulo polo traballo de investi-gación. Ou, finalmente, na cuarta emenda, directamente aceptada, a número 7 á disposición adicional primeira, facía-se constancia, en contra do bilingüismo harmónico, ese bilin-güismo cordial que se fixaba no debate plenario, no texto ini-cial, na necesidade de que se teñan en conta, loxicamente, as obrigas estatutarias que veñen dadas no artigo 5 e no artigo 4.64 da Lei de normalización lingüística, que determina que todas as actuacións teñen que realizarse en galego.

Finalmente, durante o traballo de ponencia hai que destacar tamén, pola nosa banda, que si se aceptaron outras dúas emendas –se ben, loxicamente, como en toda proposta de transacción, minguada no alcance, ao mellor, do que nós requiríamos–: na emenda número 5 ao artigo 34, para que se garanta o cumprimento do establecido no artigo 5 en rela-ción con todo o principio de autoprovisión, e, finalmente, na nosa emenda número 8, á disposición adicional novena, onde, para poder garantir o que a lei prescribe, é necesario establecer todas as modificacións orzamentarias, transferen-cias e habilitacións de crédito suficientes para que se poida cumprir.

Polo tanto, desde ese punto de vista, nós estamos contentos co traballo realizado. Agora ben, igual que dixemos no deba-te de totalidade e no debate de ponencia, nós entendemos fundamental, por unha banda, evitar calquera tipo de discre-cionalidade, e de aí o mantemento da nosa emenda número 2 ao artigo 10. E, sobre todo, o silencio administrativo de tipo negativo. Nós entendemos que iso non pode figurar nun proxecto de lei coma este. Cando se pretende garantir derei-tos, non pode ser que a Administración contemple xa non responder precisamente ao que reclaman traballadores e tra-balladoras. Para nós, non responder, que non exista unha resolución expresa, impide o exercicio dos dereitos que teñen os traballadores e traballadoras, e, polo tanto, este aspecto para nós tan importante, tan fundamental, provoca que sigamos mantendo a nosa abstención ao proxecto de lei que se presenta. Porque entendemos que mantelo representa

en si mesmo a imposibilidade de que se poidan cumprir algúns dos artigos ou os artigos que o propio proxecto de lei contempla.

Pola nosa banda, non insistiremos xa en argumentos dados na ponencia e no debate de totalidade. Entendemos que é un proxecto de lei técnico, pero que inevitablemente sempre existe esa tendencia, loxicamente, a non afortalar como se debe afortalar todo o que é o público. E, polo tanto, pola nosa banda entendendo que o dereito da cidadanía, os derei-tos dos traballadores e traballadoras do sector público, non poden verse sometidos nin á discrecionalidade nin a ese silencio negativo que faría que se invalidase absolutamente toda a súa defensa.

Polo tanto, repetimos, e aquí finalizamos, mantemos a nosa abstención ao proxecto de lei. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Seño-ra Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Bos días, novamente, señoras e señores.

É preciso remontarnos ao debate de totalidade para contex-tualizar o voto do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalis-ta Galego a este ditame deste proxecto de lei.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego non presentou no seu día emenda de totalidade de devolución a este proxecto de lei porque, tal e como se argumentou naquel debate de totalidade, consideraba que todas aquelas defi-ciencias máis substanciais incluídas no proxecto de lei pode-rían ser subsanadas a través da presentación de emendas par-ciais, e, sobre todo, porque considerabamos que estabamos ante un proxecto de lei bastante continuísta e que o único aspecto relevante, digamos, se refería á aclaración dalgunhas situacións conflitivas, fundamentalmente da que xa se falou aquí, da vinculada ao dereito de asistencia xurídica dos empregados públicos e das empregadas públicas de Galiza, xa que en practicamente todos os demais aspectos mantiña ou mantén a mesma estrutura e orientación que ata agora vén tendo a Asesoría Xurídica da Xunta de Galiza.

É unha lástima que marchara o vicepresidente da Xunta de Galiza, porque precisamente pretendía reprocharlle ao comezo desta intervención –tampouco está o señor Puy, é outra desgraza–..., porque naquel debate o señor Puy, que foi quen participou en nome do Grupo Parlamentario... (*Proñúncianse palabras que non se perciben.*) Perdoen, a do señor Jorquera foi a única xustificación que oín ao principio da sesión, que xustificaba a súa inasistencia por motivo de saúde, de ningún outro deputado ou deputada escoitei que houbese unha xustificación, a pesar de que o Regulamento di expresamente que cando no vimos temos que xustificar a nosa inasistencia.

Eu dicía que lamentaba a ausencia do señor Puy porque foi el quen interveu no debate de totalidade, e foi el quen saíu aquí, despois de que interviñeramos tanto a emendante coma o resto dos grupos e fixeramos críticas a este proxecto de lei, a dicir que no trámite de ponencia practicamente todos aqueles asuntos que estabamos suscitando os grupos da oposición que nos merecían certas reservas neste proxecto de lei se podían subsanar, e que había total predisposición por parte do Partido Popular –ao cal asentía o vicepresidente da Xunta de Galiza e, polo tanto, interpretamos que tamén por parte da Xunta de Galiza– a chegar ao máximo de acordos e de consensos nesta ponencia.

E teño que dicir que lamentablemente hoxe vimos a este pleno cun documento no que, efectivamente, non se acadaron consensos significativos nin se acadaron avances significativos naquelas cuestións esenciais que se manifestaron no debate de totalidade que separaban os grupos parlamentares do Goberno. Teño que dicir, concretamente, polo que atinxe a este grupo parlamentario, que unicamente se aceptou unha única emenda, que, por certo, presentabamos todos os grupos parlamentares porque nos remitiu esa emenda o secretario xeral da Universidade da Coruña, e que se refería a que, en caso de que tivese que recorrerse a ámbitos externos para a asesoría xurídica da Xunta, as universidades se considerasen tamén como parte da defensa da Xunta de Galiza. Esa foi a única que foi aceptada, e transaccionáronse dúas polo que respecta a este grupo parlamentar. E, desde logo, ningunha que incidise naqueles seis aspectos fundamentais dos que falabamos no debate de totalidade. Séguese mantendo a distinción entre a asistencia xurídica da Asesoría Xeral e a dos servizos xurídicos das consellerías, apartándose a Asesoría Xurídica dos asuntos de tramitación

administrativa agás exclusivamente naquilo que se refire a contratacións e as publicacións normativas. Nós consideramos que isto lle resta posibilidades de ser máis eficiente á Asesoría Xurídica.

Segundo, segue habendo aspectos tamén continuístas, como é no caso da asistencia ás entidades instrumentais, que se deixa a un convenio entre a Xunta e esas entidades instrumentais a cambio de pago, en lugar de que existan, sobre todo nas fundamentais, asesorías delegadas.

Outra cuestión que se obvia é que, no caso da externalización que se establece no artigo 5 –que foi ademais obxecto de debate no debate de totalidade, valla a redundancia–, non se estableceu ningunha limitación, ningún criterio, non se estableceu ningún tipo de cautela, para que este non acabase sendo unha coladeira para a privatización e para a externalización permanente. E, como denuncian desde algúns ámbitos, xa nin sequera no proxecto de lei se establecía ningún tipo de transitoriedade para intentar recuperar aquelas encomendas que agora mesmo existen.

E, finalmente, tampouco se modificou nada en relación co sistema de provisión dos funcionarios e funcionarias deste corpo, nin no sistema de acceso. Nós propoñiamos que tamén se establecese un turno de concurso-oposición entre xuristas de recoñecido prestixio, porque consideramos que un corpo unicamente endogámico como o que existe actualmente, de persoas que practicamente toda a súa actividade profesional e laboral a desenvolveron na Asesoría Xurídica da Xunta de Galiza, limita, e que, polo tanto, era moi interesante tanto que se permitise acceder a xuristas de recoñecido prestixio en determinados ámbitos do dereito como que houbese mobilidade de diferentes administracións, como no caso da Administración local, que criamos que podía enriquecer a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

E, finalmente, e non menos importante, está unha cuestión da que nós no debate de totalidade dixemos que para nós era unha cuestión, digamos, determinante á hora de poder modificar a nosa orientación de voto a respecto deste proxecto de lei, que é o da lingua galega.

Nós mantemos emendas que consideramos que serían importantes para resolver todas estas deficiencias e, se mo permiten, á hora de defender as emendas vou empezar, pre-

cisamente, no sentido inverso ao que o fixen anteriormente, e vou empezar pola disposición adicional primeira, que é na que se fala do uso da lingua galega.

O texto orixinal que nos remitiu o Goberno, logo de facer as referencias a todas as disposicións estatutarias e normativas que obrigan ao uso da lingua galega, di que: “Coidarase que as súas...” –ou sexa no ámbito da asesoría xurídica xeral– “...actuacións, especialmente as dirixidas a outros órganos da Administración autonómica e as que se produzan fronte aos órganos xurisdiccionais radicados no territorio de Galicia, se fagan habitualmente en galego”.

É dicir, é unha redacción absolutamente laxa, en absoluto imperativa, e na que se utilizan palabras tan pouco coercitivas desde o punto de vista xurídico como “coidarase” e “habitualmente”.

Finalmente, produciuse unha transacción a este texto orixinal no que tamén, mantendo o primeiro encabezado, se mantén a seguinte redacción: “Coidarase de que todas as súas actuacións, en especial as dirixidas a outros órganos da Administración autonómica e as que se produzan fronte aos órganos xurisdiccionais radicados no territorio galego, se fagan en galego”.

Nós, para o noso grupo parlamentario, aínda que, efectivamente, existe un avance mínimo respecto do texto orixinal no sentido de que se quita o de “habitualmente” para introducir o de “todas as súas actuacións”, refírese claramente ás escritas, pero segue mantendo o de “coidarase”, que seguimos pensando no Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que é un termo xurídico indeterminado e que non obriga.

Polo tanto, nós defendemos que o texto que presentabamos na emenda número 13 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sería moito máis acaído, sobre todo para dar cumprimento ao que precisamente se establece nesa mesma disposición, que é o que din os artigos 4 e 6 da Lei 3/1983, e o propio Estatuto de autonomía. E, polo tanto, cremos que debería figurar que na asesoría xurídica xeral as súas actuacións, tanto escritas como orais, que se desenvolvan no ámbito de órganos da Administración galega, de administracións públicas radicadas en Galiza ou órganos xurisdiccionais con sede en Galiza, serán efectuadas en lingua galega.

Parécenos que é unha redacción moito máis clara, que non deixa lugar a dúbidas a que exista unha vontade de normalizar o uso da lingua galega nun ámbito tan importante, señor vicepresidente, que tamén é da súa competencia, xa llo dixen no debate de totalidade, como é a Administración de Xustiza, onde apenas un 3 % das resolucións xudiciais se fan en lingua galega e onde teño contrastado, por experiencia persoal, que as actuacións que fai a Xunta de Galiza ante os órganos xudiciais practicamente se desenvolven non só as orais, senón tamén as escritas, en lingua española.

Tamén mantemos e cremos que sería relevante para modificar dunha forma positiva esta lei, que xa dixemos que era continuísta, a emenda número 12, que pretendía engadir no artigo 35, precisamente, a cuestión da que falaba anteriormente, de que periodicamente se estableceran convocatorias públicas específicas, mediante o sistema de concurso-oposición, entre xuristas de recoñecida experiencia profesional, tanto noutras administracións ou institucións públicas, como no ámbito do asesoramento xurídico privado e a avogacía. Cremos que esta sería unha forma de enriquecer a Asesoría Xurídica da Xunta de Galiza en materias que habitualmente pode haber non tanta competencia profesional.

Igual tamén mantemos a emenda número 11, en relación cos entes instrumentais nos que pretendiamos engadir un novo apartado ao artigo 33 do seguinte teor: “Ademais, nas entidades instrumentais do sector público que pola súa dimensión ou complexidade se considere preciso –por exemplo podería ser o caso do Sergas ou Sogama, ou algunha outra, por citar algunha– poderá existir unha asesoría xurídica, e, en todo caso, creárase un gabinete xurídico específico para o asesoramento das entidades do sector público autonómico”.

E tamén mantemos outras emendas que consideramos relevantes, como a número 2 ao artigo 3; a número 3, tamén a ese artigo; a número 10, ao artigo 32; por citar só algunhas que teñen todas as súas señorías e ás que, polo tanto, non lles vou dar lectura.

E remato dicindo que, desgraciadamente, e a pesar das boas palabras que nos deu o señor Pedro Puy no debate de totalidade, a pesar do aparente compromiso asumido polo vicepresidente naquel debate, consideramos que os consensos, a vontade de chegar a acordos do Grupo Parlamentario Popular na Ponencia sobre cuestións que puidesen mellorar esta

lei foron tan insignificantes ou inexistentes que, desgraciadamente non podemos modificar o sentido do noso voto e que, polo tanto, manteremos a abstención a este ditame e, polo tanto, votaremos abstención a este proxecto de lei.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

De novo cremos que é acaído traer a colación o mesmo texto que traíamos o día do debate da emenda á totalidade, o texto de Paco Rubio Llorente, que é dos anos oitenta e que se refire, precisamente, a como deben tramitarse os proxectos de lei de maneira debida, debidamente.

E este texto di, entre outras cousas –el escribiuno en castelán, e vouno ler en castelán–: *“Es frecuente que una vez elaborado el primer borrador, el ministro impulsor del proyecto lo comunique a grupos o sectores afectados (sindicatos, colegios profesionales, asociaciones patronales, etc.) y negocie las sugerencias de éstos. A veces, incluso, se hace público el borrador preparado, que pasa así a ser discutido por la opinión.”*

Pois ben, cremos que con este proxecto de lei que nos trae o Goberno, Paco Rubio segue estando de actualidade, porque este proxecto –pese ao bo talante que existiu na negociación na Comisión 1ª, que recoñecemos o día da última reunión da Comisión e que, efectivamente, é de agradecer–, este texto, chega aquí sen comunicación previa nin con sindicatos, nin con colexios profesionais, nin con ningún tipo de asociación; nin tampouco con relación a afectados nin, por supostos, respecto á opinión pública.

Non nos vale como argumento que nos diga, se é que así o vai facer a voceira do Partido Popular, que este texto ten o informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial, nin informes internos do corpo de letradas e letrados da Comunidade Autónoma; en relación co corpo de letradas e letrados, porque non están aquí para dicirnos que, efectivamente,

iso sexa así, e porque o prestixio do Consello Xeral del Poder Xudicial está bastante en entredito e, polo tanto, non nos serve, realmente, como informe favorable a este texto.

Somos conscientes de que a regulación desta lei é provisoria, que foi do ano 1984 e que, fundamentalmente, en Galicia está regulada nun regulamento. Ninguén discute, polo tanto, que a súa regulación a través dunha lei é máis que acaída. Pero a cuestión está en que dado que este proxecto de lei non foi remitido nin a sindicatos, nin buscou diálogo, nin buscou negociación, e pese a este bo talante que existiu na Comisión, entendemos que este proxecto de lei non é o proxecto de lei que a Asistencia Xurídica Xeral da Comunidade Autónoma necesitaría.

No Grupo Parlamentario Socialista somos conscientes de que é necesaria a súa regulación, pero está claro que non é así dende o momento que presentamos 24 emendas, e desas 24, ademais da emenda á totalidade, aceptáronse 2, que realmente foron, como soe ser por parte do Goberno, emendas puntuais a palabras moi concretas, e fomos capaces de transaccionar 4. É dicir, foron aceptadas por parte do Partido Popular unicamente 6 emendas.

Para nós é insuficiente, e por iso anunciamos xa o noso mantemento de emendas –as que non foron nin aceptadas nin transaccionadas– e a nosa abstención na votación final do ditame da Comisión 1ª.

E os motivos para esta abstención son, en resumo, tres. O que xa dixeran da falta de negociación e diálogo por parte do Goberno neste proxecto de lei, porque non cremos nesta idea que trae o proxecto de afondar na mellora da asistencia xurídica xeral. En Galicia hai menos de 60 letradas e letrados da Comunidade Autónoma, e o que se necesitaría, e iso é o que din eles, sería unha convocatoria pública de prazas para que realmente puideran desenvolver o seu traballo debidamente, e iso si sería mellorar a asistencia xurídica xeral. E o último motivo, que é o noso cabalo de batalla dende que comezou este proxecto de lei e entrou neste Parlamento, é xa non digamos o desinterese, senón o máis absoluto desprezo que o Goberno amosa polo noso idioma, polo idioma galego; polo uso do galego tamén neste asunto.

En definitiva, mantemos as nosas emendas e, como é moi difícil falar das 24, e á parte son emendas moi técnicas que

cremos que non proceden nun debate político, que é o que temos que facer neste Parlamento, ímonos centrar en 4, basicamente.

A número 6 que afecta un artigo que foi modificado de maneira parcial, que fai referencia á primacía orixinaria dos medios externos privados sobre a propia Asesoría Xurídica Xeral da Comunidade Autónoma. O Grupo Parlamentario Socialista entende que debería acudirse non só a estes medios externos privados a posibilidade de contratar despachos de avogados, consultoras para facer o traballo de asesoría xurídica xeral, senón tamén que fosen prestados con medios externos doutros órganos da propia Comunidade Autónoma, Administración xeral da Comunidade Autónoma ou outras entidades do sector público autonómico que teñan eses medios.

Non só acudir ás universidades, que agora si están incorporadas ao texto, precisamente por varias emendas que fixemos os grupos parlamentarios da oposición, e porque a propia universidade non entendía como se lle rexeitaba a súa posibilidade de ofrecer os seus medios á propia asesoría xurídica.

Entendemos que contratar a calquera consultora ou a calquera despacho de avogados, os que sexan e como sexan, é bastante máis caro que ter unha asesoría xurídica xeral formada por un corpo de letrados que merecen o respecto por parte do Goberno. E, ademais, entendemos tamén que é contrario á Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico, que é do Partido Popular, e que entendemos que vostedes deberían cumprir se é que efectivamente teñen a intención cumprir, como mínimo, as súas propias leis.

A segunda emenda da que nos gustaría falar é a número 15 do Grupo Parlamentario Socialista, que fai referencia a todo iso que rodea a figura do titular da dirección xeral, esa figura estraña do titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Comunidade Autónoma. Que nós entendemos tamén que debería ter a función de coordinar a asistencia xurídica xeral na parte consultiva e na parte contenciosa, porque así nolo teñen manifestado os propios letrados e as propias letradas da Comunidade Autónoma. Necesitan unha coordinación, e quen mellor que, digamos, o xefe da asesoría que puidese facer esa coordinación que non está incluída, e non entendemos por que, nin tampouco entendemos os

motivos, no seu momento, que nos deu a voceira do Partido Popular para non aceptar esta emenda.

A terceira das nosas emendas é a número 18, da que imos falar hoxe. Vostedes seguen empecinados, non sabemos por que, en que nunha lei vaian especificadas as materias obxecto de oposición dos letrados e letradas da asesoría xurídica xeral.

Estaría ben que estivese nun regulamento de desenvolvemento, pero unha lei non se fai para regular as materias ás que teñen que concorrer e que teñen que aprobar os que van a unha oposición. E sabemos que vostedes opinan o mesmo ca nós, non é materia obxecto de lei, senón que en todo caso sería materia de regulamento, e entendemos que debería ser aceptada esta emenda.

E, por último, a emenda número 22 do Grupo Parlamentario Socialista, que xustifica para nós a abstención e que xustificou no seu momento a nosa emenda de devolución, é unha emenda esencial. Estamos a falar da disposición adicional primeira, que xa foi lida despois da súa modificación pola voceira do BNG, que fai referencia a que se coidará que todas as actuacións dos letrados da asesoría xurídica xeral se fagan en galego.

Pois ben, no dicionario da Real Academia dise que coidar é poñer dilixencia e atención na execución de algo. Para nós é insuficiente que o Goberno poña dilixencia e atención no uso da lingua galega, que é unha das nosas linguas oficiais. O que entendemos nós –e así o din asociacións de xuristas encargadas da defensa do galego, como é a Irmandade Xurídica Galega, que así llo ten traslado expresamente ademais ao director xeral de Política Lingüística– e o que debería facer o Goberno é exixir que estes letrados se impliquen –porque son os representantes da Xunta de Galicia nas súas actuacións– no uso da lingua galega en todo tipo de procedementos procesuais, e que ademais se lles ordene que nas súas demandas –invocando a Lei de normalización lingüística de Fraga Iribarne do ano 83, o seu artigo 7.2– pidan o expediente en galego, fagan as demandas en galego e, ademais, que pidan que os xuíces e as xuízas diten as súas sentenzas en galego.

Por iso propoñemos unha emenda de substitución que ademais é conforme o Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei

de normalización lingüística, nos artigos 4 e 6.4 e neste artigo 7.2, no que expresamente se pode amparar esta solicitude e esta existencia de demandas en galego por parte dos propios letrados e das propias letradas.

Non é tan complexo, nin sequera as letradas e os letrados que teñen que coñecer o idioma galego –porque é unha das partes da súa oposición–, nin sequera eles terían a obriga de redactar as demandas en galego, nin sequera os obrigarían os xuíces a ditar as sentenzas en galego, senón que hai un corpo de tradutores que se encargarían de poder facer esa tradución, e ademais e conforme o Estatuto de autonomía e a Lei de normalización lingüística.

Entendemos que a nosa emenda non foi aceptada, entendémolo porque presentamos unha proposición non de lei con este mesmo texto na Comisión 1ª e os membros do Goberno, os representantes do Grupo Parlamentario Popular naquel momento, votaron en contra desta proposición non de lei.

Cremos que deben recapacitar, porque así nolo din os representantes da Irmandade Xurídica Galega. ¿Por que? Porque son representantes, estes letrados e estas letradas representan a Comunidade Autónoma de Galicia, e hai dúas linguas: o castelán e o galego, e teñen a obriga de facer que o noso idioma se utilice nun ámbito no que non é utilizado de maneira habitual. Tanto é así que o uso da lingua galega en xustiza, segundo datos do ano 2005, non chegaba ao 5 %. Non hai datos oficiais actuais, dende o ano 2005 non temos ningún dato oficial, non hai preocupación por coñecer estes datos.

Sabemos que agora mesmo a situación é aínda peor que no ano 2005, e así nolo din, precisamente, os membros da irmandade xurídica que están preocupados pola falta do uso do galego no ámbito da xustiza, e por iso dicíamos que hai un absoluto desprezo por parte do Goberno do uso do galego na materia de xustiza.

Ademais, porque no uso das aplicacións de xestión procesual que utilizan os fiscais, os xuíces, Minerva e Fortuny, temos unha reposta do Goberno do Estado de maio de 2015 a unha pregunta do Grupo Parlamentario Socialista dicindo: *“En el caso de las aplicaciones de gestión procesal Minerva y Fortuny se descarta la operatividad en otros idiomas”*.

Porque noutras ordes xurisdiccionais pode ser máis difícil. No concensioso-administrativo é fácil a utilización do galego, e porque o comité de expertos do Consello de Europa para a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias tiroulles a vostedes das orellas porque non utilizan nin potencian vostedes o uso do galego, e ademais anímannos a introducir cambios lexislativos necesarios, precisamente, para que se desenvolvan procedementos na nosa lingua.

É unha magnífica oportunidade, señor vicepresidente da Xunta, de aplicar o Estatuto de autonomía, a súa Lei de normalización lingüística do ano 1983 e unha oportunidade de cumprir unha norma europea.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Popular ten a palabra a señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señorías.

O Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral de Galicia e do seu sector público que hoxe se somete a consideración plenaria é unha das cinco iniciativas lexislativas contempladas no programa de impulso democrático da Xunta de Galicia 2015-2016, que ten como obxectivo avanzar na transparencia, na eficiencia, en definitiva, na excelencia no funcionamento das institucións públicas autonómicas.

Con ese fin, incrementouse o control sobre o financiamento dos partidos políticos, reforzouse o papel do Consello de Contas como órgano de control externo e independente, potenciouse a participación directa da cidadanía na vida parlamentaria e aprobouse unha lei de transparencia e bo goberno.

E cómpre, señorías, recordar isto porque este Goberno galego, co apoio do Grupo Popular, ten feito máis que ningún outro na loita contra a corrupción. E cómpre recordalo porque nesa loita, lamentablemente, non os atopamos a voste-

des, que non foron quen de apoiar ningunha das leis citadas, a excepción da Lei de transparencia polo Grupo Socialista.

A lei que hoxe se somete a consideración deste Pleno ofrécelles, polo tanto, unha nova oportunidade de ser partícipes co seu apoio deste impulso democrático, en tanto que vai dirixida a aumentar a calidade e o control da actuación administrativa. Trátase de ofrecerlles aos cidadáns a certeza do sometemento da actuación administrativa á legalidade, lonxe de toda arbitrariedade e baixo un sistema de control interno obxectivo e rigoroso. Trátase de ofrecerlles aos cidadáns a confianza de que os intereses da comunidade, que son os intereses de todos, van estar axeitadamente defendidos polos seus servizos xurídicos.

De aí, señorías, que teñamos amosado a mellor disposición para atopar puntos de encontro na busca do maior consenso posible que nos permita aprobar unha lei capaz de dar resposta ás necesidades de asesoramento de control e defensa que agora e no futuro precise a Administración autonómica, os seus entes e os seus empregados públicos, e neste punto teño que lamentar que non lles pareza suficiente a actitude de consenso e de conciliación amosada por este grupo parlamentario, por entender –que despois me referirei ao número de emendas aceptadas– o grao de aceptación que eu entendo que acadou este texto, como vén de poñer de manifesto o feito de que todos se referirán ás mesmas cuestións: á auto-provisión, á cuestión da lingua galega ou á cuestión do silencio administrativo, ás que logo me referirei.

É, polo tanto, unha lei que entendo que no substancial lles gusta, pero que focalizan en cuestións moi puntuais o seu rexeitamento e a súa xustificación e argumentación da súa abstención, como veñen de sinalar.

Ben, esta é unha lei que regula a asistencia xurídica, a Administración xeral da Comunidade Autónoma e o seu sector público, que prestará a asesoría xurídica, en xeral, a través dos letrados da Xunta de Galicia. Unha lei que establece o principio de autoprovisión na prestación de asistencia, de maneira que a Administración deberá acudir aos propios medios e, particularmente, á asesoría xurídica xeral, e só de modo excepcional a outros medios, e chámame a atención que a señora Vilán faga referencia a que se estableza a primacía dos medios externos, porque, efectivamente, a lei dío claramente: só cando a autoprovisión resulte inviable se

poderá acudir a medios externos para a prestación da asistencia xurídica e sempre baixo a supervisión da asesoría xurídica xeral, en aplicación do principio de unidade de criterio.

Esta é unha cuestión que, efectivamente, non resultou pacífica ao longo da Ponencia, e de feito manteñen as súas emendas sobre a posibilidade de recorrer á contratación de avogados e procuradores externos. Nós entendemos que cómpre contemplar a posibilidade de autorizar motivadamente, de modo excepcional, que a defensa e representación en xuízo poida ser asumida por avogados e procuradores externos, porque caben intervencións ante tribunais –como o Tribunal de Xustiza da Unión Europea– onde se precisa unha colexiación da que non dispoñen os nosos letrados, ou mesmo cando os nosos letrados tiveran que representar a Administración galega en ámbitos territoriais fóra da nosa Comunidade, onde non parece entendible que un letrado teña que desprazarse a presentar un escrito e parece máis razoable designar un procurador nese ámbito territorial.

Polo tanto, só haberá asistencias externas cando a asesoría non poida atender con medios propios o encargo que se lle fai e baixo unhas condicións excepcionais e con todo tipo de garantías, e aquí gustárame referirme a cales son esas garantías, porque se explicaron de modo que non é correcto.

Establécese que será excepcional, establécese que será previo informe do titular da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, autorizado polo titular da consellería correspondente, mediante resolución motivada e sempre actuando baixo a supervisión da asesoría xurídica xeral. Polo tanto, señorías, non entendo que carguen contra esta posibilidade cando de maneira clara se establece o principio de autoprovisión.

O certo é que por primeira vez se evita a proliferación de contratos de asistencia xurídica externa, que abondaron noutras etapas, e plantéxase esta posibilidade como algo excepcional. E aquí a min gustárame recordarllo ao Partido Socialista, que vén de invocar a Lei de racionalización, que regula, precisamente, o principio de autoprovisión, que votaron en contra desta lei, e que cando gobernaron e gobernaron co Bloque Nacionalista Galego fixeron un auténtico derroche de contratos externos inxustificables, cuestión que con esta lei non poderá volver repetirse.

Ben, a lei regula as especialidades procesuais que afectan a Administración xeral da Comunidade Autónoma, unha cuestión á que se refire nalgunha das emendas que manteñen o Grupo Mixto, que pretenden eliminar os honorarios de procurador e que se refire a unha das súas emendas, porque non entende que nun caso se estableza que non é necesario procurador e noutro caso que se inclúan os honorarios.

Ben, creo que aquí ten algunha confusión, evidentemente non é preciso empregar procurador, porque os letrados ostentan a representación da Administración, pero ao mesmo tempo, cando se impoñen as custas, é lóxico entender, por certo non sempre a lei di se é o caso, ¿por que?, porque non sempre é preceptiva a intervención do procurador ou de representación, e se é o caso, se é o caso é lóxico entender que se o letrado da Xunta de Galicia actúa en representación da Administración, e existe unha condena en custas a favor da Administración, poida incluír os honorarios que como representación que ostenta lle correspondían a un procurador.

Por outra parte, contéplase unha cuestión que nós cremos que vostedes non fan referencia a ela, pero que a nós nos parece especialmente destacable nas funcións que se lle atribúen á asesoría xurídica en xeral. Vostedes din que esta é unha lei continuísta, que non incorpora ningunha novidade.

Nós cremos que é unha lei que incrementa as funcións, que reforza os servizos xurídicos da Xunta de Galicia. Parécenos que hai un elemento destacable que, ademais, se veu incrementado polas emendas nas súas funcións ás emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, e que teñen que ver coa mellora da calidade normativa.

É sabido que a actividade lexislativa da Xunta vai dirixida non só a renovar leis de antiga aprobación, a adaptar outras máis recentes aos cambios da lexislación básica, pero —sobre todo— a dar unha redacción máis accesible á nosa normativa. E —sobre todo— tamén a simplificala condensando normas que poden estar dispersas en varias leis, de maneira que se aglutine nun só texto o que ata o de agora estaba diseminado en varios. Polo tanto, trátase de simplificar e clarificar a normativa existente, cremos que nese papel da elaboración das leis, pero tamén na participación de supervisión, coordinación e planificación. Nesas planificacións normativas anuais que se vaian facer ten un papel moi importante a ase-

soría xurídica xeral e, polo tanto, cremos que esta lei vén reforzalo, cuestión que nos parece moi interesante.

Refírese o Partido Socialista á ausencia de negociación colectiva. Cremos que puxemos de manifesto ao longo da Ponencia que esta non é unha lei que precise de negociación colectiva, ou que precisará de negociación colectiva, e así se recolle o desenvolvemento posterior na medida en que afec-te as condicións de traballo dos traballadores, pero, evidentemente, non é esta unha lei que se teña que someter a negociación colectiva.

Aínda así, someteuse o informe favorable da propia asociación de letrados, que aglutina o cen por cento dos letrados da Xunta de Galicia, e por suposto o seu informe, a súa avaliación, foi positivo. E chámame moito a atención que cuestione o informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial, porque —evidentemente— se chegamos a este punto, pois non nos valerá nada.

E, por outra parte, paréceme que poderíamos facer unha reflexión. No País Vasco estase a redactar unha lei semellante a esta, e alí non se plantexa ningunha cuestión semellante a esta, e vostedes non plantexaron nese punto ningunha emenda en canto a negociacións colectivas. E bueno, paréceme tamén unha incoherencia que agora que estamos a falar da redacción da Lei sobre os policía locais pois que vostedes estean rexeitando eses acordos ou negociacións que se tiñan acadado.

Outra das cuestións que se discute nas súas emendas que manteñen é o que ten que ver coa defensa dos funcionarios, as autoridades e os empregados públicos, concretamente a cuestión que ten que ver co silencio administrativo negativo. Pretenden que se suprima a regulación da resolución expresa sobre a concesión da autorización. Ben, non se trata aquí de explicar en que consiste o silencio administrativo, pero é evidente a obriga da Administración de resolver expresamente. Vostedes pretenden suprimir a posibilidade, ou esa regulación, da forma de silencio administrativo e simplemente pretenden recoller que a Administración terá que resolver expresamente. Pois claro que a Administración ten que resolver expresamente, pero estase considerando a posibilidade ou referindo qué é o que pasa ou qué acontece cando a Administración non resolve ou cando a Administración non resolve dentro do prazo. Por tanto, ¿que acontece?

Que se considerará desestimada. A vostedes non lles parece ben, pero, miren, si se considera estimada esa solicitude de autorización en determinados casos, concretamente cando a necesidade de defensa derive de agresións ao persoal docente, ao persoal sanitario. No resto dos casos non. ¿Por que? Porque entendemos que representaría a posibilidade de concederlle autorización, conceder defensa por silencio, a unha persoa que podería ter actuado contra o interese público. Se temos en conta que vostedes rexeitan o silencio administrativo negativo e consideran que debe ser positivo, e ao mesmo tempo plantexan que a autorización non debe ser revogable, como plantexa o Partido Socialista, pois entón o escenario que nos están presentado é o da posibilidade de que se lle poida estar autorizando por silencio a defensa a un funcionario ou a un empregado que ao mellor actuou en contra do interese xeral, e resulta que non existe nin a posibilidade de revogado, mesmo incluso, como plantexa o Partido Socialista, se resulta que ao longo do procedemento se acredita que non se dan as condicións necesarias para conceder esa autorización.

Ben, o Grupo Mixto plantexa tamén que non se denegue a autorización —aínda que non se referiu, é unha emenda que mantén— cando o persoal ou funcionario actuase en cumprimento de ordes que constitúen infracción manifesta clara ou terminante da lei. Non se pode aceptar porque evidentemente a obediencia debida debe ter un límite, que está precisamente nesas ordes que sexan manifestamente clara e terminantemente contrarias a unha infracción. Polo tanto, entendemos que cabe defender o funcionario sempre, salvo cando a orde supuxera unha infracción de lei manifesta, clara e terminante que o funcionario puidese negarse a cumprila sen incorrer en infracción penal.

En canto á supresión dos capítulos IV e V, da organización da Asesoría Xurídica Xeral e dos letrados, que propón o Grupo Mixto, ben, nós entendemos que hai cuestións organizativas e de acceso á escala de letrados que deben ser recollidas nesta lei, e dende logo cremos que a fórmula que contempla para o acceso ao corpo de letrados pois é a correcta. Dende logo non compartimos a proposta que se fai dende o Bloque Nacionalista Galego.

En canto á estrutura orgánica da Asesoría Xurídica Xeral, entendemos que deben ser contemplados os gabinetes xurídicos territoriais. Sabemos que o PSOE cuestiona, pola súa

oposición frontal, as delegacións territoriais, e non compartimos co BNG a idea de crear un gabinete xurídico específico para as entidades do sector público autonómico porque entendemos que esta é unha proposta pouco operativa se aspira a dar unha asistencia especializada e de maneira que a conexión dos asuntos sexa temática e non dependente de se procede da Administración xeral ou dun ente.

Señorías, antes referínme á importancia desta lei, lamento que non fixeran ningunha referencia ao que esta lei representa na loita contra a corrupción. Este é un dos aspectos da lei que se viron reforzados coas emendas do Grupo Popular, dirixidas a aumentar as competencias de Asesoría no control interno da Xunta.

Incorporamos a función coordinadora da Asesoría Xurídica Xeral nas comunicacións entre o sector público autonómico e o Consello Consultivo respecto dos ditames preceptivos que deberá analizar e informar sobre a doutrina que conteñan.

Tamén consideramos fundamental que a Asesoría participe na elaboración dos plans de prevención de riscos da corrupción, e que informe sobre a súa adecuación aos requisitos ou requirimentos do Código penal para non incorrer en responsabilidade. E incorporamos tamén —moi importante ao noso entender— as modificacións da Lei 14/2013, dirixidas a evitar vínculos entre as empresas convidadas nos procedementos negociados, correspondéndolle á Asesoría Xurídica Xeral notificar as infraccións que detecte no ámbito da lexislación de defensa da competencia, coordinar a elaboración e revisión de guías orientativas para os órganos de contratación, de maneira que se garanta a incorporación de criterios medioambientais, sociais, de igualdade de xénero, e mesmo da accesibilidade das pequenas empresas, e modelos de pregos de cláusulas administrativas para homoxeneizar a práctica contractual e acadar maior eficacia. Se de inicio xa se pretendía con esta lei incrementar o control ao Goberno e á súa Administración, é evidente que as emendas do Grupo Popular o que fixeron foi incrementar aínda máis os mecanismos de control e de loita contra a corrupción e de mellora da calidade normativa, temas moi importantes ao noso entender que lamento que vostedes non se teñan referido a eles.

Señorías, o texto que se somete a votación, efectivamente, conta con 41 artigos e 4 disposicións adicionais. Deses 41 artigos, 18 non recibiron emenda ningunha da oposición; en

12 artigos e 3 disposicións adicionais se integraron as súas propostas na redacción final. Incorporáronse de modo directo ou mediante transacción case un 30 % das demandas da oposición, e poderíase dicir que un 75 % do articulado da lei conta coa conformidade do resto dos grupos. No caso particular de AGE incorporáronse ou transaccionáronse todas as súas emendas, coa excepción de dúas. Entre as incorporadas, atópase a que afecta á disposición adicional primeira sobre o uso da lingua galega, cuestión sobre a que outros grupos manteñen as súas emendas.

Cómpre destacar neste punto que esta lei eleva a rango legal o disposto no Regulamento da Asesoría Xurídica, que efectivamente se aprobou no ano 2003. Pero este regulamento foi reformado polo Goberno bipartito no ano 2006 e non mudaron nin unha coma no que atinxe á regulación do uso da lingua, de maneira que nos reclaman que deamos un paso máis alí onde vostedes non o deron cando tiveron a oportunidade. E vostedes, coas súas emendas, pretenden facer obrigatorio aquilo que en principio a lei non impón como unha obriga.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vaia rematando, por favor.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Xa remato, señorías. Simplemente quero destacar que este grupo obviamente vai apoiar esta lei. Entendemos que é unha boa lei, unha lei que repercute na maior defensa dos intereses dos cidadáns, e o que esperamos é que o reconsideren e que esta abstención que anunciaron se converta nun voto favorable.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Barreira.

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais grupos.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, grazas, presidenta.

Estamos de acordo nas emendas que foron aceptadas, pero temos unha que foi aceptada e na que non estamos de acor-

do, e gustaríanos votar en contra –en concreto, a emenda 14 do Partido Socialista–, xa que o texto do proxecto de lei establece unha experiencia profesional de dez anos para os xuristas de recoñecido prestixio que queiran acceder á titularidade da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral e a emenda do Partido Socialista eleva esa experiencia a quince anos. Entendemos que xa queda establecido que deben ser xuristas de recoñecido prestixio, o que garante, ao noso entender, capacidade e experiencia profesional suficiente. Ademais, o exercicio durante dez anos de calquera profesión garante suficiente experiencia adicional ao prestixio, polo que entendemos que non é necesario incrementala en cinco anos máis. Tendo en conta que unha carreira de dereito, como moi cedo, remata aos 23 ou 24 anos, tendo en conta, ademais, que se necesita unha experiencia de dez anos, estamos xa falando de persoal adulto con moitos anos de experiencia e que pode ocupar perfectamente ese posto de responsabilidade dentro da Administración con dez anos de experiencia.

Tamén imos pedir a votación por separado das emendas 16, 17 e 19 do Partido Socialista, pois consideramos que a existencia de gabinetes xurídicos territoriais pode ser imprescindible na loita e prevención contra corrupción.

Quero referirme en concreto á emenda 23 do Partido Socialista, que deu lugar ao texto transaccionado, e que, aínda que nós requiríamos a supresión do capítulo IV e do capítulo V por conter materias obxecto de negociación coa representación legal das traballadoras e traballadores públicos, a transacción recolle, polo menos, que, cando a aplicación da presente lei teña repercusión sobre as condicións de traballo do persoal funcionario, procederá a negociación destas condicións coas organizacións sindicais, de acordo co disposto na mencionada lei. Polo tanto, consideramos que mellora claramente o establecido no proxecto orixinal, e polo tanto parécenos que esa transacción é admisible.

Pero tamén consideramos, e volvo repetilo, que volvemos estar no que dicía na anterior intervención, ante unha clara vulneración do dereito de negociación colectiva. É unha eiva grave, é unha decisión grave, antidemocrática, e volvemos insistir en que non se lles poden denegar os dereitos de representación colectiva ás traballadoras e traballadores públicos, o seu dereito á negociación colectiva e o seu dereito a que as súas condicións sexan sempre negociadas coa súa representación sindical.

Votaremos a favor do resto das emendas presentadas pola oposición e que foron rexeitadas.

Gustaríame facer, no último minuto que me queda, unha referencia ao silencio administrativo negativo ou positivo, porque dicía a voceira do Partido Popular que se lle pode dar asistencia xurídica a algunha persoa que actuase contra o interese público. E eu dígolle que se lle pode denegar a asistencia xurídica a algunha persoa que non actuou en contra dos intereses públicos senón que actuou en defensa dos intereses públicos e que agora se ve sometida a que non se lle conceda esa asistencia. Por iso a denegación desa asistencia xurídica ten que ser obrigatoriamente por escrito, xustificada. Para min é moito máis importante contar coa presunción de inocencia e dicir que o funcionario ou funcionaria ten dereito a asistencia porque se presume a súa inocencia, e non partir, como parte o Partido Popular, de que, como son presuntamente culpables, o mellor é denegarlles por silencio administrativo a asistencia xurídica.

Polo tanto, entendemos esa defensa en sentido contrario. Gustaríame que reflexionaran, porque vostedes sempre son os primeiros, cando se fala de corrupción do Partido Popular, en chamar á presunción de inocencia. Eu chamo a que vostedes teñan en conta a presunción de inocencia das traballadoras e traballadores públicos.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Ben, como dicíamos, con respecto ás emendas dos grupos de oposición, imos apoialas, porque, aínda que loxicamente existan matices, nós entendemos que para o que estamos aquí é precisamente para facer forza contra as decisións que adopta a maioría, que adopta o grupo maioritario do Partido Popular. Temos matices loxicamente, pero entendemos que o fin nos une, en definitiva, e sobre todo en aspectos fundamentais que teñen que ver co carácter da autoprovisión, co carácter de intentar reducir aspectos que poderían favorecer a discrecionalidade ou comportamentos arbitrarios. Entendemos tamén as emendas do Grupo

Mixto que pedían suprimir os capítulos que afectaban de forma directa aspectos relacionados coa negociación colectiva dos traballadores, e loxicamente varias emendas e aspectos comentados polo Partido Socialista, sobre todo no aspecto da revogación, das taxas; e da estrutura territorial incluso se podería falar.

É dicir, basicamente todos estamos de acordo en que o que temos que facer é que a defensa dos traballadores e traballadoras da Administración pública a través da Asesoría Xurídica Xeral sexa o máis garantista posible e que se elimine calquera vestixio de arbitrariedade, calquera posible vulneración. E nós entendemos, de forma contraria a como o entende a voceira do Partido Popular, que o silencio administrativo de tipo negativo non é unha defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras. Todo o contrario, non nos imos repetir nos argumentos, de sobra coñecidos, xa se expuxeron aquí en determinadas ocasións e en diferentes intervencións con respecto a outros proxectos de lei. E, polo tanto, desde o noso lado, imos apoiar as emendas que formula a oposición e reafirmamos a nosa abstención ao texto que hoxe se presenta.

Seguimos insistindo en que o mantemento do silencio, non resolver de forma expresa as peticións de defensa cando se denegan, pois loxicamente impide realizar de forma plena o dereito que teñen os traballadores e traballadoras a verse defendidos cando están en perigo os seus dereitos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Non vou reiterar debates que xa suscitamos en tres ou catro ocasións polo menos en relación co articulado concreto do proxecto de lei. E o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego reitera que non se deron os avances nin os consensos suficientes para que puidésemos cambiar o noso voto nos aspectos fundamentais que xa expliquei con anterioridade. Anunciamos que imos votar favorablemente as emendas formuladas polo resto dos grupos parlamentarios.

E, desde logo, permítanme que remate a miña intervención facendo unha reflexión ao fío da intervención da señora Rodríguez. Todos e todas recordamos que este proxecto de lei, que hoxe se vai aprobar con carácter definitivo, viña culminar aquelas cinco medidas en cincuenta días –que ao final foron algo máis de cincuenta días– que o señor Núñez Feijóo nos anunciou naquel pleno extraordinario do mes de xaneiro de 2015 para loitar contra a corrupción no noso país. Desde logo, o que eu antes cualificaba como a “factoría lexislativa Rueda” podemos facela extensiva tamén á “factoría lexislativa Feijóo”.

E no Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego aínda seguimos esperando por algunha medida contundente que de verdade valla para loitar contra a corrupción. Porque realmente neste proxecto de lei que hoxe aprobamos, incluídas as emendas formuladas polo Grupo Popular en relación cos procedementos de contratación, ¡home!, só faltaría, unha das cousas que emendan vostedes é que nos procedementos de contratación non se poida convidar empresas que en realidade son a mesma empresa; ¡home!, a verdade é que é un pouco de coña –e perdoen a expresión–, señora Rodríguez.

Realmente, a única medida que cambia algo neste proxecto de lei é o que dixemos con anterioridade, que colateralmente pode ter que ver algo coa corrupción, que é o tema da defensa xurídica dos empregados públicos e dos cargos da Xunta de Galiza. Pero ningunha outra medida, pero nin nesta lei nin en ningunha das outras que se remitiron a este Parlamento. Creouse teoricamente collendo unha proposta do ex fiscal superior de crear unha comisión de prevención da corrupción, vostedes perverten esa proposta e acaban encomendándolle ao Consello de Contas, sen máis medios, sen máis facultades, sen máis persoal, sen máis técnicos, sen máis peritos, teoricamente, a facultade de previr a corrupción e de establecer as cautelas necesarias para evitar prácticas corruptas.

Desde logo, eu o que podo dicir é que hoxe, se, efectivamente, tal e como nos dixo o señor Rueda cando nos presentou este proxecto de lei, se culminan as actuacións da Xunta de Galiza en contra da corrupción, o que podemos dicir desde o Bloque Nacionalista Galego, señora Rodríguez, é que vostedes –como todo o mundo sabe– non son os campións da loita contra a corrupción; vostedes, en todo caso, son e seguen sendo os campións da corrupción.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bueno, como este turno é exclusivamente para falar das emendas dos outros grupos parlamentarios –e tal e como expresamos na Comisión 1ª no seu día–, o Grupo Parlamentario Socialista vai votar a favor de todas as emendas propostas polos outros grupos da oposición –así o fixemos en comisión e hoxe ímolo facer exactamente igual– e tamén imos votar a favor das emendas números 1, 2, 3 e 4 do Grupo Parlamentario Popular. Non imos votar a favor, polo tanto, imos votar en contra das emendas números 5 e 6 deste Grupo Parlamentario Popular, porque son emendas que se refiren expresamente á Lei de racionalización do sector público autonómico do ano 2013, que nós rexeitamos de maneira frontal, e, polo tanto, non podemos aceptar un desenvolvemento dunha lei que inicialmente non aceptamos.

Mantemos a nosa abstención na votación final do ditame, porque os argumentos utilizados pola voceira do Partido Popular cando subiu a este estrado non nos convencen; non houbo diálogo a aceptar dúas emendas, e transaccionar catro de vinte e catro entendemos que non é demasiado diálogo. Porque vostedes non teñen intención de afondar na mellora da Asesoría Xurídica Xeral da Comunidade Autónoma. Se así fose, convocarían nova oferta pública para incrementar a súa plantilla, que é realmente o que solicitan e o que necesitan. E que vostedes en ningún caso teñen intención de potenciar o uso do galego na Xustiza. En todo caso, coidar como se fosemos unha nai ou unha galiña que coida dos seus pitiños.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Ben, con relación ás emendas que plantexan os outros grupos –e por non insistir no xa dito–, simplemente destacar, no

marco da negociación colectiva que invoca AGE, que, bueno, pois evidentemente se incorporou –como xa dixemos– ao texto unha transacción co Partido Socialista no sentido de –nisto insisto– que non é a lei o que ten que ser obxecto de negociación colectiva, senón que son, bueno, pois os desenrols posteriores, na medida en que afecten as condicións de traballo dos traballadores.

E no que afecta o silencio administrativo negativo, que agora plantexan que cabe a posibilidade de que o silencio administrativo prexudique na medida en que, bueno, pois se estime negativo para un traballador que non actuou en contra do interese xeral, ben, pero para iso –e vostedes téñeno que saber– a lei prevé mecanismos para que os traballadores poidan acudir a outro tipo de defensa e despois repercutirle –no suposto de que lles dean a razón ou sexan absolutos– eses custos á propia Administración.

Por tanto, cando din vostedes que o silencio administrativo non é en defensa dos traballadores e os funcionarios, si é o silencio administrativo en defensa dos funcionarios. É un mecanismo para non estar indefinidamente á espera de que a Administración resolva; aquilo que Larra dicía: poñerlle couto á Administración con aquilo de “*vuelva usted mañana*”. Bueno, pois, evidentemente, claro que a Administración ten obriga de resolver.

Cando antes alguén dicía aquí: non, é que ten que resolver expresamente, ¡por suposto! Pero no caso de que a Administración non emita esa resolución expresa ou non o faga no prazo establecido, é un dereito dos funcionarios entender estimada ou desestimada a súa solicitude, neste caso –como xa me referín– en casos puntuais estimada e na xeneralidade desestimada.

E respecto do BNG, que fai referencia á aprobación das cincuenta medidas en cincuenta días, bueno, eu creo entender que vostedes verdadeiramente non rexeitan o groso desta lei, porque, se un dos únicos motivos de oposición que teñen ou de crítica é que fomos máis alá dos cincuenta días na aprobación destas medidas, pois é evidente que as medidas lles deben parecer ben.

En canto á loita contra a corrupción, que di a señora Paz que, bueno, pois incorporamos esa prohibición de que se poidan convidar no procedemento negociado empresas

que estean vinculadas entre si, ¡home!, eu quérolle recordar –e non me gusta facer uso destas cuestións locais–, pero onde goberna o BNG ¡que ben tería habido que esta norma estivera aprobada con anterioridade! Porque lle podo dicir que nalgún concello que eu coñezo ben sería de moita utilidade que nos procedementos negociados existira antes de agora a prohibición de convidar empresas vinculadas.

Dito todo isto, señorías, nós, polo xa exposto –e non imos insistir nestas cuestións–, non coincidimos e non apoiamos, non compartimos as emendas que vostedes sosteñen. En todo caso, gustárame dicirlles, señorías, que vivimos nun momento no que noutras autonomías se consomen en debates nos que abundan as mensaxes de desobediencia á legalidade mesmo polos que teñen a obriga de garantir o seu cumprimento.

O Goberno galego, nembargantes, ten optado por reforzar a Autonomía, por darlle un novo impulso democrático, controlando as institucións, reforzando o control interno da actividade administrativa, mellorando a calidade normativa, en definitiva, garantindo o sometemento das súas actuacións á legalidade e á defensa do interese público.

Nós lamentamos que estas cuestións que se incorporan nesta lei, este reforzo dos servizos xurídicos da Administración, da Xunta de Galicia, non encontren pola súa parte unha valoración positiva. O certo é que a lei que está en consideración reforza estes servizos a prol dun maior control da legalidade, da transparencia e da loita contra a corrupción. Trátase de garantir unha maior defensa dos intereses públicos e unha maior calidade xurídica no actuar administrativo, que, sen dúbida, vai repercutir nunha maior defensa dos intereses e dos dereitos dos cidadáns.

Como dicíamos, non compartimos as emendas que manteñen, e por ese motivo, bueno, pois invitámoslos aínda neste punto a reconsiderar o seu apoio a esta lei, que consideramos moi importante na mellora da calidade xurídica e da calidade da actuación administrativa da Xunta de Galicia e da súa Administración.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación dos textos lexislativos.

Comezamos coa votación das emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

E empezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución presentada polo G.P. Mixto ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 7; votos en contra, 55; abstencións, 5.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade do Grupo Mixto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a emenda á totalidade do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución presentada polo G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 55; abstencións, 5.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,

Xustiza e Interior, e das emendas mantidas ao Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Mixto, en concreto, emendas 1, da 3 á 9 e da 13 á 20.

Votamos.

Votación das emendas 1, da 3 á 9 e da 13 á 20 presentadas polo G.P. Mixto ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 39; abstencións, 16.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, en concreto, as emendas 2 e 4.

Votamos.

Votación das emendas 2 e 4 presentadas polo G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 39; abstencións, 16.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, en concreto, as emendas números 2, 3, 5, 6 a 8 e 13.

Votamos.

Votación das emendas 2, 3, 5, da 6 á 8 e 13 presentadas polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 39; abstencións, 16.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votación das emendas do Grupo Parlamentario Socialista, en concreto as emendas 1 á 4, 6 á 12, 15 á 19, 22 á 24. E hai unha petición de votación por separado que formula o Grupo Parlamentario Mixto, en concreto das emendas números 14, 16, 17 e 19.

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario Socialista. *(A señora Martínez García pide a palabra.) ¿Si?, ¿perdón? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Grazas. En concreto, pide o Grupo Mixto que se voten por separado as emendas do Grupo Parlamentario Socialista números 16, 17 e 19. Votamos, polo tanto, estas tres emendas.

Votacións das emendas 16, 17 e 19 do G.P. dos Socialistas de Galicia ao ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e do seu sector público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia, agás a 16, 17 e 19, ao ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e do seu sector público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o ditame da comisión.

Votación do Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior sobre o Proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e do seu sector público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 29.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O señor PRESIDENTE: Abran as portas, por favor.

Pasamos ao punto segundo da orde do día, que se corresponde co de comparecencias en pleno.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para presentar a Estratexia Sergas 2020

O señor PRESIDENTE: Ten para isto a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi bo día, señor presidente.

Señores deputados, os cidadáns usuarios e pacientes son a nosa razón de ser. O noso traballo adquire sentido cando somos capaces de contribuír ao mantemento e á mellora da

súa saúde e da súa calidade de vida dende antes do nacemento ata o momento en que esta remata.

Para o Goberno galego o sistema público de saúde é un dos piares básicos do Estado do benestar. Como tal, debe atender aos principios básicos de universalidade, equidade, solidariedade e aseguramento público, e contribúe de forma importante á xustiza redistributiva e de cohesión social e territorial. O seu funcionamento é de gran transcendencia para cada persoa e tamén para o conxunto da sociedade. Conforme o barómetro sanitario, a sanidade é para o 37 % dos galegos unha área de maior interese, soamente superada polo traballo, o 40 %.

En canto á opinión sobre o funcionamento xeral do sistema sanitario, destaca o feito de que a inmensa maioría dos enquisados, o 73,2 %, cre que é bo, ou bastante bo, por riba da valoración global en España, que é do 62,7 %. Aínda que a valoración sexa boa, non nos conformamos. Os sistemas sanitarios temos que validalos de forma continua, constante, adaptarnos ás necesidades e ser innovadores. Ao longo dos últimos exercicios introducimos melloras innovadoras relevantes na xestión, organización e funcionamento do sistema sanitario, con medidas como a xestión integrada, a xestión por procesos, a protocolización dos criterios de priorización na xestión das listas de espera, a implantación das vías rápidas, os programas de seguridade e calidade ou a promoción do uso adecuado dos recursos farmacoterapéuticos, entre outras.

Para o presente e para o futuro, seguimos apostando para o sistema por un modelo innovador, proactivo, participativo, flexible, sostible e humanizado. Con esta filosofía temos desenvolvido os traballos que deron lugar á Estratexia Sergas 2020. A súa razón de ser non pode ser outra que querer mellorar a saúde da cidadanía galega. Ademais de polo seu contido e obxectivos, é de máxima relevancia o orzamento que destinamos ao sistema sanitario público. Convén sinalar que a estimación do total ata o 2020 ascende a máis de 17.179 millóns de euros. Estamos a falar do 40 % do conxunto do orzamento da Xunta de Galicia, e cremos que non hai mellor mostra do compromiso deste goberno co sistema sanitario público.

A través deste plan buscamos establecer orientacións e liñas estratéxicas innovadoras que contribúan a afrontar os retos

identificados na súa organización e no seu funcionamento. Son moitos os desafíos que temos enriba da mesa: as novas realidades asistenciais, o aumento da esperanza de vida e as súas consecuencias, asumir o momento de custo dos servizos sanitarios debido á aparición de novos e custosos fármacos, as novas tecnoloxías, e, sobre todo e por riba de todo, debemos dar resposta ás necesidades dunha cidadanía cun nivel de exigencia cada vez maior. En definitiva, o sistema sanitario debe saber adaptarse a unha contorna en continuo cambio e ao novo papel que desempeñan pacientes e cidadáns na interacción cos servizos de saúde.

Temos cidadáns moito máis activos, mellor formados e informados e con maior capacidade de elección. Na súa maioría desexan ser máis protagonistas da súa saúde, de aí a importancia de impulsar accións dirixidas a xerar pacientes máis activos e expertos no seu propio coidado, habida conta da súa demanda e inxedanzas. Hoxe en día, o usuario dos servizos de saúde exige claramente que eses servizos se adapten ás súas necesidades e queren garantías dunha atención integral, continúa e personalizada. Por conseguinte, tiñamos que ser capaces de implicar definitivamente o paciente de forma activa na definición, deseño e priorización das accións e medidas a implantar para a consecución destes fins; en suma, facendo da nosa organización un sistema máis eficiente na consecución da súa meta principal: elevar o nivel de saúde da cidadanía galega.

Non é un reto menor. A nosa folla de ruta para continuar coa modernización do sistema sanitario é a súa adaptación ás necesidades actuais e futuras dos pacientes e cidadáns e o Plan de saúde, conformado por dous documentos: o Plan de prioridades, cuxa renovación presentamos en setembro de 2014, e a Estratexia Sergas, que hoxe expoñemos. Trátase de que o sistema sexa quen de evolucionar para dar resposta a unha sociedade, como dicimos, cambiante.

¿Como foi o proceso de elaboración desta Estratexia? É evidente que calquera organización da complexidade do Servizo Galego de Saúde necesita ter ben definida a súa estratexia. O primeiro que quero explicar de xeito breve é como foi este proceso de elaboración. Para desenvolver a nova planificación do sistema sanitario público de Galicia cara aos anos 2015-2020 quixemos contar coa percepción e opinión dos usuarios, como antes sinalei, pero tamén cos profesionais e con outros axentes implicados no mesmo. Plantexá-

molo como un proceso de todos e para todos, conxunto, de accesibilidade e proximidade e escoita activa con todos: o paciente, o médico, o celador, a enfermeira, o directivo, as empresas do sector, os alumnos de profesións sanitarias, as universidades. Todos contan, todos valen. Dito doutro xeito, tratábase de traballar cunha visión compartida e participativa, que estou convencido de que foi conseguida.

Inicialmente realizamos un proceso *on line* para identificar os aspectos ou temas que consideraban se debían priorizar na construción da nova Estratexia Sergas 2020. A continuación, realizáronse cinco sesións grupais nas que se convocou a participar a alumnos de Medicina e Enfermería, ao Consello Asesor da Consellería e do Sergas, aos membros da Comisión parlamentaria de Sanidade, aos sindicatos e aos representantes de empresas tecnolóxicas da información e da comunicación. Nestas sesións revisáronse os resultados obtidos do proceso *on line*.

Hai que sinalar que no conxunto do proceso participaron 2.248 profesionais, 168 entidades e asociacións de pacientes e 644 partes interesadas: empresas, expertos, sindicatos, partidos políticos, etc., derivándose ata 2.004 propostas de acción, das que posteriormente lles solicitou aos participantes que fixeran unha priorización cun sistema de elección de pares. Tivemos tamén en conta unha análise de estratexias de organismos nacionais e internacionais, incluíndo a revisión e incorporación das boas prácticas e intervencións que se están a pór en marcha en diferentes países e servizos sanitarios e do pensamento científico existente. Incluímos a utilización do modelo da OMS de Murray sobre obxectivos básicos de calquera sistema de saúde: os obxectivos xerais dos sistema sanitario, unha análise das queixas e suxestións dos usuarios, a revisión do barómetro sanitario, o Plan estratéxico da Xunta 2020 e a anterior estratexia Sergas 2014, e os resultados da valoración da mesma, presentados no seu momento neste Parlamento.

Entendemos que con este procedemento cubrimos varios obxectivos: por unha banda, conseguimos xerar a visión compartida que antes comentabamos; queriamos identificar as prioridades das principais partes interesadas na organización, profesionais, xestores, pacientes, empresas, interlocutores sociais etc., para aproximarnos a unha visión conxunta dos distintos axentes que interveñen no Sergas. Por outra,

establecer unha liña de continuidade coa estratexia Sergas 2014, incluíndo os resultados da súa avaliación. Ademais, incluímos o actual pensamento estratéxico de sistemas sanitarios, así como as principais experiencias dos distintos servizos de saúde do noso contorno.

Os retos. Das diferentes achegas e datos analizados finalmente, identificamos os retos e suxestións que tiñamos que asumir para a Estratexia 2020 do Servizo Galego de Saúde; retos que podemos converter en oportunidades. Poderíamos agrupalos en dez desafíos:

O primeiro, establecer orientacións e liñas estratéxicas innovadoras que contribúan a solucionar as dificultades máis importantes de organización.

O segundo, aumentar a eficiencia do sistema para asumir o incremento do custo de servizos sanitarios por diferentes razóns: fármacos máis caros, aumento da supervivencia da poboación, novas tecnoloxías sanitarias e unha cidadanía cun nivel de exixencia maior que demanda investimentos en saúde crecentes e que considera que a sanidade é unha prioridade sobre outros ámbitos.

Terceiro, coidar os bos profesionais para que se sintan partícipes da súa organización. Trátase de poñer en valor estes magníficos profesionais e de darlles moita máis importancia ao desenvolvemento da excelencia profesional.

Cuarto, mellorar a continuidade asistencial, ademais de fomentar o traballo conxunto entre niveis asistenciais ou entre profesionais. A atención integral nos procesos fai posible a atención dos pacientes nun nivel máis próximo, ao tempo que lles melloran as demoras.

Quinto, mellorar a comunicación cos profesionais e coa cidadanía para lograr a máxima credibilidade dos responsables do sistema.

Sexto, reforzar a estandarización e homoxeneidade da práctica clínica para reducir a súa variabilidade e non comprometer a calidade asistencial en ningún momento.

Sétimo, reforzar os criterios organizativos e de xestión, de tal forma que sexan homoxéneos e coherentes cos obxectivos da organización.

Oitavo, organizar os servizos en función das necesidades obxectivables dos pacientes.

Noveno, desenvolver sistemas de información que permitan a avaliación e toma de decisións.

E, finalmente, décimo, asinar os recursos en función dos resultados en saúde. É necesario destinar os recursos segundo as necesidades dos pacientes e recoñecer a boa xestión tamén mediante a redistribución dos mesmos.

Con toda esta información e para afrontar estes retos, definíronse os principais eixes, así como os obxectivos e indicadores estratéxicos asociados. Unha vez definidos estes indicadores, fíxose unha análise da súa situación para determinar as liñas estratéxicas necesarias para acadar os obxectivos definidos. A partir dese momento establecéronse, xunto coas unidades xestoras do Sergas, os obxectivos a realizar no período 2016-2020, incorporando tamén aqueles aos que daremos continuidade na Estratexia do 2014.

Así, definimos catro eixes estratéxicos e vinte obxectivos que nos marcamos ata o ano 2020. Os eixes estratéxicos son os seguintes: atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e coidadores; profesionais comprometidos e coidados pola organización; eixe tres, xestión eficiente que contribúa á sostibilidade do sistema sanitario; e un cuarto, un eixe estratéxico transversal, que é adecuar as infraestruturas aos equipamentos sanitarios e os sistemas de información ás necesidades dos pacientes e cidadáns. Estes catro eixes basculan en torno ao noso obxectivo principal: mellorar a saúde da cidadanía e mellorar a súa calidade de vida.

Os pacientes, os cidadáns e os usuarios depositan a súa confianza en nós para que lles prestemos unha asistencia personalizada coa mellor tecnoloxía e calidade, e dunha maneira segura, eficiente e eficaz. Para iso contamos coa implicación, o traballo e o compromiso dos excelentes profesionais, organizados en estruturas que faciliten e garantan o seu bo facer. Os profesionais, á súa vez, achegan habitualmente unha perspectiva individual de calidade á súa práctica clínica. A súa pretensión lexítima non é outra que facer o correcto de maneira precisa.

Pola nosa banda, á Administración sanitaria correspóndenos unha perspectiva máis global e comunitaria, exixindo na

prestación dos coidados un adecuado rendemento técnico e un trato interpersoal que sexan satisfactorios para os pacientes, e que a súa consecuencia sexa a mellora do nivel de saúde da comunidade.

As liñas estratéxicas e os proxectos. Articulados en torno a estes catro eixes definíronse 20 liñas estratéxicas. Sen ánimo de ser exhaustivo, vou detallalos, pois entendo que a súa importancia e transcendencia para o sistema sanitario e para a sociedade galega en xeral así o xustifican.

Incluído no eixe 1, a atención integral adaptada ás necesidades dos usuarios, pacientes, familiares e coidadores, temos os seguintes obxectivos ou liñas estratéxicas: desenvolver intervencións de promoción da saúde e prevención da enfermidade cunha visión integral; mellorar a consideración e accesibilidade na prestación dos servizos; orientar a estrutura de prestación de servizos cara ás necesidades de pacientes; atención á cronicidade; avanzar no empoderamento dos pacientes; incrementar o sentimento de propiedade e responsabilidade dos cidadáns sobre o Servizo Galego de Saúde; impulsar a xestión do coñecemento, da investigación e mellorar a fiabilidade dos servizos; reducir a súa variabilidade e mellorar a súa coordinación.

No eixe 2, centrado nos profesionais comprometidos e coidados pola organización, temos seis obxectivos, que son: favorecer a comunicación cos profesionais, os usuarios e a sociedade; reforzar a credibilidade dos xestores do sistema; fortalecer a responsabilidade e capacidade dos directivos e mandos intermedios da organización; coidar os bos profesionais desde que entran na organización; potenciar a versatilidade e polivalencia dos profesionais no sistema; e implicar os profesionais como criterio básico no desenvolvemento e xestión da organización.

No eixe 3, que procura unha xestión eficiente que contribúa á sostibilidade do sistema sanitario, incluímos catro obxectivos: empregar novos modelos de asignación de recursos para mellorar a equidade de acceso aos servizos; establecer medidas de mellora da eficiencia do sistema para garantir a súa sostibilidade; ser un pilar fundamental do desenvolvemento sostible de Galicia; ser un referente na responsabilidade social e corporativa de Galicia; e implicar todos os axentes sociais nos proxectos.

Finalmente, temos o eixe 4, como dicíamos, un eixe transversal, que é adecuar as infraestruturas aos equipamentos sanitarios e os sistemas de información ás necesidades dos pacientes e cidadáns. Considerámolo un eixe, como dicía antes, transversal, pois facilita o desenvolvemento dos outros tres e contempla tres obxectivos concretos: optimizar os sistemas de información; priorizar e asegurar a implantación de innovacións tecnolóxicas que fosen avaliadas positivamente; e adecuar as instalacións e os equipamentos ás necesidades de usuarios e traballadores.

Así, estes vinte obxectivos contemplados nos catro eixes acadaranse a través de 123 proxectos concretos –algúns dos cales acabo de mencionar someramente–, dos que 66 se implementan como novos retos da organización e os 57 restantes consolidan iniciativas postas en marcha coa anterior Estratexia Sergas 2014.

Por tanto, haberá, como non, cousas novas, pero, como ocorre en calquera sistema sólido e consolidado, manterase a continuidade daquilo que se ten demostrado que funciona ben. No documento da Estratexia de próxima presentación terán vostedes acceso aos ditos proxectos.

Trátase, en calquera caso, de mellorar para ofrecerlles a todos os galegos, auténticos donos do sistema sanitario público, un servizo sanitario cada vez máis adaptado ás súas necesidades, coas tecnoloxías máis avanzadas e ao mesmo tempo coa mellor utilización dos recursos.

Nada máis polo momento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día, señor conselleiro.

Eu non sei que facer despois de escoitalo porque realmente non dixo nada; é que non contou absolutamente nada. Des-

pois, ao final, dixo que se nos dará un documento co desenvolvemento. Bueno, iso xa me parece algo mellor, porque vén aquí vostede e nos conta unha película, pero baseada en nada. Para empezar do que nos fala é de retos tan concretos como orientacións innovadoras, incrementar a eficiencia, mellorar o coidado das e dos profesionais... ¿Iso que é?, ¿unha carta aos Reis Magos?, ¿un montón de desexos? A min non me parece serio vir aquí a esta comparecencia con isto realmente. Veu con xeneralidades que non concretan nada, nada, nada.

Despois falounos de catro eixos: atención integral de pacientes, familias e coidadores –aí quedou a idea–; profesionais coidados polo sistema –tampouco di como, pero bueno, xa é hora de que o sistema e a Administración lles empece a prestar un pouco de respecto aos traballadores e traballadoras da sanidade pública–; sostibilidade do sistema e adecuación de infraestruturas. Tampouco moito máis explicou sobre isto. E despois unhas liñas estratéxicas tan ambiguas como todo o que dixo antes: innovación, reparación de instalacións, novos modelos de asignación de recursos... É dicir, nada de nada de nada.

Pero a realidade é que temos un sistema sanitario en Galiza que se está destrozando. Dende que goberna o señor Feijóo a sanidade galega cada vez está en peor situación e os profesionais galegos cada vez están en peor situación e son peor tratados pola propia Administración; unha administración que aplicou unha severa redución de orzamentos sanitarios, fixo recortes profundos no persoal e no número de camas hospitalarias e paralizou, case destruíu, unha auténtica xoia da nosa sanidade, como era a atención primaria, que agora é unha atención primaria destruída, con listas de espera e que non é capaz de resolver os problemas sanitarios inmediatos da cidadanía, e por iso se colapsan, e cada vez máis, os hospitais e as urxencias. Porque vostedes apostan por unha sanidade hospitalaria, non por unha sanidade preventiva; unha sanidade que pode aforrar, dende logo, moitos cartos e que pode ademais aumentar a saúde dos galegos e das galegas.

Un sistema sanitario desmantelado. Primeiro, unha redución dun 30,4 % do gasto público das comunidades autónomas, e dentro destas Galiza é a que fixo o maior recorte de todas as comunidades, e o maior fíxose en atención primaria; recortes de persoal, que vén a ser en Galiza un 24,5 inferior á

media estatal neste gasto sanitario. Galiza perdeu 1.795 prazas na sanidade pública, eliminaron 513 prazas de persoal médico, 392 en atención primaria e 121 nos hospitais; 184 prazas de persoal de enfermería hospitalaria; 1.121 prazas de persoal non sanitario que vostedes cederon indecentemente a empresas privadas para a súa explotación. Unha precariedade laboral indescribible que supera eu creo que ata a explotación laboral na contratación que levan as entidades privadas. Vostedes teñen unha lista *pull*, que é a maior desfeita que se puido facer a nivel contractual. É a ETT do Sergas; unha ETT salvaxe, unha ETT que non contempla nin a conciliación da vida laboral e familiar das persoas nin contempla os dereitos das persoas, que somete o persoal eventual a un auténtico estrés baixo as consecuentes ameazas se rexeitan as opcións que se lles ofertan e que moitas veces son contratos por horas a quilómetros da súa vivenda. Ocorre que xente de Vigo é chamada para traballar na Guarda unha xornada de 4 horas ou de 3 horas, e teñen que ir. Pero seguramente haberá persoal na Guarda que estea na súa casa e pertenza tamén a esa lista.

Tamén se fala do escurantismo co que se manexa esa lista de contratación. E vostede moito que van tratar e coidar profesionais, pero cando entramos no meollo dos problemas do persoal non fixo vostede nin unha soa referencia á situación do persoal.

Podemos falar tamén da privatización de hospitais como o Álvaro Cunqueiro, privatizado, un hospital privatizado; un modelo tamén de colaboración público-privada da que xa temos falado, que incrementou o custo deste hospital terriblemente. Recortáronse servizos como quirófanos ou UCI... Non imos falar máis do novo hospital de Vigo; un hospital privado que veu substituír un hospital público e que só beneficiou outro hospital privado, Povisa, que se puxo as botas ante o desastre do Álvaro Cunqueiro. Os vigueses e as viguesas fuxiron dese desastre que vostedes montaron. Tampouco unha soa referencia a esa situación.

Agora tivemos, despois de moitos escándalos, outro escándalo máis, outra bacteria que enviou a catro pacientes para a UCI. O Valedor do Paciente pediulle á Fiscalía que abra de oficio unha investigación, e a súa presidenta recorda que estas bacterias son evitables se se toman as medidas necesarias, e que aquí pode haber unha responsabilidade legal de quen non tomou estas medidas.

Privatización do laboratorio central de Galiza, a continuación da empresa privada Galaria, que xa o propio Consello de Contas deu a voz de alarma sobre o funcionamento de Galaria. Vostede tampouco di qué vai pasar con Galaria. A min gustaríame saber nese Plan estratéxico 2020 qué vai pasar con Galaria, se imos seguir sendo os galegos e as galegas aos que máis resonancias se nos realicen e máis TAC de todo o Estado.

A privatización da alta tecnoloxía por medio desa figura do socio tecnolóxico, que vostedes alaban e que permite que as mesmas empresas que fabrican estas tecnoloxías sexan despois as que as explotan, e todo iso pagado, dende logo, por unha sanidade pública que terá que pagar o prezo que estas fixen.

A privatización da investigación por medio dos institutos biomédicos de investigación dos hospitais públicos; un persoal Miguel Servet que leva anos pedindo estabilidade. Non se pode dicir que o Goberno vai apostar pola investigación e pola innovación cando é precisamente o persoal investigador o que está na situación máis precaria, incapaz de manter a investigación, porque vostedes, dende logo, non apoian este persoal, non lle dan unha continuidade para que poida asumir proxectos investigadores de medio e longo prazo.

Unha axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde que non responde nin ás necesidades da investigación biomédica nin ao coñecemento en saúde, polo que foi rexeitada por unanimidade polas organizacións sindicais, cousa que vostede non dixo, e rexeitárono tanto na Mesa do Sergas, en novembro do 2014, como na Mesa xeral de negociación en xuño de 2015. Unha axencia que non atende a ningunha demanda.

Pero ademais tamén –remata o tempo– a externalización e a privatización dos recursos e servizos estratéxicos a empresas multinacionais e fondos de inversión, como, por exemplo, os servizos de ambulancias adxudicadas á UTE Ambulevante; a historia clínica electrónica (Ianus); as telecomunicacións, cedidas a Telefónica, á Caixa, a BBV, a Bankia; a plataforma electrónica, a Netaccde; o teléfono de cita previa, tamén a Netaccde; o servizo de subministración e loxística, que foi entregado á empresa Severiano Servicio Móbil, que custodiaba as historias clínicas do Chop; o mantemento dos equipos sanitarios, tamén privatizado con Ibérica de Mante-

nimiento –que é de Zaragoza, porque, por certo, tampouco é que busquemos empresas galegas–; a xestión da limpeza e da enerxía... Podemos seguir falando de todo o que vostedes levan privatizado: os servizos de *catering*, os servizos de protección radiolóxica, a esterilización de instrumental médico e cirúrxico...

É dicir, vostede veu aquí hoxe ¿contarnos que? Non nos contou nada, viu aquí non concretar, dicir palabras moi altisonantes, con moita repercusión, que parece que din grandes cousas, pero non deu resposta nin a unha, nin a un só dos problemas que ten a sanidade galega neste momento, nin a un só.

Polo tanto, temo que no 2020, de seguiren vostedes gobernando, seguiríamos na mesma situación que hoxe, cunha sanidade precarizada.

Eu espero que vostede, na súa seguinte intervención, nos aclare realmente como vai atallar estes problemas concretos da sanidade pública, a ver se somos quen de entender que é o que pretende vostede dicir.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señora Solla.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bueno, bo día, señor conselleiro.

Eu creo que, por unha cuestión de –digamos– operatividade, sería produtivo que cando vén presentar vostede un plan, unha estratexia, como é o caso, puidésemos coñecela por escrito antes, porque o que non ten moito sentido é que veña vostede lernos un diagrama dunha cousa que van publicar dentro duns días. É normal que se veña presentar este plan á Cámara previamente, porque o que se fixo na avaliación do plan anterior foi presentalo publicamente e logo traelo aquí; iso está mal. Pero o que tampouco é normal é que non o teñamos.

E realmente eu si que pensaba que nos ía contar vostede que era o que ían facer, e realmente simplemente nos leu o diagrama –imaxino– do resumo do que poderemos ler cando estea publicado, que son pois os eixes de traballo, as liñas

estratéxicas, que xa coñecemos como funciona máis ou menos polo plan anterior.

E choca ademais bastante, porque vostede mesmo veu comparecer no mes de decembro para dicirnos que se ía publicar inminentemente este plan. Estamos a finais de marzo, vostede o único que nos pode traer agora hoxe aquí é o diagrama, e ademais sen explicarnos como van facer todo iso. Non sei se o vai contar todo ultrarresumido na súa segunda intervención, pero a verdade é que é unha comparecencia bastante lamentable –sinto dicirllor–, con todos os problemas que ten a Consellería de Sanidade e a sanidade pública no noso país.

Vostede rebaixounos ademais a contía de millóns –como se pode dicir unha cifra calquera, podemos inventar–. O señor Feijóo dixo hai uns días 20.000 millóns de euros para o plan Sergas 2020; vostede hoxe di 17.000; bueno, 3.000 arriba, 3.000 abaixo, parece que dá igual. Pero realmente non van investir absolutamente nada, porque unha podería terminar pensando que vostedes teñen pensado pois incrementar os recursos para a sanidade.

O resultado é que, se vemos a contía, do que están a falar é da suma dos orzamentos que prevén que existan –porque non o saben– para os futuros anos máis o que xa está –digamos– aprobado para este ano que está en vigor e o que xa se rematou do ano 2015. Non entendo realmente cal é, se nos pretenden enganar ou que é o que pretenden trasladar, porque realmente non hai ningún orzamento a maiores, polo que se traduce deses 17.000 millóns de euros.

E resulta un pouco vergonzoso que vostede nos fale deses cartos cando se reduciu notablemente o orzamento en xeral de toda a Xunta de Galicia en máis de 2.000 millóns de euros desde que está o señor Feijóo, pero sobre todo en sanidade. Xa o temos falado noutras ocasións. Pregúntome de onde van sacar eses investimentos cando acumulamos unha débeda de máis de 10.000 millóns de euros na Comunidade Autónoma, ¿non?

Pregúntome de onde van sacar eses cartos para esas supostas innovacións cando pois acumulamos eses recortes que superan, bueno, que rondan os recortes uns 400 millóns de euros nos últimos anos. Precisamente, probablemente vostede falaba do gasto, e de que hai que voltar xestionalo; é dicir, podemos entender, polas restricións orzamentarias que nos

veñen enriba, que o que teñen vostedes pensado é acometer novos recortes, cando hoxe sae precisamente o informe de 2016 da Federación de Asociacións en Defensa da Sanidade Pública, onde Galicia está dentro do *ranking* das comunidades que máis privatizacións acometeron pois no último ano no que hai datos, e relativo aos datos dispoñibles da OCDE.

Claro, claro, porque a privatización está intimamente relacionada con eses recortes orzamentarios. Hai que dicir que vostedes privatizan tamén en moitas, privatizan ou comprometen os orzamentos tamén con esas colaboracións público-privadas. Falámolo tamén no relativo pois ao novo hospital de Vigo e, como xa se dixo no pasado pleno, o propio Consello Económico e Social avisaba, advertía de que estaba en perigo o orzamento sanitario para os futuros anos, porque vostedes nos endebedaron por vinte anos só para pagar un hospital.

Falámolo tamén durante o debate orzamentario, ¿non?, que comprometeron vostedes o orzamento durante vinte anos. Podería falarnos diso. ¿Como planifican vostedes unha nova estratexia cando temos un orzamento comprometido? Non sabemos que imos poder suplir o mínimo na sanidade se seguimos mantendo ese hospital privado, que supón, ademais, pois uns xuros e uns compromisos de gasto altísimos, porque vostedes decidiron que querían un hospital privado en Vigo, un hospital ademais que é un hospital totalmente deficiente.

Falaba vostede da importancia do persoal sanitario, pero, sen embargo, falou de algo moi importante: coidar os bos profesionais. A min gustaríame que nos dixera vostede cales son os bos e os malos, e se os malos son eses que protestan polos recortes de profesionais, case 2.000 en toda a sanidade pública galega. Témololo dito, falaremos diso cando falemos da oferta pública de emprego.

Bueno, como en Vigo agora os ameaza e xa están empezando a chegar os partes aos traballadores e traballadoras que colocan carteis ou que levan carteis na roupa protestando precisamente por eses recortes de profesionais, quero que me diga, dentro desas vinte liñas estratéxicas que definiu, cales son os bos e os malos profesionais.

Gustaríame tamén como se reforza a credibilidade xestora, e iso quere dicir ese lavado de cara que están vostedes a acometer, incluso con perfís nas redes sociais, para pois falar

ben de vostedes mesmos, porque é un clamor os recortes e a destrución da sanidade pública, ¿non?, se ese reforzamento da credibilidade se basea precisamente en autobombo da propia consellería.

E falou vostede ademais de reforzar directivos e mandos. Falámolo xa tamén no debate dos orzamentos como vostedes manteñen ano tras ano os gastos en altos cargos na Consellería de Sanidade e como recortan ano tras ano tamén os gastos en persoal. Soamente incrementaron un pouquiño este ano e foi para dedicalo a esas pagas extras que primeiro lles recortaron aos profesionais. É dicir, que seguimos absolutamente igual.

Falaba vostede pois da aparición de novos e custosos fármacos, de que se comprometía. A verdade é que ten vostede valor para vir aquí e falar de novos e custosos fármacos. Non si se vostede nos quere falar hoxe de que van facer con esa denuncia na Fiscalía pola non proporción dos tratamentos da hepatitis C no seu momento, e poderíanos vostede explicar por que despois de dous anos os enfermos e as enfermas que residen nos presidios tamén en Galicia seguen sen recibir eses tratamentos de hepatitis C, ¿non? Podería explicarnos esta e moitas outras cousas.

Pero, ademais dos tratamentos da hepatitis C, gustaríame que nos relatase, por favor, se ten a lista aí, cales son eses novos e custosos fármacos. Pídomello por favor, porque, como vostedes sempre presumen aquí pois da utilización de xenéricos, por favor, xa que o ten a ben, que me informe dos bos e dos malos profesionais e dos custosos fármacos. E cales van ser esas liñas innovadoras, ou se imos estar continuamente investindo simplemente en innovacións tecnolóxicas, que non sabemos a que van dedicadas, mentres recortan progresivamente pois no mantemento dos centros.

Se isto non fora a sanidade, sería ata simpático que vostede falase aquí de maravillosos centros, de modernización do sistema sanitario, cando temos centos de centros de saúde polo noso país —estamos a levalos continuamente á Comisión de Sanidade— nos que chove dentro, se desprenden os radiadores, non hai material axeitado —ou sexa, é unha constante—, e que centros recén estreados teñen un montón de problemas, como pode ser o de Vigo, ou inundacións; o Meixoeiro séguese inundando en Vigo; sinto volver falar del, pero é que a área está absolutamente destruída.

E tamén podería explicarnos aquí por que seguen vostedes con camas pechadas e seguen mantendo eses traslados á privada e por que en Semana Santa pecharon vostedes alas enteiras, a pesar de que só había dous días festivos. E por que continúa esta situación a pesar de que temos unha lista de espera que xa temos debatido aquí noutras ocasións e da que falaremos posteriormente, creo que durante a tarde, nunha moción do Bloque Nacionalista Galego.

A verdade é que vostede non nos trasladou aquí ningún tipo de medida concreta, ningún orzamento a maiores, nin que van facer con nada disto. A min gustárame que estas cuestións que lle acabo de plantexar nolas aclarase e tamén por que, a pesar dos recortes de persoal dos últimos anos, vostedes sacan unha oferta pública de emprego raquítica e manteñen os contratos temporais cunha precariedade elevadísima, que fai que nalgúns servizos hospitalarios un terzo da plantilla aproximadamente sexa persoal precario. Non sei se vostedes cren que isto é calidade na Administración sanitaria.

Non vou falar do de mellorar a comunicación —xa o expliquei antes—, os apercibimentos aos profesionais, etc., etc., etc., que, por certo, hai que lembrar aquí que xa practicaron vostedes noutras ocasións tamén cando nos ameazaban aos profesionais —eu inclúome, porque tamén teño aínda correo orgánico— co tema das áreas de xestión clínica, que se non nos sumabamos a isto, pois que iamos quedar fóra dos nosos servizos. Gustárame que aproveitase hoxe aquí para dicirnos se van desbotar xa as áreas de xestión ou non e por que segue en vigor o decreto, cando o van tirar abaixo.

E, bueno, como falou vostede absolutamente de todo, pois gustárame, obviamente, que nos explicase que vai facer nestes meses que lle quedan con esta consellería, porque quedan uns meses, a súa xestión é relativamente recente, non implicou ningún tipo de mellora; é máis, continuamos na mesma senda, e sabe vostede que ten vostede convocada en Vigo unha nova manifestación, que agardemos sexa tan multitudinaria como a de decembro. Sabe vostede o que lle aconteceu á súa antecesora no cargo, e gustárame que, ante iso, ante o malestar que hai de todos e de todas as profesionais, nos aclarase se vai facer algo ou se o que vai seguir facendo é traernos diagramas sen ningún tipo de medida nin orzamento a maiores.

Nada máis por agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Moi bo día, señor conselleiro.

Unha nova publinreportaxe. Vostede vén hoxe aquí buscar simplemente un titular, poder colgar pois na páxina do Sergas e que os medios de comunicación pois trasladen pois que o Partido Popular e o seu conselleiro presentan no Parlamento a Estratexia Sergas 2015-2020, ¿non?, que, visto así, parece unha cousa pois realmente de moita enxundia, ¿non?, cando a realidade é que detrás dese titular pois queda moi pouco, ¿non?

Efectivamente, anunciaron 20.000 millóns de euros para esta estratexia, que para quen non coñeza o miúdo dos orzamentos, para o común dos galegos e galegas, parece que de repente van chober millóns para a sanidade pública galega, ¿non?, parece que é unha cousa extraordinaria. Ademais, como a repiten —repítea vostede, repítea o presidente, repítena por outro lado—, parece que realmente vai nesa estratexia de comunicación que teñen posta en marcha de que aquí isto xa vai pola senda da recuperación, cando a realidade é unha simple división.

Se vostede divide 20.000 millóns, que agora sacáronlle 3, 17.000 millóns, dividido entre cinco anos da Estratexia Sergas, pois ¿canto dá?, ¿canto dá?, señor conselleiro. Pois, efectivamente, dá a suma dos actuais orzamentos. Iso quere dicir que tampouco van nin sequera incrementar moito os orzamentos; é dicir, que é simplemente o mantemento dos orzamentos en sanidade. Bueno, pois xa podemos ter un titular.

A previsión é que o van manter, co cal imos perder en orzamento da sanidade, ¿non? É que iso é o que queda detrás do que vostede dixo nesta primeira intervención, que, dende logo, escasiño, ¿non?, señor conselleiro; pódenos pasar unha folliña e a partir de aí pois ter preparada outra cuestión.

Eu lamento que sexa unha nova oportunidade perdida para falar da situación real da sanidade galega. Vexo que está

acompañado na tribuna, acompañanos unha parte importante do seu equipo, e lamento pois que entre todos non puidéran vir facer unha intervención onde se falara dos problemas reais da sanidade galega, dos problemas reais dos galegos e das galegas, que son moitos, señor Almuíña; son moitos os problemas que teñen os galegos e as galegas. E vostede fai aquí unha relación de plans, estratexias, modernizacións..., cuestións que, se tivera tempo de ir desgranando, dende logo darían para moito.

A atención integral aos doentes e ás familias. Gustaríame que despois, na súa seguinte intervención, me concretara en que vai consistir esa atención integral, ou ese coidado aos profesionais, que maltratan día tras día. Maltrátanos cunha sobrecarga existencial infame, maltrátanos cunha redución de persoal indecente, maltrátanos –aos que non son persoal fixo– cuns contratos –que agora é a modalidade– por horas ou contratos por días. E iso é cando vostede di que van coidar os profesionais, que van mimar e coidar os bos profesionais. Eu súpome á pregunta que lle facía a deputada de AGE: igual nos ten que pasar unha lista de cales son os bos profesionais. E, claro, quedaría unha lista tan reducida que, fóra deses, queda todo o resto, todo o resto ao que maltratan ao longo de todo o ano.

Desde logo, insisto en que nos parece unha oportunidade perdida. Ben é certo que vostede veu aquí a que a realidade non lle estropee o titular. Vostede veu aquí non a falar dunha estratexia que vaia na dirección de mellorar a calidade da sanidade dos galegos e das galegas, veu vostede aquí facer un titular. Entón, que a realidade non lle estropee ese titular.

É unha oportunidade perdida de falar dos auténticos problemas da sanidade do noso país, e os auténticos problemas da sanidade do noso país son, por exemplo, as urxencias; unhas urxencias colapsadas sistematicamente, non por picos asistenciais puntuais, senón xa dun xeito continuo; unhas urxencias hospitalarias con colapsos constantes, por falta de capacidade resolutiva da atención primaria. Gustaríame que tivera polo menos unha liña para falar da atención primaria, señor conselleiro, da que aquí vostede non falou nesa Estratexia Sergas. ¿Que pasa coa atención primaria? É unha porta de entrada, un pilar tan fundamental da asistencia sanitaria, e resulta que non hai unha palabra para a atención primaria. Será pola rebaixa orzamentaria, rebaixa de profesionais, listas de espera en atención primaria, falta de capacidade reso-

lutiva, doentes que se trasladan a urxencias hospitalarias porque non teñen resposta por esas listas de espera e por falta de profesionais na atención primaria... Bueno, pois gustaríame que dixera nesa Estratexia Sergas cal é o sitio para a atención primaria.

Urxencias extrahospitalarias, ambulancias... Señor conselleiro, seguen a chover as denuncias de que os tempos de resposta non son os acaídos, de que as isócronas non responden ás necesidades dunha atención. As isócronas non son as adecuadas, señor conselleiro, e sábeo. Vólvense ter denuncias de profesionais que teñen que acudir en taxi ás urxencias porque resulta que as ambulancias están ocupadas.

Os helicópteros, señor conselleiro, fálenos de por que desde o 18 de marzo resulta que só se manteñen 12 horas en vez de orto-ocaso, como sería o normal para unha asistencia en condicións.

Fálenos desas cousas na súa intervención, señor conselleiro. Fálenos da situación do novo hospital de Vigo, fálenos, nesa Estratexia Sergas, de como vai solucionar os problemas do novo hospital de Vigo, porque non están resoltos, señor conselleiro, ¿non están resoltos!

Fálenos desa bicefalia, dese auténtico bipartito instalado no novo hospital de Vigo. Si, ese bipartito onde, precisamente, a sanidade pública é a que se prega á sanidade privada, e onde o director, o xerente da empresa, é quen manda no xerente do Sergas. Ben, demóstreme o contrario, señor conselleiro; demóstreme o contrario con datos.

¿Ou vostede cre que con esa lei mordaza, con esa instrución que o seu xerente, na área de Vigo, trasladou de “prohibido protestar”, “prohibido que se saiba que hai problemas no hospital de Vigo” se solucionan os problemas? Os problemas non se solucionan amordazando os profesionais, os problemas soluciónanse implementando medidas, falando cos profesionais, escoitándoos, escoitando os doentes.

Vostede fixo ao principio unha exposición na que vostede di que chegaron a esta conclusión, a estes resultados da Estratexia Sergas, escoitando a doentes, a profesionais, supoño que debidamente seleccionados, para non se topar cos milleiros, tanto de profesionais como de doentes, que teñen problemas na sanidade pública. E no hospital de Vigo segue a

haber problemas, empezando, por exemplo, pola esterilización, pola paralización de quirófanos sistematicamente, señor Almuíña.

Quero que na segunda contestación vostede me diga como vai encetar eses problemas do hospital de Vigo, porque, mire, teño aquí unha reclamación real. Vostede no anterior pleno díxome que viña aquí con anécdotas, pero é que resulta que as persoas todos os días teñen anécdotas reais de como son tratados na sanidade pública e de cales son os problemas cos que se atopan. E mire, á parte do que sae na prensa, Povisa ten que realizar a esterilización para o Álvaro Cunqueiro porque están estropeados os autoclaves e demais.

Aquí teño unha reclamación dunha doente –que me deu a autorización para dicir o nome, pero non o vou facer; logo, se quere, pásolla, aínda que ten que tela nos seus servizos–. Pois resulta que esa doente o 15 de febreiro do 2016 no Álvaro Cunqueiro é baixada a quirófano para unha intervención de columna, unha intervención programada. Báixana a quirófano, está anestesiada na mesa de quirófano, e resulta que despois de anestesiada e baixada a quirófano, de pasar por todo o trámite, suspenden a operación teoricamente por indisponibilidade de ter material para a intervención cirúrxica. Pide explicacións. Supoño que lle terán dado explicacións a esta persoa de que despois de baixala a quirófano, de estar anestesiada, de estar na mesa, resulta que tiveron que volvela á planta e logo volver darlle cita para outra ocasión.

Podo seguir poñéndolle exemplos. ¿Que pasa coa saúde mental, señor conselleiro? Non hai ningún renglón na súa Estratexia Sergas en cinco anos para a saúde mental? ¿Non hai ningún renglón para a mellora e a atención específica das mulleres? ¿Non hai ningún renglón para os COF, para a atención nos temas de aborto? ¿Non hai ningún renglón para ningunha desas cuestións?

¿Que pasa con Lugo, señor conselleiro? ¿Non hai ningún renglón? ¿Vaime dicir que estes días, onte, entrou en funcionamento un acelerador que ao mellor cara o verán está a pleno rendemento e que do outro ao mellor está o búnker feito e que a finais de ano igual está operativo? ¿E que coa hemodinámica os lucenses teñen que seguir infartando en horario de oficina porque seguen sen intención de implementala 24 horas?

Fálenos desas cousas, señor conselleiro, porque esas son as cuestións que lles preocupan aos galegos e ás galegas. E fáleme das listas de espera, señor conselleiro.

No anterior pleno, eu a vostede interpeleino a respecto das derivacións de doentes á sanidade privada. Insistílle en que me dixera se as listas que ten colgadas o Sergas na súa páxina web son as reais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...ou se existen outras listas de espera. Vostede non me contestou, e non me contestou porque sabe que é mentira, sabe que non se corresponden as listas colgadas na páxina web coas reais, porque vostede na páxina web ten colgado que, por exemplo, para a EOXI de Verín-O Barco, hai 3.215 persoas en lista de espera. Iso é o que ten colgado, cando a realidade das súas listas, a realidade da lista oficial, é que son 7.859. A realidade é que vostedes teñen colgado que o tempo de espera medio é de 43 días nesa EOXI, e resulta que a realidade das listas reais, as que teñen os profesionais, é de 153,62 días.

Esa é a realidade. Co cal, hoxe espero que me conteste a todas estas cuestións que lle acabo de dicir. E teña a valentía dunha vez por todas de dicir que teñen unhas listas de espera agochadas, as non estruturais, que multiplican exponencialmente as que vostedes fan públicas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

Bos días-boia tarde, señorías, señor conselleiro.

¡Bueno, bueno, bueno! Mire, eu non sei se é a miña hipoglucemia, se é a súa, pero é que non entendín nada da súa estratexia sobre a Estratexia.

¿Vostede a que veu aquí?, ¿a facernos un anuncio para o futuro? Pois mire, a verdade é que non parece moi acaído,

cando o que necesitamos é aclarar —e a poder ser ben— o presente.

Eu non sei se vostede busca esconder, porque non lle gusta o que está pasando, como está a sanidade, e, entón, imos tapar o presente falando de promesas para o futuro. ¿Ou talvez é que está utilizando vostede esta Cámara xa para iniciar a campaña electoral? A verdade é que non o sei. En todo caso, señor conselleiro, non acerta. Non acerta porque, mire, o único que queremos para os próximos catro anos é traballar para volver poñer a sanidade pública galega como estaba cando chegaron vostedes á Xunta.

Necesitamos ir repoñendo pouco a pouco todo aquilo que vostedes suprimiron, recortaron, destrozaron, privatizaron, e para iso só existe unha estratexia, señor Almuíña, e é lograr que nin o señor Feijóo nin o Partido Popular sigan á fronte da Xunta, e que na Consellería de Sanidade non estea vostede nin ninguén do Partido Popular.

Mire, a maioría desa cidadanía da que vostede falaba, tan activa e tan participativa, o único que quere é perdelos de vista nestes próximos catro anos; perdelos de vista no Estado e perdelos de vista tamén en Galicia.

Así que, se me admite un consello, nestes días —non sabemos se son días, se son semanas, se son meses; non sabemos, é outro misterio—, neste tempíño que pode quedar, mire, limítese vostede a facer as maletas, pois a xestión sanitaria que se vai levar a cabo entre o ano 2016 e 2020 non a vai decidir, afortunadamente, o Partido Popular, e ademais terá moi pouquiño que ver co que farían vostedes.

Pero é que, ademais, hoxe vostede aquí, coa desculpa do anuncio da Estratexia, ao que veu foi a contarnos mentiras. A primeira, a da universalidade, esa que cada vez que a escoito, non teño palabras, non teño palabras. Pero outra tamén é que vostedes comezaron facendo unha revisión, un balance: imos repensar o que se pode mellorar, imos reforzar o que fixemos ben... Bueno, pois díganos, conselleiro, nesas próximos anos, que é o que vostedes van reforzar e que é o que vostedes van repensar. ¿Ou quere que llo diga eu? Pois, mire, parece que van reforzar as privatizacións e que van repensar que máis poden destrozaren.

Outra mentira desta Estratexia é que foi elaborada coa colaboración de axentes externos. Citou vostede usuarios, profesionais, estudantes, sindicatos e ata as persoas que conformamos a Comisión de Sanidade. Mire, eu son membro desa comisión, e asegúrolle que eu non colaborei en nada. Talvez vostede lle chama colaborar a cubrir unha enquisa *on line* sobre as prioridades dunhas necesidades, señor Almuíña, predeterminadas por quen elaborou a enquisa. Por certo, díganos: ¿esa enquisa quen a fixo?, ¿unha empresa privada? ¿Cal? ¿Quen a elixiu? ¿Canto custou? ¿Foi a empresa privada a que marcou as necesidades predeterminadas sobre as que despois tiña que priorizar a cidadanía ou foi a propia Administración? ¿Chámalle vostede a iso consensuar as cousas coa cidadanía, cos profesionais e cos axentes externos? Porque eu non.

Díganos, conselleiro: ¿cal é a estratexia para solucionar a tremenda situación que ten a atención primaria, piar do sistema, tras a xestión que levan feito vostedes durante estes anos?

¿Que van facer coa espera sanitaria? Coa espera real, señor conselleiro, coa verdade das listas de espera que tan ben coñecen e sofren os usuarios e as usuarias e que vostedes están empeñados en esconder continuamente.

Mire, entérese; entérese, señor conselleiro. Vostedes non melloraron a espera, o único que fixeron foi mudar a maneira de medila. A prioridade 1 —e non me canso de repetilo neste hemiciclo— non esperaba, señor Almuíña —eu son profesional da sanidade, coma vostede—, e non esperaba nin antes nin agora. O problema que tivemos antes e que estamos tendo agora é chegar a diagnosticar con certeza que se trata dunha prioridade 1. Aí está o problema e aí está a demora.

¿E que pasa co resto das prioridades? Pois que fan vostedes trampa, que están acurtando a primeira consulta, porque é a que se mide, pero en detrimento das segundas e posteriores, que non chegan nunca, señor Almuíña. E, como vostede sabe moi ben —igual ca min—, porque traballou —creo— como profesional da sanidade, é precisamente nesas segundas consultas onde se confirma o diagnóstico, se revisan as probas complementarias e se impón un tratamento. Pois iso non chega nunca, señor Almuíña. ¿Por que? Porque non se mide.

¿E que pasa coas prioridades sociais? Pois dígollo eu. O que está clamando a xente é que os pensionistas, as persoas que

non están en activo, esperan indefinidamente pola súa prótese –si, si, podíalle poñer un montón de exemplos–, incluso mentres se estropea ao mellor outra prótese previa que xa se puxera nalgunha cadeira. É un clamor. Revise, revise as queixas, porque a xente escribe; eu non sei se escribe con tinta que se borra, pero escribir escriben, señor Almuíña.

E díganos: ¿que vai facer vostede cos recursos humanos? É que, a verdade, coa que está caendo, terlle que escoitar aquí iso de protexer, de coidar os profesionais. Pero, ¡por favor, señor Almuíña! ¿Cal é a solución? ¿Esa OPE ridícula, escasa, absurda, de 800 prazas, cando vostedes suprimiron catro veces esa cifra? ¡Home, por favor!

¿Vai vostede seguir no 2020, no 2050 –non sei xa cando–, con eses contratos mesquiños e ilegais de luns a venres, señor conselleiro, para non cotizar a fin de semana, que ademais están denunciados? É que teñen vostedes unha débeda coa Seguridade Social. ¿Van seguir así? Porque esa é a realidade, señor Almuíña. Ou con eses contratos dun turno, 8 horas, nos que o profesional ten que cubrir varias e diferentes vacantes en distintos servizos, e, incluso, señor Almuíña –que son uns heroes–, en distintos centros de saúde. ¿Esa é a protección e o cariño que lles dan vostedes aos profesionais e a que lles queren seguir dando ata o ano 2020? ¡Home, por Deus!

Mire, eu preguntome, señor Almuíña: ¿como pode vir aquí o Partido Popular presumir de orzamento para a sanidade cando o último Informe de Eurostat –non o digo eu, non o di o Partido Socialista, non o di esta deputada, senón o último Informe de Eurostat publicado pola Comisión Europea– demostra que todos os grandes países europeos invisten xa máis en sanidade que España? Nós estamos no 6,1 % do produto interior bruto, do PIB, pero a media europea, señor Almuíña, está en 7,2; ocupamos o posto 18 de 31, por detrás de Francia, de Alemaña, do Reino Unido. Vale. Pero é que tamén imos por detrás da República Checa, de Eslovenia e do veciño Portugal, señor Almuíña, que sempre imos de sobrados cando miramos os veciños, pois por detrás de Portugal.

Pero é que no futuro aínda vai ser peor, pois o informe que o Goberno do señor Mariano –ao que chamo así despois do que intimamos cando el decidiu dirixir a nosa vida sexual e reprodutiva– enviou a Europa aínda recorta máis ese orzamento, porque o vai deixar no 5,6 do produto interior bruto. Non sei se ese é o motivo de que esa estratexia da Estrate-

xia, antes de nacer, xa sufrira un recorte de 3.000 millóns de euros, e iso cóntenolo na próxima intervención.

E, mire, a estas alturas xa temos moi claro que vostedes van centrar a Estratexia para os próximos anos no mesmo que estiveron facendo nos anteriores, en seguir privatizando. E o que me gustaría é que nos explicara como van facer para pagar todo o xa privatizado e, moi especialmente, señor Almuíña, esa barbaridade intolerable do novo hospital PP de Vigo, privado e pequeno, mal que lle pese.

Tamén pretenden vostedes seguir despilfarrando (*Murmurios.*) –non se poñan nerviosos, sábeo todo o mundo– (*Murmurios.*) –hospital PP, pequeno e privado–. (*Murmurios.*) Miren, pretenden seguir vostedes despilfarrando fondos europeos ata o ano 2020, ¿verdade? E ¿como vai entender a xente –estes señores e señoras deputadas que se poñen tan nerviosos–, señor Almuíña, que vostede gaste millóns e millóns deses fondos europeos en non sabemos moi ben que, cando compran as xiringas nos chinos e hai queixas diarias de bebés, de nenos que son diabéticos e que os están lastimando... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Si, si, si, bueno, pois que me perdoen os chinos, pero nos chinos. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

Remate.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Igual que compran as mascari-llas, as gasas, etc., etc. Non é ningunha broma, e vostede sábeo, porque, ademais, iso ten repercusión, ¿non?, porque esas cicatrices despois impiden unha absorción correcta da insulina.

Pois ¿como van entender ese despilfarro mentres seguen comprando esas cousas? Porque eu non sei en que levan gastado tantos millóns. Vostedes fálannos de proxectos innovadores –actos de fe–...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...proxectos innovadores inútiles. E o que si temos claro é que son mediados por empresas

privadas e foráneas. Díganos: ¿cantos investigadores, cantos profesionais sanitarios e cantas agullas de insulina boas se poderían ter mercado con todos eses cartos?

O señor PRESIDENTE: Remate, remate, señora Acuña. Xa acabou o seu tempo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: —Remato—. ¿Cantos pediatras para levar a cabo ese programa do que vostede presume agora moito e anuncia moito da dor na infancia? Mire, sensibilizados coa dor da infancia estamos todos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...o problema é que non contamos con pediatras que a atendan.

O señor PRESIDENTE: Remate, remate. Remate xa.

A señora ACUÑA DO CAMPO: E a única estratexia —remato xa, presidente—...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...é, sen dúbida, que marchen vostedes e nos deixen traballar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías. Boa tarde, señor conselleiro.

Agradecerlle, en primeiro lugar, a súa presenza nesta Cámara para presentar a Estratexia Sergas 2020, que consideramos desde este grupo que debe ser o verdadeiro motor para o desenvolvemento da sanidade galega nos próximos anos. Xa ve, señor conselleiro, despois de seis meses no Goberno, que aos grupos da oposición non lles vale nada; o falar non ten cancelas; falan de todo menos do verdadeiro tema para o que vimos hoxe aquí, da Estratexia. (*Murmurios.*) Si, eu non

sei que quere a oposición que diga, se non é falar da Estratexia non sei de que queren que fale. Pero, bueno, como dixo vostede nunha intervención: se vén ao Parlamento, porque vén; se non vén, porque non vén.

Laiábanse os voceiros da oposición no ano 15, cando se avaliou a Estratexia Sergas por parte do conselleiro, de que se fixera un acto público antes da presentación no Parlamento, e agora é ao revés. Vostede, nembargantes, acode en primeiro lugar a este hemiciclo presentar a nova Estratexia 2020, poñendo en valor os cidadáns, aos que representamos os deputados e deputados desta Cámara, pero tampouco lles vale, ¡eh! Nin vostede nin este portavoz, señor conselleiro, imos xogar o partido embarrando o campo, iso deixámolo para outros, eu desde logo non penso. Trataremos de informar os galegos e galegas da Estratexia e da súa importancia.

De calquera maneira, vaime permitir contestar a algunhas cousas que dixo a oposición, aínda que sei que o fará vostede despois, porque hai cousas que son difíciles de entender.

Falar do persoal en Galicia, *Redacción Médica*, 25 de marzo —hai tres días— (*Murmurios.*): “*Los médicos andaluces están a la cola de retribuciones y a la cabeza en recortes*”. E no grupo de médicos de vinte anos de experiencia e con trienios e antigüidade son os médicos asturianos. Eu penso que nin en Andalucía nin en Asturias goberna o Partido Popular.

Hoxe mesmo, *Diario Médico*: “*Asturias quiere telemonitorizar a los crónicos en su domicilio*”. Vostede escoitou o que se dixo neste Parlamento do Hospital na Casa e outros proxectos innovadores da Xunta, ¡para que vexa!

E, señora Solla, falou do informe da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública; dáme a sensación de que non o leu de todo. En concertos, por exemplo, a Comunidade galega é a número 11 de 17; e nesas cifras inclúense, por exemplo, as persoas afiliadas a Muface, a Mugeju. Hai toda unha serie de factores ás pólizas privadas de seguros privados dos cidadáns, hai toda unha serie de factores; en concertos, dende logo, é a número 11 de 17, e figura nese informe.

Falaba vostede tamén de medicacións caras, que non sabe cales son. O outro día nunha conferencia o señor Vicente Ortún, economista de sanidade, falaba de que en España se

financiaban tratamentos do cancro que custaban 2 millóns de euros para manter un ano de vida; non sei se iso lle parece barato, ¡eh!; e el dicía, ademais, que el non era partidario diso; nós non estamos aí, ¡eh!

E, bueno, dos soldos dos profesionais xa lle falei, ¿non?, non teño que falarlle máis.

Das inundacións de Vigo, non sei se refírese a aquelas que aparecían nas redes sociais, que ao final eran de Asturias as imaxes, *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)* ou daquelas obstrucións que había, das que falou o conselleiro. *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Señor Fajardo, non interrompa.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...un decreto de xestión clínica... *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non interrompa.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...que o Decreto de... *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Fajardo, non interrompa; se non, teño que o chamar á orde. Empezamos. *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, pois chámoo á orde. Ten unha chamada á orde. Claro, porque, ¡vamos!, xa está ben. Ten unha chamada á orde, señor Fajardo, e non interrompa.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Esperamos, señor conselleiro, que as áreas de xestión clínica vaian para a adiante. Pensamos que é un avance, pensámolo os profesionais e pénsao moita xente. Novamente probablemente pois neste momento están paradas para volver retomar as conversacións cos axentes implicados, pero esperamos que vaian para a adiante. *(Murmurios.)*

Bueno, a señora Prado falou da publrreportaxe e dos titulares. E os profesionais bos, señora Prado, do sistema son a gran maioría, ¡eh! Niso creo que estamos de acordo.

Bueno, das urxencias xa debatemos en comisión o que é colapso e o que son sobrecargas, pero parece que non o queren ver. Eu levei a aquela comisión recortes médicos de sempre, pero, ¡vamos!, parece que soamente é culpa do Partido Popular.

E mellor, señor conselleiro, non fale de bipartitos, nós de bipartitos tivemos dabondo xa nesta Comunidade Autónoma, ¡eh! *(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)* Claro, señora Acuña, a Estratexia eu supoño que de futuro, non vai falar dunha Estratexia no pasado, entendo que teremos que falar do futuro, ¿non?

Din na prensa que os que piden eleccións anticipadas son vostedes e o grupo da AGE. Nós, en principio, non temos apuro ningún nas eleccións, eran vostedes. Non sei se coa situación actual do seu partido seguen interesados en apuralas tanto ou non, iso é unha cousa que tamén nos podería explicar. *(Aplausos.)(Murmurios.)*

E tamén poñer Portugal como exemplo da sanidade pública, onde houbo copagos toda a vida e se multiplicaron amplamente nos últimos anos, tamén é un exemplo idealísimo para falar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, bueno, señor conselleiro, imos ao tema.

Estamos de acordo con vostede en que o sistema público de saúde é un dos piares básicos do Estado do benestar. Xa queren outros países do mundo ter o sistema que ten España, xa queren outras comunidades ter a situación que ten Galicia. Por iso os galegos e galegas –como vostede dicía moi ben– interésanse pola sanidade e teñen unha moi boa opinión da sanidade pública. Xa dixo que máis do 73 % na enquisa valoraban o sistema como bo ou moi bo.

Os cidadáns tamén son conscientes do importante esforzo orzamentario –un 40 % dos orzamentos– e tamén son conscientes do traballo dos profesionais e das profesionais de todas as categorías, e tamén así o reflicten as enquisas. Pese ao interese de intoxicar a opinión pública dalgúns voceiros e colectivos, pese a ese catastrofismo apocalíptico que vimos de escoitar neste Parlamento –polo menos nesta última lexislatura–, non son quen de confundir os cidadáns, que valoran de xeito moi positivo a nosa sanidade.

Eu pódolle contar unha anécdota. O outro día recibín uns estudantes de Políticas e unha rapaza duns 20 anos dicía que

en Galicia nos hospitais había que levar as vendas e as gasas ao hospital, que non as poñiamos. Ben, sen comentarios. Dixo algunha outra cousa máis, pero non me dá tempo a contárllela. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero ten razón vostede, señor conselleiro: non se poden conformar e teñen que poñer todo o empeño en mellorar na xestión, na innovación, na participación dos cidadáns na toma de decisións, na sostibilidade do sistema sanitario e na humanización do modelo. *(Murmurios.)* Citou vostede unha cifra que quero volver dicir: 17.000 millóns de euros nos próximos anos. No Parlamento e na rúa os grupos falan de volver ás cifras do ano 9. Quero recordar a situación á que nos levaron as alegrías deses anos, como quedou a sanidade galega en facturas impagadas, en déficit, en infraestruturas non feitas ou non rematadas ou non dotadas. As cifras penso que deben volver ser as de antes cando estean sustentadas por uns ingresos que permitan mantelas. Non poden pretender que caíamos outra vez na mesma fosa que xerou a crise e da que afortunadamente parece que estamos empezando a saír. Non conten co Partido Popular, señores da oposición, para volver ao déficit; non estamos por iso nin para iso.

Valoramos de xeito moi positivo –aínda que a algunha voceira lle pareza mal– a participación de todos os estamentos implicados na elaboración da Estratexia. Todos colaboraron coas súas achegas á consecución dese documento, que completará e ampliará os obxectivos da pasada Estratexia Sergas 2014, documento que ten que contribuír ao mantemento dun sistema sanitario público, equitativo, solidario e sostible.

Explicouno vostede: desafíos e eixes. E eu creo que nos desafíos deberíamos de falar do tema da eficiencia. Falamos antes dos medicamentos caros. A hepatitis C nun ano custou –sábeo vostede mellor ca min– 75 millóns de euros; se non hai medicamentos caros, xa me dirá vostede.

O incremento da esperanza de vida, que é a consecuencia da mellora do sistema sanitario, provoca que haxa máis enfermos crónicos e polimedicados e incluso que aparezan patoloxías que non aparecerían de non chegar a esa idade. O custo das novas tecnoloxías, que todos coñecemos, e a existencia da propia cidadanía, que pide investimentos.

O mundo, desde logo, e a tecnoloxía avanza a un nivel que hai poucos anos nos parecería increíble, e o sistema sanitario

non pode quedar á marxe destes avances dos tempos, tense que transformar e modernizar de xeito constante para non quedar atrás. As novas tecnoloxías e as redes sociais son unha fonte de información actualizado ao minuto, e temos que conseguir entre todos que esas novas tecnoloxías se poñan tamén ao servizo da saúde da nosa poboación, con apps ou con outros mecanismos que permitan aproveitálas para usos e hábitos de vida saudables; ou calquera outra ferramenta que permita ou que poida contribuír á mellora da saúde dos nosos cidadáns.

Eu quería pedirilles desde aquí, que mo comentan os profesionais, se hai algunha posibilidade de implementar un sistema de voz para os sistemas informáticos das consultas, porque realmente se perde moito tempo, en ocasións, en escribir no ordenador, e eu penso que agora mesmo tecnoloxicamente non sería imposible.

A Administración ten a obriga de coidar da saúde das persoas nos dous aspectos: tratamento e prevención das doenzas. Pero tamén é responsable de xestionar con eficiencia e de manter a sostibilidade do sistema.

En Galicia estamos a conseguilo coa colaboración de profesionais e cidadáns. As medidas tomadas polo Goberno da Xunta foron quen de manter unha sanidade valorada moi positivamente pola cidadanía, a pesar da escaseza de recursos económicos que ocasionou a crise. Temos grandes profesionais –máis de 36.000– ao servizo da saúde de galegos e galegas, que tiveron que contribuír de xeito moi duro coa difícil situación económica que atravesamos nestes últimos anos, con minguas económicas e incluso ás veces profesionais, pero seguiron a traballar, multiplicando os seus esforzos e a súa dedicación, en beneficio da saúde de todos os cidadáns.

Desde o Grupo Parlamentario Popular agradecemos a todos eses traballadores e traballadoras, e a toda a cidadanía, a súa colaboración e o seu esforzo. Esperamos que a estratexia contribúa tamén a manter o noso magnífico sistema sanitario público.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Réplica. Conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Bos días de novo, señor presidente, señores deputados.

Eu veño falar aquí do meu libro. Contestarei despois as interpelacións dos diferentes grupos, pero si quero falar do meu libro.

Agradézolle ao señor Núñez a súa intervención. Ogallá puidéramos conseguir entre todos poder apartar do debate político a sanidade. Creo que sería un gran esforzo de todo o mundo para melloralala, porque é o ben máis importante que temos, pero desgrazadamente segue utilizándose como arma arrojadiza contra os outros grupos políticos. Creo que é triste, e deberíamos intentar cambialo.

Pero, como digo, veño falar da Estratexia 2020, que é o noso reto. O reto fundamental é mellorar a saúde da cidadanía, mellorar a calidade de vida de todos os nosos veciños, con eses 4 eixes estratéxicos, 20 liñas estratéxicas, 123 proxectos, dos cales –como dicía antes– 66 son novos e 57 veñen da estratexia anterior, 2014.

O que quero dicir, a modo de exemplo, para que poidan ver –non vou falar dos 123, pero si dunha mostra– a gran amplitude de actuacións que imos ter na consellería nos próximos anos, é que, por exemplo, na liña estratéxica 1, desenvolver intervencións de promoción da saúde e prevención de enfermidade cunha visión integral, imos pór en valor a atención primaria da comunidade, facendo programas de intervención e de diagnóstico comunitario. O enfoque cara aos problemas de saúde prevalentes. Dentro das infraestruturas, hai sete días exactamente inaugurouse, comezou a funcionar, o novo centro de saúde de Oia, un novo centro no núcleo da poboación, e esta mesma mañá asinamos xa o convenio para facer o novo centro de saúde en Salceda de Caselas. Creo que a aposta da consellería é clara, nas próximas semanas fará tamén a apertura do novo centro de Panxón, en Nigrán, e en breve tamén en Tui, en Pontevedra.

Nesa mesma liña estratéxica falamos de desenvolver intervencións da promoción da saúde e prevención da enfermidade cunha visión integral, como dicíamos, e un dos proxectos é ampliar o cribado colorrectal, que xa empezou en Ferrol e en Ourense, cuns resultados altísimos, con 2.094 colonoscopias e 31.911 tests entregados. É dicir, estamos

facendo campañas e imos ampliar a todas as EOXI de Galicia este programa que obtivo tan bo resultado.

Tamén falamos da liña estratéxica 2, mellorar a consideración e a accesibilidade da prestación dos servizos, do tempo de resposta asistencial. Falábase aquí, señora Acuña, de que o truco era que a prioridade 1 marcaba o que era a primeira consulta. Non, mire, hai as vías rápidas, que xa están funcionando desde hai un par de anos en Galicia e que este ano se van levar a todas as EOXI con sete vías rápidas, onde se marca o tempo máximo de espera, con consulta e con probas, ata o diagnóstico e o tratamento, vai o total. Desde logo, cremos que son unha prioridade fundamental as vías rápidas co tempo máximo de resposta.

A liña estratéxica 3 é orientar a estrutura de prestación de servizos cara ás necesidades dos pacientes e atención á cronicidade. Falamos dentro desta liña estratéxica do Plan galego de atención ao ictus, Código Ictus. Este Código Ictus vai cambiar unha parte moi importante da patoloxía cerebral que temos neste momento. O que foi a Hemodinámica hai 15 ou 20 anos, vaino ser a nova actividade, esa nova reorganización de atención ao ictus. Ata agora, o ictus era un tratamento practicamente de mantemento. Agora imos ser activos e imos tratar de ir resolver o problema de obstrución nos ictus cerebrais. Co cal, non só imos diminuír a mortalidade da xente, senón, moi importante, a morbilidade que crean os accidentes cerebro-vasculares en Galicia. E imos ser unha das rexións que imos por diante, tratando de avanzar en algo que cremos que é fundamental: diminuír a morbilidade e diminuír a mortalidade dos nosos usuarios.

Como dicía, a liña estratexia 3 é mellorar os pacientes crónicos: o Conecta Plus, o chamado tamén Conecta 72, que en 2015 afectou a 150.000 pacientes, cun 85 % de resposta. A cita telefónica, que agora mesmo goza dun seguimento importantísimo, onde unha parte do tempo dos médicos de Primaria o teñen dedicado á cita telefónica desas persoas que non se poden acercar ao centro de saúde, ou que teñen unha patoloxía ou unha dúbida sobre a súa saúde que poden resolver a través da liña telefónica. Pois esa cita é algo que neste 2015 se consolidou en toda Galicia.

Tamén imos elaborar o Plan galego da cronicidade, o Plan individualizado de atención. O Plan estratéxico de saúde mental 2017-2020 tamén preguntaban por el. Imos actuar

sobre fases precoces e sobre os programas de psicoxeriatria, importantísimos. Créase a sétima unidade nos próximos meses en Vigo. E tamén os programas infantoxuvenís, un problema evidente, un problema que nos importa moito, que é a saúde mental nas idades máis tempranas.

Tamén imos tratar de orientar a estrutura de prestación de servizos cara ás necesidades dos pacientes con esa atención á cronicidade e crear o rexistro de enfermidades raras. É un procedemento inicial para ter, digamos, unha foto real das enfermidades que temos en Galicia. E o primeiro paso, ademais das estratexias de actuación sobre elas, o rexistro de toda Galicia.

E como dicía tamén dona Carmen Acuña –que parece que nos escoita, polo menos– facemos a abordaxe integral da dor. Especialmente queremos actuar sobre a dor infantil, esa dor que ás veces pasa máis desapercibida dentro da patoloxía.

E tamén o Código Amable. Xeneralizar a todo o organigrama do Sergas ese trato, esa información ao usuario, como un protocolo establecido para que sexa homoxéneo a nivel de todo o Servizo Galego de Saúde.

Queremos tamén mellorar e ampliar o Programa de pacientes polimedicados; máis de 38.500 pacientes incorporados.

Ou tamén, na liña estratéxica 4, avanzar no empoderamento dos pacientes. Formar un paciente experto, un paciente competente; ese paciente que coñece perfectamente a súa enfermidade e é un axente activo para colaborar con outros familiares ou incluso con outros veciños.

Tamén mellorar o sistema de suxestión de reclamacións, o Sistema Queres, que está en funcionamento xa en moitísimas das nosas zonas de atención sanitaria e que imos, loxicamente, amplialo e levalo a todos os espazos, a todas as EOXI.

Na liña estratéxica 5, fortalecer a Escola Galega de Saúde para os Cidadáns, que está funcionando moi, moi ben; favorecer o Consello Asesor de Pacientes, onde hai moitos pacientes, integrados ás veces dentro de asociacións, que xa colaboran, dan información, fan suxerencias para a mellora do sistema sanitario. Os xestores podemos ter unha idea clara de como realizar o servizo sanitario, pero son os

pacientes os que nos orientan no tratamento final desa enfermidade.

Tamén queremos impulsar a xestión do coñecemento e da innovación ACIS, a Axencia galega do Coñecemento, que a señora Prado xa descualificou cando leva tres meses en funcionamento. Está empezando con moitísimos obxectivos, recollendo proxectos que xa estamos elaborando desde a Dirección de Saúde Pública e Innovación. Proxectos europeos, cinco en marcha neste momento, liderados, con 4,8 millóns para Galicia. A verdade é que temos moita ilusión coa innovación e coa xestión do coñecemento, e creo que esta axencia nos vai dar un arma máis para poder facelo.

Ou esa Plataforma de Innovación que son os Nodos de Innovación. Máis de cen ideas de proxectos recibidas, máis de cen profesionais colaborando.

Na liña estratéxica 7, mellorar a fiabilidade dos servizos, reducir a variabilidade e mellorar a súa coordinación. A robotización da distribución de dispensación de fármacos en ámbito hospitalario tena xa a señora Acuña en Ourense. O IANUS por procesos, que estará a punto a última versión de IANUS.

Por certo, cando se fala de que a atención primaria está totalmente abandonada, precisamente o IANUS foi o elemento vertebrador do sistema, a unión entre primaria e especializada. Non podemos falar xa de dous mundos separados. Están unidos, e unidos polo máis importante: a historia clínica do paciente. Pero imos seguir facendo unha evolución que mellore aínda máis as súas condicións. Ou tamén o Proxecto de Infección Cero nas unidades de coidados críticos, que está xa en todas as unidades críticas de Galicia.

A plataforma de saúde, que dentro de pouco será presentada, onde os usuarios, a través dunha tablet, a través dun móbil, poden coñecer a súa historia clínica, as súas analíticas, as citacións que ten pendentes, a súa historia farmacolóxica, os fármacos que ata ese momento foron receitados polo seu médico para que poida levalo en calquera momento e saber exactamente o que está tomando; e non só el, senón que os seus familiares poidan ter o control da súa historia clínica e dos tratamentos que recibiu ou que está recibindo nese momento.

Tamén en practicamente un par de meses teremos a interoperatividade da receita electrónica; é dicir que a nivel de toda España nós poidamos ir a calquera punto e utilizar a nosa tarxeta para poder recibir ese tratamento, como facemos agora mesmo aquí en Galicia.

O segundo eixo estratéxico, o que dicíamos da mellora dos profesionais comprometidos e coidados pola organización. Pois dentro diso temos unha serie importante, que é a liña estratéxica 6: impulsar a xestión do coñecemento e da innovación. Está a punto de crearse nun decreto a figura do investigador. Por primeira vez en Galicia –e creo que imos por diante dentro de España–, o investigador como tal ten unha consistencia, figura como unha categoría do noso modelo de sistema sanitario. É un modelo que pretende a estabilidade dos investigadores. Posteriormente tamén, como dicíamos, a Plataforma integral para potenciar a xestión do coñecemento.

En canto a favorecer a comunicación cos profesionais, cos usuarios e coa sociedade, esa liña estratéxica 8. Concurso aberto e permanente, fomento da mobilidade voluntaria, algo que está reclamado desde hai xa un tempo pola representación sindical e que entendemos que pode ser moi positivo para os traballadores. Ou ese punto de atención aos profesionais, soporte personalizado, o e-expediente, con 1,7 millóns de méritos rexistrados, xa neste momento máis de 7 millóns de accesos diarios e que diminúe o número de recursos e de reclamacións nos procesos. En Galicia temos actualizados os méritos das persoas que se presentan ás oposicións grazas a este sistema. Pero tamén o plan para promover o cumprimento de normas internas, potenciar o papel dos mandos intermedios en atención primaria, a avaliación de resultados dos servizos sanitarios –dicíamos de coidar os bos profesionais desde a entrada na organización, desenvolvemento profesional, recoñecemento público expreso e individualizado de cada un deles, as especialidades de enfermaría, a adaptación dos postos de traballo á especialización. Tamén o Proxecto ACUDE, iniciado como proxecto piloto en xa algunha das áreas de Galicia e que imos tratar de levar xa neste ano e, se non, entre este ano e o seguinte, para a protección de profesionais ante a violencia externa, que aínda que é pouco numerosa en Galicia, segue sendo sempre importante. E loxicamente un sistema retributivo onde prime o rendemento, a calidade asistencial e que a elección do paciente tamén estea presente.

A reorganización de categorías profesionais acorde ás novas necesidades e a estabilidade no emprego.

Hai xente que di que a OPE de 2016 é unha OPE pobre. Pois benditos sexan os pobres, porque creo que 800 prazas neste ano é un número importante, e tratamos de estabilizar, de que diminúa o número de interinidades, e cremos que se pode conseguir. Tamén tendo en conta que o sistema sanitario é un sistema que implica accións concretas en temporadas concretas por incremento da actividade asistencial. Nós temos que ser tamén áxiles á hora de dar resposta ás necesidades dos nosos pacientes. E hai períodos, como os famosos períodos de inverno, ou meses de inverno, con alta incidencia de episodios febrís, de agudización de enfermidades respiratorias, que temos que estar aí con eles.

Pero tamén, en liña estratéxica, por exemplo na 14 –empregar modelos de asignación de recursos para mellorar a equidade de acceso aos servizos, a trazabilidade do paciente, de imaxes radiolóxicas, de xestión de quirófanos ou, como dicía o señor Núñez, o tratamento da voz– xa estamos tratando un proxecto para poder facer os informes de forma moito máis rápida e que perda o profesional moito menos tempo. Temos xa no Sergas o cen por cento da imaxe médica xerada no Sergas xa dixital, e, desde logo, leva sobre todo a unha acción, a unha atención ao paciente, moito máis rápida, moito máis eficaz, con menor custo económico.

Pero tamén na estratexia número 15, por exemplo, estamos establecendo medidas de mellora da eficiencia do sistema para garantir a súa sostibilidade e imos por diante fronte a outras comunidades no fomento do uso de medicamentos biosimilares. A farmacia segue sendo importantísima.

Tamén facemos renovación de infraestruturas, das infraestruturas da información, pero tamén das infraestruturas directamente diagnósticas e de tratamento. A día de hoxe, nesta semana precisamente, ponse en marcha, onte púxose en marcha, o acelerador lineal do hospital de Lugo –para dicir que se está desmantelando o sistema sanitario galego–. E esta semana tamén queda en funcionamento o cuarto acelerador no hospital do Meixoeiro, de Vigo, outro hospital que tamén a oposición tremendista di que se está desmantelando. O curioso é que, desmantelándose como está desmantelándose, está a punto de finalizar a central de esterilización máis moderna de Europa, que ten un custo aproxi-

mado de 2 millóns de euros, no hospital que se vai desmantelar, o hospital do Meixoeiro. (*Aplausos.*) Entra en funcionamento o cuarto acelerador e proximamente, tamén nos próximos meses, instalarase o maior laboratorio, o laboratorio core do Complexo Hospitalario de Vigo. Aí é onde estamos desmantelando a sanidade por parte da Consellería de Sanidade.

É triste tamén que sempre sexan os portavoces de grupos políticos da área de Vigo os que falan mal da área de Vigo. Eu creo que a área de Vigo precisamente deu un salto de calidade nos últimos anos, e concretamente no último ano, grazas a esa reordenación total e absoluta, onde o hospital do Meixoeiro segue crescendo en investimentos, mellorando a área ambulatoria, (*Murmurios.*) onde o número de intervencións xa é maior que o ano pasado, e creando unha nova organización, dando resposta a área metropolitana de Vigo.

Pero, como dicía, non só falamos de complexos hospitalarios, tamén falamos da atención primaria. E curiosamente nesa área que segundo descrición da oposición destruímos, pois está a apertura hai unha semana do centro de saúde de Oia, proximamente o de Panxón e proximamente, en mes e medio aproximadamente, o de Tui. Para desmantelar.

Tamén é certo que algúns dirixentes nacionais destes grupos que están aquí na Cámara din, cando van ao hospital de Alorcón, que dá gusto que te atendan nun hospital público. Pois quero que vexan exactamente qué é o hospital de Alorcón. Non temos un modelo similar en Galicia, desde logo.

Cremos que non podemos falar dunha cousa e da contraria. Eu creo que dicía ao principio da intervención, desta segunda intervención, que oxalá utilizáramos o debate para mellorar a sanidade, pero non utilizando sempre criterios destrutivos e dicindo que todo está mal. Evidentemente, home, creo que non é demasiado razoable que, cando ti tes un paciente ingresado nunha UCI, se poña unha pancarta dicindo que hai risco de que morra ese paciente na UCI. Creo que iso non se debe permitir, nin aí nin en ningún lado. Polo tanto non se pode xogar coa ansiedade, co medo, co padecemento da xente que está ingresada nun hospital, nin co que pasan os seus familiares. Diso é o do que estamos en contra. (*Aplausos.*)

A señora Solla sempre fala da área de Vigo destrozada. Desgraciadamente, que o digan persoas que pertencen a esa área

de Vigo creo que é triste. Desde logo, estamos loitando a nivel de toda Galicia pola mellora. E tamén se fala do Bipartito. Dicía a señora Prado que o hospital de Vigo é coma o Bipartito. Non sei se era en sentido positivo ou en sentido negativo, porque ela pertenceu a un bipartito. Aquel foi un desastre. Desde logo, en Vigo non hai ningún bipartito, en Vigo hai un xerente xeral que é o que organiza a asistencia total e absoluta dun complexo hospitalario, e despois hai empresas que están subcontractadas que teñen que facer labores parasanitarios, que, por certo, xa as facían no Hospital Xeral de Vigo, no hospital do Meixoeiro, no Nicolás Peña, no CHUS de Santiago, no CHUAC da Coruña, porque todos os servizos parasanitarios desde hai moito tempo —e o Bipartito non o cambiou— son realizados por empresas externas. Pero iso non significa que o xerente non é quen mande, quen dirixa, a área sanitaria de Vigo. É así alí e aquí, en todos os lados. (*Aplausos.*)

En canto á atención primaria, nós consideramos que a atención primaria é importantísima. Eu son médico de familia, pero non o digo por ser médico de familia, por ser un discurso fácil, senón porque cremos niso. Cremos que é a porta do sistema, pero agora mesmo xa non falamos de mundos separados, non falamos da atención primaria como un mundo e a hospitalizada como outro mundo. Non é así, hoxe están interconectadas, a través do IANUS pero tamén a través do 061, a través da e-consulta, a través de todos os novos procedementos, das tecnoloxías novas que estamos sumando a este novo facer na sanidade galega.

E dicíamos, ademais, que somos innovadores, porque xa se recibiu por parte da Consellería premios pola compra pública innovadora, que igual non lles soa o que é, pero é algo importantísimo que vén —e utilízanse fondos europeos— para que se deseñen as necesidades que temos en cada momento, se presenten empresas que desenrolen ese proxecto e que despois a Consellería teña unha volta deses beneficios pola idea que partiu do sistema sanitario galego. E fomos, como digo, dos mellores, recibimos premios, felicitacións do Ministerio, dicindo que somos a comunidade autónoma que mellor ten utilizado este sistema.

Falar de urxencias é falar sempre do mesmo, é fácil falar de urxencias. Evidentemente a urxencias vai a xente, vai a xente porque se lle resolve os problemas. E, desde logo, a urxencia non se pode planificar, pero si se pode preparar

para que todo o sistema responda. E temos condicións. Cando se fala de camas pechadas, temos posibilidades en todos os nosos hospitais para facer aperturas en picos determinados que nosoutros imos utilizar.

Diciámos de Lugo. Creo que Lugo é un exemplo perfecto do que ten mellorado a sanidade en Galicia. Porque non sei se vostede, señora Prado, coñecía o Hospital Xeral de Lugo. Pois estivo ben nunha época determinada, pero evidentemente, se agora voltamos alí, podemos ter, a verdade, recordos que non son os mellores. Hoxe temos un gran hospital, con dous comarcais; agora mesmo un deles en proceso de ampliación, o de Burela, e o de Monforte con especialidades médicas que non había hai moi pouco tempo. Pero temos un HULA que potencialmente pode desenvolver moitísimas máis actividades, e están crescendo as actividades no HULA. Esta semana, onte, empezaron a radioterapia, a medicina nuclear nas próximas semanas, e a hemodinámica, que di vostede, é unha hemodinámica que mellorou moitísimo a calidade dos lucenses en todos os aspectos, na cardioloxía e na hemodinámica. Pero o rexistro, o Regalian que este Parlamento dixo que sería bo crealo —e aquí se creou a idea do rexistro—, desenvolveuse, e o que dixo é que, despois de seis meses, os resultados en mortalidade son moi bos, mellores que a media nacional, por debaixo da media nacional. E aínda encima non hai influencia pola localización dos pacientes.

Polo tanto, seguimos avaliando, seguimos rexistrando e imos tomar, como facemos sempre en sanidade, as medidas necesarias conforme a cidadanía ou os problemas de saúde nos diten en todo momento.

Dicián tamén que privatizamos. Eu queríalle volver mostrar a gráfica da privatización. Esta é a gráfica do Bipartito, señora Prado. Aquí subían. (*Murmurios.*) Isto significa que durante estes anos chegaron ao pico máis alto. Nós levamos baixando varios anos, varios anos baixando. E teño que dicirlle que ten que coñecer o decreto de listas de espera e de rexistro de pacientes, onde aí dá características dunha lista de espera e rexistro de pacientes. Iso está dentro da lei, iso está... Cando vós derivabades esta cantidade de pacientes aos concertados, dicían que aquel que non ía ao concertado pasaba ao rexistro de pacientes, exactamente como marca a normativa estatal sobre iso. (*Aplausos.*)

Mire, creo que a estratexia dá para moitísimo máis. Desde logo, imos publicala e imos facer que a poidan ter todos vostedes, e, sobre todo, que a teñan todos os cidadáns de Galicia para que poidan ver cal é o futuro desta sanidade. Xa sei que non queren que nós esteamos aquí, pero non o van ter fácil. Imos loitar por algo no que cremos, que é a sanidade galega, polo servizo público que se fai desde esta comunidade.

E, señora Acuña, respecto do de pequeno e privado, ás veces o tamaño non é o importante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Señor Almuíña, veu vostede falar do seu libro, pero estaría ben que antes nolo pasara para que o tiveramos lido e puideramos falar sobre o libro. Porque agora o único que consta aquí é a súa opinión sobre o libro, que foi o único que o leu. Polo tanto, moi mal. Cando se vai comentar o libro, primeiro hai que dalo a ler; se non, non hai comentario.

Segundo. Despois de todo o que dixo, hai un dato que o que di é que Galiza é a quinta comunidade con máis reclamacións en sanidade por negligencias, a quinta de todo o Estado. Polo tanto, non sei de onde saca vostede tanto o peito, porque é un dato que ofrece o Defensor do Paciente a nivel de Estado.

Falou tamén de que vai entregar non sei canta documentación. A min gustaríame que entregara un informe con estas denuncias que houbo na sanidade galega, estas queixas, por que foron, cales foron graves, con resultado grave, con resultado leve, e qué orixinou esas queixas. Porque eu estou segura de que gran parte desas negligencias e desas queixas veñen dadas pola falta de persoal para traballar nos servizos. Temos un persoal sanitario estresado, hipercargado de traballo e que non é capaz, sente unha auténtica angustia de non poder resolver as situacións que debería resolver, unha angustia que debería sentir vostede pero que se ve que vostede non sente e que soamente senten os traballadores e traballadoras da sanidade pública.

O señor Núñez Centeno comparábanos a sanidade andaluza e a de Asturias coa galega. Eu dígolle: e ¿por que non o facemos co País Vasco ou con Aragón? Claro, collemos o que nos interesa, cando nos interesa, pero tampouco falamos da poboación, do tipo de poboación. Hai moitas máis cousas.

E falando de poboación, de tipo de poboación e de situacións especiais, falou en xeral de Galiza como se todo o territorio estivese igual a nivel sanitario. A min gustárame que me dixera de todo iso como se vai repartir polo territorio, porque hai zonas do noso territorio abandonadas sanitariamente, total e absolutamente abandonadas; sobre todo no interior, onde non chegan por exemplo nin os servizos de ADO

Medicamentos caros que non se cobren, é certo, non o pode negar, pero tamén medicamentos que non son caros pero que non se poden consumir por moitas das persoas que deberían consumilos porque non os cobre a Seguridade Social, e para moitas persoas dez euros, cinco euros, oito euros á semana ou ao mes supón un custo inasumible. Tampouco, por non falar, non dixo nada sobre o transporte sanitario, tanto o transporte de ambulancias medicalizadas como doutras ambulancias como do transporte adaptado para ir aos hospitais, gran déficit dese hospital marabilloso que temos en Vigo, onde as persoas que necesitan transporte adaptado, autobús adaptado, para ir fóra da cidade de Vigo teñen que esperar moitas veces máis dunha hora ou hora e media para que collan o seguinte.

Falaba tamén desa plataforma onde as persoas van ter acceso á súa historia clínica, e os seus familiares. Eu espero que as medidas sexan o suficientemente seguras para que os familiares non poidan entrar por si mesmos. Pero non dixo que tamén estaba privatizada a través de Indra e Telefónica, outra nova privatización. Vostedes están colocando toda a tecnoloxía da sanidade pública en mans privadas, e eu non quero xa referirme ás unidades de xestión clínica, porque iso é un descaro. Por favor, falar diso como un éxito... Iso vai ser realmente poñer en mans privadas a sanidade pública para que mercadeen cos que poidan aforrar en función do material, do persoal que se utilice, para poder incluso competir.

E falando da atención primaria, non falou tampouco nada. Falou de que é a porta de entrada. A atención primaria é moito máis que a porta de entrada, a atención primaria é a

prevención, a atención primaria é a educación, a atención primaria é o seguimento, a atención primaria é o coñecemento da familia, do seu entorno, esa é a atención primaria, non é só a porta de entrada. Por iso vostedes abandonaron a atención primaria, e polo abandono da atención primaria atopámonos cos colapsos que nos atopamos en urxencias.

Privatizacións que levaron a manifestacións e a folgas no CHUAC, no HULA, no CHUVI, no CHOP..., en todos os “chops”, en todo o que empeza por “ch” tivo folga durante estes anos. E non é unha coña, é unha desgraza que neste país todos os hospitais públicos saíron en manifestación ou convocaron folgas en defensa dos postos de traballo da sanidade pública e en defensa da calidade asistencial. Non comentou nada sobre o CAR do Morrazo nin do centro de saúde do Hío, non falou nada sobre ese seguimento de pacientes crónicos, maiores, que non acceden a internet. ¿Como o van facer se non é a través de atención primaria? Non falou nada, en saúde mental, de sacar as persoas das institucións coa creación e tendo pisos tutelados para que poidan empezar a asumir unha vida independente e a controlar por si mesmos a medicación. Non falou nada da atención a lesionados medulares, que era un proxecto que estaba aí, que non temos en Galiza ningún centro de atención a lesionados medulares.

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Remátame o tempo, pero non quero rematar —se mo permite o presidente— sen referirme a dúas cousas. Non falou de rehabilitación. cunha lista de espera inmensa, e unhas sesións tan curtas que non dan resposta aos problemas das persoas.

En canto á violencia contra o persoal, violencia externa, responde á falta de persoal, o hartazgo da cidadanía de esperar vinte horas en urxencias nunha padiola, por exemplo, de ter listas de espera en atención primaria —a min pasoume en Vigo persoalmente, catro días de espera en atención primaria, tanto para consulta telefónica como presencial—... Diso vostede non fala, veu aquí a contarnos o seu libro, pero o seu libro é unha novela, non ten nada que ver coa realidade.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Non vou referirme, soamente vou perder uns segundos da intervención, á intervención do voceiro do Partido Popular. Non sabía que tamén viña comparecer el para dar conta da Estratexia 2020 ou que nos ía facer respostas ao resto de voceiros e voceiras. Lamentablemente non está vostede en disposición de facer ningún tipo de resposta, porque dado que na Comisión de Sanidade recentemente vostede dixo –dáme ata risa– que non había enfermeiras suficientes nas listas para cubrir as vacacións de verán e de Nadal, pois, dado o seu nivel de coñecemento de como está a sanidade pública, creo que xa vou pasar incluso de contestarlle, porque, ademais, aquí vimos á comparecencia do señor conselleiro.

Señor conselleiro, por certo, está moi ben que fale do seu libro e que nos explique algo da estratexia, porque a verdade é que, xa lle dixen, na primeira parte, diagrama, non contou nada, xa o leremos cando estea publicado, parece ser. Pero esta é unha comparecencia, vostede é o invitado, vén vostede a este Parlamento, e vostede ten que responder ás nosas preguntas, non ao revés. Non vén vostede para contar simplemente o que vostede queira, senón que, se vostede comparece, nós exercemos o labor da oposición. E, polo tanto, estaría ben que contestase ás dúbidas que se lle trasladaron; entre outras cousas porque cuestionan francamente a política que se fixo e que está a facer en sanidade. Pero, ademais, vostede non deu nin un ápice de ningún tipo de novidade de algo que vaian facer. É mais, eu xa lle dixen que trasladou unha contía orzamentaria que é falsa, porque dan vostedes a sensación de coma se se fosen implementar melloras ou incrementos orzamentarios cando en realidade vostedes fan unha estimación de cal é o orzamento anual aproximado de cada ano en sanidade, súmano e multiplícanlo realmente por cinco, ou sexa, xa dan a anualidade de cinco anos. E iso é o que vostedes din que van investir, realmente o plan é absolutamente fume.

E resulta bastante chamativo –non dixo vostede cales eran eses fármacos, espero que o faga posteriormente– que vostedes falen, xa lle dixen, cando seguimos agardando por eses fármacos da hepatite C para os enfermos e as enfermas que

residen en presidio. Pero, ademais, vostedes negáronse durante bastante tempo a proporcionar eses fármacos, e votouse en contra neste Parlamento de pedirlle ao Ministerio que proporcionase, que pedise, unha licenza obrigatoria de produci-lo de maneira xenérica. É dicir, aí habería aforro, non sabemos por que se votou en contra.

Tampouco sabemos por que votaron en contra, polo tanto, de eliminar a presión que fan os lobbies sobre os profesionais da sanidade pública para receitar uns ou outros medicamentos. Traslámanos unha iniciativa a esta Cámara, votouse en contra e, polo tanto, non entendo por que vostedes están preocupados por ese suposto gasto farmacéutico cando realmente non poñen nada da súa parte.

Ou deberían explicarnos tamén por que o Partido Popular, o Ministerio, firmou, antes de que rematase a lexislatura, un novo acordo con Farmaindustria para ligar o gasto farmacéutico ao produto interior bruto e salvar esas contas por se nalgún momento tiñan algún tipo de problema; por certo, un acordo que se prorroga durante anos.

Vostede falou de paciente experto. Ese tipo de neoloxismos –trasladou uns cantos aquí– é o que se coñece como “educación para a saúde”, e o problema é que iso se fai nesa atención primaria que vostede di que defende tanto pero que foi a máis recortada, eu creo que con diferenza, de todo o recorte xeral que englobou a Consellería de Sanidade nos últimos anos, que xa lle dixen que ascendía case aos 400 millóns de euros. É dicir, primeiro eliminan profesionais na atención primaria, recórtanlles os recursos, e logo queren que se dea educación para a saúde.

Dixo vostede que se creaba a figura do investigador –ou investigadora, supoño–. A min paréceme unha falla de respecto cando os investigadores e investigadoras están denunciando precisamente a precariedade nos seus contratos. Non é que se cree nada senón que vostedes teñen que darlle solución a unha situación precaria de persoas que teñen que buscarse, ademais, a vida para buscar financiamento para os seus proxectos porque vostedes deciden non aportar nada publicamente, votan sempre en contra das emendas que piden laboratorios, que piden incrementar I+D+i, etc.

E, por favor, falar do Meixoeiro e dicir que nos somos catástrofistas... A min tamén me apena que vostede non teña

coñecemento de como está o hospital sendo vostede o conselleiro. Debería pasar por aí. E esa inundación á que facía referencia o meu compañeiro é real. E ¿por que é real? Porque está todo absolutamente deixado, non hai só dúas salas pechadas, en Semana Santa pecharon unha máis. Vostedes eliminaron a REA, vostedes eliminaron os coidados intensivos, xa houbo varios problemas con varios pacientes que se puxeron mal nalgúns servizos e non había onde trasladalos. Iso é moi grave, e que vostede traslade aquí que todo está moi ben, bueno, non só é irresponsable pola súa parte senón que realmente pois non xera vostede confianza, sinto dicir-llo, e non en min, senón nin sequera nos profesionais. Porque unha persoa responsable, evidentemente, traslada as cousas tamén que están mal. Vostede non me escoitaría a min dicir aquí –nin aquí nin nos centros onde vou– que está todo mal. Hai cousas que están ben, pero probablemente non pola súa xestión, senón porque os profesionais traballan todos os días moi duramente. Non me escoitaría nunca a min dicir iso, pregúntelle ao seu xerente en Vigo, e pregúntelle por que –e remato xa, que creo que xa me pasei do tempo–, cando fomos de visita –eu mesma estiven con el–, ía polos pasillos dedicándose a arrincar os cartaces dos profesionais onde dicían que facía falta medios porque estaban coa lingua de fóra e non podían traballar. Iso é o que a vostedes lles preocupa, a imaxe. Pero a imaxe dá a medida de como teñen vostedes a sanidade. E, claro, pola contra, en vez de facerlles caso e falar con elas e eles o que fan é amoestalos, esa é a estratexia para o Servizo Galego de Saúde que vostedes teñen. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Dixo vostede, señor conselleiro, que viña aquí a falar do seu libro, como dicindo aquilo de dicide o que queirades que eu farei o que me dea a gana. O que pasa é que o libro non o escribiu vostede, vostede herdou o libro e podería ter sido coautor. Neste momento poderá, logo, asinar á marxe cando peche ao final desta lexislatura. Porque é que o libro viña escrito de antes, e cando a súa predecesora, unha das súas predecesoras no cargo, presentou a anterior Estratexia Sergas, dixo que viña a presentar a Estratexia Sergas, que eran cousas moi parecidas ás que dixo vostede. E, dentro dos eixos, textualmente di: “Establecere-

mos un modelo de colaboración cos centros sanitarios privados e sociosanitarios baseados no recoñecemento da achega do valor do sector privado”. Ese é o seu libro, efectivamente, ese é o libro ao que lle puxo título a señora Farjas, que resulta que a señora Rocío Mosquera seguiu e que vostede segue agora.

Efectivamente, vén falar do seu libro para o recoñecemento da achega do valor do sector privado. Do sector privado como subsidiario do público vostedes están convertendo o sector privado como principal na prestación da asistencia sanitaria. Por iso, efectivamente, manteñen os concertos con Povisa, un hospital, Povisa, onde os profesionais volven denunciar unha situación de falta de persoal, de quendas de traballo penosas, de poucos descansos, de sobrecarga, de estres, de merma da calidade asistencial derivada desta situación, de vulneración do concerto. Polo cal nesa área sanitaria de Vigo que pretendeu vostede poñer de modelo de non sei de que, a área sanitaria máis poboada, con máis listas de espera e con peores infraestruturas, vostedes fixeron un hospital privado que non tivera todas as prestacións nin toda a capacidade que tiña que ter para que non fora necesario Povisa precisamente para manter estas cuestións. Precisamente porque ese é o seu libro. É que dixo unha verdade, hoxe dixo unha verdade: que veu falar do seu libro. E ese é exactamente o seu libro.

Eu tamén vou dedicarlle un segundiño ao señor voceiro do Partido Popular, porque el vén aquí a falar de cousas serias, e o obxectivo do Partido Popular no Goberno é conseguir que os ingresos poidan permitir a sostibilidade do sistema, coma se iso fora unha cuestión de... Claro, do que vostede non quere falar, do que vostedes non queren falar nunca, é de cambiar as tornas, non queren falar de cambiar os ingresos, vostedes non queren falar de recadar doutro xeito, ¿a que non? Vostedes non queren falar de que pague máis quen máis ten, vostedes non queren falar de meterlle 9.000 millóns de euros á banca, e resulta que se lle poden quitar á sanidade privada. Claro, vostedes non queren falar de lexislar para que teñan o control público sobre os fármacos os estados e os gobernos. Non, vostedes aí non queren lexislar; non, non queren lexislar. Igual que non queren apostar pola investigación pública, para que non teñamos que depender deses laboratorios privados que logo nos poñen tan en vereda con eses fármacos tan caros. Pero é que vostedes aí non queren actuar; non queren actuar regu-

larizando a situación dos investigadores Miguel Servet, que llelo prometeron, e máis unha vez incumpren con eles. Non queren saber nada diso.

Logo vén o conselleiro e di que van facer un plan de investigación, onde ao mellor resulta que..., cando tiñan prometido xa esa estabilidade desde hai anos e non a cumpriron. Vostedes aí non queren, e logo veñen aquí como os formais, os que fan actuacións para garantir a sostibilidade do sistema, pero non para actuar onde hai que actuar, para que o sistema realmente sexa viable e estea ao servizo da maioría, non ao servizo duns poucos. Aí non queren actuar; non, non quere actuar, señor Núñez Centeno.

Mire, eu, pola contestación que vostede acaba de dar, de que en vez de lista de espera se chama rexistros... Vostede acaba de dicir que isto é certo, ¿non? Aquí pon: “días en cola de programación”. Entón, o que vostede chama rexistros, que, nas súas follas oficiais... Non sei quen é o responsable directo. Vostede é o máximo responsable; non sei quen, do seu equipo, é o responsable directo, se a xerente, esa xerente de hoxe de Ourense, que presume de que é a que mellor xestiona as lisas de espera... Non quero imaxinar como están as outras. Entón, aquí, do que vostede chama rexistros, que son días en cola de programación, di que existen.

Bueno, logo, despois desta comparecencia e de que igual conseguimos ir xantar, se o presidente nolo permite, o BNG presenta unha moción onde pide que se fagan públicos eses rexistros de programación. Quero pensar que xa que vostede reconece aquí que existen, pois que non teñan ningún problema no Partido Popular en votar a favor de que todos coñezamos eses rexistros, que son en realidade colas de programación, onde hoxe en Ourense hai máis de 300 persoas que levan dous anos; como mínimo, dous anos. Falaremos despois deste tema.

En resumo, señor Almuíña, o seu libro é que nunca un goberno fixo tanto dano á sanidade pública galega en tan pouco tempo. ¡Nunca un goberno fixo tanto dano á sanidade pública galega en tan pouco tempo!

Non me dá tempo a falar dos profesionais, eses que vostede di que ten que mimar, pero o único que fai...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...é telos sometidos a unha situación de presión asistencial indecente.

Gustárame rematar polas infraestruturas, moi brevemente, señor presidente.

Resulta que chegou Núñez Feijóo e o Partido Popular de novo ao Goberno da Xunta prometendo sesenta e algo centros de saúde; despois ían ser 45, logo foron 14, e, dúas lexislaturas despois, rematando a segunda lexislatura, vén o máximo responsable, que é vostede, señor Almuíña, e di que se vai poñer en marcha Oia, Pantón e Tui. A montaña pariu un rato, señor Almuíña, ¿que quere que lle diga!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

Bueno, señor Almuíña, vostede buscaba un monólogo, por iso utilizou o segundo turno para explayarse, pero cometeu un fallo: esqueceuse de responder. Tiña que ter atendido as nosas preguntas. Para o que si lle serviu ese monólogo foi para arrancar algún aplauso dos deputados e deputadas do Partido Popular, sufridores deputados e agobiados deputados, aos que me vai permitir que lles explique iso do hospital PP de Vigo, que non o acaban de entender. Mire, que é privado está clarísimo, e que é máis pequeno, é moito máis pequeno. Mire, foi reducido o número de camas un 31,8 %; un 31,4 %, a superficie dos quirófanos; un 55,5 %, a superficie de urxencias; e un 45,7 %, a de raios, sen falar de todo o que se suprimiu. O tamaño, señor conselleiro, si importa, e importoulles, e moito, a máis de 200.000 persoas que saíron a manifestarse en Vigo en contra dese hospital PP de Vigo, privado e pequeno.

Mire, eu sei que no fondo o que busca esta comparecencia é que os medios de comunicación, e sobre todo a tele Feijóo, recolla mañá ou hoxe o que vostedes queren que recolla, o que lle manden dicir. Pero doutro lado hai xente, hai xente que escoita e hai xente que pensa, xente que pensa como vai ser iso dunha unidade da dor pediátrica sen incrementar o persoal, sen incrementar os recursos, cando o seu neno ou a

súa nena non ten ningún pediatra próximo que o atenda; xente que se vai preguntar onde quedou o seu centro de saúde, porque, efectivamente, señor conselleiro, ían vostedes construír máis de 60 centros de saúde; que se vai preguntar que é iso do cribado de colon, que só chega ao 80 % da poboación galega, e noutras comunidades autónomas están moitísimo mellor, señor conselleiro.

Preguntáranse moitos profesionais cando escoiten a tele, ou lean o xornal, que como pode vostede vir aquí sacar peito con esa OPE. Mire, 800 prazas na OPE son nada, señor Almuíña, cando vostedes previamente fixeron un ERE –segundo os seus datos, porque nós os temos reclamado miles de veces e non nolos facilitaron– e suprimiron, xubilaron, a máis de 3.500 profesionais. Mire, fáltanlle 2.700 só para cubrir os que vostedes xubilaron aos 65 anos e un segundo.

Mire, estamos nunha situación económica moi difícil, si, si, e por iso, precisamente, é moi importante xestionar os recursos públicos con moito coidado, pero tamén, señor conselleiro –e isto esquécelle sempre ao Partido Popular–, con moita sensibilidade. Non é momento nin de aventuras nin de maquinitas nin de despilfarros, é o momento das persoas, señor conselleiro. Así que eu lle vou falar da Estratexia Sergas 2020, pero da que imos levar a cabo nós, dos obxectivos dun goberno de esquerdas, mirando e contando coas persoas.

E voulle falar do noso libro, señor conselleiro, e o primeiro que imos facer é repor a universalidade da sanidade pública. Ademais, imos traballar de forma progresiva para recuperar todo o privatizado, sobre todo o desastre do novo hospital privado e pequeno de Vigo. Incrementaremos o orzamento sanitario, buscando acercarse á media europea, abriremos todas as camas pechadas polo PP e estruturaremos a atención e as prestacións sociosanitarias.

Recuperaremos, señor Almuíña –vostede, que é profesional de atención primaria–, o Plan de mellora da atención primaria, o Plan de atención de saúde mental e de condutas adictivas e o Plan de atención á saúde da muller. Elaboraremos un plan de atención urxente, respectando –por certo, señor conselleiro, recoméndollo–, a actual ubicación do 061 e un plan de coidados paliativos e atención á enfermidade terminal que chegue a todo o territorio. Recuperaremos as áreas sanitarias, centradas nos hospitais comarcais, con todas as

competencias que tiñan, e integrando a atención –claro que si, pero onde se ten que integrar– na atención primaria.

Finalizaremos a asunción pola Administración autonómica das infraestruturas sanitarias, tal e como recolle o Pacto local. Elaboraremos un novo plan de recursos humanos, cunha taxa de reposición do 100 %, coa recuperación da eliminada e desaparecida carreira profesional, e, sobre todo, coa elaboración e desaparición inmediata deses contratos eventuais vergonzantes.

Faremos unha auditoría inmediata das listas de espera, coa publicación continua da espera real. Aseguraremos a igualdade no acceso aos tratamentos oncolóxicos e da hepatite C para toda a poboación, incluída a reclusa, e incluiremos no calendario vacinal...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...a vacina da meninxite B, esa que mercan na veciña Portugal sen ningún problema, señor deputado.

Recuperaremos e fomentaremos a innovación e a investigación sanitaria, si, pero pública e galega.

¿Internacionalización? ¿Compra pública e innovadora? Claro que si, señor conselleiro, pero mire, vostedes, coa súa xestión, o único que internacionalizan son os nosos profesionais, tanto os médicos e médicas como todos os profesionais de enfermería, e, desgraciadamente, tamén todos e todas as nosas investigadoras.

Mire, todo isto, señor Almuíña, non se recolle –e rematou– nada na súa Estratexia, e por iso necesitamos que vostedes marchen para comezar a traballar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bos días outra vez.

Señora Solla, o primeiro que lle quero dicir é que supoño que o Grupo Popular terá dereito a expoñer a súa opinión sobre este tema. Eu non sei o concepto de democracia que teñen vostedes, pero creo que temos dereito a opinar.

E á señora Acuña soamente unha cousa: sufridores e agobiados eu vexo máis pola banda de alá que pola banda de aquí, polo menos polo de agora (*Aplausos.*)

Bueno, grazas, conselleiro, polas explicacións dalgúns proxectos da Estratexia. Nós comprendemos que probablemente é moi ampla e que non ten tempo para todos.

Desde logo, escoitando o discurso dos grupos da oposición, temos claro que isto é un *déjà vu* do debate do 28 de setembro do ano 2010 na presentación da Estratexia Sergas 2010, e do pasado ano 2015, cando se presentou a avaliación de resultados da dita Estratexia.

No primeiro debate do ano 2010 había menos portavoces e non eran os mesmos, pero escoitábase o mesmo discurso que no día de hoxe. Daquela dicíase: “O plan non aporta nada novo, non compromete ningunha actuación”. Falábase xa de listas de espera e de déficit da atención primaria e de prevención de enfermidade, da baixa implantación da receita electrónica... Si, señor, somos a primeira comunidade que a tivo ao cen por cento, fomos a primeira comunidade que permitiu non pagar aos pensionistas o copago, e resulta que iamos atrasados. ¡Como irían os outros, señor conselleiro! ¡Debían de ir ben! Falábase tamén de infraestruturas que non se ían construír, e dicíase, por suposto, que todo era propaganda.

Non o poderán crer, deputados e deputadas do Grupo Popular, pero acusábase o Goberno do Partido Popular de retrasar a apertura do hospital de Lugo, aquel que nin abría nin rematara o Goberno anterior, e que, por certo, nin contemplaba hemodinámica nin radioterapia nin medicina nuclear.

Falábase tamén dos 40 centros de saúde que deixara listos para empezar a construír o Goberno bipartito. Si, señorías, aquel goberno de “faremos” pero non “fixemos”. (*Aplausos.*) Pero como ese goberno de “faremos” pero non “fixemos” estaba tan próximo, estaba tan recente, o portavoz Popular daquela e a conselleira non tiveron que facer grandes esforzos para refrescar a memoria dos presentes, recordándolles: os últimos postos en valoración nos que se atopa-

ba a sanidade galega no ano 2009; a desfeita do hospital de Lugo; a situación das listas de espera nese ano 2009, con máis dun 21 % dos doentes esperando máis de 6 meses para a consulta de especialista, ou 40 días en prioridade 1; un gasto farmacéutico dos máis elevados de España, coa porcentaxe de uso de xenéricos máis baixa; un hospital de Vigo sen empezar, e hoxe, afortunadamente, rematado; unhas cifras de utilización de radioloxía, TAC e resonancia magnética elevadísimas, comparadas coas doutras comunidades autónomas –iso ten custo e dano para os enfermos–; un importante aumento de concertos coa privada –aos que xa se referiu aquí–, reducidos posteriormente polos gobernos do Partido Popular; un plan de atención primaria. Fálase do Plan de atención primaria. Daquela fixérase unha enquisa entre profesionais, e, preguntando cal era o avance máis importante de mellora da primaria, os profesionais dixerón que o 1 % era o plan, o 50 % era o IANUS e o 28 % a introdución das tecnoloxías da información. Nin un só centro de saúde durante todo ese período de goberno, etc., etc., etc.

Chega o ano 2015, este portavoz xa é deputado e asiste ao debate, volvemos ás mesmas. Vólvese falar dos mantras habituais: privatización, deterioración da sanidade pública, copagos, publicidade, propaganda, recortes, listas de espera...

¿E cal é a realidade? A cobertura sanitaria a inmigrantes, co programa especial de saúde pública, o IANUS e a receita electrónica ao 100 %; as listas de espera xestionadas por prioridades, con implantación de vías rápidas, consultas de alta resolución e mellora moi importante dos tempos de espera; o catálogo de medicamentos e a utilización de xenéricos, que ronda o 45 %; o Hospital público Álvaro Cunqueiro de Vigo en funcionamento e a reforma e ampliación doutros hospitais; a renovación da tecnoloxía sanitaria do Sergas; o aumento da esperanza de vida e a diminución das taxas de mortalidade en Galicia, que contradín a apocalipse sanitaria que se nos quere facer ver a todos os galegos e galegas; o incremento da actividade cirúrxica, da total, da programada, dos centros de saúde; o aumento da capacidade resolutiva da primaria; menos número de urxencias hospitalarias; máis número de urxencias atendidas en primaria, e unha derivación que ronda o 9 % ao hospital; o incremento do número de consultas externas con diminución da demora; a diminución da asistencia ás urxencias hospitalarias; e o barómetro sanitario, cunha cualificación que non é comparable á que tiña no ano 2008.

A Estratexia 2010-2014, xunto co traballo dos profesionais, fixo posible esta mellora da asistencia sanitaria. Por iso, señor conselleiro, agradecemoslle a súa presenza, e instamos a vostede e a todos os técnicos e profesoras do sistema a traballar para o desenvolvemento da mesma para acadar un grao de cumprimento dos obxectivos previstos do máximo nivel posible. Esperamos que a Estratexia 2020 teña aínda máis éxito que a do 2014 e que mellore tamén a situación actual no 2020, como a mellorou entre o 2009 e o 2014.

Desde logo, o que si que teño claro é que os galegos e as galegas son moito máis espabilados e teñen moito máis sentido que o que pensan na oposición e que volverán dar ao Partido Popular a maioría suficiente para gobernar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Para pechar esta comparecencia, señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): Grazas, presidente.

Señores deputados.

Como ben saben, o panorama sanitario está evolucionando, estamos ante un escenario diferente ao que tiñamos ata hai ben pouco tempo, no que o sistema se centraba fundamentalmente no manexo de enfermidades agudas. O envellecemento da poboación, derivado, entre outras cousas, do éxito social e do propio sistema sanitario para mellorar a supervivencia, xunto coa cronicidade das enfermidades, obríganos a cambiar. Na Estratexia Sergas 2014 xa demos pasos na dirección de xestionar este novo escenario, mais tiñamos que continuar esa evolución.

Traballamos na súa avaliación con ilusión e co obxectivo de facer un sistema mellor, revisando todas as actuacións postas en marcha con espírito crítico, co afán de reforzar os acertos e repensar todo aquilo susceptible de mellora.

Foi un proceso participativo. Contamos con achegas de axentes internos como externos. Invitamos a participar –como sinalei na miña primeira intervención– profesionais,

usuarios, estudantes de medicina e enfermmería, os consellos asesores, os membros da Comisión parlamentaria de Sanidade e sindicatos e tamén representantes de empresas. Con todas esas aportacións buscamos construír unha auténtica guía para definir onde queremos chegar, onde queremos que estea o sistema sanitario galego dentro doutros cinco anos.

Esta Estratexia ten o obxectivo fundamental de mellorar a saúde dos galegos a través da prestación de servizos sanitarios efectivos, eficientes e de calidade de forma equitativa, accesible e sustentable, consolidando a innovación tanto tecnolóxica como na implantación de procesos integrados que garanten a súa continuidade asistencial.

Quero resumir de novo o fundamental da Estratexia que hoxe presentamos: que a misión nosa é mellorar a saúde dos galegos. Para continuar avanzando na consecución deste obxectivo, identificamos catro eixes ou obxectivos estratéxicos que contribuirán a mellorar a saúde dos galegos. Son os que detallei na miña primeira intervención. Unha vez definidos eses eixes, será necesario precisar as diferentes liñas estratéxicas que o desenvolverían. Estas liñas poden en moitos casos estar a contribuír a desenvolver máis dun eixe estratéxico, pero, por ordenar o documento, cada liña estratéxica asignándoa ao eixe no que máis impacto pode ter.

Unha vez establecidas as liñas, definíronse os proxectos como ferramentas operativas para o desenvolvemento da Estratexia. Como é normal, cada proxecto pode estar relacionado con varias liñas estratéxicas e, polo tanto, varios eixes. Para a orde do plan, cada proxecto asignouse ao eixe estratéxico que máis se adapta a unha liña estratéxica que desenvolve principalmente.

O resumo final desta estrutura reflicte que nunha organización tan complexa como o Sergas todos os proxectos interaccionan cos diferentes obxectivos estratéxicos e, polo tanto, como contribúen a desenvolver varias liñas estratéxicas, aínda que nalgunha ten sempre un impacto maior, e así se ordenou a listaxe de proxectos.

Con estes proxectos queremos continuar os cambios que necesita o sistema para facelo máis forte, para superar os desafíos que sen dúbida ten que afrontar: o envellecemento da poboación, a súa pluripatoloxía, tecnoloxía e fármacos cada vez máis caros, adaptación ás novas tecnoloxías da

información e da comunicación, pacientes cada vez máis informados, cada vez máis implicados na decisión sobre a súa saúde e enfermidade, as necesidades ineludibles da prevención e da promoción da saúde e accións cada vez máis transformadoras no estrito ámbito sanitario e as novas regras de xogo cos provedores sanitarios.

Tamén dentro destas liñas de principios reitores do Servizo Galego de Saúde, un sistema que pensa na cidadanía por encima de todo, temos que incidir na accesibilidade e na equidade das prestacións sanitarias para toda a poboación de Galicia. Para conseguir este obxectivo, temos que ser quen de seguir co proceso de adaptación ás novas tecnoloxías de información e comunicación co fin de establecer relacións de verdadeira cercanía entre os niveis asistenciais e para conseguir unha relación entre médico e paciente dunha nova medicina que se encontra en evolución continua.

A Estratexia ten tamén como obxectivo poñer en valor os bos profesionais e incidir no desenvolvemento da excelencia profesional. Queremos seguir mellorando na continuidade asistencial, fomentando o traballo conxunto entre niveis profesionais. Aspiramos a estandarizar a práctica clínica para reducir a súa variabilidade e a personalizar os servizos en función das necesidades obxectivables dos cidadáns. Neste sentido, a Estratexia avoga por adaptar os fluxos de atención ás diferentes tipoloxías do paciente, xa que o sistema está agora organizado por especialidades médicas e categorías profesionais, non polas necesidades dos usuarios.

Por último, a iniciativa busca lograr a máxima credibilidade dos responsables do sistema para mellorar a comunicación dos profesionais e coa cidadanía, a favor da implantación de novos proxectos, reforzar criterios organizativos e de xestión que sexan homoxéneos e coherentes, desenvolver sistemas de información que permitan a avaliación e a toma de decisións e asignar os recursos en función dos resultados en saúde.

Seguiremos, en definitiva, traballando na integración asistencial, na propia estrutura, na implantación de plans de actuación nos dous niveis asistenciais, utilizando todas as ferramentas que xa temos postas en marcha e que facilitan a actividade no presencial, a comunicación, e que, en definitiva, aumenten a capacidade resolutiva da atención primaria. Parte destas actuacións vanse facer con desenvolvemento de programas que van utilizar ferramenta de fogar dixital e

Hospital na Casa, nas que o paciente tamén ten un papel relevante.

Queremos conxugar o técnico, a especialización e o humano. É por iso que non podemos esquecer un aspecto moi importante: a relación coas asociacións de pacientes. A súa participación é un obxectivo claramente estratéxico. Queremos incorporar a súa voz, a súa visión e as súas inquedanzas; aspiramos a ser un servizo de saúde aberto a eles, a seguir fomentando a súa participación e a abrir os hospitais e os centros de saúde á sociedade. A intención é dar resposta e soporte a un número crecente de asociacións de pacientes, cuxo papel en relación coa nosa organización modifícase co paso do tempo, adquirindo dimensións cada día máis importantes. Queremos incorporalos de forma decidida e definitiva e conseguir pacientes cada vez máis formados e informados, pacientes máis expertos e competentes no seu autocoidado.

É necesario renovar a dinámica de funcionamento do Consello Asesor de Pacientes. Como mínimo, o noso obxectivo é manter a súa actividade actual como órgano asesor da Consellería e seguir dando soporte ás súas demandas formativas, así como apoiar institucionalmente os seus avances e actos oficiais.

En esencia e resumo, e dadas as características sociodemográficas da nosa comunidade, cun acusado envellecemento poboacional, apostamos por un sistema adecuado de atención ás enfermidades crónicas. A importancia da atención aos pacientes crónicos, tanto pola súa incidencia como polo impacto da mesma no sistema, determina as necesidades dunha reenxeñería na súa asistencia. A base da mesma establécese así mesmo na atención primaria e deberá alcanzar a máxima eficiencia posible, evitando a duplicidade de probas e a viabilidade diagnóstica e terapéutica e previndo os ingresos hospitalarios.

Para iso será necesario desenvolver unha filosofía asistencial baseada nos procesos asistenciais integrados e unha dinámica de traballo diferente entre os profesionais, onde se teña unha visión máis global da súa complexidade e do seu contorno, anticipándonos ás súas necesidades e actuacións puntuais nas fases agudas, sen esquecer as lexítimas vontades do paciente. Tamén fai necesaria a aplicación das novas fórmulas de xestión, nas que se debe incorporar o paciente, dotán-

doo de coñecementos e habilidades que lle permitan participar e corresponsabilizarse das decisións sobre a saúde.

Imos ben encamiñados, seguimos avanzando, aínda que quede moito por avanzar. Hai un proverbio africano que di que se queres ir rápido camiña só, pero se queres chegar lonxe camiña acompañado. Por iso quero finalizar dando as grazas a todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade, ao meu equipo –que hoxe está aquí presente– e ao mellor estímulo e impulso para seguir traballando pola mellora da saúde e da calidade de vida dos galegos e das galegas.

E, para finalizar, porque quedou no debate que Galicia queda atrás na sanidade con respecto a Europa, a min gustárame que os deputados puideran viaxar e falar da sanidade alemá, a sanidade portuguesa ou a sanidade deses países que se di que están por encima de nós. Eles, cunha sanidade e un nivel parello, pagan polos servizos, e un alemán ten que pagar cada día de ingreso hospitalario, un portugués paga polas urxencias e pola atención médica; ese portugués que tivo un problema: tivo un goberno que non soubo cortar a crise económica e que tivo que ser intervido por Europa.

E dicía a señora Prado que non houbo un goberno que fixera tanto dano á sanidade como o actual. Eu creo que houbo varios. Ela participou no Bipartito aquí en Galicia (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*), pero todos sufrimos a situación que ocasionou o señor Zapatero en España e que a día de hoxe aínda estamos pagando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as dezasete horas.

Suspéndese a sesión ás tres e corenta e catro minutos da tarde e retómase ás cinco da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto terceiro da orde do día.

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as

actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera do Sergas, a derivación de doentes da sanidade pública de Galicia a centros privados e a constitución e convocatoria dos consellos de saúde de área

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

No anterior Pleno o Bloque Nacionalista Galego interpelaba o conselleiro a respecto da situación das listas de espera na derivación de doentes á sanidade privada. É evidente que a aprobación en solitario por parte do Partido Popular da Lei de garantías sanitarias tiña, e ten, como único obxectivo darlle rango de lei á derivación de recursos e de doentes á sanidade privada, co cal o que significa é o mantemento da sanidade privada con recursos públicos.

Consecuencia desa interpelación hoxe o Bloque Nacionalista Galego presenta unha moción na que demandamos, fundamentalmente, dúas cousas: que os recursos da sanidade pública estean operativos en tanto existen recursos públicos, non deriven nin fagan uso deles á sanidade privada, e logo o que demandamos é transparencia.

No anterior Pleno o voceiro de sanidade do Partido Popular dicía que referido ao rexistro único de infarto agudo de miocardio, que era moi importante ese tipo de cousas, porque estamos en tempo de transparencia, dixo textualmente o señor Núñez Centeno que estamos en tempo de transparencia; pois o que hoxe demanda o BNG é transparencia.

Co cal eu agardo que a iniciativa que pon cuestións concretas de transparencia sexa apoiada polo Partido Popular, porque se non teremos que chegar á conclusión de que transparencia é unha palabra que lle soa bonita ao Partido Popular, mais que non está disposto a facer ningunha actuación que derive de que a mesma se converta en ningún feito palpable.

Entón, a iniciativa que presentamos, a moción, o primeiro que demanda é facer públicas de inmediato a totalidade das listas de espera do Sergas, tanto estruturais como non estruturais. Eu non sei se é necesario que me admitan unha emen-

da *in voce*, derivada da intervención do conselleiro de hoxe pola mañá, que falaba de rexistros, pois se lle parece que tamén introduzamos aquí a cuestión de listas estruturais, non estruturais, de todos os rexistros de doentes existentes que ten o Sergas.

Eu tamén xa lle dicía á mañá na comparecencia ao conselleiro, que lle insistín teimudamente, que fixera e dixerá cal é a situación real das listas de espera, se as listas publicadas na páxina do Sergas, que como todos e todas sabemos pasou de haber unha publicación trimestral a agora soamente facer unha publicación semestral, é dicir, só dúas veces ao ano; supoño que esa é a transparencia á que se refire o Partido Popular. Pois todos e todas intuíamos a existencia dunhas listas moito máis avultadas e non estruturais, a existencia de auténticas listas B, listas B que hoxe –insisto– o conselleiro xa lles puxo nome, chámalles rexistros, non lles chama listas de espera.

Resulta que o BNG tivo acceso á información das listas de cola de programación –chamadas así oficialmente– da EOXI de Ourense, que son referidas a toda a provincia de Ourense. Aí é onde está, efectivamente, reflectida a realidade, a realidade de como a pesar do discurso do Partido Popular de pretender enganar continuamente facendo referencia á baixa da lista de espera, fai referencia única e exclusivamente á redución da lista de espera no que dá en cualificar prioridade 1, que son aquelas cousas practicamente de vida ou morte, cancros e cuestións de urxencia maior. A realidade é que todo o resto non fai máis que aumentar.

Dicía que ata o de agora tiñamos a intuición, faciamos proxeccións máis ou menos de cal podía ser a situación real das listas de espera, mais agora, cando menos, temos a constatación real de cal é a situación real das listas de espera dunha EOXI que, evidentemente, se en Galicia hai 7, podemos facer unha prospección de cal é a situación real en Galiza. Co cal se na EOXI Ourense-Verín-O Barco o que ten colgado o Sergas na súa páxina web no mes de decembro do ano 2015, nese segundo semestre do ano 2015, son que existen 3.215 persoas en lista de espera, e a realidade é que hai 8.859, entón se facemos unha prospección en Galiza pode haber unha media de 100.000 persoas doentes en lista de espera, porque esas 3.500 persoas que publica o Sergas significan o 40 % do real desa EOXI, significan o 40 %, o 100 % serían esas 7.859.

Co cal se para toda Galiza o Sergas colga que hai 37.442 persoas en lista de espera, sumando as de Povisa, que todos e todas sabemos que son as máis avultadas, iso significa o 40 %, e o 100 % significan practicamente 100.000 persoas; é dicir, un auténtico escándalo. Igual que é un escándalo que recoñeza que a espera media na EOXI Ourense-Verín-O Barco é de 43 días, cando a espera real nas súas páxinas reais de cola de programación é de 153,62 días.

Esta é a realidade das listas de espera e do Sergas, co cal nos parece máis que razoable. Hoxe o conselleiro non negou que estas listas non foran auténticas, dixo simplemente que son rexistros, pero son auténticas, co cal disto ten deducirse que o que demandamos na nosa iniciativa, que é facer públicas de inmediato a totalidade das listas de espera, debería converterse nunha obriga que xa debería partir do propio Partido Popular, cando todos os días nos quere facer falar de transparencia. Co cal eu agardo o voto positivo.

¿Que máis demandamos? Ter operativos todos os recursos de que dispón o Sergas: camas, quirófanos e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñibles susceptibles de ser usados nos centros públicos. ¿Por que pedimos isto? Pois por unha cuestión lóxica, mentres existe esta lista indecente de persoas en lista de espera cirúrxica, ¿isto que significa? Que son persoas que un facultativo especialista dixo que tiñan que ser sometidas a unha intervención.

Non é un doente que hai por alí e se apunta e colle número, son persoas que un especialista dixo que tiñan que ser sometidas a algún tipo de intervención cirúrxica. Pois mentres iso sucede en Galiza no sexenio, xa practicamente sete anos que leva gobernado o Partido Popular dende que volveu á Xunta de Galicia, tense reducido o orzamento máis dun 12 %, máis de 1.200 millóns de euros acumulados gastados menos na sanidade pública, e máis de 600 camas hospitalarias dos centros públicos reducidas, desas camas que pechan no verán coa excusa de que hai menos presión existencial, pero que logo nunca volven abrir. A suma de todos eses peches que nunca volveron abrir son de 600 camas menos en seis anos na sanidade pública de Galiza, o cal non é de recibo que iso pase.

Por iso demandamos que estean dispoñibles todos os recursos. ¿Que máis demandamos? Recuperar a totalidade das prazas de persoal do Sergas eliminadas desde o ano 2009.

Non é de recibo que coas taxas de reposición continuas e constantes se leven eliminado case 3.000 prazas de persoal ao servizo do Sergas no noso país. Iso non significa peor calidade asistencial, iso significa presión asistencial por parte dos profesionais, iso significa peor calidade asistencial, co cal para que teñamos unha sanidade pública en condicións sen recursos humanos, sen persoal necesario, non é posible unha sanidade pública en condicións, por iso esa é a nosa petición.

¿Que máis demandamos? Rematar de inmediato coa práctica de sacar das listas de espera estrutural os doentes que rechacen ser derivados a centros privados ou outros centros concertados. É dicir, que todas aquelas persoas que cunha razón xustificada non acepten ser derivados ou non poidan ir o día que os chaman a facer unha intervención, que non sexan sacados da lista de espera. E nestes momentos tamén xa temos probas de que isto está a pasar.

Temos, por exemplo —está colgado nas redes, pode acceder calquera—, o caso dunha doente que entra en lista de espera en setembro do ano 2013, que en agosto do ano 2014 a chaman para ir a un centro concertado, di que non, que quere ser intervida na sanidade pública, e como consecuencia nunca máis se soubo dela,...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...pero o propio Sergas mándalle unha comunicación dicindo que só consta en lista de espera o tempo que estivo ata que lle ofreceron derivala á sanidade privada. É dicir, que máis de dous anos esperando a que a chamen e resulta que non computan, porque só lle computa o tempo que está esperando antes de que a chamen para unha intervención na privada.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Podemos tamén falar —e remato xa— da situación e das comunicacións que lles mandan ás persoas que por calquera razón non poden acudir a unha cita no día concertado, chámanas de hoxe para mañá, resulta que non podes ir e como consecuencia dinche que xa te volverán chamar, e nunca máis se sabe.

En resumo, o que pedimos é transparencia, o que pedimos é que os recursos públicos estean operativos, o que pedi-

mos é que non Parlamento galego se presente no prazo máximo de...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...dous meses un informe coas derivacións á privada, e o que pedimos é a constitución dos concellos de área, que é onde a sanidade pública debería dar contas á sociedade de cal é a súa actuación...

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Prado.

Intervención dos grupos parlamentarios. Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Imos votar a favor desta moción, en primeiro lugar porque é necesario que se fagan públicas as listas de espera do Sergas, as estruturais e non estruturais, como se reclama, posto que este Goberno finaliza o seu mandato incumprindo o tope legal de espera de 60 días para intervencións cirúrxicas que marca a Lei de garantías sanitarias que aprobou o Partido Popular en solitario, e que aínda así incumpre.

Segundo os datos do Sergas, a lista de espera hospitalaria, a decembro de 2015, a media de espera foi de 78,8 días; é dicir 18,8 días máis do que marca a lei. O hospital Povisa, como xa dicía a voceira do BNG, adscrito á rede do Sergas, que atende a persoal público, segue castigando os seus pacientes cunha lista de espera maior que chega aos 139,4 días, fronte aos 78,8 da sanidade pública. A Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública denunciou que mentres o Sergas informa que os pacientes en lista de espera cirúrxica son 7.354, na realidade son 20.356; é dicir, 3 veces máis do que o Sergas recoñece.

A poucos datos máis permite acceder o Sergas, polo que imos apoiar esta reclamación de publicación das listas de espera. Tamén no punto 2, que pide que se poñan operativos

todos os recursos do Sergas e non deriven pacientes á sanidade privada, imos apoialo, porque temos xa a experiencia, a protesta e a denuncia dos sindicatos que denuncian, por exemplo, no Sergas o peche de máis de 100 camas, mentres derivan pacientes aos hospitais privados de Fátima ou ao Hospital Domínguez.

Persoas usuarias e persoal do Hospital da Costa tamén denunciaban o peche de máis de 30 camas no verán, o peche de quirófanos e a paralización da actividade mentres incrementaba a actividade na sanidade privada desviando pacientes desde a pública.

Tamén no seu punto 3, que fala de recuperar as prazas totais do persoal do Sergas que foron eliminadas dende o 2009. En 2010 o Goberno do Estado decretou unha taxa de reposición do 10 %, que se mantivo ata o ano 2015, cando pasou a ser do 50 %. Neste período 2011-2015, segundo os datos publicados nos plans de ordenación de recursos humanos do Sergas, producíronse un total de 3.527 vacantes. Polo tanto, é urxente convocar esas prazas, porque se está deteriorando a calidade asistencial que se presta nos hospitais públicos.

E as prazas convocadas nesta OPE, 800 prazas, evidentemente, son a terceira parte do que habería que convocar para volver colocar a sanidade pública nas mesmas ratios de persoal que tiña no ano 2010. Pero, ademais, é unha OPE que non conta, non contempla a convocatoria de especialidades tan importantes, necesarias e escasas no noso país como pode ser a fisioterapia ou a psicoloxía clínica.

Un sistema de contratación laboral en precario, día a día, por meses ou con outros vínculos laborais, pero, en todo caso, en condicións de absoluta precariedade. Traballadores precarizados dentro do Sergas e precarizados, externalizados en empresas privadas que precarizan o seu salario, as súas condicións laborais e a propia calidade do sistema sanitario.

Tamén apoiaremos os puntos 4 e 5 para que non se penalicen os pacientes que non queiran acudir a un hospital privado para cumprir esa Lei de garantías dos 60 días. Non ten ningún sentido que o paciente, a persoa enferma, teña que pagar o fallo do propio Sergas, de non ser quen de cumprir a lei.

Entón, como o Sergas incumpre a lei, faille pagar ese incumprimento ao paciente derivándoo obrigatoriamente á sanidade privada, ou se non é castigado directamente pasando ao final da lista de espera. Unha auténtica decisión que, como pouco, podemos dicir que é discriminatoria e que castiga os pacientes enfermos que non están dispostos a ir á sanidade privada, porque cren e defenden a sanidade pública, ao contrario do que fai o Goberno galego, que no que cre e o que defende é a sanidade privada.

Tamén que eses pacientes sexan postos na lista de espera no posto que lles corresponde, e a constitución dos consellos de saúde fundamentais para a participación da sociedade, para a participación de asociacións veciñais, das organizacións empresariais e sindicais. A sanidade é cousa de todos, toda a sociedade debe participar na súa mellora, e, polo tanto, non entendemos que non se constitúan os consellos de saúde, sobre todo cun goberno que se enche a boca a falar de transparencia e bo goberno, que publica leis neste sentido, pero que despois as incumpre...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vaia rematando, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...á hora de facilitar información non só á sociedade, senón tamén aos grupos parlamentarios.

Nada máis, moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Imos votar a favor desta moción. Xa ven as súas señorías que AGE ten solicitado en moitas ocasións tamén os datos das listas de espera non estruturais, de feito das primeiras iniciativas que trouxemos na temática de sanidade. Saben as súas señorías tamén que o Partido Popular –xa o temos dito aquí– as solicitaba cando era oposición e que as nega cando está no Goberno. E saben, ademais, para que se empregan estas listas de espera non estruturais.

O señor presidente da Xunta, témolo dito xa dende esta tribuna, chamábaas burato negro, e o hoxe presidente da Cámara, voceiro de sanidade daquela, falaba de maquillaxe contable. A realidade era que eran tan malas antes como agora e que son utilizadas ou poden ser utilizadas polos gobernos de turno para manipular os datos que se ofrecen en canto á espera. Xa o temos denunciado aquí dende hai anos, chamando a doentes para citalos para a realización de probas e para intervencións cirúrxicas xusto antes de que se publiquen eses datos. Se din que si, como xa saben vostedes, saen da lista aínda que lles ofrezan un centro privado, unha concertada, e se din que non á privada tamén saen da lista e pasan a esoutras listas non estruturais.

Sen embargo, o Partido Popular deulle unha volta de torca máis, efectivamente, como se dixo aquí cando se aprobou a Lei de garantías de prestación sanitaria, e denunciámolo durante a súa tramitación e durante o seu debate.

Xa non é que condenen, como sucedía ante, ao ostracismo ás persoas que se negan a operarse no privado, é que dende hai dous anos –porque precisamente a Lei en vigor 12/2013 acaba de facer neste mesmo mes dous anos da súa entrada en vigor– non só os condenan ao ostracismo, senón que quen se negue a acudir á privada perde a garantía de prestación sanitaria, perde o dereito a ser atendido ou atendida en tempo e forma. É o artigo 9 da Lei 12/2013, que aprobou en solitario o Partido Popular, punto 1.c), o que di que quedan sen efecto as garantías de resposta cando un usuario non opta por algunha das alternativas ofertadas.

Claro, o outro día saía un caso na radio dunha persoa que o seu familiar levaba un montón de tempo agardando por unha intervención cirúrxica, creio que era de xeonllo, que tiña xa dificultades na súa mobilidade, que rexeitara intervirse nunha privada e que a día de hoxe entendía que tiña dereito a ir á pública e que non o chamaban. A realidade é que, desgraciadamente, o Partido Popular destruíu ese dereito á atención na sanidade pública, porque unha vez que as persoas rexeitan esa chamada para intervirse no privado, desde hai dous anos, desde a aprobación desta lei, automaticamente perden ese dereito á garantía de prestación.

E probablemente moita xente a día de hoxe, desgraciadamente, aínda non o saiba. Iso é unha privatización en toda regra. Denunciámolo no seu momento, porque o que sucede

é que se recortan drasticamente os dereitos sanitarios e causan derivacións á sanidade privada.

Claro que nin sequera se están a cumprir coas ratios que continúa a lei, co cal a verdade é que o resultado é bastante grave, porque vai en detrimento da pública, e ao mesmo tempo son incapaces de cumprir con eses tempos mínimos de espera que o propio Partido Popular propuña na súa lei.

Todas estas persoas deberían figurar nestas listas de espera, por iso apoiamos a iniciativa, e deberan recuperar o seu dereito á atención. Porque escoller a pública non deba ser un castigo, e o problema é que dende hai dous anos é un castigo.

Non só é que non se faga pública a lista de espera, é que, ademais, perden a garantía de prestación. A Xunta castígannos e segue pechando plantas e quirófanos.

En 2013, sinto volver repetirme, pero é que levamos anos con este mesmo problema, aprobouse neste Parlamento unha iniciativa deste grupo para que todos os hospitais públicos realizasen probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas na quenda de tarde. Saía só uns días despois a señora, daquela, conselleira de Sanidade dicindo que ía ser moi difícil cumprilo, e a día de hoxe segue sen cumprir. Eu preguntome, para que serve este Parlamento se a día de hoxe segue sen cumprir. E non só xa é que se pechen camas en verán ou en Nadal, é que agora tamén se pechan en Semana Santa.

Queremos que nos devolvan a nosa sanidade, necesitamos para iso que se recuperen tamén esas prazas perdidas de sanitarios e de sanitarias, obviamente apoiamos tamén ese punto, porque non se pode continuar con este recorte de persoal se se pretende que melloren os servizos. O problema é que probablemente non se pretenda.

E, por suposto, apoiamos tamén esa convocatoria dos consellos de saúde de área, porque sete anos despois non parece de recibo que siga todo absolutamente igual sen cumprirse unha lei, que é a Lei de saúde. E, polo tanto, queremos iniciar a recuperación da sanidade, que é recuperar a saúde de todas e de todos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario dos Socialistas, señora Acuña, ten vos tede a palabra.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Bueno, pois vanme permitir que para falar de privatización comece facendo un pouco de pedagogía e aclare tres conceptos que considero fundamentais: complementario, suplementario e substitutorio.

Complementario é aquilo que serve para complementar, suplementario para suplir e substitutorio para reemprazar. E, por suposto, non é o mesmo reemprazar que suplir nin que completar.

Efectivamente, e como recordaba o señor conselleiro na interpelación desta moción, a *Ley general de sanidad* de 1986, Goberno socialista, recolle que se poderán establecer concertos para a prestación de servizos con medios alleos, pero tamén di que despois de ter utilizados optimamente os recursos sanitarios propios.

E a Lei de saúde de Galicia 2008, Goberno bipartito, define o sistema sanitario privado como complementario e subsidiario do público. Ou sexa, señorías, que ambas leis falan de complementar a pública coa privada. Pero recortarlle recursos á sanidade pública, recortarlle orzamento, recursos humanos, recursos materiais e tecnolóxicos, manter as camas pechadas todo o ano, como fai o Goberno Feijóo, para logo utilizar os concertos e as derivacións á privada para suplir as carencias orixinadas con estas políticas, é claramente suplementar coa privada as deficiencias provocadas na sanidade pública.

Ademais, a Lei de garantías sanitarias do 2013, do Goberno Feijóo, privatiza, señorías, por lei. É permitir un paso máis alá, xa que de non cumprir coa espera marcada, o doente será derivado á privada. Ou sexa, que a lei facilita substituír, reemprazar a pública pola privada.

O conselleiro, na interpelación, falaba de non sei que artigo para intentar negar a privatización. Pois ben, eu recórdolle

que se fixe no que di a presidenta da Federación Nacional de Clínicas Privadas. Esta señora dicíanos estes días, nunha publicación que lle gusta moito ao voceiro do Partido Popular, que as comunidades autónomas que neste momento lle están a facer máis dano á medicina privada son Valencia e Navarra. En cambio, as que máis lle tenden a man son Galicia e Madrid.

Tamén xustificou o señor Almuíña as camas pechadas todo o ano na sanidade pública mentres deriva á privada, dicindo que non sería boa xestión ter camas abertas e sen usar.

Eu quero recordarlle e dicirlle, unha vez máis, ao señor conselleiro que o que non é boa xestión é ter camas pechadas e xente anos e anos na lista de espera.

E, ademais, o señor conselleiro tachou alegremente de anécdotas todos os exemplos que a interpelante, señora Prado, lle poñía da espera intolerable que a xente ten que soportar a diario. Eu creo, señorías, de verdade, escoitándoos falar tan ben da sanidade, penso que se senten vostedes sobrados, incluso xa o conselleiro bombeiro que acaba de chegar xa vai de sobrado; pero por moi sobrados que vaian vostedes non poden ocultar a realidade; realidade que nós non nos cansamos de denunciar, pero que xa está a denunciar todo o mundo.

Sen ir máis lonxe, o secretario xeral do IDIS, *Instituto para el Desarrollo e Integración de la Sanidad*, advirte que nos últimos anos, cos gobernos do Partido Popular, o gasto sanitario privado se incrementou nun 7 % e o gasto sanitario público recortado máis dun 10 %. E que son xa 7,3 millóns de persoas as que teñen unha cobertura suplementaria ao sistema público. Dato que crece, señorías, a un ritmo dun 5 % anual.

Ante esta situación di este señor: “Ou as administracións públicas toman medidas ou a privatización do sistema sanitario vains levar ao derrube definitivo do público. Pero tamén”—e isto é moi interesante—“ao colapso por masificación do privado”. Así que quedaremos sen nada, señorías.

Por todo isto, imos apoiar a moción que hoxe plantexa o Grupo Parlamentario do BNG.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Acuña.

Polo Grupo Popular ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Despois de escoitar as deputadas que me precederon no uso da palabra, e se eu non fora galega, nin vivira en Galicia, realmente pensaría que a sanidade pública galega é das peores do mundo. Pero por sorte para os galegos e as galegas a realidade é ben distinta da que vostedes describen. Na última enquisa que se fixo en Galicia, e falabamos dela esta mañá, o 73 % dos galegos e galegas valoran a nosa sanidade como boa ou moi boa.

Vostedes falan de recortes, falan de falta de transparencia, de demolición da sanidade pública, de privatización da sanidade. Por certo, falando de privatización, señora Prado, o conselleiro señor Vázquez Almuíña na súa intervención no pasado pleno, na interpelación, citou un artigo titulado “*Austeridad y privatización sanitaria en época de crisis. ¿Existen diferencias entre las comunidades autónomas?*” Está realizado por investigadores da Universidade do País Vasco. Non sei se xa o leu, pero resulta curioso que unha das noticias da prensa referidas a este artigo diga: “*Galicia redujo la contratación con la sanidad privada y elevó la ratio de camas públicas*”. É curioso, é curioso, señora Prado, porque parece que non concorda moito co que vostedes din do Goberno de Feijóo, acusándoo de privatizar a sanidade pública galega.

Pero aínda hai máis. Neste estudo dise que a ratio de camas públicas por cada cama privada é das máis altas do Estado. (*Aplausos.*) É unha forma un tanto estraña de privatización, ¿non lle parece? Eu creo que se o presidente Feijóo e o Goberno galego o que queren é privatizar a sanidade galega, por aí eu creo que non van moi ben, ¡eh! (*Murmurios.*)

Na interpelación que vostede lle fixo ao conselleiro di textualmente: vostedes —o Partido Popular— fan unha política sanitaria que fai que existan infames listas de espera. Acúsannos de que existan as listas de espera, como se as listas

de espera só as houbera en comunidades onde goberna o Partido Popular. Isto non é serio, señora Prado, isto é pura demagogia. ¿Que ocorre en Andalucía? ¿Que ocorre en Cataluña? ¿Que ocorre no País Vasco? ¿Non hai listas de espera?

Os recursos, evidentemente, son limitados e os quirófanos son limitados, e a demanda, como vostede sabe, é crecente. E agora dirame vostede: ben, pois que incrementen os recursos. Pois iso precisamente é o que está a facer o Goberno galego. Está ampliando hospitais: O Salnés, o de Ourense, o da Coruña. Está construíndo hospitais novos: o novo hospital de Vigo, que vostedes tanto protestan por este aumento de recursos; a verdade é que non se entende: por unha parte, faltan os recursos, e por outra, cando o Goberno amplía o hospital e se constrúe o hospital, tampouco lles parece ben.

Precisamente, e para xestionar as listas de espera dun xeito eficaz, faise a derivación de pacientes a centros privados, para que se lles realicen as probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas. E isto realízase en todo o territorio español, en todos os sistemas sanitarios públicos de España, independentemente da súa cor política: Cataluña, País Vasco, Castela-A Mancha.

Por certo, ¿sabe vostede o que ocorre en Castela-A Mancha? Pois hai quince días nos medios atopabamos noticias como: “*Denuncian derivaciones masivas de pacientes de Castilla-La Mancha a la sanidad privada, con el consentimiento de Podemos*”. O secretario xeral de Podemos nesa comunidade defende —e leo textualmente— que “*solo consentiremos derivaciones justificadas a la sanidad privada, pero que considera estas derivaciones como un mal necesario*”. Señorías, o secretario xeral de Podemos. (*Aplausos.*) E a oposición denuncia que “*los presupuestos recogen 15 millones de euros más para derivaciones a la sanidad privada*”... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*), nun goberno do Partido Socialista apoiado por Podemos. Parece que moitas das derivacións en Castilla-La Mancha son xustificadas, en Galicia non, pero en Castilla-La Mancha son xustificadas. (*Murmurios.*) Sen comentarios, señorías.

Tamén en Galicia, mesmo cando gobernaba o Bipartito, se fixeron concertos coa sanidade privada, e vendo a gráfica que mostrou, parecida, esta mañá o conselleiro —aí o teñen, señorías—, no período do Bipartito incrementouse o gasto

nun 45,49 %. *(Murmurios.)* En canto chegou un goberno do Partido Popular, baixouse o gasto entre 2015 e 2016, nun ano, non en tres anos, nun ano, en 2,8 millóns de euros. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Se falamos en particular dos gastos en concertos para derivacións a centros privados concertados entre 2011 e... *(Murmurios.)* Eu sei que non lles gusta, señorías, pero hai que escoitar a realidade...,

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor, señora Vispo.

Silencio.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: ...hai que escoitar, igual que nós os escoitamos a vostedes.

Entre 2011 e 2015 reduciuse un 13,3 %, e isto o corrobora –isto vaille gustar menos– o último informe de privatización sanitaria da Asociación para a Defensa da Sanidade Pública, señora Acuña, que a vostede lle gusta tanto.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Remato, señora presidenta.

(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio, señora Acuña.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: É que non me deixan rematar.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, ten que rematar xa, señora Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Señora Acuña, o gasto en concertos privados ocupa... *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señora Acuña.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: ...en Galicia un undécimo lugar das dezasete comunidades autónoma; é dicir, Galicia ten dez comunidades autónomas por riba que gastan moito máis na sanidade privada...,

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Vispo. Grazas, señora Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: ...en Cataluña, Madrid, Asturias e País Vasco... *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Remato, señora presidenta...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Non, xa non ten vostede a palabra.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Remato simplemente dicindo que cando están no goberno fan unhas cousas e cando están na oposición, outras.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Vispo. Grazas, señora Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Vispo.

Silencio, por favor. Silencio, ¡silencio!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Señor Gallego, ¡silencio, por favor! Silencio.

Agora, se lles parece ben, ten a palabra a autora da iniciativa. Señora Prado, ten vostede a palabra.

A señora PRADO CORES: Señora Rodríguez-Vispo, o único que se deduce da súa intervención, primeiro, é que ten a bancada ben engraxada –está ben–, e o segundo que se deduce

é que porque haxa outros delinquentes que están roubando dereitos á poboación, que están convertendo un dereito esencial como é a sanidade en negocio para os amigos, non os exime a vostedes de ser cómplices dos mesmos delinquentes e aplicar políticas nesa mesma dirección, non os exime, non os exime. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Mire, todo moi rico e moi abundante, pero mire, aos sete mil e pico de pacientes que están en lista de espera na EOXI de Ourense, ¿que lles di vostede, que é da súa EOXI, señora Rodríguez-Vispo? ¿Que lles di? Porque esas son *muchas cosas*, pero isto é oficial, da súa consellería, oficial. ¿Que lles di? ¿Que lles di aos oitocentos que levan máis de dous anos, que lles contestas vostedes? *Que en Andalucía lo tienen peor.* ¡Ah! Creo que van quedar moi tranquilos, ¡eh! O próximo que poden poñer alí nos libros de reclamación é que digan: bueno, en Burundi non teñen asistencia sanitaria, co cal van quedar tranquilísimos. É que deberían ter un pouquiño de vergonza, ¿entende?

Entón, estamos falando de realidade, e non é que nós inventemos un discurso, son as súas follas: colas de programación, sete mil e pico, oito mil, oitocentos que levan máis de dous anos. Mire, 1.747 en lista de espera para oftalmoloxía, por exemplo. ¿Quere que lle siga dicindo? ¿Que lles di a todas esas persoas o Partido Popular? ¿Que se poñan tranquilos, que hai quen o pasa peor? Igual que lles din aos que cobran 400 euros, ¿que tranquilos, que hai quen paga por ir traballar? ¿É iso a súa situación?

Mire —eu dende logo non teño tempo—, podería dicirlle tamén que lle contesta a esta persoa que aquí tanta lista de espera porque non quere ir a un centro privado. ¿Por que non quere ir? Porque saben que é peor a asistencia e porque teñen o dereito, ademais, a ser atendidos nun centro público. Porque vostedes aprobaron exclusivamente a Lei de garantías, efectivamente, para darlle cobertura legal a derivar á privada, para engordarlle os bolsillos á privada, fixérono exclusivamente para iso. Xa o dixemos, e agora é a constatación, que teñen miles de persoas en listas de espera para poder xustificar que as derivan e lle dan negocio á sanidade privada. Pero ¿a quen se lle ocorre? É como quen ten leiras e en vez de cultivalas tenas a monte e vai pagarlle ao veciño por telas a arrendar por cultivar alí patacas. Vostedes están facendo exactamente o mesmo. Teñen os recursos públicos pechados, teñen camas pechadas, 600 camas pechadas en seis anos, quirófanos pechados, a pesar de

ter aprobado neste Parlamento que ían estar operativos pola tarde, teñen infraestruturas sen rematar, teñen contratacións infames por horas, teñen redución de persoal, mentres derivan á sanidade privada. Pero ese é o seu obxectivo, o seu obxectivo ideolóxico. E, efectivamente, no resto do Estado español hai moitos gobernos —a inmensa maioría— que responden ao mesmo esquema neoliberal de prestarlle en bandexa ao capitalismo, ao capital, un recurso público como é sanidade. Claro, claro que fan igual que eles, mal, mal, evidentemente.

O BNG defende unha sanidade pública, universal, gratuíta...,

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, señora Prado, por favor.

A señora PRADO CORES: ...para a maioría da poboación, non para engordar uns cantos, non para beneficio duns cantos, non para que vostedes llelos regalen a empresas amigas, a maioría incluso de capital risco de fóra de Galiza. Por encima, privatizan para empresas de fóra, entregan o país a cachos e a sanidade pública de Galiza., por encima, a empresas de fóra, que nin sequera invisten aquí.

Deberían ter un pouquiño de vergonza...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...e non saír con tanta fachenda aí a sacar peito de algo que non hai peito posible.

Entón, eu, dende logo, non sei que parte...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas.

A señora PRADO CORES: ...transparencia —non está o señor Núñez Centeno, si, está detrás súa, pensei que non estaba—. É tempo de transparencia. ¿De cal, señor Núñez Centeno? ¿De que transparencia estamos falando?

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: O Partido Popular, dende logo, non está polo labor de que se coñeza nin un só dato.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Prado.

Pasamos á seguinte moción, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria que se está a prestar no Sergas nos casos de aborto.

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D.^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria que se está a prestar no Sergas nos casos de aborto e a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta iniciativa presentáronselle dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario Mixto e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada e vicevoceira Carmen Iglesias Sueiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, 48650 (09/MOC-000170).

Emenda de substitución:

Propónse substituír o punto 5 da parte resolutiva da moción polo seguinte texto:

“5.- Reclamar ao Goberno central a creación dun rexistro de persoal sanitario obxector de conciencia.”)

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Aurelio Núñez Centeno, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción, 09/MOC-000170 (48650).

Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a revisar periodicamente o protocolo de atención as mulleres que

teñen que interromper o seu embarazo no segundo trimestre, para adaptalo á evidencia científica actualizada, e a corrixir calquera disfunción na aplicación do protocolo ou na asistencia prestada a ditas mulleres, se así o certificara á investigación en curso por parte dos servizos de Inspección”.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para a súa defensa, señora Solla, ten vostede a palabra.

A señora Solla Fernández: Grazas, presidenta.

Bueno, pois supomos que o mesmo éxito –non o sabemos– para esta moción, o mesmo que ocorreu coa interpelación no pasado pleno. No pasado pleno esta deputada interpelaba o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña, polas condicións nas que se están a dar os abortos euxeñéticos no Servizo Galego de Saúde, e a resposta –pois a verdade– non puido ser máis decepcionante, aínda que hoxe se superou na comparecencia.

De feito, non respostou a maioría das cuestións, das interpelacións. Non aclarou por que, tendo sanidade pública, as mulleres teñen que someterse a abortos no segundo trimestre en clínicas privadas de Madrid, e eses traslados que conlevaban parellos, no caso de que queiran unha atención adecuada.

Non nos dixo nada disto, e, máis por descoñecemento –que non o creo, porque, tendo en conta a súa profesión, o dúbido– ou por intentar confundir, trasladounos que as mulleres recibían analxesia; intentou facernos crer que unha analxesia e unha anestesia era o mesmo, e, claro, como se lle administrasen paracetamol fose igual que unha epidural ou algo polo estilo, ¿non?, é o que nos trasladou no pasado pleno. A anestesia proporcionana profesionais especialistas, e iso é precisamente o que non hai e o motivo das reclamacións que individualmente puxeron algunhas mulleres, pero sobre todo a través da Plataforma do Dereito ao Aborto.

Negar a maior dicindo, ademais, que a atención é a correcta, bueno, describírnos un protocolo que trasladou aquí, que practicamente podía entenderse que era o protocolo do IVE, non o dos abortos no segundo trimestre, dunha interrupción voluntaria do embarazo, non sei se é realmente intencionado para intentar confundir por parte do conselleiro ou descoñecemento ou desinterese sobre o tema.

E, ademais, nun alarde de arrogancia, dixo que se lles permitía ás mulleres estar acompañadas por familiares durante o proceso. Só faltaría que, ademais, as obrigasen a permanecer soas na habitación. O que pasa é que unha vai a un hospital supostamente recibir atención sanitaria, non só estar acompañada dos seus e das súas familiares. Son os profesionais e as profesionais os que teñen que proporcionar esa atención sanitaria, e por moito que poidan traballar as enfermeiras e enfermeiros das plantas de xinecología, non suplen a totalidade dos coidados que deberían proporcionar outros e outras profesionais, como poden ser os matróns ou as matronas ou o persoal de anestesia ou o persoal de xinecología. Falamos de partos ao final; aínda que sexan abortos inducidos, opérase, funcionan como un parto.

Así que non só contestou con arrogancia, con vontade de confundir ou mesmo obviando as propias preguntas que lle faciamos, senón que o único que dixo con algo de sentido incumpríuno.

Falou, díxonos aquí, trasladounos que ao redor dunha semana ía estar á disposición pois supoño que da opinión pública, pero tamén das deputadas e dos deputados, un informe respecto do que estaba a acontecer relacionado cos abortos. E resulta que, despois de case quince días, a día de hoxe non sabemos absolutamente nada dese informe. Eu pregúntome onde está, onde está; non existe, non sabemos se o están a facer ou non, pero díxonos aquí que a Inspección Médica ía facer un informe; non sabemos absolutamente nada.

A verdade é que é absoluta falta de interese por parte da Consellería de Sanidade e entendemos que por parte do Goberno, porque se daquela, hai quince días, tivemos que agardar un mes para poder interpelalo e que viñera, porque xa dixemos que non veu nin por vontade propia –a petición propia podería ter comparecido–, nin sequera aceptou o Partido Popular as comparecencias que solicitabamos os grupos para que viñese comparecer e tivemos que utilizar a interpelación para que viñese, pois aínda peor nolo poñen se quince días ademais despois non temos ningún tipo de resposta, nin sequera ese ficticio informe que dicía que ía haber sobre a mesa.

Non é a el a quen afecta a violencia obstétrica. Seguramente negará a maiores que isto suceda. E, ademais, permitiuse a licenza de utilizar un micromachismo deses como os que

di Fiadeiras –de micro non teñen nada–, un practicamente de manual: cuestionar as mulleres que sufriron pois este desgraciado proceso, esta desgraciada atención no Servizo Galego de Saúde, dicindo que, se tantas mulleres había, por que non se trasladaban esas queixas, por que non había queixas escritas.

A min gustaríame que este señor –agora non está–, que quen cuestiona estas mulleres, se puxese no seu lugar e imaxínase que quen perde un fillo ou unha filla, ademais desexado no caso dos abortos euxenéticos, tivera que sumarlle pois facelo só ou soa nunha habitación ou sen posibilidade desa anestesia. Gustaría-me que se puxese no seu lugar e que pensase se é normal ou se é agradable que, aínda por enriba de sufrir todo ese maltrato, teñan despois que agardarse que se acorden tamén de ir poñer pois esa reclamación, cando o que queren será pois esquecer –entre comiñas, que esquecer non o van poder esquecer– pois ese trato que se lles proporcionou na sanidade pública, a maiores do feito de ter perdido o seu fillo ou a súa filla.

Sen embargo, aquí, pois o problema son as mulleres que non poñen as reclamacións. Isto a verdade non pode ser, non pode ser, e en primeiro lugar solicitamos nesta Cámara, antes de falar do respectivo relacionado coa atención, que se resposte ás reclamacións escritas, porque non só se ningunearon as existentes, senón que a pesar de que tiñan sobre a mesa as reclamacións que fixera a Plataforma polo Dereito ao Aborto dende o verán, estas non foron contestadas por escrito, e este foi o motivo polo que se tiveron que trasladar a través dos medios de comunicación.

Que se nos informe, no segundo lugar, a este Parlamento, xa que non se fixo na interpelación, do motivo polo que se derivan esas mulleres, para practicarse esas interrupcións do embarazo, ese abortos euxenéticos, a Madrid. Non se nos trasladou o motivo, cal era a causa; absolutamente nada.

Pero hai máis, na Comisión de Sanidade do día posterior ao debate do pleno, o director xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, o señor Aboal, deu un dato –repito– da consellería, que indicou que para as interrupcións voluntarias do embarazo –agora xa falamos das IVE–, e ata as 22 semanas, tal e como contempla a lei, só o 7,7 % se fan na sanidade pública, o 7,7 %; isto non pode ser. É certo que a Lei de saúde sexual e reprodutiva non establecía o dereito á atención na

sanidade pública, ¿é verdade? E foi ademais unha parte do debate, algunha das emendas da miña organización política durante a tramitación desa lei.

Tamén é certo que, coa actual Lei de garantías sanitarias –falabámolo antes–, tampouco se podería garantir este dereito dentro da sanidade pública. Pero un 7,7 % nós consideramos que non é de recibo, que se é un dereito á saúde, ten que poder proporcionarse na sanidade pública; non é de recibo, non é normal. Non estamos falando de externalizar pois o 5 %, estamos falando de que practicamente a totalidade se fai na sanidade privada.

E, ademais, deu outro dato máis grave: recoñeceu que nos centros públicos hai sitios onde non se fan abortos por obxección de conciencia. Eu quedei abraiada. Sabiamos que isto existía, pero deunos ademais o dato terrible de que en todo o Complexo Hospitalario de Ferrol, nin no da Costa, o da Mariña lucense, nin no de Ourense, en ningún non se fan abortos por obxección de conciencia, non se fan IVE –estamos falando de interrupcións voluntarias do embarazo–, non se practican pola obxección de conciencia.

¡Pero isto que é! Eu díxeno no anterior pleno. Se unha persoa, polas súas crenzas relixiosas, dixese: ¡ah, non!, eu non administro unha transfusión sanguínea, ¿ían permitirlle que fixese iso? ¿ían permitirlle a un profesional sanitario non administrar unha transfusión sanguínea? ¡Non!, espero que non, supoño que non.

¿Por que entón, cando falamos dos dereitos das mulleres, si se tolera esa obxección de conciencia, a pesar de que vaia contra o dereito común das mulleres a acollerse a esa lei?, que é unha lei, ademais. Ou sexa, non ten explicación.

Cando se debateu nesta Cámara, o ano pasado aprobamos a Lei para as persoas en situación terminal, a totalidade dos grupos apoiaron unha emenda deste grupo, de Alternativa Galega de Esquerda, que eliminaba nese proxecto inicial a posibilidade da obxección de conciencia relativa ás persoas en situación terminal, porque ¡home!, só faltaría que por culpa –entre comiñas– ou pola decisión dunha persoa individual outra non recibise unha sedación.

Pois con isto sucede o mesmo, sucede o mesmo, e, polo tanto, solicitamos que se dirixan ao Goberno central para

que elimine esa obxección de conciencia, polo menos na sanidade pública, porque o que non pode ser é que, cando estamos falando de funcionarias e funcionarios públicos, se permita tomar pois á lixeira o cumprimento dun dereito. É dicir, un posicionamento individual nunca pode estar por enriba dun dereito xeral, e se o aplicamos para o resto de leis, incluído o propio Partido Popular cando falamos da outra que acabo de nomear, ten que ser de aplicado cumprimento tamén nesta.

E queremos que se practiquen as técnicas na sanidade pública. Non entendemos este punto, e, polo tanto, metémolo na lei.

E entendemos que pode haber algún tipo de intervención que requira máis especialidade, que sexa máis problemática. Bueno, vale, pero entón haberá que dispor –e así o solicitamos na moción– polo menos de dous servizos, un norte e outro sur, para dar cobertura en Galicia, que poidan practicar na sanidade pública estas interrupcións voluntarias do embarazo e estes abortos euxenéticos no segundo trimestre.

É dicir, máis medios para os profesionais, máis profesionais na sanidade pública, reordenalo se é necesario con elas e con eles...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora Solla FERNÁNDEZ: ...e eliminar esa obxección de conciencia, pero o cumprimento dos dereitos das mulleres non pode ser algo voluntario.

Nada máis por agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Solla.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Mixto ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Boa tarde, señorías. Grazas, presidenta.

Esta moción de Alternativa Galega de Esquerda vai contar co voto afirmativo do Grupo Mixto, mais presentamos esta

emenda de substitución ao punto 5 do texto resolutivo, porque a modificación que nela se plantexa tamén contempla o dereito –que tamén é un dereito– á obxección de conciencia do persoal sanitario ante neste caso o aborto.

É un dereito subxectivo, contemplado na lexislación vixente, pero tamén é un dereito recibir asistencia na sanidade pública por parte das persoas usuarias que soliciten este servizo, o servizo do dereito á interrupción do embarazo. É un servizo legal, un servizo lexítimo, propio dunha sociedade democrática, e tamén dun Estado aconfesional, supostamente.

Reclamar ao Goberno a creación dun rexistro do persoal obxector de conciencia é un paso que consideramos clave para organizar os recursos sanitarios e garantir a realización de abortos na sanidade pública. Entendemos que a lei debe permitir a obxección de conciencia, cun listado, cun proceso, pero a prestación debe quedar garantida, a prestación do dereito ao aborto, e a obxección de conciencia non pode nin debe impedir unha práctica legal.

A ambigüidade lexislativa, tamén política e social, entre o dereito a abortar na sanidade pública e a obxección de conciencia do persoal sanitario é en moitas ocasións a responsable de que existan mulleres ás que non se lles garanta este dereito e que se procesaran profesionais por cumprir coa súa obriga. Tamén xuíces que interpretan a lexislación respondendo aos seus propios códigos morais, xerentes da sanidade pública que non artellan os medios para facer posible o aborto e políticos e políticas que non teñen a vontade de respectar os dereitos individuais das mulleres.

O dereito subxectivo a obxectar é empregado como unha sorte de sabotaxe por persoas de moral católica conservadora para impoñer as súas crenzas e moralidade, dificultando –cando non impedindo– o dereito das mulleres a seren asistidas e coidadas cando deciden ou non lles queda outra que someterse a unha intervención abortiva.

Bastaría un brevísimo repaso pola hemeroteca para constatar a actualidade dos conflitos de conciencia no ámbito sanitario, pero a meirande parte das veces as polémicas e as reivindicacións xiran só ao redor dos dereitos de conciencia dos profesionais, e, salvo excepcións, resulta moi pouco frecuente atopar o punto de vista das persoas usuarias da sani-

dade pública, que estas persoas se enfrontan, sen sabelo e sen querelo, coa oposición do persoal sanitario a realizar unha IVE.

Por outra banda, este procedemento –a interrupción voluntaria do embarazo– é o principal procedemento sanitario obxectado, así que ten que contar cun regulamento. O que fai que as mulleres se vexan novamente, e unha vez máis, sometidas a unha situación de dobre dominación por parte do profesional que exerce o seu poder, en tanto como usuarias e en tanto como mulleres.

A listaxe que plantexa a emenda é clave –ou considerámola clave– para conciliar ámbolos dous dereitos: a obxección e o dereito a recibir esta prestación na sanidade pública, xa que permite ou permitiría aplicar medidas preventivas para que ningunha muller quede sen a prestación ou sexa derivada a unha clínica privada.

Se se coñece de antemán o número de especialistas obxectores, sempre se pode recorrer a novas contratacións, en forma por exemplo de substitucións, para a dispensa deste servizo en condicións de calidade e público.

Repito: reitero o noso apoio á moción de Alternativa Galega de Esquerda.

Máis nada, moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Volvemos tratar no día de hoxe un tema extremadamente sensible. Estamos a falar dos abortos do segundo trimestre, en moitos casos abortos euxenéticos por enfermidade grave ou malformación do feto.

O protocolo de atención dun aborto euxenético non se diferencia para nada dun aborto espontáneo. Este protocolo, que

describiu de xeito completo o conselleiro de Sanidade no pasado pleno, está perfectamente adaptado ás normas internacionais, avalado por sociedades científicas e colectivos profesionais.

Supoño que serán vostedes coñecedores das distintas notas de prensa da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía, da Sociedade de Matronas, das Matronas do CHUAC e das enfermeiras do propio hospital Teresa Herrera. Afirmar que o dito protocolo existe, defenden a validez do mesmo, e tamén que a práctica clínica é correcta e que se respecta a dignidade e a intimidade das mulleres.

Inclusive os xinecólogos galegos chegaron a asegurar sentirse acosados por distintos movementos que os sinalan como promotores de violencia, tendo en conta ademais que o 70 % das persoas profesionais da tocóxinecoloxía son mulleres, sendo elas as que se senten máis ofendidas.

Non entendemos dende o Grupo Parlamentario Popular esta actitude da oposición de criminalizar os xestores da sanidade pública, ou os profesionais, que, como teño dito, desmenten as afirmacións da Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto da Coruña, que foi a entidade que presentou un escrito dirixido á xerencia da EOXI da Coruña, á dirección médica e á dirección de enfermería da mesma.

Nese escrito cuestiónase o protocolo que se aplica nos centros Sergas, en base a unha guía clínica para a atención integral do aborto no segundo trimestre editada por Ipas, organización internacional non gubernamental dedicada, segundo a súa propia web, a eliminar as mortes e discapacidades evitables atribuíbles ao aborto inseguro.

Penso que, a día de hoxe, no Estado español non se cuestiona a existencia de mortes ou discapacidades a causa dun aborto.

O protocolo explicouno, como dixeran, o conselleiro. Ten unha primeira fase da información sobre opcións, técnicas e consentimento informado, unha atención psicolóxica continua á disposición das necesidades que precise a paciente, habitación individual practicamente en todos os casos, con presenza de acompañante se a muller precisa ingreso. É o xinecólogo que informa do procedemento e realiza a prescrición farmacolóxica correspondente ao seguimento.

E aquí quero falar da epidural. A epidural, nestes tres protocolos, nun deles non aparece para nada; nun segundo, que é a guía de manexo, di que é a última opción despois de analxésicos, opiáceos intramusculares, intravenosos, pona como última opción; e nun deles incluso fala de que iso non hai evidencia clínica de que sexa bo para os abortos de segundo trimestre.

Continuando, o persoal de enfermería dálles ás mulleres as instrucións e recomendacións, a enfermeira establece un plan de coidados individualizados, e realízase por suposto todo o proceso afastado da zona de partos, como é lóxico, por evidentes razóns psicolóxicas.

En xeral, o procedemento faise por indución farmacolóxica, controlado polo equipo médico e enfermería de planta. O que si é certo é que o emprego de fármacos no proceso de dilatación, efectivamente, pode acurtar en ocasións o expulsivo, o que dificulta nalgúns casos a asistencia durante a expulsión. Faise un legrado se se precisa, víxase a evolución na planta, revísase polo médico previo á alta e emítese un informe de alta.

Señorías, no sistema Queres dixo o conselleiro que non hai unha soa reclamación —é o sistema que as recibe— nin presentada por IVE nin por abortos espontáneos no segundo trimestre. Si coñecemos testemuños dalgunhas mulleres aparecidos en prensa. Eu, ademais, persoalmente teño coñecemento dun caso que afectou unha persoa que coñezo e que se puxo en contacto comigo para facerme partícipe das súas vivencias cando apareceron as novas na prensa.

A Fiscalía Provincial da Coruña vén de arquivar as dilixencias informativas incoadas a raíz da denuncia presentada pola atención dispensada no Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera pola Plataforma. Aínda despois dese arquivamento, a Consellería de Sanidade xa fixo público neste hemicycle a súa disposición a indagar posibles disfuncións na aplicación dos protocolos. A Inspección está a levar a cabo unha investigación sobre as informacións relativas á falta de atención a abortos euxeñéticos. Repito outra vez que a día de hoxe non coñecemos ningunha denuncia de ningunha muller afectada, soamente as manifestacións na prensa.

Dende o Grupo Parlamentario Popular de Galicia estamos de acordo con esa investigación e estaremos pendentes dos

resultados da mesma para que, de ser preciso, se tomen as medidas correctoras oportunas. Cremos que o protocolo é correcto e axeitado e estamos de acordo cos colectivos profesionais que o defenden. Por iso presentamos unha emenda –que coñecen– instando a Xunta a revisar periodicamente o protocolo de atención ás mulleres que teñen que interromper o seu embarazo no segundo trimestre para adaptalo á evidencia científica actualizada e a corrixir calquera disfunción na aplicación do protocolo ou na asistencia prestada ás ditas mulleres, se así o certificara a investigación en curso por parte da Inspección Médica, na liña de mellorar no posible a atención sanitaria nestes casos, como en calquera outra situación ou patoloxía atendida no Servizo Galego de Saúde.

Esperando o apoio da nosa emenda, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Núñez Centeno.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señoras deputadas, señores deputados, e tamén pois aos que creo que son estudantes que nos acompañan neste debate.

Efectivamente, estamos abordando un tema moi concreto que foi obxecto de interpelación por parte da Alternativa Galega de Esquerda e tamén de pregunta por parte do Bloque Nacionalista Galego no anterior pleno, que é a interrupción voluntaria do embarazo no segundo trimestre, exactamente no segundo trimestre, despois de terse presentado por parte da Plataforma Galega pola Defensa do Aborto unha reclamación no mes de xullo e non atopar ningún tipo de resposta e despois de que as propias mulleres que viviron esa situación saíran á prensa a facela pública.

Eu pediríalle ao Partido Popular, con todo respecto, que non diga que fagan unha denuncia máis, porque iso é case unha dobre vitimización. É dicirlles ás mulleres que, se non denuncian, están calando e que, polo tanto, en certa medida elas son culpables de que nos chegue esa denuncia. Polo tanto, eu creo que a Consellería, desde o momento en que

tivo enriba da mesa a denuncia da Plataforma, debeu poñerse en contacto coas persoas integrantes, coas mulleres integrantes desa plataforma, e analizar, estudar cal é a situación, máxime cando hai persoas que son persoal sanitario que tamén teñen denunciado esa situación.

E non é cuestión aquí de enfrontar os profesionais, para nada; ou sexa, é unha cuestión de que a Consellería ten que dar cumprimento a unha lei moi clara, que é a Lei de saúde sexual e reprodutiva das mulleres, que garante que as mulleres no segundo trimestre, dados uns determinados supostos, teñen que ter un aborto na sanidade pública con todas as garantías de seguridade.

E o que estamos debatendo aquí é: ¿dáse conta das garantías de seguridade? Hai profesionais que din non coñecer o protocolo do cal falou o señor conselleiro o outro día. Fágase público o protocolo, tamén esa investigación como se nos dixo, e, efectivamente, que todo o persoal sanitario de toda Galiza –porque esta é unha situación que sae na prensa nunha área sanitaria como a da Coruña pero que ese estende e que están vivindo as mulleres no resto de Galiza– pois saiba cal é esa situación.

¿Por que as mulleres teñen que ir a Madrid? ¿Por que non se atende na sanidade pública de xeito seguro? ¿Por que non están acompañadas? Porque todo é un proceso no cal se necesita ese acompañamento, non que queden soas na habitación. Non me serve que diga o conselleiro que están acompañadas polos familiares. Bueno, evidentemente, os familiares, vale, ben, pero teñen que estar acompañadas polo persoal sanitario para facer ese acompañamento no caso de ter dor, de non someterse a unha expulsión soas xa dun feto de 22 semanas, que é unha situación pois francamente dolorosa e complicada, e sen atención nin de sedación nin de epidural. É unha situación que as mulleres contaron como unha situación horrible e xa ademais ao propio conselleiro lle lemos exactamente como era a descrición que as mulleres facían desa situación.

Coido que non debería o Partido Popular nin a Consellería de Sanidade tomar á defensiva a denuncia que fai a Plataforma, senón todo o contrario: intentar colaborar coa Plataforma, que son mulleres moi comprometidas desde hai anos e moitas décadas da interrupción voluntaria do embarazo, e ver cal é a situación que están vivindo esas mulleres e poñer

os medios e os recursos dos profesionais, das profesionais, das matronas, non reducindo prazas de matronas senón aumentándoas, para que esas mulleres estean acompañadas, e non decidan facer a viaxe ata Madrid a unha clínica privada porque van estar alí máis acompañadas ou porque senten que vai ser máis seguro ou porque vai ser máis rápido e non van estar, bueno, como viven na sanidade pública eses abortos, de forma absolutamente –e así o din– abandonadas.

O Bloque Nacionalista Galego sempre defendeu que o aborto é un dereito das mulleres, que debe ser na sanidade pública e que deben ser abortos seguros. Pero é que aquí estamos falando de abortos euxenéticos na súa gran maioría, é dicir, de mulleres que desexando ese fillo ou esa filla están obrigadas –porque teñen unha malformación, porque non son viables– a someterse a ese aborto. Co cal non entendo a obxección de conciencia, non a entendo en toda a súa extensión xa.

Pero, en concreto, se nos cinguimos ao debate no segundo trimestre, non podo entender que existan profesionais da sanidade que ante esa situación desesperada desas mulleres decidan obxectar; é que é algo absolutamente xa incomprendible, e que, ademais, non se modifique a lei ou que por parte da Consellería de Sanidade non se dean as instrucións adecuadas para que non poida existir obxección de conciencia polo menos neses casos de abortos euxenéticos.

Eu creo que, ademais, é un debate importantísimo que afecta os dereitos claramente das mulleres pero que interfere con que entendemos que é obxección de conciencia. ¿Pode, cando algo é vital para a saúde ou a vida dunha persoa, un profesional da saúde negarse a facelo? Creo francamente que é un dos poucos espazos onde iso pode ocorrer. E nos abortos no segundo trimestre, nos abortos euxenéticos, hai obxección de conciencia...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...cando son cuestións fundamentais que afectan a vida desa muller ou a viabilidade do feto.

Nós imos apoiar esta iniciativa. E, a verdade, esperamos que tanto a Consellería como o Partido Popular, en concreto –xa non me refiro a todas as interrupcións voluntarias do emba-

razo–, ao segundo trimestre, recapacite, se reúna coas persoas que levan moitas décadas traballando sobre isto e garanta abortos seguros na sanidade pública.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Adán.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Ferreiro Vidarte.

A señora FERREIRO VIDARTE: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

O Grupo Socialista apoiará esta moción, aínda que non renunciámos a que en seguintes tempos melloren as condicións e sexamos capaces de que este goberno resolva o problema de que cada muller poida interromper o seu embarazo no sistema público da Seguridade Social e no seu hospital de referencia. Creo que sería o máis adecuado. Pero, de entrada, aceptamos que poida facerse en dúas unidades dentro de Galicia, sempre e cando, evidentemente, se faga de acordo coas normas internacionais.

Mirade, dende que se aprobou unha lei do aborto, hai trinta anos xa, unha lei do aborto, primeiro, que era despenalizadora en varios supostos, e, segundo, unha lei de prazos, evidentemente sempre coa oposición do PP, que, por unha parte, predica unha cousa, fai outra e ademais despois di que fíxo o que non fíxo. (*Aplausos.*), evidentemente, neste momento é algo absolutamente demencial como está tratando este tema o Partido Popular, porque, de verdade, que se estaban tan en contra da lei non a modificaron nin cando tiñan maioría absoluta con Aznar nin agora co señor Rajoy. Bueno, agora si, agora modificárona para fastidiar as menores de 16 e 17 anos; desa maneira quedan desprotexidas, porque hai algúns casos –poucos– que non poden tratar este tema cos seus pais, pero a maioría si que teñen esa relación e non supoñía ningún problema.

Pois ben, señores, vostedes incumpren esta lei dende o primeiro momento ata o final, non a cumpren en case nada. Se vostedes se dan conta, esta lei non é soamente unha lei de aborto, é unha lei de saúde sexual e reprodutiva, e esta parte

non a coñecen de nada, non fixeron nin o máis mínimo intento de cumprila nos seus aspectos de saúde sexual e reprodutiva.

Miren, non se formou a ninguén nas carreiras, nos estudos, tanto de medicina, enfermería, as profesións sanitarias e tampouco no ensino. Non se fixo absolutamente nada diso, e tiñan toda a competencia para que estes profesionais, cando desenrolen o seu labor, teñan esa preparación. Non se fixo nada tampouco na formación dos profesionais sanitarios que teñen que intervir nun caso de embarazo do segundo trimestre. Tampouco foron preparados para nada no manexo do aborto; isto non se aprende na carreira e tampouco se aprende se non se forma despois.

Esa lei tamén prevía que houbera educación sexual nas escolas, no currículo escolar; tampouco se fixo absolutamente nada. E tamén prevía que houbera métodos anticonceptivos asequibles para todas as mulleres e os homes que os necesiten e de forma máis asequible economicamente; bueno, pois iso tampouco se fixo.

Non se facilita que as mulleres que poidan ter abortos de repetición teñan métodos adecuados que impidan esta situación; tampouco se fixo nada. Vostedes obvian o tema como se non existira, déixano pasar. E se se fan abortos en Galicia é grazas a moitos profesionais que fixeron un esforzo tremendo a custa das críticas dos propios compañeiros pero que, cando de verdade eles teñen un problema neste sentido, si acoden aos profesionais que realizan os abortos, entón si que hai que resolverlles ese problema. Pero non pensan nas mulleres en xeral, teñen vostedes moi pouca sensibilidade coas mulleres.

Incumpren tamén a lei no momento en que estas mulleres se encontran cun embarazo si desexado neste momento pero que non poden levalo a termo polas súas condicións médicas. Non se lles dá a información adecuada. É mentira, señor Núñez Centeno, que os xinecólogos informen deste tema. Quen as informa neste tema —e non en todos— son os centros de planificación familiar. E non en todos, porque nalgúns simplemente o que se fai é darlles unha dirección de Madrid e arréglate como poidas; segundo, noutros, como moito, díselles: tedes que ir a Madrid ou tes que ir a tal sitio; e noutros casos simplemente o que se fai é dicirlles: ide á clínica e que vos resolvan o problema. Hai unha diferenza tan gran-

de en toda Galicia con respecto a este tema, unha desigualdade tan grande, que realmente unha vez máis as mulleres se senten totalmente discriminadas.

Mire, na Coruña, por exemplo, no Centro de Planificación Familiar, a muller que acode en primeiro lugar ao Centro de Planificación Familiar é informada de todas as posibilidades que ten e explícaselle en que consiste o método, tanto na clínica privada como no hospital. E é a muller a que elixe, que iso é o que contempla a Lei de saúde sexual e reprodutiva; a muller ten dereito a elixir o método con que interromper ese embarazo. A partir dese momento, a muller elixe e despois ben ingresa no hospital ou ben acode á clínica privada en Madrid. E aparece a segunda discriminación. Na Coruña páganlles o desprazamento cuns determinados cartos...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERREIRO VIDARTE: ...e en Lugo, por exemplo, menos da terceira parte. Non reciben o mesmo pago as mulleres que acoden a Madrid de Ourense ou as mulleres de Lugo ou as mulleres da Coruña. ¡Vamos!, increíble neste momento.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERREIRO VIDARTE: Si.

Por último, dicirlle que, mire, eu estiven facendo uns cálculos e contratar un persoal de matrona ou enfermería para que formara parte dun equipo nun hospital calquera podía supoñer ao ano 135.000 euros. ¿Canto custa —que non nolo dixeron— poñer derivar a Madrid ás clínicas particulares a interrupción das mulleres que abortan que se desprazan de Galicia? Eu creo que, se se aplica a parte de atención ás mulleres, que é o principal, e pedirllas a vostedes que teñan un pouco de sensibilidade con este tema...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERREIRO VIDARTE: ...porque non é tan grave. Se non son capaces de responder a un 11 % de mulleres que teñen este problema en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ferreiro.

A señora FERREIRO VIDARTE: ...non son vostedes dignos de representar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ferreiro. Grazas.

A señora FERREIRO VIDARTE: ...as mulleres en Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo autor da moción. Señora Solla.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio dos grupos da oposición. Agradezo a emenda do Grupo Mixto, aínda que non a imos aceptar. Nós si que consideramos que a obxección de conciencia non pode ser aceptable dentro da sanidade pública, xa expliquei os motivos. Entendemos que, cando un profesional ou unha profesional traballa ao servizo do xeral da cidadanía ou da poboación, ten que cumprir con eses dereitos, e non poden eses dereitos estar condicionados a que un queira ou non cumprilos. Sucede, como xa expliquei antes, que isto xa o debatemos, relativo, por exemplo, ás persoas enfermas terminais, e o propio Partido Popular apoiou esa emenda de AGE que pedía que non se aplicase a obxección de conciencia para os enfermos e as enfermas terminais. E nos dereitos das mulleres ten que ser o mesmo.

Pero ademais dáse outra circunstancia relativa ás interrupcións voluntarias do embarazo. Sucedeu tamén cando se aprobou a Lei de 2010, e se permitía a obxección de conciencia, que moitos dos obxeutores ou obxeutoras non o son por motivos éticos, sono porque como quedaban –digamos– relegados simplemente a realizar esas técnicas, non querían estar simplemente realizando esas técnicas. É dicir, o que hai –solicitámolo na iniciativa– é que dar máis medios materiais, medios humanos e reordenar cos traballadores, coas traballadoras, cos profesionais, o que son as atencións que se proporcionan. Ese é o problema.

Ten que ser un dereito, ten que ser de obrigado cumprimento e hai que proporcionar medios humanos e materiais. Sobre nada diso se pronunciou o Partido Popular. E a emenda de substitución do Partido Popular, obviamente non a imos aceptar, porque é unha emenda como de paso para xustificar o seu voto en contra. Está claro, non se pronunciou

sobre a maioría dos puntos da iniciativa, e nin sequera van contemplados na emenda.

É dicir, aquí pedimos que se responda a reclamación. ¿Que problema hai en respostar por escrito? Non o entendo. Pedimos que se informe ao Parlamento por escrito do motivo dos traslados a Madrid. ¿Que problema teñen? Vostede nin se pronunciou sobre iso. Que se adopten os estándares internacionais, ¿cal é o problema? Eu, a verdade, non acabo de entendelo. E que se xeren dúas unidades de referencia.

Vostede tampouco se pronunciou sobre o dos IVE, pero, relativo ás unidades de referencia, se vostedes recoñeceron que se realizaban eses traslados a Madrid, a pesar de que aquí non nos informaron de cal era o motivo, o motivo ten que ser que a atención que se lles dá non é a mesma que a atención que se lles dá aquí. Polo tanto, non pode dicir vostede que aquí se cumpre cos protocolos, que se dan todos os dereitos relativos a un aborto –neste caso, no segundo trimestre–, porque senón non habería opción de trasladalas a Madrid. O caso é que hai diferenza, alí se lles proporcionan outros coidados.

Polo tanto, o que solicitamos é que ese coidado que vostedes agora están a sufragar na sanidade privada se poida facer en Galicia, con profesionais públicos, con medios públicos, e para iso xerando centros de referencia. Eu tamén son partidaria de facelo en todos os hospitais onde se practican tamén as IVE; onde non se practican, porque debería ser así. Pero empecemos, polo menos, por ter algún tipo de unidade onde se especialicen os profesionais, porque ata o de agora non se está a facer absolutamente nada, e levamos xa cinco anos de aplicación da lei.

Polo tanto, esta emenda é –e remato xa– un motivo simplemente, unha escusa, para non apoiar esta moción. E xa sabemos de que lado está o Partido Popular, que, obviamente, non é o das mulleres. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da entrada en vigor do Real decreto de prescrición de enfermaría

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

De novo boa tarde, señorías.

Temos un grave problema, pois coa entrada en vigor do Real decreto de prescrición de enfermería, do día 24 do pasado decembro, o día de Noiteboa, a actividade de enfermería que se está a realizar en Galicia, tanto na pública como na privada, estase a facer de forma ilegal.

Real decreto que teño que recordarlles que foi modificado polo Ministerio de Sanidade unilateralmente, no último minuto e de costas á enfermería. En relación con este grave problema, interpelamos ao señor conselleiro; por certo, unha vez que el se negou a comparecer para falar deste asunto. Nese debate, puidemos comprobar que o señor Almuíña está encantado de coñecerse e que non se entera, ou non se quere enterar, do lío que ten montado, pois pretendeu facernos crer que o problema aquí en Galicia estaba solucionado grazas a unha nota informativa, iso si, firmada por el.

Señorías, estamos a falar dunha lexislación estatal en vixencia. É de obrigado cumprimento, como, por certo, se recolle no propio texto ministerial, que recalca: “se dicta al amparo de lo previsto en el artículo 149 de la Constitución, que atribuye al Estado competencia exclusiva en materia de bases y coordinación general de la sanidad”. Así que alguén terá que explicarlle ao señor Almuíña que unha nota informativa dunha consellería non exime do cumprimento dun vixente real decreto, por moita firma que leve do conselleiro.

Pero analicemos que di a consellería nesa nota informativa. Sen dúbida, curiosamente, que reconece que o Real Decreto de prescrición enfermeira entra en conflito coa actividade asistencial. E léolles a vostedes, señorías, textualmente uns fragmentos desa nota informativa: “Sen embargo, por encima desta realidade, a actividade asistencial e a garantía da prestación asistencial nos centros e institucións sanitarias dos distintos servizos e provisoros da saúde, debe continuar. E en aras da continuidade e do correcto funcionamento organizativo que a todas as administracións sanitarias incumbe, e ata que se desenvolvan e materialicen os aspectos contidos

no Real Decreto, os –os– profesionais sanitarios, tanto os –os– prescritores como os –os– enfermeiros” –entendo que as enfermeiras e as prescritoras non deben estar afectadas por este problema... ¡intolerable linguaxe sexista, machista, cando estamos a falar, ademais, dun sector tan feminizado como é a enfermería!– “actuarán conforme as previsións do ordenamento xurídico vixente previo ao real decreto, a Lei de garantías e uso racional do medicamento do ano 2006, xa que o seu rango normativo é superior ao de calquera norma regulamentaria”

Ou sexa, dito lisa e llanamente, que para poder funcionar non lle fagan vostedes caso ao decreto. Ademais, esta nota informativa remata afirmando que a responsabilidade civil e patrimonial dos –os– profesionais da enfermería do Sergas –seguimos co machismo– está cuberta nos termos e condicións establecidas na póliza”.

Pois ben, vexamos o que din as persoas expertas, xuristas, consultadas a respecto desta nota informativa:

Primeiro. Que non soluciona nada, pois é unha mera nota informativa; por moito, iso si, que a firme o señor Almuíña.

Segundo. Que non se entende que sexa a propia Administración sanitaria quen anime a non cumprir coa lexislación vixente, pois, mentres non se derroque, o real decreto está vixente, e, polo tanto, é lei e ten que acatarse.

Terceiro. Que tanto o seguro de responsabilidade civil subscrito polas administracións sanitarias, como polos propios profesionais da enfermería, nunca van asumir as indemnizacións derivadas dun problema se non se está a cumprir coa lexislación vixente, e será a propia persoa profesional a que terá que responder co seu patrimonio propio.

Na interpelación xa lle sinalabamos ao señor conselleiro que o real decreto é de imposible cumprimento, pois a enfermería, señorías, non conta con esa acreditación estatal –¡es-ta-tal!– que se lle esixe para indicar calquera medicación, estea ou non esa medicación suxeita a prescrición médica. E ademais, señorías, vai tardar en tela, especialmente se só é competencia do Estado. Ademais, agora mesmo non dispomos de ningunha guía nin de ningún protocolo que regule a atención enfermeira, pois quedaron todos anulados precisamente con ese mesmo real decreto, e ata dentro dalgún tempo

non poderemos dispor dos novos protocolos e das novas guías, dado que tamén terán que vir vía Estado.

Ante esta situación, só quedan dous camiños para nós, como lle dicíamos na interpelación. Se a consellería está de acordo co que se recolle no real decreto, polo menos debera exixirlle ao ministerio unha disposición transitoria que deixara en suspenso ese real decreto ata contar coas acreditacións e coas guías dos protocolos novos. E se a consellería non está de acordo, tería que ter recorrido ese real decreto, como, por certo, fixeron outras comunidades autónomas, sindicatos e colexios de enfermería.

Dende logo, señorías, o Partido Socialista está claramente en contra do que nos parece un inexplicable retroceso. ¡Inexplicable retroceso! Camiñamos cara á especialización da enfermería, camiñamos á atención dos crónicos a través dos recursos que ten a enfermería, e a nosa oposición manifestouna o señor Sánchez, comprometéndose co seu derrogamento no caso de ter responsabilidades de goberno.

Por todo iso, e para tratar de poñer remedio a todo este lío, presentamos esta moción, na que recollemos seis medidas que nos parecen lóxicas, que nos parecen coherentes e que ademais son legais.

A primeira, pedindo ao Goberno da Xunta que solicite do ministerio saínte, do ministerio en funcións, a paralización e a derogación dese real decreto –insisto– de imposible cumprimento.

A segunda. Que demostre o compromiso coas competencias en sanidade da nosa comunidade autónoma recorrendo ante o Tribunal Constitucional un decreto que claramente, señorías, invade as nosas competencias. E invade as nosas competencias ata o punto de recoller que a elaboración das guías de funcionamento van ter que ser aprobadas polo Ministerio de Sanidade.

Terceiro. Que substitúa a nota informativa por algo máis serio, por unhas claras e comprometidas instrucións para o noso persoal sanitario. E falo de persoal sanitario, porque este real decreto, señorías, repercute non só na enfermería, senón, por suposto, tamén nos profesionais e nas profesionais médicas.

Que revise a póliza do seguro da Administración sanitaria autonómica, para que poida asumir realmente as responsabilidades nas que poida incurrir o persoal de enfermería de Galicia ante esta situación creada trala aprobación do real decreto de prescrición.

Que escoite á enfermería, ademais a toda a enfermería, a todos e cada un dos seus representantes, para modificar a redacción dese decreto que –insisto– só nos fai retroceder.

E por último, señorías, que solicite un consello interterritorial, no que se ratifiquen as competencias das comunidades autónomas ante unha tan clara inxerencia do Goberno central.

Esperando contar co apoio dos demais grupos, de momento, máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: A oposición contra o Real decreto 954/2015, do 23 de outubro, que regula –ou máis ben prohíbe– a indicación, uso, utilización e dispensación de medicamentos e produtos sanitarios de uso humano por parte de enfermeiros e enfermeiras, só está a servir para crear unha guerra entre os colexios profesionais médico e de enfermería.

O regulamento impide aos enfermeiros e enfermeiras traballar con axilidade, porque esixe unha autorización médica individual e nominativa antes de usar un fármaco. Só poden facilitar medicamentos cunha acreditación e uns protocolos que aínda non existen.

A polémica céntrase no artigo 3.2, que di textualmente que será necesario para que o persoal de enfermería poida levar a cabo actuacións de medicación a prescrición médica do correspondente profesional, para que este a poida empregar.

A aceptación do artigo 3.2, tal cal está redactado, implica que actualmente o persoal de enfermería tería que deixar de realizar moitas das funcións que realiza de xeito autónomo, e non é factible a día de hoxe asumir esas funcións polo per-

soal médico. Á parte de non ser asumible polo persoal médico en función dos propios ratios e da carga de traballo, é totalmente ilóxico utilizar persoal médico, contratar persoal médico, para facer funcións que realmente en toda Europa está realizando o persoal de enfermería.

O real decreto non está a afectar á prestación de servizos da saúde porque os profesionais de enfermería seguen actuando no seu día a día como viñan facendo antes do real decreto. Por tanto, é imprescindible adoptar as medidas necesarias que lles garantan seguridade xurídica, posto que, ao atender os pacientes como viñan facendo, acaban tendo problemas de seguridade xurídica porque agora a lei lles impide atender estes pacientes, e o Sergas non fai nada. Simplemente deixa que as cousas ocorran, ata que apareza o problema, e cando apareza o problema, seguramente quen será sancionado e quen será culpable será o persoal de enfermería e non o propio Sergas, que impide que o persoal poida desempeñar o seu traballo, a través da aplicación deste real decreto, ou que o impide tamén coa escasa contratación de persoal de enfermería.

Dende logo, quen impuxo este real decreto descoñece totalmente o sistema sanitario e a sanidade do noso país. Pero o que é máis sorprendente é o desprezo que este real decreto amosa pola profesión de enfermería e a súa contribución á mellora do sistema sanitario. Así, o gabinete de estudos do Consejo General de Enfermería de España, no seu *Informe sobre recursos humanos sanitarios en España y en la Unión Europea 2014*, recolle que en Europa hai un 29,06 % de médicos, fronte a un 70,94 % de persoal de enfermería; unha distribución 70-30 –70 de enfermería, 30 de persoal médico–, que é a que se considera eficiente para os autores do estudo. De media, na Unión Europea dos 28, hai uns ratios de 811 enfermeiras ou enfermeiros e 322 médicos por cada 100.000 habitantes. En Galiza os ratios son de 501 enfermeiras –é dicir, 300 enfermeiras menos por cada 100.000 habitantes que en Europa– e 425 médicos –é dicir, 100 médicos máis de media que en Europa. Estamos contratando persoal facultativo para facer o traballo de enfermería, e, polo tanto, é unha auténtica política absurda.

Parece evidente que o persoal de enfermería pode asumir moito máis traballo, moitas máis responsabilidades, coa súa formación porque así o están facendo en Europa. Sen embargo, no Estado español parece que se quere denigrar a profesión de enfermería a unha subprofesión dependente total-

mente de medicina. Porque a sanidade é moito máis que a medicina. Sanidade é moito máis que a cirurxía. Sanidade implica atención diaria ao paciente, tamén atención psicolóxica ao paciente e tamén atención ás familias que acompañan a estes pacientes, algo que non fai o persoal médico, que pasa unha vista que dura 5 ou 10 minutos, como moito, pero o resto da xornada, cando están no hospital, son atendidos por persoal de enfermería, que é quen coñece realmente o paciente, as súas familias e os problemas implicados na mesma.

É imprescindible poñer os pés no chan e non empezar con estas tonterías de decretos, estas loucuras de mentiras que vostedes soltan sobre a realidade sanitaria, unha realidade que só existe para vostedes, e dar cabida neste debate a toda a sociedade; é necesaria a participación da sociedade para conseguir o sistema sanitario que queremos. E ademais cun persoal de enfermería a quen realmente se lle recoñezan as funcións que poden realizar en función da súa formación, teríamos un persoal médico con máis tempo para atender os doentes, máis tempo para investigar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...máis tempo para estudar. Un persoal médico que fixera realmente o traballo do persoal médico, e non que se dedicara a facer traballo de enfermería.

E xa para rematar –estou fóra de tempo, xa o sei, presidente–, quero facer mención tamén a esa invasión de competencias, porque este goberno da Xunta xa non é que o goberno se negue a reclamar competencias constantemente, senón que ademais renuncia voluntariamente ás poucas que ten.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Imos votar favorablemente esta moción. A verdade é que o que fixo o Ministerio de Sanidade, o Partido Popular, é un total desastre neste campo.

Unha das primeiras cousas que se aprenden na carreira de enfermería, que aprendemos nos fundamentos da carreira, é o tipo de actividades desta profesión, falando dunha profesión que é única, que non depende de ningunha outra, que é compatible e ten que compenetrarse con outras, como pode ser a medicina, como pode ser a fisioterapia, como pode ser a terapia ocupacional ou co resto de profesións sanitarias. Todas as profesións sanitarias hai que desenrolalas, e deben coordinarse en equipos multidisciplinares para o beneficio da saúde de toda a poboación.

Así que nos fundamentos apréndese precisamente cales son as funcións propias da profesión, cales as funcións interdependentes e cales son as funcións dependentes con outros profesionais. Parece que todo o mundo o ten claro agás o ministerio, ¡que curioso!, porque desde hai moito tempo é precisamente a prescrición de enfermería unha reclamación da profesión, relativa a unha actividade habitual que se viña facendo dende hai moito tempo, pero que non tiña un amparo legal neste sentido. E mediante este decreto o ministerio parece que quixo regulalo, pero realmente nos deixou unha situación moito peor que a que tiñamos previamente, porque, en relación coas prescricións de todas esas cousas coas que xa traballabamos, a situación é moito peor.

Ocórreseme, por exemplo, unha actividade común que facemos en enfermería: unha prevención; o tratamento e atención, por exemplo, de úlceras por presión ou de úlceras dun pé diabético ou algo por este estilo. Pois ese diagnóstico facíámolo nós, ese tratamento administrábámolo nós, e digamos que ata o de agora non había ningún problema. É dicir, agora para os tratamentos habituais que xa utilizaba a propia enfermería, como pode ser un hidrocoloide ou como pode ser outro tratamento para o que xa estamos formadas, necesitamos un permiso por parte do ministerio, para facer algo para o que xa estamos formadas durante a carreira.

Ademais, falando daquelas actividades das prescricións médicas, que son, efectivamente, dependentes para a súa administración, agora temos un problema engadido. É dicir, non só non se regulan novos dereitos, senón que se empeora a realidade dos que tiñamos, porque, como xa se explicou aquí, o decreto é tan desastroso que condiciona esa administración de tratamentos de pauta médica a unha autorización específica por parte do ministerio. É dicir, na actualidade, como xa se explicou, estaríamos continuamente –as enfer-

meiras que están traballando e os enfermeiros que están traballando– vulnerando a legalidade vixente porque no existe esa autorización. É unha situación totalmente rocambolesca. Non só non se dotou desa seguridade xurídica que se solicitaba á hora de prescribir aquilo que non é de prescrición médica, é dicir, eses produtos que se utilizaban xa na enfermería, senón que ademais se instaurou unha inseguridade xurídica, porque as enfermeiras e os enfermeiros que están traballando nesas funcións dependentes das prescricións médicas, en realidade, sen estar dentro da legalidade, non poderían estar traballando e funcionando así.

Pero é que ademais a min xérame outra dúbida. Comentabamos agora que, aínda que se tivese expedido este permiso, non está regulado como vai ser. ¿Como imos facer en todas aquelas actividades que non sexan, digamos, da administración única?, ocórreseme, por exemplo, o control dunha bomba de infusión, é dicir, un tratamento continuo. ¿Vai haber un permiso cada vez que teñamos que facer isto? ¿Vaise regular dalgunha maneira? A realidade é que foi un pouco botar o carro antes dos bois.

Temos un decreto sobre a mesa que é de obrigado cumprimento xa, que deixa aos enfermeiros e ás enfermeiras na absoluta ilegalidade, e non sabemos como se vai poder facer para que non xere maiores problemas no futuro. A realidade é que se intentou parchear aquí, na consellería, cunha nota que non resolve absolutamente nada e que nos deixa na mesma indefensión na que estamos dende que se aprobou este decreto. Non ten sentido ningún. Porque no caso de que exista un problema –o PSdeG propuña o asunto da póliza de seguro– coa administración dun fármaco, ¿quen vai sufrir as consecuencias?: o persoal de enfermería que o administra, obviamente. Ao final, sempre son os profesionais os que pagan as consecuencias da inoperatividade dos gobernos, e non pode ser.

Polo tanto, hai que solicitar que se derroque este decreto. Hai que sentarse cos profesionais, cos seus representantes, e xerar un decreto que sexa acorde coas reclamacións e que sexa acorde coa legalidade vixente. Isto non é normal. E, obviamente, a Consellería de Sanidade, dentro das súas competencias, e tal e como lle reclaman as centrais sindicais, ten que solicitar que se convoque esa comisión onde se reúnan todas as comunidades autónomas e se poida decidir que é o máis adecuado. Non podemos estar permitindo que se

invadan as nosas competencias, non podemos estar deixando os profesionais –neste caso de enfermía– nunha inseguridade xurídica tremenda. É dicir, cando algo se fai mal, o que hai é que recoñecelo e poñerlle remedio, non seguir poñendo máis parches. Entendemos que esta non é unha situación normal e que, ante esta indefensión, o Partido Popular debería responder con contundencia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

O Bloque Nacionalista Galego tamén vai apoiar esta iniciativa.

Ao longo da mañá, escoitamos en varias ocasións loas aos profesionais. Primeiro loa do conselleiro e logo tamén loa do voceiro de sanidade do Partido Popular alabando o gran traballo dos profesionais. Moita loa e moita demagogia, ¿non?, porque logo, á hora da verdade, esa loa aos profesionais non se dá traducido en actuacións reais, en actuacións que dignifiquen e faciliten o labor dos profesionais. E que esta dignificación e facilitación do seu labor se traduza nunha mellor sanidade pública e nunha mellor calidade asistencial.

Temos falado en bastantes ocasións do papel transcendental importantísimo do persoal de enfermía na prestación sanitaria, mais logo –insisto– non sempre vai acorde coas decisións que se teñen tomado. Estamos aquí coa aprobación do Real decreto 954/2015, diante do que eu, dende logo, non teño ningún pudor en chamar unha auténtica chapuza normativa; é dicir, hai cousas que nin a mantenta se poden facer peor.

Estamos máis unha vez, de novo, ante dunha actuación normativa feita de costas viradas aos profesionais. Feita de costas viradas aos profesionais, onde non se dialogou, onde o texto que logo chegou a aprobación non é o que teoricamente se pasara á opinión dos profesionais. Estamos nunha especie de ordeno e mando que tampouco temos moi claro a que intereses responde e a quen se quere contentar con este

decreto, porque o que si está claro a estas alturas e o que si conseguiu foi poñer en pé de guerra a todos os profesionais de enfermía –normal que así o fixeran– e un enfrontamento entre enfermía e facultativos que –insisto–, dende logo, o quen non facilita e o quen non favorece é unha mellor calidade asistencial, un bo clima de traballo, nin mellora para nada a situación.

O desenvolvemento regulamentario do real decreto lexislativo, o texto refundido da Lei de garantías de uso racional do medicamento, feito deste xeito pretende teoricamente regular a indicación, uso e autorización da dispensación de medicamentos e produtos sanitarios de uso humano por parte do persoal de enfermía. Non sabemos se aquí a quen se quere contentar é a quen vai facer as acreditacións, a quen vai facer os cursos para as acreditacións, ou realmente quen está no medio. O que si é evidente é que son demasiadas xa as voces que se mostraron contrarias a este real decreto, co cal é evidente que non se fixo ben. Entón, ademais de estar de acordo en que a forma en que se fixo non foi a correcta, tampouco o foi no fondo.

Hai sectores de enfermía que o consideran ilegal, lesivo para o colectivo de profesionais. É evidente que a aplicación é confusa, e é evidente que a instrución realizada por parte da Consellería é un intento de querer –por así dicilo– dicir aquí non pasa nada, pero a inseguridade xurídica é máis que patente, co cal parece obvio que, se a Consellería considera que a aplicación deste real decreto non debe facerse e que hai inseguridade, o que non pode mandar é unha instrución aclaratoria, o que ten é que mollarse, por iso estamos de acordo co que presenta a iniciativa.

E, dende logo, o que ten que facer o Goberno galego é exercer de tal, exercer de Goberno galego, como xa teñen feito un número moi importante doutros gobernos de comunidades autónomas: Canarias, Baleares, Navarra, Cataluña, Estremadura, que interpuxeron recursos contencioso-administrativos e recursos de inconstitucionalidade, é dicir, que se mostraron contrarios a esta norma por invadir máis unha vez competencias que son propias.

O Goberno do Estado, Madrid, volve dun xeito así, de ordeno e mando, intentar regular cuestións que non son da súa competencia, por iso estamos de acordo cos aspectos que demanda esta iniciativa e ímola votar a favor. E sería bo que

por unha vez, como xa temos demandado en innumerables ocasións, o Partido Popular, e o Goberno do Partido Popular, exercera de tal goberno, se puxera do lado dos profesionais, do lado da sanidade, e petara enriba da mesa e lle dixerá a Madrid que as cousas non se poden facer así; que non se poden facer así nin polo fondo do lío que teñen montado nin pola forma; que de momento Galiza ten competencias en materia de sanidade. Sería bo que, por unha vez, se plantara e dixerá estamos aquí, somos un goberno e exercemos de tal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Íñiguez.

O señor ÍÑIGUEZ MARTÍNEZ: Boas tardes a todos.

Hoxe traemos aquí a debate a prescrición de enfermería. O real decreto tan denostado aquí por todo o mundo nace cun fin: desenvolver e mellorar as expectativas profesionais dun sector sanitario tan importante e fundamental como é o da enfermería no sistema de saúde, tanto na atención primaria como na especializada. Hai que recordar que hoxe en España traballan preto de 270.000 profesionais.

É preciso facer ver que non houbo unha rama sanitaria que experimentara un crecemento semellante nos últimos corenta anos. Dende a formación, que carecía de rango universitario nos anos setenta, que era suficiente con poseer o 4º de bacharelato, do extinto bacharelato, cando os profesionais se denominaban practicantes e ATS. Ata principios dos anos oitenta non aparece a nova enfermería, con rango de diplomatura universitaria, tres anos de estudo teórico-práctico aos que había xa que acceder con COU e selectividade, como a calquera outra carreira universitaria.

Actualmente xa non son diplomados, son graduados, xa requiren catro anos de formación, e a partir desta poden acceder a formación especializada a través do sistema EIR, similar ao que se leva a cabo cos médicos, cos farmacéuticos, biólogos, químicos ou psicólogos. Está claro que a melloría da formación e a adquisición de novos coñecementos implica novas competencias.

O Servizo Galego de Saúde aumentou as competencias de enfermería. Eu aquí non vin que ninguén falara de que hoxe os profesionais de enfermería poden facer peticións analíticas para poder seguir controlando os pacientes con procesos crónicos como pode ser a diabetes, a hipertensión, a hipercolesterolemia, a obesidade. Tamén poden facer peticións microbiolóxicas cando afectan a curas que estaban levando a cabo. Non é preciso que lle pidan permiso ao médico para facer unha petición de analítica.

No ano 2006, a modificación da lei do medicamento permitiu aos odontólogos e aos podólogos a prescrición de medicamentos e produtos sanitarios de uso en humanos. Ata esa fecha, a prescrición era exclusiva competencia dos profesionais facultativos médicos. Nesta lei quedou relegada a prescrición de enfermería, tiveron que pasar nove anos para que aparecera o Real decreto 954/2015, que vai posibilitar a prescrición.

Este decreto, que entrou en vigor a finais de decembro de 2015, consta de tres capítulos, once artigos e varias disposicións adicionais, transitorias e finais. Ten dous aspectos que xeran controversia en diferentes colectivos, ambos están no artigo 3.2. O primeiro é a necesidade de conseguir unha acreditación tras a realización dun curso de 180 horas. E o segundo é que, previo á prescrición ten que haber un diagnóstico, unha indicación e un protocolo.

Quero amosar que a maioría do persoal do Sergas en todas as súas categorías, desde persoal facultativo a celador, se rexe pola Lei 55/2003, coñecida como Estatuto marco, que rexe en todas as comunidades e regula as funcións que corresponden a cada categoría; é dicir, as de médico, enfermería, administrativos, auxiliares e celadores. Sería interesante que moita xente lera o real decreto, porque así podería coñecer cales son as súas funcións, sobre todo cando falamos de persoal médico e de persoal de enfermería. Isto pode condicionar que o real decreto colisionara con esta lei, porque nesa lei especifica claramente cales son as funcións do médico e da enfermería.

Para rematar, quería recordar que este real decreto foi recorrido polo SATSE e a , facendo fincapé na suspensión cautelar do artigo 3.2. O Tribunal Supremo vén denegar esa suspensión cautelar, e hoxe mesmo tivemos coñecemento de que tamén rechazou un recurso do Goberno de Baleares para

que se deixe de aplicar o Real decreto de enfermería, segundo publica a prensa dixital.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Íñiguez.

Grupo autor da moción. Señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, agradecer o apoio dos demais grupos. En canto ao Goberno Popular, a verdade é que despois de escoitar ao deputado, non sei se quere volver a enfermería aos anos setenta –por certo, os practicantes daquela eran moito máis autónomos que a enfermería que quere agora o Ministerio de Sanidad. Poden pedir analíticas, si, na atención aos crónicos, pero non poden recomendar un Frenadol, que si o pode recomendar a televisión, isto é o absurdo. Ademais, señor deputado, ¡algo terá ese real decreto que a vostede lle parece tan marabilloso cando o recorre todo o mundo!, e vostede citou algúns dos recursos.

Mire, a min gustárame que reaccionaran vostedes. É absurdo oporse. Mire, este real decreto parte dun ministerio en Madrid que está cesado e saínte. En Galicia estamos ás portas dunhas eleccións que esperemos que fagan marchar ao Partido Popular. Entón, é unha cuestión de tempo que todo isto se modifique.

Si, señores e señoras do PP, eu pregunteme para que plantarlle cara e para que porse en contra do que a gritos lles está a pedir non esta deputada, senón a enfermería. ¿Por que razón os queren vostedes someter a este calvario e poñelos en risco?

Miren, eu non sei o que lles molesta da nosa moción, pero se vostedes queren coidar tanto os profesionais como o conselleiro nos dicía esta mañá, sería apoiar a nosa moción un recoñecemento ao traballo que está a facer a enfermería. E, por certo, recoñecer tamén a súa valentía por seguir a traballar a pesar das circunstancias e das condicións de inseguridade legal na que os coloca o ministerio.

Para lograr un acordo, voulle propoñer unha cousa para facilitar o acordo, é a votación por puntos. Imos someter a votación, se lle parece ben, primeiro o punto 3 e o punto 4 xun-

tos, porque entendo que non terá problema o Partido Popular en apoiar o que solicitamos, que é que se lle faciliten á enfermería unhas instrucións máis claras para poder funcionar con este real decreto, e o punto 4, para facer realidade o seu compromiso, modificar a póliza do seguro de responsabilidade civil.

E noutro bloque, xunto tamén, o 1, 2, 5 e 6, que non creo que tampouco lle supoña problema apoialos ao Partido Popular porque non pedimos máis que que se paralice temporalmente o decreto, algo que parece lóxico cando seguro que co cambio de Goberno se vai derrogar; loitar por manter as nosas competencias autonómicas en materia de sanidade, e facilitar o diálogo do conxunto da enfermería e o diálogo coas demais comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial.

Reflexionen, señorías do Partido Popular, e voten a favor, porque non o pedimos nós, pídeoo a enfermería.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Pasamos, polo tanto, á votación das mocións.

Encomenzamos coa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Monserrat Prado Cores.

Votación da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera do Sergas, a derivación de doentes da sanidade pública de Galicia a centros privados e a constitución e convocatoria dos consellos de saúde de área.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a continuación a moción do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda por iniciativa de dona Eva Solla Fernández. Xa manifestou a ponente que non acepta as emendas nin do Grupo Mixto nin do Grupo Parlamentario Popular.

Votación da Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria que se está a prestar no Sergas nos casos de aborto e a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de dona María Carme Acuña do Campo. Manifestou a ponente que solicita a votación por separado, en primeiro lugar, dos puntos 3 e 4, e logo do resto dos puntos.

Polo tanto, votamos en primeiro lugar os puntos 3 e 4 desta moción.

Votación dos puntos 3 e 4 da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da entrada en vigor do Real decreto de prescripción de enfermaría.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados o punto 3 e 4 desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos desta moción.

Votación dos puntos 1, 2, 5 e 6 da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da entrada en vigor do Real decreto de prescripción de enfermaría.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 1, 2, 5 e 6 desta moción.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día e pasamos ao punto cuarto, que é o de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incrementar o número de persoas refuxiadas acollidas en Galicia e a presentación no Parlamento de Galicia dun plan de acoillimento

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada M^a Soledad Soneira Tajés, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. 40843).

Emenda de modificación:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.-Dirixirse ao Goberno central demandando que este acepte, como mínimo, as 4.288 solicitudes propostas inicialmente pola Comisión Europea, e aumentar de forma inmediata o orzamento destinado ao asilo e acollida de refuxiados.

2.-Demandar do Goberno central o deseño urxente dun Plan de acollida humanitaria a refuxiados. Este Plan debe dispor de prazas de acollida dignas, posibilidade de escola-

rización a menores e atención socio-sanitaria en colaboración coas comunidades autónomas e a administración local.

3.-Demandar do Goberno central a aprobación, con carácter de urxencia, o Regulamento da Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria.

4.-Establecer os mecanismos legais, administrativos e loxísticos que fosen precisos para que Galicia se converta en lugar de acollida de refuxiados en cooperación e coordinación coas entidades locais e colectivos sociais que traballan no campo da integración social.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Mónica Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde outra vez a todas e a a todos.

Hoxe traemos aquí, con esta proposición non de lei, un tema que está de máxima actualidade, que é o tema das refuxiadas e dos refuxiados. Entendemos que no mundo actual a guerra corresponde case sempre a unha motivación económica moi clara. Case sempre, nos últimos anos, relacionada sobre todo coa xeopolítica da enerxía. A guerra só causa mortes, destrución e éxodo.

A guerra de Siria está provocando unha fuxida masiva daquel pobo que logrou sobrevivir, buscando a paz e outra terra. Non morreron baixo as bombas de Siria ou noutro conflito bélico, senón cando facían a terrorífica viaxe buscando seguridade e unha vida mellor en Europa.

Esta xente non vén de bo gusto, vén por unha necesidade vital. Non queremos balsas de medusas como naquel cadro de Gericó, repetindo episodios trágicos da historia. O Mare Nostrum é coma unha xigantesca gorxa que engole as persoas refuxiadas ao caer da barca á auga, e só teñen o agarramento do sol, que, como divindade que é, observa e chora a traxedia e láíase de que a xente irmá non mire para esta xente.

¿Onde están os gobernantes que presumen de abandeirados dos dereitos humanos? ¿Onde están?

Europa non ten empatía. Europa non ten memoria. Europa é inhumana. Europa é a responsable de moitas guerras, sexa pola venda de armamento, por apoio a réximes totalitarios, ditatoriais. Vivimos na globalización da indiferenza.

Estes días estamos a vivir a realidade do acordo de Europa con Turquía, que é unha auténtica vergoña e deixa en desamparo a moitas persoas que tiñan dereito a asilo e non poden facelo. É un país que non respecta os dereitos humanos, e de ningunha maneira pode ser considerado como un país seguro para as persoas, polo que, en cumprimento estrito do principio de non devolución, non se poden expulsar persoas a este país.

O acordo infrinxe a propia normativa europea e os tratados internacionais, permitindo as expulsións colectivas que atentan contra a natureza mesma da protección internacional e impiden a identificación de perfiles de vulnerabilidade.

Tamén implica converter o propio Estado turco na policía de Europa, nun gran campo de persoas refuxiadas ás portas dos países europeos, como veu facendo tradicionalmente con Marrocos.

E todo isto a cambio de suculentas cifras de cartos e outras prebendas, como, neste caso, volver abrir o proceso de diálogo que permita a entrada de Turquía no club europeo.

É ilegal dende o punto de vista do dereito internacional, como é ilegal o que fai España en Melilla coas devolucións en quente. Está demostrado que o peche de fronteiras non só impide o paso á xente, senón que é causa directa das mortes e as desaparicións no Mediterráneo, alimenta as mafias e aumenta a vulnerabilidade.

A Unión Europea e os estados membros son responsables de acordar esta expulsión de persoas como suposta solución a un drama e ao sufrimento dos que foron desprazados de xeito forzoso, no canto de brindarlles a protección internacional á que estes estados están obrigados.

Foron incapaces de articular vías seguras para as persoas refuxiadas inmigrantes; de impedir que os países da zona, membros da Unión Europea, pecharan a denominada ruta dos Balcáns; de non cumprir o compromiso de reasentamento e reubicación adquirido.

Non queremos que a illa grega de Lesbos, como reino de Hades, continúe a ser un improvisado camposanto de emigrantes afogados e anónimos polos que non van vir chorar; e lembrar o cadro da Illa dos mortos, onde o barqueiro Caronte non accede a levar os mortos porque non teñen cartos, e así vagan durante cen anos polo río Aqueronte, o que hoxe é o Mediterráneo.

Pero si que hai mortos tamén aos que choran, e temos o caso dunha das últimas traxedias, onde unha viúva e os seus catro fillos pequenos, internados todos eles no centro de detención de Moria por ser emigrantes irregulares, como indica o pacto da Unión Europea e Turquía, precisan dun permiso extraordinario para acudir ao enterro do seu esposo e do seu pai. Moita dor e ningunha resposta.

E agora que acabamos de voltar –para quen as disfrutou– das vacacións de Semana Santa, a chamada Semana Santa, vou coller as palabras dun dos grandes bardos da nosa literatura, porque aquí si que tivemos as auténticas procesións, as procesións de Semana Santa, coas refuxiadas e refuxiados, coas fronteiras de espiñas que colocou Europa.

Hoxe está claro que Deus, se existiu, sería unha nena, un neno ou unha muller. Historias de miles de desaparecidos e sometidos a tratos que remexen as entrañas.

A ONU informou da vulnerabilidade das mulleres, das nenas e dos nenos que viaxan na súa condición de refuxiados, enfrontándose a riscos de violencia sexual, de xénero, violacións, para pagar a propia documentación ou a propia viaxe cando non poden contar coa súa familia ou coa comunidade para protexerse.

Ata xaneiro de 2016, o 55 % da xente refuxiada eran nenos, nenas e mulleres. Temos a memoria quebrada, non lembramos as nosas e os nosos emigrantes, ou os nosos exiliados. ¡Que sería de nós se non tiveramos un acollemento por parte de moitos dos países! Mais tamén nos queixamos do trato recibido noutros países polos nosos refuxiados, e agora nós repetimos o mesmo.

España debería ter abandeirado a defensa dos dereitos das persoas refuxiadas e inmigrantes que están chegando a Europa. Os valores de solidariedade son valores que comparte a maioría da cidadanía que vive no Estado e en Europa, que

dende sempre estivo coas persoas que sofren no mundo. ¿Pero por que non actúa?, ¿canto vai tardar esta acollida?

Ante o inmovilismo do Goberno, a resposta de moitas das administracións do Estado non se fixo agardar. Mais nestes últimos días o presidente en funcións lémbrale a quen se dirixiu para acoller persoas refuxiadas, que este tema lle corresponde ao Executivo central, por máis que queiran botar unha man apelando a traballar por todos e todas en colaboración.

Isto é o que queremos, traballar para o ben desta xente que leva deambulando e á que se lle negan os dereitos. Moitas administracións, nas que tamén incluímos as galegas, si ofreceron recursos e infraestruturas para esta acollida que non chega. Si, repróbannos, mais non fan nada, ¡nada!

Europa si que se mobiliza, pero para outra cousa. Para ofrecer miles de voluntarios, de funcionarios, para devolver as persoas refuxiadas a Turquía e activar as reubicacións directamente dende o territorio turco.

Despois de sufrir atentados e mortes, en vez de atopar refuxio e cariño, van parar a un lameiro, e agora transpórtanos a quen sabe onde. ¿Onde están os dereitos humanos?

A resposta social non agarda. Agora mesmo en moitos puntos do Estado estase coordinando a recollida de artigos de primeira necesidade para entregar á xente refuxiada.

No Pireo tamén é certo que se avisa de que non deixan chegar esta axuda porque entenden que isto é símbolo de permanencia. Non atenden as necesidades básicas.

As ONG son a resposta ás eivas dos estados, que levan traballando moitas décadas, e agora abandonan os propios campos, despois do acordo con Turquía, porque non queren ser cómplices para realizar as expulsións.

Todas estas vulneracións dos dereitos humanos, contrarias á vontade dos pobos de Europa, contradín os valores fundamentais e fundacionais, supostamente democráticos.

Queremos a suspensión deste acordo con países que non respecten os dereitos humanos. Vías legais e seguras, visados humanitarios, reasentamento e acceso diplomático ou asilo en países de orixe e tránsito. O cumprimento sen fisuras por

parte de todos os estados membros da Unión Europea do seu deber de protección internacional. O inmediato fin das expulsións e das devolucións en quente.

O compromiso dos gobernos europeos na resolución dos conflitos de forma pacífica, así como no control do comercio de armas a países que violan os dereitos humanos, e poñer fin aos discursos, ás medidas e actitudes denigrantes, racistas e xenófobas contra as persoas refuxiadas, solicitantes de asilo e inmigrantes, garantizándolles un trato digno e xusto. O cumprimento dos compromisos de reubicación e reasentamento que o Estado español adquiriu, e aumentar o número asignado.

Por estes motivos, a cidadanía que si acreditamos na declaración dos dereitos humanos das Nacións Unidas non podemos ficar á marxe dunha cuestión que afecta a milleiros de seres humanos. A empatía nos retrata como humanos e humanas, e sempre quedará a verdade por boca das inocentes e os inocentes, que son as reaccións máis sinceras, porque as nenas e os nenos si tenden a man, porque si entenden o que é a necesidade.

O anuncio feito hai meses da disposición de acollemento das persoas refuxiadas que anunciaron en moitos concellos pola emerxencia social debería levar o deseño de medidas específicas para a acollida das persoas refuxiadas en colaboración coas organizacións da sociedade civil. Ou a propia elaboración nos concellos dun censo das propias infraestruturas municipais para dar acollemento ás persoas refuxiadas. E tamén poder instar ás administracións a contar con recursos.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vaia rematando, por favor.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Tal como anunciaba na propia iniciativa, sabemos que en Galiza hai un número moi elevado de vivendas baleiras, tanto en vilas como no medio rural como nas cidades, e cremos que a cantidade anunciada debería incrementarse, tendo en conta que cada concello pode acoller un mínimo de persoas, sempre de acordo co tamaño do concello e a propia capacidade económica e social.

Tamén sabemos que a semana pasada se aprobou aquí, no Parlamento, unha proposición non de lei pedindo á Xunta e

ao Estado a aplicación da lei que regula o dereito a asilo e a aplicación subsidiaria para dar cumprimento á disposición relativa a refuxiadas e refuxiados.

Entón, na propia iniciativa instamos a Xunta a liderar o acollemento das persoas refuxiadas en Galiza, facendo un chamamento urxente a concellos e familias para que cedan vivendas particulares baleiras e instalacións municipais para dito acollemento, co fin de incrementar o número de 300 persoas refuxiadas acollidas polo noso país e presentar ante o Parlamento, coa máxima urxencia, un plan de acollida de persoas refuxiadas en Galiza.

Só agardar que poidamos chegar a un acordo no Pleno.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Intervención dos grupos. Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, ten a palabra a señora Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Señora presidenta.

Señoras deputadas e señores deputados.

A verdade é que vivimos unha época sen precedentes, desde a IIª Guerra Mundial, en canto á mobilización forzosa de millóns de persoas por distintas circunstancias, económicas, sociais, e sobre todo situacións de guerra, polo que non se pode nin sequera argumentar —como se facía coa emigración, poñamos por caso, africana que vivimos nós con máis intensidade hai anos— que simplemente se procura buscar unha mellora nas condicións de vida.

Aquí estamos falando de millóns de persoas que foxen por salvar a súa vida. Estamos falando de persoas que viven en territorios onde se decapita a persoas, a nenos, a nenas, onde se venden as mulleres, etc.

Non entramos a xulgar, nin sequera eticamente, quen o fai nin por que o fai, cada un temos a nosa opinión. Pero as persoas teñen o lexítimo dereito a fuxir e a buscar protección para eles e para as súas familias.

Hai uns anos, en 2013, impactounos a traxedia de Lampedusa, que hoxe non é máis que un recordo lonxano: case 400 persoas afogadas no Mediterráneo.

Despois vén a imaxe dun neno varado nunha praia, despois de andar aboiado polo mar, porque os seus pais trataban de salvarlle a vida, e acabou morrendo, xa digo, varado nunha praia.

Na nosa sociedade de consumo eses flashes duran o que duran. Consumímolos nun momento dado e desaparecen das nosas vidas.

E logo, recentemente, hai outra imaxe que a algunhas persoas eu creo que debería movernos a reflexión. A guinda de todo isto son os acordos vergoñentos que se produciron recentemente en Europa, nos que na práctica se tratan os refuxiados como un fato de reses coas que se negocia, coas que algúns países sacan contrapartidas.

En Europa poñemos fronteiras. Curiosamente –ténño dito en mais dunha ocasión– aqueles países, aqueles gobernos, que fuxían dunha determinada ditadura e dunhas condicións de vida e de opresión tremendas, e que buscaban refuxio nos países do occidente europeo, son os que con máis virulencia hoxe se pechan detrás de alambradas e detrás de normas que impiden que estas persoas poidan acceder a Europa.

E logo temos o noso goberno. Nós presentamos unha emenda porque, é certo, esta é unha competencia do Estado e o Estado pode bloquear calquera iniciativa en calquera dos territorios; de feito, ten bloqueadas todas as que se teñen presentado por parte de comunidades autónomas, de concellos e de organizacións non gobernamentais. Temos un goberno que defende unha cousa cando ten a maioría absoluta, e cando está en funcións e as Cortes lle obrigan a defender outra aplica aquel principio de Cañita Brava: “lo mismo te digo una cosa que te digo la otra”, e non pasa nada. Un goberno que parece ser que por fin nos vai dar explicacións nas Cortes, pero que ata hai dous días incluso negaba ese dereito e o segue negando para outros asuntos.

Temos un goberno que é capaz de crer no que non se ve. Un ministro do Interior que cre nun señor que se chama Marcelo e que lle abre a porta do coche oficial, e que incluso é capaz de concederlle honras a imaxes de escaiola que representan unha divindade, pero que pechamos os ollos a eses

centos de miles de persoas –nenos, anciáns, persoas que viven á intemperie–, un goberno que esquece a nosa historia.

Señorías, hai datos de ACNUR que nos din que de Siria seguramente se moveron en torno a 5 millóns de persoas. E para que nos fagamos unha idea do que significa, a saída de España de poboación civil e dos restos do Exército republicano estímase que estaba en torno a 700.000 persoas. É unha imaxe impactante, menos para aqueles que entre eses exiliados seguramente non tiñan a ningunha persoa próxima, nin ideoloxicamente nin familiarmente.

Somos un dos países máis insolidarios de Europa, e ano tras ano o Goberno saca 130 prazas, cando hai máis de 8.000 peticións de asilo en España, e xa non quero falar dos compromisos adquiridos de miles de persoas nas negociacións con Europa que o Goberno non está a cumprir. Por aí va a nosa emenda, a pesar de que xa temos acadado un acordo –é certo– na Comisión 1ª hai escasos días, pero hai que insistir, hai que desenvolver o Regulamento...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: ...da nosa lei porque, se non, temos un problema bastante serio, e incluso esas persoas que demandan o asilo no exterior teñen auténticas dificultades e poñen en dificultades os funcionarios.

E despois hai unha cousa que sospeito que aquí se nos dirá, e propoñeráenos o acordo de que xa hai un plan por parte da Xunta de Galicia. Eu penso que non faría falta que se lle pedira ao Goberno galego, porque creo que este é un asunto no que podemos estar todos de acordo, que o Goberno galego de maneira voluntaria, e por iniciativa propia, comparecera nesta Cámara e nos explicara en que consiste, e sobre todo que nos dixera cando vai demandar a aquela Administración que ten a competencia, que é o Goberno do Estado, que cumpra os seus compromisos...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: ...internacionais e que –insisto– recorde, aínda que non sexa polos seus antecedentes familiares, a historia colectiva de moitos españois.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Soneira.

Polo Grupo da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Boa tarde a todos e a todas.

Volvemos traer a preocupación máis grande que existe ou debера existir hoxe en día con respecto á situación á que se ven obrigadas a vivir –ou a sobrevivir, máis ben– as persoas refuxiadas e emigrantes que de forma absolutamente desesperada están poñendo as súas esperanzas no horizonte dunha Europa que era –ou nalgún momento o foi– dos valores ilustrados e do republicanismo, e hoxe, despois de ver cales son as solucións que lles estamos dando desde a UE, onde estamos tratando as persoas refuxiadas e emigrantes como mera mercadoría, negando dereitos humanos e dignidade, ese horizonte é unha mera utopía. Por iso, cando o medo é a ameaza máis tortuosa para a celebración de proxectos vitais e a salvagarda dos dereitos humanos, é preciso que a política sexa a valente, a que adopte decisións e accións que fuxan da visceralidade que impregna o medo.

Evitemos cunha acción radicalmente solidaria e respectuosa cos dereitos humanos non só a aparición de comportamentos racistas e xenófobos por parte de grupos de extrema dereita e por parte de determinados estados membros da Unión Europea –como Hungría, Eslovaquia e outros– que están facendo estourar o espazo Schengen, denunciémolo e digámolo alto e claro, senón tamén para evitar que por mero curtopracismo electoralista aquelas organizacións, forzas e gobernos que se denominan demócratas acaben por acoller e levar a cabo un aparello lexislativo aínda máis restritivo do que existe hoxe en día, e iso é o que está acontecendo por desgraza.

Javier de Lucas fala claramente dun estado de excepción permanente en que viven as persoas migrantes en toda a Unión Europea, un estado de non dereito, obrigándoas a vivir nas marxes da sociedade, e iso non se pode permitir. ACNUR alertaba de que xa son 61 millóns de persoas as desprazadas e exiliadas no mundo. Cúmprense cinco anos da guerra en Siria e noutros países. Hai actualmente dez países en conflito que provocan un considerable desprazamento e exilio de millóns de seres humanos. Polo tanto –xa

se dixo aquí–, na primeira fase o que se fai é un desprazamento interior no propio país. Por exemplo, hai 6,6 millóns de persoas desprazadas no propio interior de Siria, cara a outras zonas consideradas máis seguras, onde ACNUR traballa. Por exemplo, ¿na segunda fase, que se fai? Saír cara a outro país limítrofe. E aí temos como 4,5 millóns de persoas desprazadas de Siria están en Turquía, Líbano, Xordania, Iraq e Exipto. Pero non abonda con iso porque a presión é totalmente desmesurada, e xorde a terceira fase, que é a de ollar e contemplar Europa como horizonte. Máis de 1 millón de persoas intentaron chegar a Europa, 498.370 persoas procedentes de Siria no 2015; o resto dos nove países restantes en conflito: un 20 % de Afganistán, o 8 % de Iraq. Esta é a viaxe máis perigosa, e nós estámola facendo moito máis perigosa. O mar Mediterráneo é hoxe unha foxa común abrumadora: 3.700 persoas no ano pasado, 400 persoas no que vai de ano; polo tanto, temos a obriga de actuar,

De Burundi, un país en conflito, temos 236.000 persoas desprazadas; da República Centro Africana, 900.000; do Congo, 1,5 millóns de persoas; do Sudán sur, 1,7 millóns de persoas. É dicir, como non actuemos, non teñen absolutamente sentido os discursos nin as decisións que poidamos adoptar. Porque, desde logo, cando vemos que procedentes de África só se atenderon 35 solicitudes de asilo, está claro que algo estamos facendo mal desde o punto de vista da salvagarda dos dereitos humanos.

Por iso, na liña da proposición non de lei que se defendera aquí a raíz dunha iniciativa de AGE e que fora aprobada por unanimidade, temos que seguir actualizando o noso discurso, actualizando o noso apoio e solidariedade absoluta a través de accións políticas decididas de presión constante para que o Estado actúe e para que todos sexamos os garantes deses dereitos humanos hoxe esnaquizados. Recuperemos o sentido e convertámonos en humanos. Non sexamos lobos para o home e para a muller.

Aínda que o horizonte dunha Europa social, dunha Europa xusta, dunha Europa solidaria sexa hoxe unha utopía –como dicía Galeano–, camiñemos cando menos cara a ela.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Ron.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta. Boa tarde de novo.

Estamos ante o que poderíamos cualificar a maior crise de lexitimidade das institucións da Unión Europea, a crise da crueldade. Eu adoito repetir moito unha frase –permítanme que o faga esta tarde– de Walter Benjamin, colaborador da Escola de Frankfurt, que xustamente nos inicios do alzamento do nazismo escribía aquilo nas súas reflexións a respecto de Europa: “cada documento de cultura é un documento de barbarie”.

Moitas veces se ten volto sobre esa frase. ¿Que quería dicir un autor que viña de defender a razón ilustrada, que entendía que Europa era xustamente o xerme da historia do progreso, de chegar cada vez a vivir un pouco mellor? Pois a contradición latente do que hoxe podemos dicir que é a historia da crueldade. Nun momento histórico como o actual, onde os seres humanos podían vivir a maior redistribución de riqueza –dadas as condicións materiais de investigación, de coñecemento, de recursos que existen–, vivimos seguramente un dos momentos de maiores desigualdades no planeta e un dos maiores momentos de crueldade. Nunca Walter Benjamin tivo tanta razón sobre que a cultura realmente é barbarie.

Nese sentido, a deslexitimidade que teñen neste momento, moral, social e politicamente, as institucións da Unión Europea é total. A cidadanía –e entendemos por cidadanía todas as persoas que residen en Europa– seguramente tería unha noción moi diferente e farían cousas moi distintas a respecto das persoas refuxiadas que se achegan a esa suposta Europa do progreso e da razón. En cambio, a Unión Europea deslízase pola crueldade, por pechar as fronteiras e por crear realmente unha situación que nos debe, polo menos, facer reflexionar –xa que estamos nunha Cámara política, xa que escoitamos en reiteradas ocasións que si que se vai facer un plan de acollida, que tanto na Comisión 1ª como, efectivamente, no Pleno se debateron e houbo posicións unánimes ao respecto– sobre o papel daqueles e daquelas que nos dedicamos a legislar nesta Unión Europea que cae política, social e moralmente a cachos. Realmente nos sitúa nun dos adros da historia. Eu creo que... Seguramente, se falan cos adolescen-

tes e din: bueno, se isto non é a terceira guerra mundial, ¿a que estamos asistindo?, ¿a que nivel de impasividade? Decía a señora Soneira: vemos imaxes e témolas na retina o tempo que tardamos en cambiar a pantalla do ordenador. Imaxes terribles que moitas veces non sabemos diferenciar entre a ficción e a absoluta irrealidade. Case como viven os mozos e as mozas, sobre todo os preadolescentes, nos xogos e nos videoxogos. Vivimos un momento de auténtica crueldade.

Nós imos apoiar esta iniciativa, o texto ao que se chegue, de existir acordo. Efectivamente, pedimos do Goberno galego axilidade, e da Consellería de Benestar non soamente que teña colgado na súa páxina web o plan de acollida, senón proactividade. Pero creo que hai que ir moitísimo máis alá. Xa non sei se revisar os conceptos de imperialismo, de colonialismo, de revisar onde se están dando as guerras: ¿quen colonizou eses territorios?, ¿que sistemas políticos se fixeron?, ¿que dificultade temos para entender o que está ocorrendo neste momento?

Eu, xa que comecei con Benjamin, quero acabar Kant e coa paz perpetua. Considero que tampouco é un problema moral ao que nos enfrontamos. Non é un problema da Consellería de Benestar. É un problema político, dunha ordenación xurídica distinta en Europa e no mundo para analizar cales son, realmente, as causas que levan a facer guerras, a mirar para outro lado, e que moitas das persoas que se enriquecen neste planeta fano a causa desas guerras que se están facendo.

As institucións europeas nunca estiveron tan deslexitimadas, política, social e moralmente, como neste momento. Cada cadáver no Mediterráneo, cada neno ou cada nena afogado, amósanos non que se nos deba mover o corazón por empatía –aínda que a empatía sexa unha das cualidades que nos fan humanos–, senón que se nos debería mover a razón por política, e poñer todos os instrumentos que levamos desenvolvidos se queremos denominarnos Europa, se queremos denominarnos herdeiros dalgún tipo de racionalidade, para que politicamente non se repitan as imaxes ás que fixo alusión a señora Soneira.

Realmente, vivimos a Europa non soamente da crueldade, senón da maior hipocrísia, e todos nós, queirámolo ou non, somos uns hipócritas.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, cando se rexistrou esta iniciativa, xa se adiantara unha oferta asistencial de servizos públicos e instalacións por parte do presidente da Xunta de Galicia; oferta que despois o Goberno galego plasmou no Plan de acollida, un plan propio de acollida, anticipándose ás peticións do Goberno central e establecendo en todo momento a colaboración co mesmo.

Asumiuse por parte da Xunta de Galicia a coordinación de todos os recursos materiais e humanos, recursos da Administración autonómica, pero tamén recursos doutras administracións, as locais, as ONGD e as familias, que tiñan comunicado a súa disposición para colaborar no dispositivo necesario que se puxera en marcha para a acollida de refuxiados.

Este plan, señorías, xa o coñecen, xa que sobre este plan respondeu aquí no Pleno a conselleira de Política Social, e compareceu tamén a directora xeral a petición do Partido Socialista, da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego en comisión. Grazas a esas comparecencias vostedes saben que xa non falamos de 300 prazas, xa que despois do primeiro inventario realizado sobre os recursos que achegaran as administracións, todas as administracións, permitirían aumentar o número de prazas dispoñibles ata as 900, pero este proceso aínda non está pechado. Saben que se constituíu, para avanzar na coordinación de todos os medios, un grupo de traballo transversal no que estaban todos os departamentos da Xunta de Galicia implicados, pero tamén a Fegamp e as principais ONGD que traballan no terreo.

Iso tamén tivo o seu reflexo nos orzamentos deste ano, incrementándose as ordes de entidade de iniciativa social e incrementándose as ordes dos concellos. Fíxose tamén formación de máis de 700 voluntarios para poder traballar cando cheguen os refuxiados na recepción e acollida, pero tamén para acadar a inserción laboral. Nós, os galegos, estamos preparados para traballar cando cheguen os refuxiados. Por iso hai un mes apoiamos nesta Cámara a iniciativa do señor Ron instando o Goberno central para que á súa vez en Europa se inicie o proceso de reubicación.

Señoría, no seu punto 1, céntrase na dispoñibilidade da vivenda baleira, pero permítanme, señorías, que lles lembre que non se trata de recursos ociosos, trátase de dereitos. Non se trata de dar o que non usamos, trátase de darlles algo ao que teñen dereito. Pero o plan da Xunta non contempla só solucións habitacionais, nin sequera só o acollemento destas persoas, senón tamén a súa integración; trátase de escolarización, trátase de atención sanitaria, trátase, en definitiva, de garantir a adecuada integración e de permitir o acceso dos refuxiados a todos os servizos de todas as administracións dirixidos á poboación xeral.

Señorías, no Estado a cifra de refuxiados que a Comisión Europea asignou a España foi de 14.931; máis, bastantes máis, deses primeiros 5.000 que foran asignados. España conta desde hai un ano cun sistema de atención aos refuxiados que está a reforzar con máis recursos para atender a situación actual. Quero lembrar que o Consello de Ministros aprobou o ano pasado axudas extraordinarias de 13 millóns de euros destinadas ás asociacións implicadas na xestión da axuda aos solicitantes de protección internacional. Púxose en marcha tamén un equipo de traballo, do que xurdiu o grupo interministerial, coa misión, precisamente, de preparar a xestión do traslado, acollida e integración dos solicitantes. E, en canto aos recursos, quero lembrarlles que houbo un importante incremento nas partidas destinadas á acollida e á integración de refuxiados no proxecto de lei dos orzamentos, a través dunha emenda transaccionada co resto dos grupos para reforzar con 200 millóns de euros as partidas destinadas para o mesmo.

Quero facer unha mención ao espazo Schengen. Malia que hai países que están a reforzar os seus controis fronteirizos, non é bo poñer en dúbida o espazo Schengen. Así o defendeu Galicia no Pleno do Comité das Rexións, defendendo tamén unha política sostible, construtiva e coordinada fronte ás ameazas que se cernen sobre este espazo. A reintrodución permanente de controis fronteirizos non pode ser a resposta ás arelas dos cidadáns da Unión Europea de maior seguridade e protección do seu nivel de vida.

Señorías, en coherencia con todo isto, nós presentámoslles unha proposta de texto transaccionado que entendo que recolle o sentir de todos os grupos, incide no importante traballo de coordinación dentro do Plan de acollida de todos os recursos dispoñibles e defende tamén as políticas construti-

vas e coordinadas fronte ás ameazas dos controis fronteirizos que se cernen sobre o espazo Schengen. E tamén, por suposto, rexeitamos calquera acordo que contemple expulsións colectivas, así como a necesidade...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...da adopción dun acordo respectuoso coa legalidade internacional e os dereitos humanos, especificamente que calquera expulsión que se produza só será posible adoptala tras a conclusión dun expediente de asilo individualizado con todas as garantías.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Trenor.

Polo grupo autor da iniciativa ten a palabra a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Quero agradecer a colaboración dos grupos, porque, en principio, si vamos aceptar a transacción, que di así:

“Primeiro punto. Seguir traballando na coordinación, dentro do Plan de acollida, de todos os recursos dispoñibles, tanto das administracións como das ONG e das familias galegas, co gallo de favorecer a efectiva integración das persoas solicitantes de protección internacional.

Segundo punto. Defender no ámbito comunitario políticas construtivas e coordinadas fronte as ameazas dos controis fronteirizos que se cernen sobre o espazo Schengen. A introdución permanente de controis fronteirizos non pode ser a resposta ás arelas dos cidadáns da Unión Europea de maior seguridade e protección do seu nivel de vida.

Terceiro punto. Rexeitar calquera acordo que contemple expulsións colectivas de refuxiados sirios, así como a necesidade da adopción dun acordo respectuoso coa legalidade internacional e os dereitos humanos, e especificamente que calquera expulsión a Turquía só será posible adoptala tras a conclusión dun expediente de asilo individualizado con todas as garantías”.

Entendemos e aceptamos a transacción porque queremos o apoio unánime desta Cámara.

Lembramos e pedimos que o famoso Plan de acollemento o queremos por escrito porque tamén entendemos que nós, todos os grupos, podemos facer achegas ao propio plan, construír en conxunto. Tamén entendemos que a concesión das persoas refuxiadas sería con todos os dereitos e deberes, como ten a cidadanía galega.

Agardo que estas boas intencións se fagan realidade e que non queden en meras promesas, porque creo que todo o mundo ten dereito e porque igual sufrimos aquí en Europa como sofren no resto do mundo.

Agardo, sobre todo, pola inmediatez da resposta.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández. Cando poida, nos achega o texto desa transacción.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D José Manuel Balseiro Orol, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas que traballan no mar

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta iniciativa presentáronselle dúas emendas, unha do Grupo Mixto e outra do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Proponse substituír a parte resolutiva da proposición polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a instar ao Goberno do estado para que impulse unha Mesa Negociadora tripartita, con representación do sector; os sindicatos máis representativos nas comunidades autónomas costeiras e a Administración, para acordar os cambios normativos precisos para a mellora do sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar”.)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Daniel Rodas Chapela, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno central para:

1.- Que se impulsen os cambios normativos precisos para mellorar o actual sistema de cotización e protección socio-laboral das persoas traballadoras do mar de xeito que se elimine as discriminacións existentes e de cara ao vindeiro exercicio se iguallen as actuais bases de cotización de Galicia coas do País Vasco.

2.- Que o novo modelo sexa solidario, de xeito que os coeficientes correctores sexan de apoio a quen menos capacidade contributiva ten e universal para quen poida contribuir”.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, señorías, hoxe trasladamos a esta Cámara unha iniciativa que entendemos será beneficiosa para o conxunto dos profesionais do mar. Xorde, non a impulso exclusivo deste grupo parlamentario, do Grupo Parlamentario Popular, senón como idea esbozada polos propios profesionais das confrarías do sector marítimo-pesqueiro nas xuntanzas periódicas que tiveron a honra de manter nas últimas datas.

Ao noso entender e ao entender do Grupo Parlamentario Popular esta iniciativa redundará nunha maior protección social e laboral presente e futura para os profesionais do mar. E nace logo dun contexto concreto. O Goberno do Partido Popular en España promoveu na lexislatura que vén de rematar un cambio relevante e un cambio positivo na normativa que regula o réxime social dos homes e mulleres que traballan no sector marítimo-pesqueiro. Falamos, señorías,

da Lei 45/2015, do 21 de outubro; un texto legal que introduce importantes modificacións, entre outras, a ampliación dos colectivos acollidos aos mecanismos protectores previstos no réxime especial da Seguridade Social para os traballadores do mar. Todos coincidiremos en que as características particulares, a dureza, a estacionalidade ou os riscos propios da actividade do mar sempre requiren dunha regularización protectora exclusiva.

Superando este primeiro hito, entendemos desde o Grupo Parlamentario Popular que existen ámbitos para seguir avanzando na mellora dos profesionais, na mellora económica e na mellora social destas persoas traballadoras. Un destes ámbitos susceptible de mellora é o réxime de cotización á Seguridade Social. Namentres a inmensa maioría dos traballadores en España cando cumpren os requisitos para acceder a unha pensión obteñen unhas contías que non se diferencian substancialmente daquelas que perciben mentres están en activo, non acontece igual con todos os profesionais acollidos ao réxime especial de traballadores do mar, por exemplo, aqueles cuxo traballo se remunera polo sistema tradicional de á parte, e o resto dos que están circunscritos, neste caso aos grupos de cotización 2 e 3, entre os que se encontran os autónomos do mar. Non estarían cotizando neste caso polos seus salarios reais, senón por unhas estimacións legais. Esta situación vai en prexuízo destes traballadores e das súas futuras pensións porque son pensións nestes casos máis baixas.

Por iso, como lles comentaba antes, son múltiples as razóns que motivan esta discrepancia. Sen pretender entrar en aspectos técnicos, están baseadas nas distintas presuncións que a normativa vixente establece para determinar os ingresos de cara ao traballador. Hoxe a lei regula un mecanismo demasiado artificioso que, como resultado final, ofrece contías moi por debaixo da realidade ou, no caso dos autónomos do mar, cinguidas por unha cota fixa igual para todos eles e unha cota, neste caso, que é inamovible.

Pois ben, de aí o sentido da nosa iniciativa. A nosa iniciativa nace para corrixir a problemática que lles acabamos de describir.

Señorías, vostedes saben ben que o réxime especial dos traballadores autónomos permite desde a súa creación a posibilidade de escoller unha base de cotización acorde coas súas

posibilidades e expectativas económicas ou expectativas tamén de beneficios, sempre dentro duns límites establecidos en función da idade do traballador. Esta mesma vantaxe está tamén prevista para os traballadores agrarios por conta propia. No Partido Popular consideramos que as mulleres e os homes do mar merecen tamén este mesmo trato do que acabamos de falar, que os profesionais do mar merecen a posibilidade de beneficiarse das vantaxes que implicaría un modelo similar.

Por iso o Grupo Parlamentario Popular aposta por reclamar das administracións o impulso dunha reforma normativa nos termos e coas limitacións que se puideran acordar no proceso de diálogo cos profesionais do sector marítimo-pesqueiro que permita poñer en marcha un sistema similar de libre elección das distintas bases de cotización, permitindo aumentar voluntariamente –e repito o de voluntariamente– por riba da base mínima establecida.

Desde o punto de vista práctico, unha reforma destas características sería moi beneficiosa para todos os profesionais do mundo do mar na nosa comunidade autónoma, que, como consecuencia máis efectiva, verían melloradas as súas futuras pensións. E por iso desde o Grupo Parlamentario Popular instamos a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos dirixidos a mellorar o sistema de cotización e protección social e laboral das persoas traballadoras do mar. Pedimos ás distintas administracións que, tras un proceso de diálogo construtivo co sector, se estuden, entre outras, as posibilidades de establecer un sistema que permita aumentar voluntariamente as bases de cotización, e sempre que non supoña perda ou menoscabo para estes traballadores.

En resumo, señorías, pedimos que se avalíe a posta en marcha dun sistema voluntario de mellora nas cotizacións que os profesionais do mar fan á Seguridade Social. En definitiva, buscamos o xeito de mellorar a protección social dos nosos mariñeiros e dos nosos traballadores no mar de Galicia.

Por iso, esperando que os grupos parlamentarios apoien esta iniciativa –de feito agradecemos que algúns grupos parlamentarios presentaron emendas, das cales falaremos tamén no segundo turno–, nada máis e moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Balteiro.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, presentamos unha emenda a esta proposición non de lei que explicaremos, porque temos que empezar por dicir que o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores e traballadoras do mar necesitaba dunha lei que unificara as normativas e que xa foi obxecto de debate no pacto de Toledo de 2011, onde se falaba da conveniencia de terminar cun proceso que integrara os réximes especiais agrarios, de empregadas de fogar e traballadores do mar nun mesmo réxime que o resto dos traballadores e traballadoras.

Isto non se levou a adiante, e como alternativa a este proceso de integración do réxime de Seguridade Social dos traballadores e traballadoras do mar no réxime xeral ou no réxime de autónomos en función da modalidade de prestación de servizo procedeuse a esta actualización, que se adecuou á normativa e se adecuou tamén a numerosas sentenzas, e párase, sobre todo, na relación única e exclusiva da Seguridade Social. Polo tanto, non resolve gran parte dos problemas da xente do mar. Por exemplo, séguense cometendo agravios comparativos á hora de aplicar os coeficientes redutores para a idade de xubilación.

A aplicación dos coeficientes determina a idade na que un traballador pode acceder á xubilación, pero varía en función deses tres grupos de cotización. Así, temos que un traballador da Marina Mercante, por exemplo, que traballara vinte anos, ten un coeficiente redutor do 30 %, e aplicándolle ese coeficiente podería xubilarse aos 59 anos.

Pero se falamos, por exemplo, dun percebeiro ou dunha mariscadora, o coeficiente redutor é dun 0,10 % e, polo tanto, non podería xubilarse cos mesmos vinte anos traballados ata os 63 anos. É dicir, hai un agravio, e non por precisamente contemplar a penosidade. Eu entendo que hai traballos no mar moito máis complicados, moito máis duros, que o que é a Marina Mercante. Creo que a pesca, en calquera das súas modalidades, é un traballo que merece un coeficiente maior.

A lei permite, ademais, unha redución de dez anos, pero é imposible chegar a esa redución dados os coeficientes e o tempo que se está en activo.

Polo tanto, parécenos que esta lei é insuficiente no seu alcance e que segue prexudicando a gran parte do colectivo para o que foi creada, o colectivo de traballadores e traballadoras do mar. O colectivo incluído no Redmar, que como dicía o voceiro do Partido Popular se clasifica en tres grupos de cotización, pero que as particularidades máis acusadas, como el mesmo dicía, está nesa forma de retribución especial que se chama de sistema “á parte”, así como no establecemento dos coeficientes que minoran a cotización.

Considerando que a Lei 47/2015 unificou a normativa e adaptou a lei á xurisprudencia existente, cremos que queda aínda moito que facer en relación coas cotizacións e as condicións de xubilacións de todos os traballadores e traballadoras do mar no máis amplo sentido, e que estes deben participar activamente en calquera modificación das súas condicións laborais, por iso presentamos unha emenda de substitución.

Non estamos en desacordo con que quen poida aumente a súa cotización, pero cremos que ese non é o problema principal, polo menos non é o que máis nos preocupa. O que máis nos preocupa é esoutro persoal que non ten ingresos para aumentar a súa cotización, que non ten nin sequera ingresos para poder levar unha vida coas súas necesidades básicas cubertas. Hai moita xente do mar que ten ao final do ano uns ingresos de 8.000, 7.000, 9.000 euros. Esas son as persoas que realmente nos preocupan.

E porque na iniciativa do Partido Popular fala dun acordo co sector, pero non fala dun acordo precisamente con esas persoas destinatarias desta lei, que son os traballadores e traballadoras do sector. Por iso na nosa emenda o que pedimos é que se abra unha mesa negociadora tripartita coa representación do sector, dos sindicatos máis representativos nas comunidades autónomas costeiras –non vaia ser que veñan os sindicatos de Madrid a negociar as condicións do mar–, os sindicatos máis representativos nas comunidades costeiras e a Administración para acordar os cambios normativos precisos para mellorar o sistema de cotización e de xubilación e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar.

Esperamos que esta emenda sexa aceptada, porque cremos que non elimina esa iniciativa do Partido Popular, senón que abre a posibilidade a que os negociadores desta mesa...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...tomen as decisións que crean máis convenientes para os traballadores e as traballadoras do sector, e se esa é unha delas, teríase en conta, e se para eles son máis importante outras iniciativas, eu creo que hai que respectalas, como non cabería doutra forma.

Nada máis, moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Rodas Chapela.

O señor RODAS CHAPELA: Boa tarde a todos e a todas.

Vén aquí o portavoz do Partido Popular a traernos unha iniciativa como se eles non tiveran nada que ver nesta misa, como se non foran os responsables na época do señor Aznar de aplicar este sistema. Pero é que, ademais, recentemente veñen de aprobar a nova Lei 47/2005, do 21 de outubro, onde por fin veñen de actualizar unha norma con máis de corenta anos de antigüidade, onde lles levou tres anos actualizar e refundir toda esa normativa sobre a protección social dos traballadores do mar.

Polo tanto, aí tiveron unha excelente oportunidade para enfrontar dous dos grandes problemas que ten o sector. Un dicíallo a portavoz do Grupo Mixto, que son as revisións dos coeficientes redutores que beneficia determinadas actividades, e ela apuntou algunhas, como por exemplo a Mariña Mercante, os buques do propio ISM de investigacións ou incluso os barcos de pesca de atún, mentres discrimina con claridade o que vén sendo a pesca artesanal ou a pesca de litoral, por non falar das mariscadoras ou dos percebeiros, que unicamente teñen un coeficiente de 0,1, mentres os ditos anteriormente teñen un coeficiente do 0,4.

A realidade é que evolucionou moitísimo o traballo destas actividades e antes, efectivamente, podía ser un gran drama que se botaran mareas de seis ou sete meses, pero hoxe todo iso cambiou radicalmente, e, como digo, vostedes tiveron unha excelente oportunidade para traer iso á realidade e, sobre todo, dignificar o que é o traballo da maior parte dos

nosos mariñeiros, das nosas mariscadoras ou das nosas actividades complementarias do noso mar.

A segunda gran oportunidade tívérona para liquidar o actual modelo de bases fixas e aproveitar para modificar as actuais bases de cotización e non vir aquí propor estudar as posibilidades de establecer un novo sistema que permita aumentar voluntariamente –para nós isto é o grave– as actuais bases de cotización.

Como ben sabe, as bases de cotización dos grupos 2 e 3 son determinadas anualmente mediante orde ministerial, tendo en conta, supostamente, os ingresos do ano anterior, e son bases únicas. E digo supostamente, pois reiteradamente téñense reclamado e solicitado os datos dos ingresos, sen que saibamos a día de hoxe se esta proposta é real.

Pero é que incluso o propio portavoz vén de afirmar que é un mecanismo demasiado artificioso. Polo tanto, outra excelente oportunidade para modificar esta situación, porque a realidade é que un barco de arrastre vasco por exemplo do grupo 2, con menos de 150 TRB, ten unhas bases de cotización, por exemplo, de 2.952 euros, mentres que un arrastreiro galego nas mesmas características non chega aos 2.316 euros. Vexan unha diferenza nada máis e nada menos que de 636 euros.

Ou como nos podemos explicar que un barco do cerco que vai ao País Vasco á costeira do bocarte e da xarda resulta que ten unha base de cotización no noso país de 1.686 euros, mentres que polo mero feito de ser vasco a súa base de cotización aumenta aos 1.822 euros traballando no mesmo caladoiro e nas mesmas condicións. Polo tanto, aquí non se cumpre a máxima de que a igual traballo, mesmo salario, igual cotización. Tiveron unha oportunidade, desde logo, e non a aproveitaron.

A súa proposta non vai no sentido de mirar esta discriminación e axudar a quen menos pode contribuír exixindo igualar a base mínima, senón que vai no camiño de liberalizar o tope máximo para que poidan saír favorecidas aquelas categorías profesionais de forma voluntaria e non regrada que teñen os mellores ingresos, isto é patróns, mecánicos ou armadores tripulantes, non vinculando a toda a tripulación. Polo tanto, non vai ao fondo da cuestión, nin lles preocupa o feito desta discriminación existente por nacionalidade, que incluso se dá aquí na propia provincia.

Por iso nós presentamos unha emenda que vai no sentido de a igual traballo, mesma cotización, igualdade de xubilación. Igualemente, pois, pola parte alta de abaixo, as condicións dos traballadores do mar para toda a tripulación e non de forma...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor RODAS CHAPELA: ...voluntaria.

E a segunda vai no sentido de aplicar o concepto de solidariedade con aqueles sectores que menos capacidade contributiva teñen; falamos das mariscadoras, das embarcacións de menos de 10 TRB, por suposto.

Polo tanto, facemos dúas emendas que intentan poñer un pouco de sentido común e, sobre todo, aproveitar as oportunidades que vostedes estragaron para tratar de que o noso sector teña un mínimo de dignidade e teña un dereito de xubilación, cando menos, tan digno como os doutras comunidades autónomas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Rodas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Fajardo Recouso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Boa tarde a todos e a todas.

Unha vez máis estamos ante este tipo de propostas do voceiro de pesca do Partido Popular, que nunca din exactamente como van facer o que din que queren facer, pero ademais tampouco explican por que non fixo o Partido Popular, nin ningún goberno do Estado durante os seus anos de mandato, o que agora se demanda, cando está claro que van saír pola porta de atrás.

O primeiro que hai que explicar é que se isto é tan necesario e é a saída ao problema das pensións dos nosos mariñeiros, por que non se fixo cando acababan de aprobar unha lei o 21 de outubro do ano pasado, 45/2015, de protección dos homes e mulleres do sector marítimo-pesqueiro. Parece razoable que se ese era un problema do que vostedes tiñan coñecemento, que se puxera solución nese momento e non agora.

É máis, é fácil a solución que vostedes plantexan se o que se pretende é modificar as bases de cotización para que poidan adaptarse a unhas ou a outras, simplemente con utilizar o que di o artigo 9 da propia lei, que é, mediante decreto, ser capaces de poñer mediante un decreto do Estado, agora incluso en funcións. Vostedes fan decretos de todo tipo, poden facer un decreto para poñer encima da mesa varias bases de cotización.

Pero a realidade é que vostedes non din que é o que queren facer e como o van facer, porque nós poñemos encima da mesa unha cuestión, aquí explicóuselle por parte do portavoz do BNG. ¿Van acabar coa discriminación territorial respecto das bases de cotización que teñen os nosos mariñeiros respecto dos vascos, os cántabros e demais? ¿Van ser capaces de utilizar bases de cotización máis baixas, por exemplo, para os mariñeiros autónomos que non son capaces de chegar a fin de mes e que non son capaces de manter o seu barco? ¿Van ser capaces de poñer encima da mesa medidas lexislativas que eliminen os atrancos que vostedes puxeron ás pensións do conxunto do país, tamén dos mariñeiros?

Porque miren, deberían de explicarme como é posible que se preocupen vostedes polas pensións dos mariñeiros cando teñen este modelo de base de cotización, cando teñen reducido un 4,5 % as pensións dos mariñeiros desde que gobernan. E, ademais, co incremento da idade de xubilación promovida polo Partido Popular é máis difícil para un mariñeiro xubilarse cunha pensión digna, e o incremento a 35 anos do período de cálculo para a cotización, para calcular a súa pensión, significa tamén redución na súa pensión definitiva.

Polo tanto, aquí estamos falando de aparentar que se preocupan por algo, pero vostedes lexislan en contra das pensións dos mariñeiros. En primeiro lugar, nesta lei foron incapaces de establecer criterios que sexan ecuanímes para o conxunto do sector. Pero despois, cando reformaron o pacto das pensións, o que están facendo é tamén acabar coas pensións dos mariñeiros, porque ese incremento do cómputo de anos, ese incremento da idade de xubilación, significa que os nosos mariñeiros a día de hoxe se xubilan con moitísima menos pensión.

E di vostede que teñen unha situación moi precaria comparada cos autónomos do país. Mire, ¿sabe cal é a media das pensións do Estado? 950 euros, ¿sabe cal é a media das pen-

sións dos autónomos do Estado? 750 euros. ¿Cren que esas son pensións dignas, señor Balseiro? Se esas son pensións dignas, veña aquí e explíqueme como para vostede unha pensión digna son 750 euros. O que teñen que facer vostedes é reformular as pensións, pero reformular no que se acordara no Pacto de Toledo, no obxectivo de dotar as pensións da capacidade adquisitiva suficiente para que sexan dignas, de eliminar o incremento da idade de xubilación e, sobre todo, de eliminar eses dous factores que fan que as pensións baixen.

O primeiro, ¿cal é o primeiro que fan que as pensións baixen? Incrementar o número de anos de cálculo. E o segundo, ese factor de sostibilidade que significa que dende hoxe ningún pensionista sabe que pensión vai percibir cando se xubile, ¿por que? Porque hai un factor de sostibilidade das pensións que impuxo o Partido Popular que significa *de facto* que ningún traballador vai cobrar o mesmo que cando traballaba.

Polo tanto, vostede mente na declaración de intencións da súa proposta. Porque a súa proposta di que no resto dos sectores a maioría dos pensionistas acaban cobrando o mesmo que cobraban cando traballaban, e é falso, e é tan falso que na modificación das pensións vostedes determinaron nas súas cuestións que un dos elementos que vai controlar o índice de revalorización das pensións é precisamente iso, que ningún traballador vai cobrar o mesmo de pensión que na súa vida activa. Polo tanto, non enganen a cidadanía, non enganen os mariñeiros.

Eu voulle facer dúas preguntas concretas, para sacar adiante esa proposta, ¿cales son os cambios normativos que propoñen? Que me concrete cales son os cambios, que é o que quere vostede facer con esta base de cotización. E, en segundo lugar, se isto é así, ¿por que non o fixeron antes? Estamos, unha vez máis, ante un lavado de cara ou ante a necesidade de que o señor Balseiro teña cinco minutos de interrupción nesta Cámara.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario dos Socialistas, señor Val Alonso.

O señor VAL ALONSO: Ben, moi boa tarde a todas e a todos.

Entrando en materia, o Grupo Parlamentario Socialista vai votar hoxe de xeito favorable a esta iniciativa, aínda sabendo que poderíamos encontrar seguramente moitos argumentos para votar xustamente no sentido contrario. E digo isto porque é importante facer un repaso do que fixeron vostedes nos case oito anos que levan gobernando Galicia e nos catro anos que gobernaron no Estado español.

E atendendo ao que fixeron poderíamos considerar que estamos diante dunha iniciativa que pouco máis é que un brindado ao sol. Teño que lembrarlle que dende que son vostedes Goberno en Galicia, é dicir, desde hai practicamente oito anos, desapareceron máis de 4.500 cotizantes ao réxime especial do mar. E teño que lembrarlle tamén que hai escasamente cinco meses que aprobaron vostedes unha lei no Congreso dos Deputados que denominaron como lei reguladora da protección das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro e que se contrapón, claramente, co que hoxe vostedes propoñen na súa proposta de acordo.

É dicir, que para dar cumprimento ao que vostedes hoxe solicitan a través desta iniciativa sería preciso unha modificación desta norma, porque lonxe do que vostedes citan no texto da proposición non de lei como necesidade de desenvolvemento regulamentario, confronta claramente co que está establecido no artigo 9 dese texto normativo, e que di textualmente o seguinte: “As bases de cotización serán determinadas ao respecto das persoas traballadoras incluídas nos grupos 2º e 3º de xeito único”.

É dicir, polo tanto, a propia lei aprobada por vostedes é a que establece que as bases de cotización dos traballadores das embarcacións de 10 a 50 TRB e das de menos de 10 TRB serán determinadas anualmente en función dos ingresos medios obtidos por arte e tamén pola zona de pesca, e ademais serán únicas. Isto é o que di a lei e non o que di o Grupo Parlamentario Socialista.

Polo tanto, non é posible desenvolver un regulamento xustamente sendo contrario ao que marca a propia lei. Pero nós entendemos tamén que existe un problema, xa que en moitos casos, efectivamente, como vostedes dixeron, non se cotiza en función dos ingresos reais, e, polo tanto, isto pode supoñer ou xerar distorsións á hora de calcular as pensións.

Pero temos tamén que saber que estamos falando dun sistema de cotización bonificado, bonificado no que significan as continxencias comúns e o desemprego, unha bonificación que vai dende os dous terzos ata un terzo dependendo do grupo e categoría profesional do traballador. E, polo tanto, entendemos que é necesario manter este tipo de bonificación que se fai xustamente para compensar os días non traballados ou que se perden por non traballar xustamente por razóns climatolóxicas. Un condicionante, o das razóns climatolóxicas, que seguramente todos entendemos que vai seguir existindo e, polo tanto, sería preciso seguir mantendo. Pero dende o noso grupo temos serias dúbidas de que se poidan seguir mantendo ese tipo de bonificacións unha vez que se abra a posibilidade de poder cotizar a través dos ingresos reais.

E digo isto porque é bo que o sector, os afectados, coñeza as características específicas dun sistema de cotización, que eu non sei se o señor Balseiro cando visitou os portos contou estas cuestións. Porque a cousa non é tan doada como vostede hoxe propón aquí, de selo nós entendemos que xa o farían na pasada lexislatura, onde tiveron vostedes maioría absoluta no Congreso dos Deputados e onde xustamente aprobaron esa Lei do 21 de outubro, que protexe as persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, e non fixeron absolutamente nada por facelo.

É dicir, tiveron a oportunidade e vostede sabe perfectamente, coma nós, que non é tan fácil nin tan doado facer isto que vostedes propoñen aquí, porque se poden dar situacións verdadeiramente paradoxais como, por exemplo, que nunha mesma embarcación onde dous empregados, dous tripulantes da mesma categoría profesional, un estea cotizando en función de ingresos reais e outro en función destas bases únicas.

Eu creo que sería necesaria unha harmonización de criterios e, efectivamente, parécenos axeitado profundar e traballar nunha mellora das bases de cotización dos traballadores do mar, pero para iso é preciso abrir unha mesa de diálogo cos afectados, cos sindicatos, cos representantes e os traballadores e tratar de chegar a un acordo.

Nós imos votar de xeito favorable, porque xustamente o que vostedes piden é estudar de plantexar esa mesa de diálogo e estudar esas alternativas, pero tamén é preciso dar a coñecer

as especificidades que ten este sistema de cotización e a necesidade de seguir mantendo esas bonificacións, que xa dixen antes que van dende dous terzos ata un terzo en función das categorías, porque se abrimos a porta aos ingresos reais vai ser complicado poder seguir manténdoas.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Val.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Balseiro, ten vostede a palabra.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Agradecemos o voto favorable do Partido Socialista. Aclararlle ao voceiro do Partido Socialista –sen entrar en polémica–, señor Val, que vostede acaba de dar aquí unha serie de datos e, efectivamente, esta lei cambiouna un goberno do Partido Popular. Corenta anos levaba esta lei, é unha pena que vostedes cando estiveron ao fronte do Goberno de España non se deran conta do que acaba de dicir vostede na tribuna do Parlamento e a cambiaran, porque tempo tiveron.

Dito isto, quero posicionar o grupo referente ás emendas. Hai unha emenda do Grupo Mixto, señora Martínez, e a nosa proposta fai referencia literal a impulsar un proceso de diálogo co sector, por suposto, e neste proceso de diálogo nós estamos de acordo que estarán representantes dos sindicatos, dos sindicatos máis representativos, estarán representantes dos axentes, estarán representantes das confrarías, aínda que tamén teño que dicirlle aquí que non vaia pensar vostede que tampouco os sindicatos teñen tanta representación no sector, un pouco máis do 5 %.

E se falamos da baixura, practicamente nada, dado que na maioría dos casos son autónomos. E nós non temos ningún inconveniente en aceptar a súa emenda como engádegas, nunca como substitución.

E hai outro emenda do Bloque Nacionalista Galego, e precisamente nós pedimos que a cotización poida adaptarse á

situación do traballador do mar, e por iso cremos que a emenda que presenta vostede é un erro, a emenda que presenta o Bloque Nacionalista Galego. Tomar como referencia de cotización o País Vasco, nós non podemos aceptala como proposta, nós non podemos aceptala como proposta, porque nós defendemos un sistema voluntario de mellora das cotizacións, e nese sistema voluntario de mellora das cotizacións haberá quen poida cotizar por riba do que fan no País Vasco e haberá quen non poida chegar ao que cotizan no País Vasco. Por iso entendemos que a emenda que presenta vostede estará moi ben para o País Vasco, pero para Galicia non nos vale, nin para o sector pesqueiro galego nos vale. Polo cal, é un erro tomar como referencia o País Vasco.

E se falamos do que din vostedes, de que aquí sempre se fala das propostas do Grupo Parlamentario Popular que sempre son inconcretas, porque non se queren apoiar, inconcretas son aquelas que non se presentan, e se falamos de AGE, pois mire vostede, nesta Cámara practicamente inconcretas no Pleno desta Cámara son case todas as que vostede non presentou, porque practicamente non presentou ningunha. Esas son as inconcretas.

Pero voulle explicar para ver se vostede o entende. Nós pedimos crear un sistema de mellora voluntaria das cotizacións da Seguridade Social do mar, reclamamos *(Interrupcións.) (Murmurios.)* –se me escoita pode enterarse, se non é imposible– que ese novo modelo xurda dunha negociación entre o sector pesqueiro e os responsables do Goberno central, e indicamos que en ningún caso pode implicar unha redución de dereitos.

Non, non llo vou explicar porque sería perder o tempo.

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Balseiro.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e once minutos da noite.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25